

INFORME 2018

sobre a situación sociolaboral de Galicia



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

Autor:

Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL)

Edita:

Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL)

Algalia de Abaixo, 24

Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

AUTORES:

- **Capítulos 1, 2, 4 (apartados 4.1 a 4.7), 12 e anexo**

María Bastida Domínguez

Profesora contratada doutora no Departamento de Organización de Empresas e Comercialización na Universidade de Santiago de Compostela

Santiago Lago Peñas

Catedrático de Economía e director do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Alberto Vaquero García

Profesor titular de Economía Aplicada e membro do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

- **Capítulos 3, 9, 13**

Benigno Sánchez García

Inspector de Traballo e da Seguridade Social

- **Capítulos 4 (apartado 4.8), 5 e 11**

Marta Puebla Vilariño

Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE)

- **Capítulos 6, 7 e 10**

Demetrio Fernández López

Inspector de Traballo e da Seguridade Social

- **Capítulo 8**

Carmen Cabanas Carlín

Funcionaria do Consello Galego de Relacións Laborais

CERTIFICACIÓN:

María Luisa Peña Cebreiro,
Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

CERTIFICA

Que a comisión permanente reunida o 30/09/2019 acordou, por delegación do Pleno, tomar en consideración e publicar o Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2018 elaborado por encargo do Consello Galego de Relacións Laborais

Santiago de Compostela 30 de setembro de 2019

Índice xeral

.....	1
Capítulo 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2018	11
1.1. Contorna internacional e estatal.....	11
1.2. Crecemento económico galego.....	17
1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade.....	23
1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade.....	28
1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais	33
1.6. A variación do IPC.....	37
1.7. Comercio exterior.....	38
Capítulo 2. ESTRUTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL	45
2.1. Introducción	45
2.2. Estrutura e dinámica empresarial galega.....	45
2.3. Análise de enquisas industriais	80
2.4. Indicadores conxunturais: Índice de cifra de negocios, da produción e de prezos	95
2.5. Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I+D+I)	99
2.6. Innovación tecnolóxica nas empresas.....	111
Capítulo 3. ECONOMÍA SOCIAL	117
3.1. Cooperativas.....	117
3.2. Sociedades laborais	119
3.3. Centros especiais de emprego	124
Capítulo 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABAJO	125
4.1. A poboación galega	127
4.2. Resumo das principais variables laborais.....	134
4.3. Poboación activa e taxa de actividade	135
4.4. Poboación ocupada. Taxa de ocupación	137
4.5. Poboación desempregada e taxa de paro.....	146
4.6. O paro rexistrado	150
4.7. A poboación inactiva	153
4.8. O subsistema de formación para o emprego	156
Capítulo 5. A MULLER NO MUNDO LABORAL	172
Introdución.....	174
5.1. A muller na poboación galega	175
5.2. Muller e actividade económica de mercado.....	178

5.3. Demandas de emprego e paro rexistrado.....	185
5.4. Contratos de traballo	189
5.5. Formación.....	194
5.6. Poder e toma de decisións	197
5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar	202
5.8. Salarios	205
5.9. Prestacións por desemprego.....	208
5.10. Pensións	211
Capítulo 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL	217
6.1. Inscripción de empresas.....	217
6.2. Afiliacións e altas na seguridade social	219
6.3. Persoas estranxeiras.....	231
Capítulo 7. CONTRATACIÓN	235
7.1. Introducción	235
7.2. Modalidades contractuais	240
7.3. Contratación a persoas estranxeiras.....	266
7.4. Empresas de traballo temporal.....	269
Capítulo 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA.....	279
Parte I. A negociación colectiva en Galicia.....	279
8.1. Introducción e metodoloxía.....	279
8.2. Estrutura da negociación colectiva	281
8.3. Ámbitos de aplicación	289
8.4. Desenvolvemento da negociación	299
8.5. Réxime económico	303
8.6. Xornada pactada	325
Parte II. Convenios colectivos estatais con aplicación en Galicia.....	329
ANEXO I.	337
ANALISE DAS INAPLICACIÓNS DE CONVENIOS REXISTRADAS EN 2018 EN GALICIA	337
ANEXO II.	346
ESTADO DA ULTRAactividade da negociación colectiva sectorial en Galicia..	346
Capítulo 9. SINISTRALIDADE LABORAL	359
9.1. Introducción.....	359
9.2. Distribución dos accidentes de traballo por gravidade, lugar do accidente e provincias	359

9.3. Distribución por sectores económicos.....	362
9.4. Distribución por actividades.....	363
9.5. Distribución en función doutras variables	370
9.6. Exame específico dos accidentes mortais.....	378
9.7. Evolución da sinistralidade laboral.....	386
9.8. Accidentes de traballo con baixa, segundo a gravidade, por comunidades autónomas	388
9.9. Índices de incidencia	389
9.10. Enfermidades profesionais.....	393
Capítulo 10. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO	401
10.1. Folgas.....	401
10.2. Conciliacións colectivas e individuais.....	407
10.3. Xulgados do Social.....	409
Capítulo 11: REGULACIÓN DE EMPREGO E FONDO DE GARANTÍA SALARIAL.....	419
11.1. Regulación de emprego.....	419
11.2. Fogasa.....	429
Capítulo 12. PROTECCIÓN SOCIAL.....	437
12.1. Introducción.....	437
12.2. A protección social na Unión Europea. Análise xeral	437
12.3. Análise dos datos sobre as pensións do sistema	451
12.4. Outras prestacións	458
12.5. Pensións de carácter non contributivo e asistencial.....	462
12.6. Dependencia	468
Capítulo 13. ELECCIÓN SINDICAIS	473
ANEXO	493
CONCLUSIÓN.....	503

**A economía galega
no ano 2018**

1

María Bastida Domínguez

Santiago Lago Peñas

Alberto Vaquero García

Capítulo 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2018

1.1. Contorna internacional e estatal

1.1.1. Contorna internacional

O obxectivo deste capítulo é analizar a situación da economía galega no ano 2018, en perspectiva estatal e internacional.

No cadro 1.1 figuran os índices de variación do PIB, os prezos e as taxas de desemprego en China, EE UU, OCDE, UE, UEM no último sexenio (2013-2018). No caso da UE indícanse os datos dos cinco Estados con maior PIB: Alemaña, Reino Unido, Francia, Italia e España.

No ano 2018 seguiu a recuperación económica no conxunto da OCDE. Pola súa banda, a economía chinesa acadou un crecemento do 6,6%. En 2018 a UE, a UEM e a OCDE viron aumentar o seu PIB: 2,0%, 1,8% e 2,4%, respectivamente, aínda que con menores incrementos que no ano 2017 (2,5%, 2,5% e 2,6%, respectivamente).

Cadro 1.1

Economía internacional: % de variación do PIB, IPC e taxa de paro. 2013-2018

Período	OCDE	Unión Europea							EE.UU.	China	
		Total UE	UEM	España	Alemaña	Francia	Italia	Reino Unido			
PIB ⁽¹⁾	2013	1,2	0,3	-0,2	-1,7	0,4	0,7	-1,8	2,2	1,5	7,7
	2014	1,9	1,4	0,9	1,4	1,6	0,2	-0,3	2,9	2,4	7,3
	2015	2,5	2,2	2,0	3,4	1,5	1,0	0,9	2,3	2,9	6,9
	2016	1,8	1,9	1,8	3,2	1,9	1,1	1,1	1,8	1,6	6,7
	2017	2,6	2,5	2,5	3,0	2,5	1,9	1,7	1,8	2,2	6,8
	2018	2,4	2,0	1,8	2,6	1,4	1,6	0,7	1,4	2,9	6,6
	Taxa de desemprego										
IPC ⁽²⁾	2013	7,9	10,8	12,0	26,1	5,2	10,3	12,1	7,6		4,0
	2014	7,4	10,2	11,6	24,4	5,0	10,3	12,6	6,1		3,6
	2015	6,8	9,4	10,9	22,1	4,6	10,4	11,9	5,3	5,3	3,4
	2016	6,3	8,6	10,0	19,6	4,2	10,0	11,7	4,8	4,9	3,1
	2017	5,8	7,6	9,1	17,2	3,8	9,4	11,3	4,3	4,3	2,8
	2018	5,3	6,8	8,2	15,3	3,4	9,0	10,6	4,1	3,9	2,4
	IPC ⁽²⁾										
IPC ⁽²⁾	2013	1,6	1,5	1,4	1,5	1,6	1,0	1,2	2,6	1,5	2,7
	2014	1,7	0,6	0,4	-0,2	0,8	0,6	0,2	1,5	1,6	2,0
	2015	0,6	0,0	0,0	-0,6	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	1,4
	2016	1,1	0,3	0,2	-0,3	0,4	0,3	0,0	0,6	1,3	2,0
	2017	2,2	1,7	1,5	2,0	1,7	1,2	1,3	2,7	2,1	1,6
	2018	2,6	1,9	1,8	1,7	1,9	2,1	1,2	2,5	2,4	2,1

(1) En porcentaxe de variación interanual, a prezos constantes.

(2) Índices harmonizados de prezos de consumo nos Estados da UE.

Fonte: BCE, OCDE.

No que atinxe á variación porcentual de índice de prezos ao consumo (IPC), cabe salientar en 2018:

- O incremento do nivel dos prezos dos bens e servizos, tanto na UE (1,9%) como en EE UU (2,4%).

- A suba do IPC (2,6%) para o conxunto da OCDE.
- A menor suba do IPC en España (1,7%) respecto de 2017.

1.1.2. Contorna estatal

No período 2001-2007 España foi o país que máis creceu da UE e da OCDE. A situación mudou radicalmente a partir de 2008, pola Gran Recesión. España tivo en 2018 o segundo maior crecemento económico dos dez ámbitos territoriais recollidos no cadro 1.1, só despois de China e os EE UU.

No que ten que ver coa taxa de desemprego, en España en 2018 foi do 15,3%, 1,9 puntos porcentuais menos que no 2017, pero continúa a duplicar a media da UE28 (6,8%), rexistrando case o triplo que no conxunto da OCDE (5,3%) e case o cuádruplo que en EE.UU (3,9%). España segue a ser, xunto coa economía helenica, o país da UE cunha maior taxa de paro en 2018.

O cadro 1.2, que recolle unha visión comparativa do crecemento económico dende 2007 a 2018 en Galicia e España, amosa que:

- No cuatrienio 2007-2010 subiu máis o PIB en Galicia todos os anos (ou baixou menos, no caso de 2009).
- No bienio 2011-2012 o PIB en Galicia baixou máis que a media estatal.
- En 2013 foi mellor o comportamento do PIB en Galicia. En 2014 recupera o ritmo positivo de crecemento, aínda que por baixo do resultado a nivel estatal, e a partir do 2015 comeza a recuperarse notablemente, acadando en 2018 un crecemento lixeiramente maior (2,8%) que a media estatal (2,6%).

Cadro 1.2

Porcentaxes de variación anual do PIB real⁽¹⁾. Galicia e España. 2007-2018

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	4,3	1,5	-3,6	0,2	-1,3	-2,7	-0,7	0,4	2,4	3,1	3,1	2,8
España	3,8	1,1	-3,8	0,0	-1,0	-2,6	-1,7	1,4	3,4	3,3	3,1	2,6

(1) Os valores do PIB estatal dos anos 2011a 2014 foron recalculados polo INE en setembro de 2015 e baixaron respecto do cálculo anterior nos anos 2011a 2013.

Fonte: INE e IGE.

Os datos para 2018 da Contabilidade rexional de España, e que figuran no cadro 1.3 amosan que:

- Galicia (2,7%) acadou un crecemento económico lixeiramente maior que a media estatal (2,6%), similar a Castela e León.
- Só tres comunidades autónomas (CC.AA.) rexistraron subas do PIB maiores que Galicia: Cantabria (3,4%), Madrid (3,7%) e Navarra (3,0%).


- Noutro extremo, Murcia e a cidade autónoma de Ceuta (ambas cun 1,5%) rexistraron o menor crecemento económico.
- Extremadura, Murcia, A Rioxa, e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla tiveron en 2018 subas do PIB inferiores á media da UE (2,0%).

Cadro 1.3

Tasa de crecemento⁽¹⁾ do PIB. Por CC.AA. 2018

	2018
Andalucía	2,4
Aragón	2,5
Asturias	2,3
Baleares	2,2
Canarias	2,4
Cantabria	3,4
Castela-A Mancha	2,5
Castela e León	2,8
Cataluña	2,3
C. Valenciana	2,1
Extremadura	2,0
Galicia	2,7
Madrid	3,7
Murcia	1,5
Navarra	3,0
País Vasco	2,2
A Rioxa	1,6
Ceuta	1,5
Melilla	1,6
España	2,6

(1) En termos de volume.
Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.



O cadro 1.4 recolle os datos do PIB por habitante. A información presentada reflicte que en 2018:

- O PIB per cápita foi en Galicia de 23.294 euros, por baixo da media estatal (25.854 euros). Nove CC.AA. estiveron por riba neste indicador económico e sete por baixo (máis as dúas cidades autónomas).
- Madrid (34.916 euros), País Vasco (34.079 euros), Navarra (31.809 euros) e Cataluña (30.769 euros) foron, igual que nos últimos anos, as de maior PIB por habitante.
- Extremadura (18.174 euros) e Andalucía (19.132 euros) seguen a ser as CC.AA. cun PIB por habitante máis baixo. Nesta lista tamén hai que incluír as dúas cidades autónomas (Ceuta con 20.032 euros e Melilla con 18.482 euros).

Cadro 1.4

**PIB por habitante en euros.
Por CC.AA. 2018**

	2018
Madrid	34.916
País Vasco	34.079
Navarra	31.809
Cataluña	30.769
Aragón	28.640
A Ríoxa	26.833
Baleares	26.764
España	25.854
Castela e León	24.397
Cantabria	23.817
Galicia	23.294
Asturias	23.087
C. Valenciana	22.659
Murcia	21.134
Canarias	21.031
Castela-A Mancha	20.645
Ceuta	20.032
Andalucía	19.132
Melilla	18.482
Extremadura	18.174

A posición relativa en PIB per cápita de cada comunidade e cidade autónoma, recollida no cadro 1.5, reflicte que no ano 2018:

- Galicia quedou un 9,9% por baixo da media estatal.
- No nivel superior, Madrid superou nun 35,1% á media española e o País Vasco, nun 31,8%.
- No baixo da media estatal aparecen Ceuta (22,5%), Andalucía (26,0%), Melilla (28,5%) e Extremadura (29,7%).

Cadro 1.5

Relación do PIB per cápita das CC.AA. respecto do estatal. 2017-2018

	2017 %	2018 %
Madrid	35,2	35,1
País Vasco	32,4	31,8
Navarra	23,7	23,0
Cataluña	19,7	19,0
Aragón	9,6	10,8
A Ríoxa	4,2	3,8
Baleares	3,1	3,5
Castela e León	-5,8	-5,6
Cantabria	-9,9	-7,9
Galicia	-10,0	-9,9
Asturias	-11,8	-10,7
C. Valenciana	-11,8	-12,4
Murcia	-17,7	-18,3
Canarias	-18,3	-18,7
Castela-A Mancha	-21,3	-20,1
Ceuta	-21,9	-22,5
Andalucía	-26,1	-26,0
Melilla	-28,2	-28,5
Estremadura	-30,9	-29,7

A perspectiva estática do cadro 1.5 complementámola co cadro 1.6, que recolle a evolución comparativa do PIB por habitante en Galicia e España no período 2008-2018, isto é, o valor cada ano da porcentaxe de Galicia sobre a media estatal.

Compróbase que:

- O PIB per cápita de Galicia no 2018 (23.294 euros) medrou por quinto ano consecutivo e tivo o maior crecemento en valor absoluto do período analizado, superando xa o acadado antes da última crise económica.
- Galicia recortou en 2,7 décimas a diferenza coa media estatal dende 2008 a 2018, ata situarse este último ano no 90,1% da media estatal.

Cadro 1.6

PIB por habitante (en euros). Galicia e España. 2008-2018⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	21.226	20.490	20.574	20.143	19.533	19.508	19.706	20.660	21.363	22.404	23.294
% Galicia/España	87,4	88,0	88,6	87,9	87,9	88,6	88,2	88,7	88,7	89,4	90,1

(1) Datos definitivos ata 2014, provisionais en 2015 e 2016, avance en 2017 e primeira estimación en 2018.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A avaliación da dinámica do PIB por habitante en Galicia en comparanza coa media da UE reflicte o proceso de converxencia (ou de diverxencia) dos dous ámbitos territoriais. Ao fío do cadro 1.7, Galicia avanzou ininterrompidamente dende 2006 a

2009 a porcentaxe que supoñía o seu PIB por habitante respecto á media da UE, e o proceso de converxencia dese cuadrienio freouse de súpeto coa Gran Recesión, e entre 2010 a 2013 ampliouse a diverxencia. A partir de 2014 a situación mellora, ata situarse en 2017 no 82,3%. Tal e como se constata no cadro 1.7, a porcentaxe de PIB por habitante na comunidade galega foi avanzando ininterrompidamente respecto da media da UE dende o ano 2006 a 2009. A Gran Recesión freou de súpeto este proceso de converxencia e a partir deste ano a diverxencia foi ampliándose dende 2010 a 2013.

Cadro 1.7

Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾. Galicia/ UE. 2005-2017

	2005	2016	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
%PIB Galicia/UE	83,3	86,6	88,1	88,5	88,6	85,1	81,3	79,7	79,1	79,3	80,7	80,9	82,3

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE=100; dentro da UE 27 ata o ano 2011e da UE 28 despois.
Fonte: Eurostat.

Pola súa banda, o cadro 1.8 reflicte que:

- España avanzou no ano 2006 en porcentaxe de PIB por habitante respecto da media da UE, pero de 2008 a 2013 ampliouse cada ano a diverxencia.
- Os anos 2006 (cun 103,2%) e 2013 (cun 89,6%) marcan os niveis máximo e mínimo, respectivamente, da posición relativa de España na UE en PIB per cápita.
- En 2017 o indicador supón xa o 92,0%, mostrando unha significativa recuperación, o que o sitúa moi preto do valor de 2011.

Cadro 1.8

Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾. España/ UE. 2005-2017

	2005	2016	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
%PIB España/UE	100,4	103,2	103,1	101,1	100,4	95,7	92,4	91,0	89,6	90,2	90,7	91,1	92,0

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE=100; dentro da UE 27 ata o ano 2011e da UE 28 despois.
Fonte: Eurostat.

Case todas as CC.AA. experimentaron unha variación negativa en termos de converxencia coa UE entre 2012 e 2017. O cadro 1.9 recolle a variación en 2017 do PIB por persoa por CC.AA. A partir dos datos presentados, pódese salientar que:

- Galicia ocupa o posto décimo.
- Só cinco CC.AA. quedaron en 2017 por riba da media da UE-28 en renda por habitante: Madrid (124%), País Vasco (121%), Navarra (113%), Cataluña (110%) e Murcia (101%).

- As cinco CC.AA. con maior *diverxencia* en 2017 respecto da media da UE-28 en PIB por habitante foron: Estremadura (64%), Andalucía (68%), Castela-A Mancha (73%) e Canarias (75%).

Cadro 1.9

Converxencia coa UE⁽¹⁾. Por CC.AA. 2012-2017

	% variación 2012-2017	% sobre PIB da UE en 2017 ⁽¹⁾
Madrid	0,0	124
País Vasco	2,0	121
Navarra	1,0	113
Cataluña	4,0	110
A Ríoxa	2,0	101
Aragón	1,0	96
Baleares	-2,0	96
España	1,0	92
Castela e León	0,0	86
Cantabria	-1,0	83
Galicia	2,0	82
C. Valenciana	0,0	82
Asturias	2,0	81
Murcia	2,0	76
Canarias	-3,0	75
Castela-A Mancha	0,0	73
Andalucía	0,0	68
Estremadura	2,0	64

(1) En porcentaxe sobre a media do PIB por habitante da UE=100. En paridade de poder adquisitivo.

Fonte: Eurostat.

1.2. Crecemento económico galego

Este epígrafe afonda no estudo do PIB de Galicia no último sexenio, en concreto, faise a análise dende as perspectivas da demanda e máis da oferta, desagregando as compoñentes internas e temporal.

1.2.1. A perspectiva da demanda

A perspectiva da demanda (cadro 1.10) faise a partir da información publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) nas Contas económicas trimestrais. En 2018 as exportacións de bens e servizos medraron un 3,4%, mentres que as importacións o fixeron un 3,9%.

Neste mesmo ano o gasto en consumo final das Administracións públicas aumentou en Galicia un 1,8%. O gasto dos fogares e institucións sen fin de lucro ao servizo das

familias (ISFLSF) rexistrou un comportamento positivo en 2018 (2,3%). Finalmente, a formación bruta de capital acadou en 2018 un moi bo comportamento (7,0%).

Cadro 1.10

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2013-2018

Período	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
2013	-3,0	-0,8	-8,9	-3,7	11,0	4,1
2014	-0,8	-1,2	5,0	0,0	-2,0	-3,8
2015	1,1	1,7	3,5	1,6	2,3	-0,1
2016	1,9	1,5	2,6	1,9	5,0	2,3
2017	1,3	2,4	5,5	2,2	5,0	3,2
2018	2,3	1,8	7,0	2,9	3,4	3,9

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixido de estacionalidade e calendario. Os datos dos anos 2014 e 2015 son provisionais. Os datos dos anos 2017 e 2018 son avance.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.11 permite unha análise temporal máis polo miúdo dos compoñentes da demanda. En xeral, as taxas son positivas, mais temos que destacar a redución no último trimestre das exportacións e importacións de bens e servizos, debido ao comportamento da economía internacional, que xa comezou a dar sinais dun menor crecemento.

Cadro 1.11

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2018

Trimestre	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
	Total	Fogares e SFLSF	AA. PP.				
1T	2,5	2,6	2,0	6,3	3,0	6,8	7,1
2T	2,2	2,2	2,3	8,2	3,1	4,2	5,0
3T	1,9	2,1	1,2	6,7	2,6	4,6	5,1
4T	2,2	2,4	1,8	6,8	2,9	-1,8	-1,4

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixidos de estacionalidade e calendario. Os datos dos anos son avance.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.2. A perspectiva da oferta

O cadro 1.12 permite analizar a evolución dende a perspectiva da oferta. Neste contexto, en 2018 creceron o sector da construción (6,1%), industria (3,8%) e servizos (2,5%). O menor crecemento foi na agricultura, gandería, silvicultura e pesca (0,9%).

Cadro 1.12**PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2013-2018**

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2013	4,4	5,3	-9,7	-0,3
2014	3,6	0,6	-0,6	1,0
2015	1,7	0,9	3,5	3,2
2016	-1,8	5,2	4,2	3,3
2017	1,9	3,2	6,7	3,1
2018	0,9	3,8	6,1	2,5

Datos en porcentaxe de variación interanual, corrixidos de estacionalidade e calendario. Os datos dos anos 2015 e 2016 son provisionais. Os datos dos anos 2017 e 2018 son avance.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

Esta información pode completarse coa análise temporal máis polo miúdo dos compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2018 por trimestres. Compróbase un lixeiro descenso no crecemento nos últimos dous trimestres en todos os sectores. O mellor comportamento reflíctese no sector servizos e na construción.

Cadro 1.13**PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2018. Por trimestres**

2018	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
1T	0,8	7,0	5,6	2,2
2T	1,5	3,7	6,3	2,7
3T	0,7	2,2	6,6	2,5
4T	0,8	2,4	5,8	2,6

Datos en porcentaxe de variación interanual, corrixidos de estacionalidade e calendario. Os datos son avance.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.3. O PIB das provincias galegas

Os últimos datos publicados polo INE por provincias son os correspondentes a 2016 (provisionais). No cadro 1.14 preséntase a evolución do seu crecemento económico.

Do PIB de Galicia no ano 2016 (57,9 millóns de euros), as provincias atlánticas aportan un 76,7% do total. En concreto, a provincia da Coruña xerou un 43,6% e a de Pontevedra un 33,0%. As provincias de Lugo (12,2%) e Ourense (11,3%) pechan a clasificación, sumando entre as dúas menos da cuarta parte (23,4%) do PIB de Galicia.

Cadro 1.14**PIB^(*) a prezos de mercado das provincias galegas. 2010-2016**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016 (p)
A Coruña	25.135.061	24.508.808	23.551.939	23.396.979	23.213.042	24.444.237	25.263.455
Lugo	6.791.999	6.748.398	6.608.098	6.590.719	6.760.359	7.065.563	7.061.070
Ourense	6.283.395	6.341.864	6.245.623	6.091.904	6.040.797	6.217.027	6.529.932
Pontevedra	18.814.717	18.229.054	17.617.542	17.630.514	17.966.884	18.573.212	19.104.361

(*) A prezos correntes.

(p): datos provisionais.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

1.2.4. A crise das explotacións gandeiras da vacún de orientación leiteira

Unha das actividades máis salientables no sector agro-gandeiro en Galicia é a produción de leite. De aí, a necesidade de sinalar esta produción de xeito diferenciado. No cadro 1.15 recóllese a distribución por CC.AA. da produción de leite de vaca para 2017. Galicia, como é habitual, encabeza con gran diferenza, a clasificación, achegando un 41,2% do total estatal.

Cadro 1.15**Produción de leite^(*). Por CC.AA. 2017**

Andalucía	560,6
Aragón	146,9
Asturias	578,1
Baleares	75,4
Canarias	44,4
Cantabria	468,6
Castela-A Mancha	267,2
Castela e León	902,0
Cataluña	755,0
C. Valenciana	74,3
Estremadura	29,1
Galicia	2.749,6
Madrid	57,6
Murcia	62,3
Navarra	245,8
País Vasco	191,6
A Ríoxa	20,9
España	6.668,8

(*) En miles de toneladas métricas.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (2019).


As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións leiteiras de Galicia teñen sempre unha importantísima repercusión na renda total e máis no emprego do subsector agro-gandeiro. O cadro 1.16 presenta o prezo do litro do leite nas distintas CC.AA. en xaneiro de 2019.

- Galicia é a comunidade cun prezo máis baixo (0,317 euros/litro).
- O prezo máis alto (Canarias) superou ao de Galicia en xaneiro de 2019 en 0,13 €/litro.

Cadro 1.16

Prezo do leite en xaneiro 2019. Por CC.AA.

	N ⁽¹⁾	Prezo ⁽²⁾
Andalucía	513	0,346
Aragón	53	0,327
Asturias	1.728	0,349
Baleares	122	0,322
Canarias	109	0,450
Cantabria	1.178	0,329
Castela-A Mancha	178	0,350
Castela e León	1.063	0,334
Cataluña	462	0,324
Estremadura	66	0,337
Galicia	7.503	0,317
Madrid	43	0,339
Murcia	23	0,325
Navarra	154	0,334
País Vasco	305	0,351
A Ríoxa	9	0,334
C. Valenciana	24	0,347



(1) N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo. En miles de litros.

(2) Prezo medio ponderado, en euros por litro.

Fonte: FEAGA - Fondo Español de Garantía Agraria. Declaracións de leite.

Se na vez dunha análise estática analízase a evolución para 2018 do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) comprobábase que Galicia rexistrou unha diminución intensa e continua de abril ata agosto, como reflicte a columna “total estratos” do cadro 1.17.

- Na media das explotacións de vacún de Galicia, o prezo do leite non subiu en Galicia entre xaneiro e decembro, situándose en ambos os meses en 31,7 céntimos por litro.
- Os menores prezos percibíronos as e os propietarios das explotacións gandeiras máis pequenas; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2018 un prezo (32,5 céntimos) que superou en 0,8 céntimos/litro á media (31,7 céntimos), mentres que nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo (28,2) quedou 3,5 céntimos por baixo desa media.
- O prezo de venda do litro en decembro de 2018 quedou nos estratos máis pequenos por baixo do custo de produción (estimado en 0,30 euros/litro).

Cadro 1.17**Prezos do leite, declarados polos compradores. Galicia. 2018. Por meses**

	Total estratos	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6
Xaneiro	31,70	27,93	29,65	30,40	31,38	31,97	32,63
Febreiro	31,60	27,80	29,62	30,25	31,31	31,80	32,57
Marzo	34,40	27,70	29,46	30,20	31,03	31,65	32,30
Abril	30,80	27,22	28,98	29,70	30,55	31,02	31,71
Maio	30,50	27,08	28,80	29,62	30,36	30,75	31,33
Xuño	30,40	27,08	28,75	29,47	30,18	30,48	31,14
Xullo	30,30	26,94	28,59	29,32	30,07	30,43	31,08
Agosto	30,30	26,91	28,68	29,41	30,08	30,51	31,07
Setembro	30,80	37,31	29,08	29,79	30,59	30,90	31,50
Outubro	31,40	28,05	29,72	30,31	31,26	31,58	32,18
Novembro	31,90	28,34	30,08	30,62	31,67	31,98	32,67
Decembro	31,70	28,24	29,98	30,64	31,46	31,92	32,51

€100 litros, sen IVE.

Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ano.

Estrato 2: entre 100.001e 200.000 kg.

Estrato 3: entre 200.001e 300.000 kg.

Estrato 4: entre 300.001e 400.000 kg.

Estrato 5: entre 400.001e 700.000 kg.

Estrato 6: maior de 700.001kg de leite/ano.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria.

Ao fío do cadro 1.18 pódese salientar que:

- O prezo medio percibido polo litro de leite en Galicia en decembro de 2018 foi de 31,7 céntimos. A pesar desta mellora respecto a outros anos, o importe a pagar é inferior ao satisfeito noutros países e CC.AA. (a media na UE foi superior aos 33 céntimos por litro).
- Ese prezo medio agocha unha forte heteroxeneidade por tamaño de explotación, sendo menor nas explotacións máis pequenas, o que pode facer pouco rendible a súa produción.

Cadro 1.18


Prezo do leite en Galicia declarado polos compradores en 2018 (euros/100 litros, sen iva)

Tramo (kg/explotación)	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1 ≤100.000	27,93	27,80	27,70	27,22	27,08	27,08	26,94	26,91	27,31	28,05	28,34	28,24
Estrato 2 100.001-200.000	29,65	29,62	29,46	28,98	28,80	28,75	28,59	28,68	29,08	29,72	30,08	29,98
Estrato 3 200.001-300.000	30,40	30,25	30,20	29,70	29,62	29,47	29,32	29,41	29,79	30,31	30,62	30,64
Estrato 4 300.001-400.000	31,38	31,31	31,03	30,55	30,36	30,18	30,07	30,08	30,59	31,26	31,67	31,46
Estrato 5 400.001-700.000	31,97	31,80	31,65	31,02	30,75	30,48	30,43	30,51	30,90	31,58	31,98	31,92
Estrato 6 >700.001	32,63	32,57	32,30	31,71	31,33	31,14	31,08	31,07	31,50	32,18	32,67	32,51
Prezo medio ponderado	31,70	31,60	34,40	30,80	30,50	30,40	30,30	30,30	30,80	31,40	31,90	31,70

NOTA 1: Os datos do último mes correspóndense á situación das declaracións realizadas polos compradores na aplicación LacDec a data 5 de febreiro de 2019.

NOTA 2: Os datos de tramos de produción a partir de abril de 2015 non están referenciados á cota láctea; para determinar o tramo que lle corresponde a cada produtor, estímase a súa produción anual en base á seguinte estacionalidade mensual: Estacionalidade da produción de leite en Galicia (peso relativo medio de cada mes nos últimos 8 períodos lácteos): xan: 8,38%; feb: 7,83%; mar: 8,82%; abr: 8,56%; mai: 8,89%; xuñ: 8,47%; xul: 8,65%; ago: 8,42%; set: 7,92%; out: 8,07%; nov: 7,80%; dec: 8,19%.

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.



1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade

O obxectivo deste apartado é realizar unha análise do estado actual e máis da evolución nos últimos anos da produtividade do factor traballo na economía galega, en termos comparados coa media estatal.

1.3.1. Balance do mercado de traballo

A análise pivota sobre dúas fontes de datos: a Enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística, e as Contas económicas de Galicia, do Instituto Galego de Estatística.

1.3.1.1. Balance de indicadores laborais a partir dos datos da EPA

O cadro 1.19 representa a evolución de sete variables laborais (poboación activa, ocupada, asalariada, desempregada e as taxas de actividade, ocupación e paro), co obxecto de avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia dende 2008 ata 2018. A partir da información recollida conclúese que:

- A poboación activa, tras unha baixada e tres subas no cuadrienio 2009-2012 e a continua diminución no sexenio 2013-2017, pechou este último ano con 71.300 persoas menos respecto de 2008, o que supón un descenso do 5,4%. Esta caída da poboación activa (especialmente no grupo de idade de 16 a 34 anos) é un dos “puntos negros” nas variables do mercado de traballo. A variación no último ano rexistra unha perda de 4.800 persoas en situación de actividade.
- No que atinxe á ocupación, entre 2008-2014 caracterízase por un ininterrompido proceso de caída, que supuxo a destrución neta de 203.200 empregos. Esta forte diminución da poboación ocupada en Galicia dende 2008 (16,9%) é unha das peores pegadas que deixou a intensa e prolongada crise económica. A partir de 2015 prodúcese unha importante mellora, que se mantén en 2018 cun aumento de 24.900 persoas.
- No período analizado a poboación asalariada acadou o valor máis alto en 2008 (ao igual que a poboación ocupada) e dende entón ata 2013 Galicia perdeu 196.900 empregos por conta allea (-20,3%). No último quinquenio (2014-2018) subiu en 82.900 o número de persoas asalariadas.
- A poboación desempregada galega, que en 2007 estaba lixeiramente por baixo das 100.000 persoas (98.700), pasou a ser de 284.600 en 2013, tras o continuo incremento nese sexenio, con especial intensidade no peor ano da Gran Recesión (2009).
- A taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos estivo practicamente estancada no período 2008-2012 e logo experimentou unha caída de 1,5 puntos porcentuais, chegando a representar o 53,3% en 2018, un resultado similar ao de 2017, que amosa certa estabilidade.
- A taxa de ocupación sufriu unha diminución importante e continuada en Galicia no sexenio 2008-2014 (7,9 puntos porcentuais). A partir de 2015 comeza a mellora, situándose no 46,2% en 2018, un aumento de 1,2 puntos porcentuais respecto a 2017.
- A taxa de desemprego galega multiplicouse por máis de 2,5 de 2008 a 2013, sexenio no que dun 8,6% pasou a ser un 22%, tras o continuo e intenso incremento; a diminución de 5,9 puntos porcentuais no quinquenio 2014-2018 permitiu pechar 2018 cun 13,3% de taxa de paro, 2,4 puntos porcentuais menos que en 2017.

Cadro 1.19

Balance do mercado de traballo. Galicia. 2008-2018

Período	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
2008	1.314,8	1.201,2	972,2	113,6	54,8	50,0	8,6
2009	1.319,5	1.155,4	898,0	164,1	54,8	48,0	12,6
2010	1.314,4	1.104,5	865,4	199,9	54,2	45,9	15,4
2011	1.316,5	1.089,3	852,3	227,2	54,8	45,3	17,4
2012	1.317,7	1.047,2	810,1	278,5	55,0	43,7	20,5
2013	1.290,9	1.006,4	775,3	284,6	54,2	42,2	22,0
2014	1.273,9	998,0	779,5	275,8	53,8	42,1	21,6
2015	1.260,7	1.017,2	800,2	243,4	53,5	43,1	19,3
2016	1.256,1	1.040,6	817,9	215,4	53,5	44,3	17,2
2017	1.248,3	1.052,7	827,3	195,6	53,3	45,0	15,7
2018	1.243,5	1.077,6	862,4	165,9	53,3	46,2	13,3

Datos en medias anuais.

Fonte: IGE, Enquisa de poboación activa.

1.3.1.2. Balance de indicadores laborais cos datos das Contas económicas de Galicia

A segunda aproximación da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farase a partir da estatística das Contas económicas trimestrais sobre postos de traballo equivalentes a tempo completo; o que permite aproximar mellor á variación do emprego neto de Galicia. No cadro 1.20 recóllense os datos do último sexenio, por sectores e ramas:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia subiu en 2018 en 48.875 persoas respecto de 2013.
- A diminución neta de postos de traballo rexistrouse só na agricultura, gandería, silvicultura e pesca (4.847 persoas menos) e en certos tipos de servizos (actividades financeiras e de seguros, con 1.276 persoas menos) e servizos non de mercado (1.355 persoas menos).

Cadro 1.20

Emprego^(*) segundo actividade económica. Galicia. 2013-2018

	2013	2014	2015	2016	2017	2018
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	963.421	946.709	956.384	975.901	993.416	1.012.296
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	75.266	69.297	66.832	71.264	73.974	70.419
Industria	142.982	139.119	139.749	144.311	149.122	153.599
Construción	69.447	68.027	70.988	68.715	69.404	72.537
Servizos	675.726	670.266	678.815	691.611	700.916	715.742
-Comercio, transporte e hostalaría	276.281	267.427	267.817	270.624	274.545	280.218
-Información e comunicacións	14.923	15.377	16.402	17.452	17.380	17.515
-Actividades financeiras e de seguros	17.491	16.236	14.112	15.920	16.475	16.215
-Actividades inmobiliarias	6.131	6.593	7.005	6.893	7.065	7.619
-Actividades profesionais	87.172	87.205	86.114	93.255	98.493	101.821
-Administración pública (sanidade e educación)	201.774	204.406	212.041	209.746	209.706	215.697
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	71.954	73.022	75.324	77.721	77.251	76.657
Servizos non de mercado	164.836	163.975	164.866	163.078	161.735	163.481

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Os dos anos 2014 e 2015 son provisionais e os de 2016 e 2017 son un avance.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.21 recolle, cunha estrutura semellante á do cadro anterior, as porcentaxes de variación interanuais do emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Nel pódese salientar:

- A redución da poboación ocupada de Galicia de 2014 deu paso, a partir de 2015, a subas continuadas. En 2018 foi do 1,9% en media anual, e pódese apreciar que esa suba vai gañando intensidade no primeiro semestre do ano. Así, no primeiro trimestre creceu un 2,1% e no segundo un 2,2%. Non obstante, no terceiro e cuarto a suba foi algo menor, do 1,7% e 1,6%, respectivamente.
- Por sectores de actividade económica, un dos máis dinámicos foi a industria, cunha suba do 3,0% en media anual e, especialmente, a construción (4,5%).
- No sector servizos a situación é moi dispar, en función das ramas de actividade.

Cadro 1.21

Porcentaxe de variación de emprego^(*) segundo actividade. Galicia. 2014-2018

	En medias anuais					Datos trimestrais			
	2014	2015	2016	2017	2018	2018/I	2018/II	2018/III	2018/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	-1,7	1,0	2,0	1,8	1,9	2,1	2,2	1,7	1,6
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-7,9	-3,6	6,6	3,8	-4,8	-4,1	-5,5	-5,3	-4,3
Industria	-2,7	0,5	3,3	3,3	3,0	3,4	3,8	2,9	1,9
Construción	-2,0	4,4	-3,2	1,0	4,5	4,6	5,0	4,6	3,9
Servizos	-0,8	1,3	1,9	1,3	2,1	2,2	2,4	2,0	1,9
-Comercio, transporte e hostalaría	-3,2	0,1	1,0	1,4	2,1	2,6	2,1	1,7	1,9
-Información e comunicacións	3,0	6,7	6,4	-0,4	0,8	-0,4	0,8	1,2	1,5
-Actividades financeiras e de seguros	-7,2	-13,1	12,8	3,5	-1,6	-1,6	-1,6	-1,6	-1,5
-Actividades inmobiliarias	7,5	6,2	-1,6	2,5	7,8	7,7	7,7	8,4	7,5
-Actividades profesionais	0,0	-1,3	8,3	5,6	3,4	4,7	3,5	3,1	2,4
-Administración pública (sanidade e educación)	1,3	3,7	-1,1	0,0	2,9	2,6	3,4	2,9	2,6
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	1,5	3,2	3,2	-0,6	-0,8	-2,1	-0,2	-0,7	-0,1
Servizos non de mercado	-0,5	0,5	-1,1	-0,8	1,1	1,3	1,2	1,2	0,7

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Os datos dos anos 2016 son provisionais. Os datos de 2017 e 2018 son un avance.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

A evolución do emprego neto en Galicia dende 2008, medido en postos de traballo equivalentes, preséntase no cadro 1.22, que reflicte nitidamente a gran intensidade da destrución da ocupación en Galicia durante a crise. En 2018, o mellor comportamento

é o da construción (6,2%), e o peor o da agricultura, gandería, silvicultura e pesca (-4,0%).

Cadro 1.22

Porcentaxe de variación de emprego ^(*) por sectores produtivos. Galicia. 2008-2018

	Total poboación ocupada	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Servizos non de mercado
2008	-0,4	-2,8	-0,8	-6,0	1,1	2,7
2009	-5,0	3,9	-10,5	-12,0	-2,5	2,0
2010	-4,7	-12,4	-4,2	-11,3	-3,3	-1,6
2011	-3,3	5,7	-5,8	-15,7	-1,1	-4,2
2012	-5,6	-0,7	-7,4	-20,6	-3,4	-4,2
2013	-2,7	-0,3	-4,0	-12,2	-1,4	0,1
2014	-0,9	2,8	-3,0	-2,6	-0,4	-0,5
2015	1,4	1,7	0,5	4,4	1,2	0,5
2016	2,0	3,4	3,6	-3,3	2,1	-1,1
2017	2,2	0,3	3,4	1,6	2,1	-0,8
2018	3,4	-4,0	3,7	6,2	3,4	1,1
2018/I	3,2	-5,2	3,8	6,3	3,2	1,3
2018/II	3,8	-4,5	4,2	7,0	3,8	1,2
2018/III	3,5	-2,9	3,8	6,4	3,5	1,2
2018/IV	3,0	-3,3	3,0	5,1	3,1	0,7

(*) En postos de traballo equivalentes a tempo completo; cambio ineranual.

Os datos de 2016 son provisionais; os de 2017 e 2018 son avances.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.23 permite afondar no estudo da principal compoñente da poboación ocupada de Galicia.

Cadro 1.23

Emprego asalariado ^(*) segundo actividade. Galicia. 2013-2018

	2013	2014	2015	2016	2017	2018
TOTAL POBOACIÓN ASALARIADA	793.173	786.113	796.763	812.377	830.045	858.100
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	27.859	28.627	29.115	30.095	30.175	28.971
Industria	128.931	125.050	125.705	130.198	134.626	139.608
Construción	57.786	56.281	58.731	56.802	57.683	61.246
Servizos	578.597	576.155	583.212	595.282	607.561	628.275
-Comercio, transporte e hostalaría	216.807	211.993	213.419	217.329	225.475	236.352
-Información e comunicacións	14.329	14.827	15.554	16.719	16.670	16.725
-Actividades financeiras e de seguros	16.374	15.062	12.919	14.738	15.227	14.998
-Actividades inmobiliarias	5.466	5.905	6.338	6.210	6.352	6.757
-Actividades profesionais	73.145	73.533	71.885	78.217	82.641	86.612
-Administración pública (sanidade e educación)	196.805	198.815	205.647	203.041	203.083	208.415
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	55.671	56.020	57.450	59.028	58.114	58.416
Servizos non de mercado	164.836	163.975	164.866	163.078	161.735	163.481

(*)En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Os do ano 2016 son provisionais e os de 2017 e 2018 son un avance.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial

A produtividade, definida como o cociente entre o valor da produción e o dos recursos (humanos e materiais) utilizados para obtela, é un factor determinante do desenvolvemento económico dun país. O cadro 1.24 resume a evolución dende 2012 ata 2017 da porcentaxe de produtividade aparente do traballo respecto á media española. A produtividade aparente do traballo subiu todos os anos dende o comezo

da última gran crise. Neste último sexenio pásase do 92,8% en 2012 ao 98,4% en 2017.

Cadro 1.24

Porcentaxe de produtividade do traballo^(*). Galicia/España. 2012-2017

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
% Galicia/España	92,8	93,3	95,1	96,2	97,3	98,4

(*) % de produtividade aparente do factor traballo.

Fonte: IGE e INE.

Co fin de obter unha análise axeitada da produtividade de traballo, é necesario realizar un estudo sectorial, para coñecer a fenda de produtividade entre os sectores produtivos (cadro 1.25).

- En 2017, as produtividades aparentes do traballo de Galicia están por baixo das medias estatais na industria, a construción e os servizos, mentres que está por riba na agricultura, gandería, silvicultura e pesca.
- Na comparanza dos datos dos anos 2012 e 2017, sobresaí a produtividade sectorial agro-pesqueira en Galicia (concentrada no cuatrienio 2014-2017), pero con descenso dende 2015, e a suba na da industria e servizos dende 2015, mentres que a construción foi distanciándose da produtividade media estatal deste sector.

Cadro 1.25

Porcentaxe de produtividade do traballo, por sectores. Galicia/España. 2012-2017

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	145,2	142,4	151,7	146,0	146,2	145,2
Industria	86,8	93,4	93,0	88,5	86,9	86,6
Construción	87,1	87,3	88,2	90,6	92,6	93,5
Servizos	90,9	90,3	92,6	95,6	97,5	99,1

Fonte: Contas económicas de Galicia. Base 2008.

1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade

1.4.1. Dificultades económicas dos fogares

A Enquisa de condicións de vida (ECV) realizada polo INE estima a nivel rexional as dificultades económicas dos fogares en 2017 (último dato dispoñible), cuantificándoas polos catro criterios que recolle o cadro 1.26. Cabe salientar o seguinte:

- Un 38,8% dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano fóra da súa casa (4,4 puntos porcentuais máis que a media estatal); só cinco CC.AA. (Andalucía, Canarias, Extremadura, Castela-A Mancha e a Comunidade Valenciana) tiveron unha porcentaxe de fogares maior que os

galegos, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas as CC.AA. que encabezaron a clasificación por ingresos anuais netos medios (País Vasco, Madrid e Navarra).

- Un 23,7% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (13,6 puntos porcentuais menos que a media española); as maiores porcentaxes tivéronas as CC.AA. de Canarias, Comunidade Valenciana e Andalucía; as porcentaxes máis baixas foron as de Cantabria, País Vasco e Navarra.
- Un 3,7% dos fogares de Galicia tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (3,7 puntos porcentuais por baixo da media española); Canarias, Murcia e Ceuta rexistraron as maiores porcentaxes de fogares; as menores rexistráronas Navarra, Cantabria, Castela e León e A Ríoxa.
- Un 6,2% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (3,1 puntos porcentuais por baixo da media española); Canarias, Murcia e Andalucía foron as CC.AA. con maiores porcentaxes de fogares nesta situación, mentres que as menores rexistráronas A Ríoxa, Navarra e Aragón.

Cadro 1.26

Dificultades económicas dos fogares. Por comunidades autónomas. 2017

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
Andalucía	47,9	49,1	9,9	13,9
Aragón	23,6	19,4	3,0	4,6
Asturias	37,6	38,5	3,7	10,8
Baleares	35,1	35,5	10,9	4,6
Canarias	44,2	52,4	18,7	20,9
Cantabria	27,6	14,5	2,3	7,5
Castela e León	26,7	25,3	2,3	5,3
Castela-A Mancha	39,5	41,7	4,3	9,9
Cataluña	30,1	33,0	6,6	6,9
C. Valenciana	39,1	49,8	11,0	11,5
Extremadura	42,5	47,5	7,8	11,1
Galicia	38,8	23,7	3,7	6,2
Madrid	21,0	34,4	5,6	6,4
Murcia	38,3	43,1	13,2	15,5
Navarra	26,3	18,8	2,0	1,7
País Vasco	22,3	17,9	4,4	5,4
A Ríoxa	24,9	21,9	2,9	1,1
Ceuta	37,2	36,2	12,1	13,6
Melilla	28,9	29,9	8,1	13,6
España	34,4	37,3	7,4	9,3

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2017)

1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar

Na última Enquisa de condicións de vida (ECV) con información para 2017 estímase en 10.753 euros os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia, fronte a unha media de 11.074 no conxunto de España. Salienta a seguinte información do cadro 1.27:

- Os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2017 están só un 2,9% por baixo da media española.
- As CC.AA. cos maiores niveis per cápita foron País Vasco, Navarra, Madrid e Cataluña, mentres que os menores tivéronos as CC.AA. de Canarias, Murcia e Extremadura.
- O ingreso medio anual neto en 2017 dunha persoa residente no País Vasco está un 33,8% por riba da media dunha residente en Galicia.

Cadro 1.27

**Clasificación das CC.AA. de maior a menor
ingreso medio anual por persoa. 2017**

País Vasco	14.397
Navarra	13.583
Madrid	13.099
Cataluña	12.712
Baleares	12.665
Asturias	12.244
A Ríoxa	12.131
Aragón	12.110
Cantabria	11.293
Castela e León	11.239
España	11.074
Galicia	10.753
Melilla	10.161
Comunidade Valenciana	9.801
Ceuta	9.676
Andalucía	9.116
Castela-A Mancha	9.045
Canarias	8.863
Murcia	8.702
Extremadura	8.250

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2017)

A análise dos ingresos medios anuais netos por fogar en España entre 2010 e 2017 (cadro 1.28) permite comprobar que a evolución foi decrecente dende 2010 a 2015, pero tras a mellora producida en 2016, acada en 2017 o 93% respecto do primeiro ano. Pola súa banda, os ingresos medios anuais netos por persoa no conxunto do Estado español reducíronse nun 1,8% dende 2010 a 2017.

Cadro 1.28**Evolución dos ingresos medios anuais por fogar e por persoa. España. 2010-2017**

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Por fogar	29.634	28.206	27.747	26.775	26.154	26.092	26.730	27.558
Por persoa	11.284	10.858	10.795	10.531	10.391	10.419	10.708	11.074

Datos en euros.

Fonte: INE (ECV anos 2011a 2017).

1.4.3. A poboación en risco de pobreza

A ECV tamén permite coñecer a taxa de pobreza en España. No cadro 1.29 preséntanse as comunidades (e cidades) autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza. Esta información revela que:

- Galicia atópase por baixo da media estatal (18,7% e 21,6%, respectivamente) e ocupa en 2017 unha posición intermedia entre as comunidades pola súa taxa de pobreza.
- As CC.AA. coa taxa de pobreza máis baixa en 2017 foron Navarra, País Vasco e A Rioxa (todas por baixo do 10%).
- No outro extremo, Murcia, Canarias, Andalucía, a cidade autónoma de Ceuta e Extremadura rexistraron as maiores taxas de pobreza (todas por riba do 30%).

Cadro 1.29**Clasificación de menor a maior taxa de pobreza.
Por comunidades autónomas. 2017**

Navarra	8,3
País Vasco	9,7
A Rioxa	9,7
Asturias	12,6
Aragón	13,3
Cataluña	15,0
Castela e León	15,4
Cantabria	17,6
Madrid	16,9
Galicia	18,7
Baleares	21,3
España	21,6
Comunidade Valenciana	25,6
Melilla	26,2
Castela-A Mancha	28,1
Murcia	30,1
Canarias	30,5
Andalucía	31,0
Ceuta	32,5
Extremadura	38,8

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2017).

No cadro 1.30 preséntase a evolución da poboación en risco de pobreza de Galicia e máis España de 2008 a 2017.

- Galicia rexistrou en 2017 unha suba de taxa da pobreza dende 2013 de 1,5 puntos porcentuais, e pecha 2017 co 18,7%, despois de ter en 2014 o mellor dato (15,4%).
- Pola súa banda, a taxa media de pobreza de España tivo entre 2013 e 2017 unha suba similar (1,2 puntos porcentuais). En 2017 sitúase no 21,6%.
- A diferenza entre as dúas taxas de pobreza quedou en 2,9 puntos porcentuais en 2017.


Cadro 1.30

Evolución da taxa de pobreza. Galicia e España. 2008-2017

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Galicia	20,9	20,6	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4	19,0	18,7
España	19,8	20,4	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1	22,3	21,6

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, ECV anos 2009 a 2017.



1.4.4. Distribución da renda

Unha forma de determinar a distribución da renda é calcular os quintís dos ingresos. Para iso, ordénanse todas as persoas segundo a contía dos ingresos por unidade de consumo e, posteriormente, divídense en cinco grupos iguais. O primeiro quintil corresponde ao 20% con menores ingresos e o quinto quintil corresponde ao 20% das persoas con maiores ingresos por unidade de consumo.

No cadro 1.31 preséntase a poboación por CC.AA. por quintil de renda por unidade de consumo no ano 2017. Da análise pódese salientar que:

- Galicia é unha das CC.AA. nas que a porcentaxe de poboación no grupo de menos ingresos (primeiro quintil), no segundo e no grupo de máis ingresos (quinto quintil) está por baixo da media estatal; mentres que está por riba da media española no terceiro e cuarto quintís.

- As CC.AA. coa maior porcentaxe de poboación no quinto quintil foron o País Vasco (35,7%), Madrid (30,0%) e Navarra (29,4%).
- No primeiro quintil, as maiores porcentaxes rexistráronas Extremadura (35,2%), Ceuta (31,9%) e Canarias (29,7%).

Cadro 1.31

Poboación por quintil de renda por unidade de consumo. Por comunidades autónomas. 2017

	1º quintil (menor renda): 0-20%	2º quintil (rendas intermedias): 20-40%	3º quintil (rendas intermedias): 40-60%	4º quintil (rendas intermedias): 60-80%	5º quintil (maior renda): 80-100%
Andalucía	28,9	25,6	17,9	14,5	13,1
Aragón	11,3	20,2	20,5	26,0	22,0
Asturias	11,9	20,3	22,6	23,9	21,3
Baleares	18,4	20,8	18,2	17,2	25,5
Canarias	29,7	23,3	20,4	17,5	9,1
Cantabria	15,3	25,9	20,4	19,8	18,7
Castela e León	14,6	19,3	25,5	21,9	18,7
Castela-A Mancha	26,5	26,7	18,0	18,1	10,8
Cataluña	13,3	15,6	20,2	23,0	28,0
C. Valenciana	24,3	21,3	22,5	18,4	13,6
Extremadura	35,2	28,0	19,4	10,0	7,4
Galicia	17,7	18,7	24,3	23,9	15,5
Madrid	15,5	14,8	17,2	22,5	30,0
Murcia	27,5	24,3	22,2	14,8	11,2
Navarra	7,7	13,4	16,1	33,4	29,4
País Vasco	8,4	11,8	18,2	25,8	35,7
A Ríoxa	9,6	18,7	27,7	21,8	22,3
Ceuta	31,9	14,5	22,8	7,8	23,1
Melilla	25,6	14,6	17,6	18,8	23,4
España	20,0	20,0	20,0	20,0	20,0

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2017).

1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais

Para analizar a participación dos salarios no valor engadido bruto estúdase a relevancia das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE. Posteriormente, preséntanse as estatísticas de custos salariais e a evolución do salario mínimo interprofesional (SMI).

1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE

A evolución da porcentaxe que sobre o PIB supón a remuneración da poboación asalariada para o período 2001-2017 en Galicia, España e UE recóllese no cadro 1.32. Anotamos os seguintes aspectos:

- En 2017 a porcentaxe de remuneración da poboación asalariada de Galicia no seu PIB (42,3%) é moito menor que a estatal (46,9%). As diferenzas coa media estatal e a UE son de 4,6 e 4,9 puntos, respectivamente.
- A proporción dos salarios no PIB de Galicia acadou en 2017 o punto máis baixo da serie (42,7%). A porcentaxe máxima dese período foi en 2009 (48%), para posteriormente baixar todos os anos.


Cadro 1.32

Porcentaxe da remuneración das persoas asalariadas no PIB. Galicia, España e Europa. 2000-2017

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Galicia	46,5	46,0	46,1	46,2	45,7	45,6	45,6	46,2	46,9	48,0	46,9	46,7	45,4	44,7	44,0	43,6	43,1	42,3
España	48,5	48,3	48,1	48,1	47,7	47,7	47,7	48,3	50,1	50,9	50,1	49,6	48,0	47,3	47,4	47,9	47,6	46,9
UE 28	47,8	48,0	47,8	47,7	47,2	46,9	46,7	46,5	47,0	48,5	47,9	47,5	47,8	47,7	47,5	47,2	47,4	47,2

Datos en porcentaxe.

Fonte: IGE, Estudo sobre salarios.



1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral

O cadro 1.33 recolle os custos laborais de 2011 a 2018 en Galicia dende unha dobre perspectiva: por persoa traballadora e mes e por hora efectiva de traballo. No que atinxe a primeira variable, o custo laboral foi 2.417,6 euros. Polo que respecta ao custo laboral por hora efectiva, en 2018 ascende ata os 19 euros.

Cadro 1.33

Custos laborais. Galicia. 2011-2018

Período	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva	
	Euros	% var.*	Euros	% var.* ^(*)
2011	2.416,5	0,7	18,5	0,2
2012	2.256,2	-6,6	17,6	-4,9
2013	2.363,5	4,8	18,3	4,1
2014	2.378,7	0,6	18,0	-1,7
2015	2.370,6	-0,3	19,3	7,5
2016	2.343,7	-1,1	18,3	-5,2
2017	2.427,6	3,6	19,0	3,8
2018	2.417,6	3,2	19,0	3,4

(*) Sobre cuarto trimestre do ano anterior.

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

A media estatal do custo salarial por persoa traballadora e mes foi de 2.692,5 euros en 2018. A desagregación deste dato por CC.AA. permite observar que o maior custo laboral medido con este parámetro foi o de País Vasco (3.211,0), seguido de Madrid (3.164,7 euros). Estremadura (2.223,9) e Canarias (2.305,8) pecharon a clasificación. As CC.AA. cunha maior suba porcentual no seu custo laboral en 2018 foron País Vasco (3,1%), Baleares (2,6%) e Canarias (2,4%); mentres que as maiores diminucións rexistráronse na Comunidade Valenciana (-1,6%) e Andalucía (-1,1%).

Cadro 1.34**Custos salariais en España. Por comunidades autónomas. 2018**

	Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	Taxa ^(*)	Euros	Taxa ^(*)
España	2.692,5	0,9	21,1	0,5
Andalucía	2.335,50	-1,1	18,64	-0,6
Aragón	2.598,62	0,9	20,82	-0,9
Asturias	2.755,84	0,4	22,02	-0,6
Baleares	2.724,71	2,6	20,70	0,8
Canarias	2.305,78	2,4	17,54	2,4
Cantabria	2.603,45	1,7	20,27	1,1
Castela e León	2.438,04	0,7	19,43	0,1
Castela-A Mancha	2.400,33	-0,8	18,95	-1,7
Cataluña	2.880,31	1,8	22,52	0,7
Comunidade Valenciana	2.371,07	-1,6	19,01	-2,0
Estremadura	2.223,88	1,4	17,97	1,7
Galicia	2.417,57	-0,4	18,95	-0,4
Madrid	3.164,67	1,9	24,19	1,7
Murcia	2.414,51	0,2	18,94	0,7
Navarra	2.985,77	1,7	24,06	1,6
País Vasco	3.211,02	3,1	25,82	2,3
A Ríoxa	2.482,79	-1,0	19,47	-2,4

(*) Variación porcentual sobre o mesmo trimestre do ano anterior.

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No cadro 1.35 preséntase a xornada laboral por persoa traballadora e mes de Galicia no cuarto trimestre, para 2008-2018, dende unha tripla vertente: total de persoas traballadoras, as que traballan a tempo completo e as que o fan a tempo parcial.

Cadro 1.35**Xornada laboral. Galicia. 2008-2018**

Período	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total persoas traballadoras	Tempo completo	Tempo parcial
2008	156,4	169,5	83,4
2009	156,0	169,4	83,4
2010	155,7	169,5	84,7
2011	154,5	169,8	84,7
2012	153,3	169,6	85,3
2013	152,1	169,1	87,0
2014	152,1	169,1	88,2
2015	151,8	169,4	84,7
2016	150,2	169,2	84,4
2017	150,9	169,2	83,8
2018	150,5	169,3	84,3

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No que atinxe ao total de persoas que traballan, Galicia rexistra un descenso na xornada de traballo dende 2008. En 2018 foi de 150,5 horas. Polo que respecta ao traballo a tempo completo a cantidade estabilízase ao redor das 169 horas. No que fai

referencia ao traballo a tempo parcial, dende 2015 prodúcese unha diminución, acadando as 84,3 horas en 2018.

O número de vacantes en Galicia ao remate do ano 2018 foi de 4.205 (cadro 1.36), o que supón un 4,6% do total, moi por baixo das porcentaxes relativas no total español en poboación ou PIB. Este mesmo cadro permite coñecer os motivos principais de non existencia de vacantes, desagregado por CC.AA. e a nivel estatal.

Cadro 1.36

Vacantes, ou motivos polos que non existen. Por comunidades autónomas. 2018^(*)

	Vacantes	% en cada CC.AA. sobre o total de vacantes	Motivos polos que non existen vacantes (distribución autonómica)		
			Non se necesita ningunha persoa traballadora mais	Elevado coste de contratación	Outros
Andalucía	9.878	10,8	91,6	6,3	2,1
Aragón	2.449	2,7	95,1	2,7	2,2
Asturias	1.076	1,2	93,0	6,2	0,8
Baleares	687	0,8	92,8	5,3	1,9
Canarias	2.716	3,0	87,7	9,5	2,8
Cantabria	969	1,1	93,7	4,7	1,6
Castela e León	3.016	3,3	91,9	6,8	1,3
Castela-A Mancha	4.293	4,7	93,0	5,0	2,0
Cataluña	17.936	19,7	94,2	4,2	1,6
C. Valenciana	7.030	7,7	94,4	3,8	1,8
Extremadura	1.744	1,9	91,4	6,1	2,5
Galicia	4.205	4,6	91,0	6,7	2,3
Madrid	23.776	26,1	94,7	4,0	1,3
Murcia	1.313	1,4	94,1	3,9	2,0
Navarra	3.082	3,4	94,9	3,0	2,1
País Vasco	6.317	6,9	95,5	2,2	2,3
A Rioxa	613	0,7	94,9	3,9	1,2
Total	91.101	100,0	93,2	5,0	1,8

(*) Datos do 4º trimestre de 2018.

Fuente: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI)

O SMI a 1 de xaneiro de 2018 en España era de 858,6 euros/mes (incluíndo a pro rata das pagas extraordinarias). A súa contía actual en España experimentou unha importante suba este último ano (3,98%). Con todo, é ao redor da metade do establecido en Estados socios da Eurozona como Bélxica ou Irlanda. Respecto de Francia é un 57,2% (cadro 1.37).

Cadro 1.37

Salario mínimo interprofesional. España e outros Estados da UE. 2019

	Euros/mes
Luxemburgo	1.999
Bélxica	1.614
Irlanda	1.563
Francia	1.499
Reino Unido	1.468
España	859
Portugal	677
Grecia	684
Polonia	503

Inclúe o rateo das pagas extraordinarias.

Fonte: Eurostat.


O moi limitado incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%), contrasta co importante aumento de 2016 a 2017 (8,01%) e entre 2017 a 2018 (3,98%), tal e como reflicte o cadro 1.38. En 2018 situouse en 735,9 euros mensuais.

Cadro 1.38

Salario mínimo interprofesional. España. 2008-2018

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
€/día	20,00	20,80	21,11	21,38	21,38	21,51	21,51	21,62	21,84	23,59	24,53
€/mes	600,00	624,00	633,30	641,40	641,40	645,30	645,30	648,60	655,20	707,70	735,90
Incremento sobre o salario anterior	5,15	4,00	1,49	1,28	0,00	0,61	0,00	0,51	1,02	8,01	3,98

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.



1.6. A variación do IPC

O cadro 1.39 recolle a evolución nos últimos once anos das taxas de inflación de Galicia e España. Tras unha etapa ordinaria de incrementos entre 2006 e 2013, durante o bienio 2014-2015 os prezos tiveron un comportamento extraordinario: diminuíron, para logo aumentar en 2016. En 2017 foi do 1,2% e en 2018 do 1%. Para España, a evolución foi, en liñas xerais, a mesma, aínda que superior en dous décimas no 2018 respecto de Galicia.

Cadro 1.39

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2006-2018

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0
España	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0	1,6	1,1	1,2

(1) De decembro a decembro.

Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente, que é aquela que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados, rematou en 2018 en Galicia no 0,8% fronte ao 0,9% da media estatal.

Cadro 1.40

Inflación subxacente. Galicia/España. 2009-2018

IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	0,2	1,4	1,6	2,2	0,3	-0,1	1,0	0,9	0,8	0,8
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0,0	0,9	1,0	0,8	0,9

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.41 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación entre 2009 e 2018 en Galicia. Obsérvase nel que en 2018:

- Diminuíron os prezos en dous grupos de gasto: transporte (-0,4%) e ocio e cultura (-0,6%).
- As maiores subas rexistráronse en vivenda (2,4%), comunicacións (2,2%), hoteis, cafés e restaurantes (2,0%) e bebidas alcohólicas e tabaco (1,6%), debido ao aumento da facturación e cifra de negocios do sector servizos.

Cadro 1.41

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2009-2018

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	-2,0	0,5	2,7	2,5	1,5	0,1	1,4	1,0	1,4	1,4
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	11,3	13,9	3,7	5,8	5,0	-0,4	1,2	0,9	1,8	1,6
3. Vestido e calzado	-0,9	0,5	0,3	0,3	0,1	0,4	0,5	0,8	0,4	0,9
4. Vivenda	0,8	7,3	7,0	6,4	0,4	-0,9	-3,2	0,8	1,7	2,4
5. Enxoval	1,0	0,7	1,6	1,2	0,5	-1,3	0,6	-0,5	-0,1	0,3
6. Sanidade	-0,7	-0,1	-2,3	11,1	1,6	-0,2	0,2	1,4	0,3	1,1
7. Transporte	4,1	9,1	4,6	2,1	1,1	-4,2	-2,8	4,7	2,4	-0,4
8. Comunicacións	-0,3	-0,7	-1,6	-2,8	-6,6	-5,7	0,4	3,3	0,2	2,2
9. Ocio e cultura	-0,6	-0,9	0,6	0,7	-0,7	-1,8	0,1	0,2	-0,6	-0,6
10. Ensino	2,6	2,1	3,2	4,0	1,6	1,0	0,6	1,6	1,0	1,3
11. Hoteis, cafés e restaurantes	1,8	2,1	1,6	1,4	0,5	0,5	0,9	1,3	2,1	2,0
12. Outros	1,9	2,5	2,0	3,6	-0,1	0,7	1,4	1,6	0,0	0,8
VARIACIÓN XERAL DO IPC	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

1.7. Comercio exterior

Cando se analiza o comercio exterior galego, podemos referirnos a tres realidades económicas diferentes: i) ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (total do comercio exterior galego); ii) tan só a unha parte dese total do comercio exterior galego: ás compravendas de Galicia co estranxeiro (ou o que é o

mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español). Esta adoita ser a máis usada na literatura económica tradicional, pero cremos que a súa denominación pode resultar confusa; por iso, chamáremoslle comercio internacional de Galicia; e iii) á outra parte do total do comercio exterior galego: as transaccións de Galicia coas outras CC.AA.; chamáremoslle comercio galego intraestatal.

1.7.1. Comercio internacional galego

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2017 os 21.676 millóns de euros, mentres que as importacións foron de 17.140 millóns de euros. A diferenza foi de 4.535 millóns de euros (cadro 1.42).

Cadro 1.42

Comercio exterior de Galicia (e distribución provincial). Indicadores básicos. 2017

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns €	Iprov ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Cprov a TVA ⁽³⁾	Millóns €	Iprov ⁽¹⁾	TVA (2)	Cprov a TVA ⁽³⁾	Millóns €	%
A Coruña	11.009,64	50,79	17,02	7,99	6.897,87	40,24	15,48	5,93	4.111,77	159,61
Lugo	679,58	3,14	-6,55	-0,24	625,85	3,65	-16,42	-0,79	53,73	108,59
Ourense	815,58	3,76	3,46	0,14	554,45	3,23	11,64	0,37	261,13	147,10
Pontevedra	9.171,46	42,31	0,62	0,28	9.062,66	52,87	8,32	4,47	108,81	101,20
Galicia	21.676,26	100,00	8,17	8,17	17.140,82	100,00	9,98	9,98	4.535,44	126,46

(1) Iprov: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe).

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe.

(3) Cprov a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.

Fo nte: Ministerio de Economía e Competitividad, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

Consecuentemente co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou moi por riba do valor 100 (equilibrio da balanza comercial). En 2017 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 126,5% ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro cubriu o importe das importacións e acadou ademais un 26,5% de marxe.

A desagregación provincial nas exportacións permite sinalar que:

- A provincia de Pontevedra (42,3% do total galego) e a da Coruña (50,8%) volveron a ser en 2017 os sólidos piares das nosas exportacións.
- O importe conxunto das compras do estranxeiro destas dúas provincias acadou en 2017 un 93,1% do total galego).

A desagregación provincial das importacións de Galicia procedente do estranxeiro permite indicar que:

- A provincia de Pontevedra ocupou en 2017 o primeiro posto (52,9%); seguíulle A Coruña, cun 40,2%.
- O importe conxunto das compras a outros Estados destas dúas provincias representou en 2017 un 93,1% do global galego.

Igual que se salientaba en informes previos, as nosas vendas ao estranxeiro concéntranse especialmente en tres grupos arancelarios: material de transporte; materias téxtiles-confección; e animais, peixes e moluscos, leite e ovos; entre os tres suman máis da metade do valor das exportacións de Galicia ao estranxeiro.

No que atinxe ás importacións, os grupos arancelarios máis importantes cuantitativamente foron o de minerais e combustibles minerais; material de transporte; e materias téxtiles e confección; entre os tres concentran algo máis da metade do valor das importacións galegas do estranxeiro. No cadro 1.43 preséntanse os indicadores básicos de comercio exterior para 2017 por CC.AA.

Cadro 1.43

Comercio exterior de España. Por comunidades autónomas. Indicadores básicos. 2017

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.	EXP+IMP
	Valor (mil. euros)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CCom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. euros)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CCom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. euros)	%	Valor (mil. euros)
España	277.125,74	100,00	8,88	8,88	301.870,07	100,00	10,46	10,46	-24.744,33	91,80	578.995,81
Cataluña	70.828,72	25,56	8,73	2,23	84.321,66	27,93	8,35	2,38	-13.492,94	84,00	155.150,39
Madrid	30.510,26	11,01	7,75	0,86	60.884,58	20,17	5,58	1,18	-30.374,33	50,11	91.394,84
Andalucía	30.913,33	11,15	20,53	2,07	29.196,65	9,67	20,64	1,83	1.716,68	105,88	60.109,98
C. Valenciana	29.370,98	10,60	2,41	0,27	26.027,72	8,62	9,00	0,79	3.343,26	112,85	55.398,70
País Vasco	23.860,37	8,61	10,49	0,89	18.640,83	6,18	20,55	1,16	5.219,54	128,00	42.501,20
Galicia	21.676,26	7,82	8,17	0,64	17.140,82	5,68	9,98	0,57	4.535,44	126,46	38.817,08
Castela e León	15.597,58	5,63	-3,91	-0,25	13.397,60	4,44	5,66	0,26	2.199,98	116,42	28.995,18
Aragón	12.019,84	4,34	10,62	0,45	10.874,79	3,60	4,63	0,18	1.145,05	110,53	22.894,63
Murcia	10.456,74	3,77	16,00	0,57	9.667,56	3,20	21,47	0,63	789,18	108,16	20.124,30
Castela-A Mancha	7.056,06	2,55	9,29	0,24	8.432,22	2,79	11,04	0,31	-1.376,16	83,68	15.488,28
Navarra	8.073,72	2,91	-3,17	-0,10	4.432,78	1,47	-2,07	-0,03	3.640,93	182,14	12.506,50
Asturias	4.175,62	1,51	19,40	0,27	4.145,01	1,37	32,05	0,37	30,61	100,74	8.320,63
Canarias	2.533,51	0,91	26,61	0,21	4.301,05	1,42	27,04	0,34	-1.767,53	58,90	6.834,56
Non determinado	2.042,35	0,74	15,93	0,11	3.569,39	1,18	26,20	0,27	-1.527,04	57,22	5.611,75
Cantabria	2.319,22	0,84	-0,97	-0,01	1.951,85	0,65	7,86	0,05	367,37	118,82	4.271,07
Baleares	1.853,59	0,67	59,01	0,27	1.775,55	0,59	25,26	0,13	78,04	104,40	3.629,14
A Ríoxa	1.848,18	0,67	8,43	0,06	1.361,17	0,45	8,70	0,04	487,01	135,78	3.209,36
Extremadura	1.918,96	0,69	14,13	0,09	1.205,62	0,40	12,53	0,05	713,34	159,17	3.124,58
Ceuta	20,77	0,01	571,80	0,01	305,12	0,10	-2,96	0,00	-284,36	6,81	325,89
Melilla	49,67	0,02	2,19	0,00	238,09	0,08	-18,53	-0,02	-188,42	20,86	287,76

(1) Icom: incidencia autonómica na exportación/importación de España (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe.

(3) CCom a TVA de España: contribución autonómica á taxa de variación interanual rexistrada por España.

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividad, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas

Desafortunadamente, non contamos con estatísticas oficiais sobre comercio interrexional en España. O que si temos é a estimación global das exportacións de bens e servizos de Galicia, incluíndo ao resto de España. Os datos para o período 2015-2018 aparecen recollidos no cadro 1.44. Galicia acada un superávit crecente dende o ano 2015. Dende os 675 millóns de euros neste ano ata 2.266 en 2018.

Cadro 1.44**Exportacións e importacións de bens e servizos en Galicia. 2015-2018**

	2015	2016	2017	2018
Exportacións	29.638	30.274	32.153	33.879
Importacións	28.963	28.560	29.733	31.613
Saldo neto	675	1.714	2.420	2.266

Nota: Os datos do ano 2016 son provisionais. Os datos dos anos 2017 e 2018 son avance.

Datos en millóns de euros.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

**Estructura empresarial e
política industrial**

2

María Bastida Domínguez

Santiago Lago Peñas

Alberto Vaquero García

Capítulo 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

2.1. Introducción

O primeiro capítulo analiza o contexto macroeconómico galego. Este adopta un enfoque microeconómico, para centrarse na análise estrutural e conxuntural do tecido produtivo de Galicia e no desenvolvemento das políticas industriais que propoñen as diferentes Administracións públicas.

Para iso, analízase en primeiro lugar a evolución das empresas galegas, sobre a base dos datos que contén o Directorio Central de Empresas (DIRCE) do Instituto Nacional de Estatística (INE) completados nalgún caso co s datos proporcionados polas bases do Instituto Galego de Estatística (IGE). Isto permite obter unha radiografía da xeografía empresarial galega, sobre a base comparativa de distintos ámbitos poboacionais (provincial, autonómico e estatal). Neste contexto, estúdase o tamaño das empresas, a súa distribución provincial, evolución, clasificación ou o número de persoas que empregan. A continuación, o foco ponse na análise cunha perspectiva societaria, analizando os datos incluídos no Rexistro Mercantil e completándoos cunha revisión da estrutura do capital social subscrito e ampliado polas sociedades mercantís.

Feito o anterior estudo, procédese coa análise sectorial a través da enquisas estruturais do INE, correspondentes a tres sectores básicos de actividade económica (industrial, comercial e de servizos). Ao fío destas enquisas, complétase a información co estudo conxuntural que permite o índice da cifra de negocios na industria e o índice de produción industrial. Todos estes datos analízanse sobre a base da comparanza da evolución e resultados de Galicia co resto das comunidades autónomas (CC.AA), co obxectivo de estimar o potencial sectorial de Galicia no conxunto do Estado.

En derradeiro lugar, analízase a evolución dos resultados estatísticos e os indicadores das enquisas de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), de innovación tecnolóxica e alta tecnoloxía.

2.2. Estructura e dinámica empresarial galega

Este epígrafe comeza cunha análise estática e dinámica da estrutura empresarial de Galicia, estudando a evolución das empresas galegas atendendo a diferentes parámetros de clasificación como os sectores de actividade, o número de persoas asalariadas en cada unha ou a condición xurídica baixo a cal son constituídas as sociedades. Para iso utilízase a información subministrada polo DIRCE. Esta información combina, na elaboración das estatísticas de empresas, os datos da Seguridade Social cos procedentes das retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), o imposto de actividades económicas (IAE) e os do Rexistro

Mercantil, someténdoo a unha serie de tratamentos de depuración, harmonización e integración co obxecto de obter maior fiabilidade. Os datos refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano e non inclúen as empresas dos sectores agrario e pesqueiro nin os servizos administrativos das Administracións públicas; aínda que si as empresas públicas.

Debe salientarse que o DIRCE analiza dúas entidades diferentes, a empresa e a unidade local. A primeira fai referencia á unidade organizativa de produción de bens e servizos que exerce actividade nun ou varios lugares; mentres a segunda correspóndese cunha empresa (ou parte dela) situada nunha localización xeográfica concreta onde se exercen actividades económicas.

Comezamos ollando cara ao número de empresas activas que figuran no DIRCE a 1 de xaneiro de 2018 por CC.AA. e no conxunto do Estado, clasificadas en función do sector económico. Segundo estes datos, a 1 de xaneiro de 2018 en España rexistrábanse 3.337.646 empresas, 55.300 máis que as que figuraban como activas a 1 de xaneiro de 2017, o que supón un incremento do 1,76%. A participación relativa das empresas de cada sector no conxunto total de empresas apenas varía en relación co ano anterior, predominando claramente o sector servizos (81,45%) sobre as empresas do sector da construción (2,41%) e industrial (6,19%). Este último sector é, precisamente, o que amosa un comportamento máis dinámico no ano 2018, cun incremento do número de empresas rexistradas próximo ao 4%. Esta suba mellora o aumento rexistrado nas empresas do sector da construción (2,38%) e dos servizos (2,25%). Pola súa banda, as empresas do sector comercio rexistran unha leve contracción (-0,75%).

Cadro 2.1a

Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2018

	Total	Industria	Construcción	Comercio	Resto de servizos
A Ríoxa	23.197	2.389	2.868	5.277	12.663
Andalucía	509.137	29.225	54.700	134.444	290.768
Aragón	91.493	6.893	12.228	19.072	53.300
Asturias	68.688	3.652	8.344	14.844	41.848
Baleares	96.638	4.877	16.502	16.442	58.817
C. Valenciana	356.480	25.510	43.427	85.417	202.126
Canarias	146.126	5.687	15.938	33.196	91.305
Cantabria	38.522	2.080	5.484	8.105	22.853
Castela- A Mancha	127.643	12.310	19.141	32.710	63.482
Castela e León	161.986	11.976	23.627	38.059	88.324
Cataluña	618.366	37.605	74.420	126.161	380.180
Ceuta e Melilla	8.583	181	667	3.750	3.985
Estremadura	66.879	5.049	8.611	19.072	34.147
Galicia	200.801	12.970	29.686	48.081	110.064
Madrid	538.917	23.519	58.926	95.751	360.721
Murcia	95.544	7.387	12.691	25.415	50.051
Navarra	44.289	3.985	6.090	9.619	24.595
País Vasco	144.357	11.416	19.173	32.459	81.309
España	3.337.646	206.711	412.523	747.874	1.970.538

Fonte: INE, DIRCE.

Como vén acontecendo nos últimos anos, Cataluña (18,53%), Madrid (16,15%), Andalucía (15,25%) e a Comunidade Valenciana (10,68%) son as comunidades autónomas que rexistran un maior número de empresas, achegando no seu conxunto o 60,61% do total de empresas rexistradas en España. No ano 2017 esta aportación era do 60,53%, o que supón un lixeiro incremento na participación global desas comunidades do 0,08%. Galicia, con 200.801 empresas rexistradas en 2018, mantense na quinta posición cunha aportación do 6,02% ao total de empresas do Estado. Destas empresas, as localizadas no sector industrial supoñen un 6,46%, o 14,78% atópanse no sector da construción e os servizos (en conxunto) aglutinan o 78,76%. Tendo en conta os datos antes comentados da distribución de empresas no total do Estado, as empresas industriais e de construción en Galicia están por riba da media estatal, a costa da menor participación relativa das empresas de servizos (case tres puntos porcentuais menos que a media do Estado).


No ano 2018, o número de empresas creceu en todas as CC.AA., particularmente no relacionado coas empresas industriais. Pola contra, as do sector comercio diminuíron, con excepción do País Vasco (1,56% máis), Canarias (1,04%) e Murcia (0,04%). En

Galicia rexístrase un descenso do 1,03% das empresas neste sector, ao tempo que aumentan no resto dos sectores. En particular, a diferenza de períodos anteriores, rexístrase unha mellora do 3,56% das empresas do sector industrial, no marco de comportamento do conxunto do Estado. En cómputo global, o 3,40% das 55.300 novas empresas rexistradas en 2018 atópanse na comunidade galega. A porcentaxe de representación sectorial é superior nas empresas industriais e de “resto de servizos” (5,64% e 4,13% das novas empresas de cada sector, respectivamente), e inferior nas empresas de construción (1,43%). O 8,85% da redución de empresas rexistrada no sector comercial prodúcese en Galicia.

O gráfico 2.1 amosa as variacións relativas no número de empresas no período 2017-2018 por CC.AA., onde Baleares, Canarias e o País Vasco figuran á cabeza.

Gráfico 2.1

Variación relativa do número de empresas rexistradas por CC.AA. 2017-2018




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O incremento producido en Galicia (0,94%) non chega á media do Estado (3%), o que deixa a nosa comunidade como a oitava de menor crecemento no que se refire a esta variable. Isto supón una lixeira mellora relativa en relación co ano precedente, no que Galicia era a sétima comunidade con menor crecemento no número de sociedades activas de nova creación.

A análise da taxa de variación anual do número de empresas activas (gráfico 2.2) reflicte unha tendencia de comportamento similar en Galicia e España, no sentido de que os

ciclos de crecemento e decrecemento oscilan na mesma dirección en ambos contextos. Así, a variación do número de empresas mantense en valores positivos ata o ano 2008, cando torna por debaixo do 0%. Esta tendencia negativa persiste ata 2014, ano no que a taxa de variación anual pasa a ter valores positivos. Como se observa na gráfica, o ritmo de crecemento é notable entre 2014 e 2015 (2,17% e 2,01% en España e Galicia, respectivamente), e ralentízase lixeiramente entre ese ano e 2017. Non obstante, volve a aumentar en 2018, para situarse en torno ao 1,7% en España e preto dun 1% en Galicia. Pódese comprobar tamén que Galicia presenta un dinamismo lixeiramente inferior á media estatal. Así, dende o ano 2015 a fenda entre as taxas de variación anual do número de empresas vaise ensanchando. No pasado 2018 este valor era de 0,74 puntos porcentuais (0,03 máis que o ano precedente).

Gráfico 2.2



Elaboración propia con datos do INE.

O cadro 2.1b permite completar a información anterior, incluíndo ademais das empresas as unidades locais e as organizacións do sector primario. En concordancia co anteriormente comentado, e a pesar de que o ritmo de creación de empresas se mantén en valores positivos, perde certo dinamismo no ano 2017. En concreto, hai unha leve desaceleración en todos os sectores con excepción do industrial. Neste período, o rol motor que tradicionalmente desenvolvía o sector comercial pasa a situarse no industrial, que é o único que mantén o pulo crecente no último período dispoñible.

Cadro 2.1b

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009)

	Nº empresas			Nº empresas	
	2015	2016	2017	2015-2016	2016-2017
1 Agricultura e pesca	43.193	42.195	40.616	-2,31%	-3,74%
2 Industria, incluída a enerxía	14.844	14.749	14.766	-0,64%	0,12%
3 Construción	31.821	31.854	31.609	0,10%	-0,77%
4 Servizos	155.559	157.492	158.667	1,24%	0,75%
Total	245.417	246.290	245.658	0,36%	-0,26%

Fonte: IGE, eExplotación do directorio de empresas e unidades locais.

O cadro 2.2 permite ver a evolución do peso relativo das empresas de cada sector, tanto en Galicia coma en España, dende o ano 2007 ata a actualidade. O forte crecemento rexistrado polas empresas do sector industrial no 2018 fai que este sector aumente relativamente o seu protagonismo no tecido empresarial, como tamén ocorre (con menor intensidade) coas empresas do sector “resto de servizos”, que continúa a ser o de maior peso na estrutura de poboación empresarial tanto na comunidade galega coma no conxunto do Estado. Non obstante, a participación deste sector no conxunto de empresas de Galicia é catro puntos inferior que a media estatal. En ambos os dous casos, o sector servizos, en cómputo global, achega preto do 80% das empresas.

Cadro 2.2

Distribución das empresas. Por sectores económicos⁽¹⁾. Galicia/ España. 2007-2018

Sector	2007		2008		2009		2010		2011		2012	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	7,6	7,3	7,5	7,2	7,5	7,3	7,2	7,0	7,0	6,8	6,9	6,7
Construción	14,9	14,6	15,0	14,6	14,3	13,2	17,1	15,5	16,6	15,0	16,3	14,5
Comercio	29,0	25,3	27,3	24,6	27,2	24,8	26,4	24,2	26,0	24,1	25,9	24,2
Resto de servizos	49,5	52,7	50,2	53,5	51,0	54,8	49,3	53,3	50,4	54,2	50,9	54,6
Sector	2013		2014		2015		2016		2017		2018	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	6,8	6,6	6,6	6,4	6,4	6,2	6,2	6,0	6,3	6,1	6,5	6,2
Construción	15,6	13,5	15,4	13,1	15,2	12,7	15,1	12,6	14,9	12,3	14,8	12,4
Comercio	26,0	24,3	25,8	24,6	25,4	24,0	24,8	23,4	24,4	23,0	23,9	22,4
Resto de servizos	51,7	55,6	52,2	56,2	52,9	57,1	53,8	58,0	54,4	58,7	54,8	59,0


(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Na liña do anteriormente comentado, o gráfico 2.3 reflicte que a participación relativa das empresas de cada sector non mudou apenas dende o ano 2007. Así mesmo, ponse en evidencia un incremento paulatino das empresas do sector servizos, mentres o comercio perde pulo e as empresas industriais e de construción debuxan un marco de comportamento máis estable.

Gráfico 2.3


Peso relativo das empresas nos sectores económicos. Galicia. 2007-2018



Elaboración propia con datos do INE.

Precisamente, esta estabilidade no sector da construción marca un comportamento diferencial de Galicia con España (gráfico 2.4). Cando se sitúa o foco da análise na evolución dende o ano 2007, salienta o incremento relativo experimentado polas empresas do sector servizos (5,3 puntos en Galicia e 6,3 en contexto estatal), que é compensado polas perdas nos outros sectores empresariais. Con todo, a diminución relativa de empresas de comercio galegas é superior á experimentada na media xeral (5 puntos fronte a 2,9), mentres que a perda de empresas construtoras en España (2,3) é notablemente superior á producida no contexto galego (0,1). A variación experimentada no sector industrial é exactamente a mesma, de -1,1 puntos porcentuais.

Gráfico 2.4



A análise do papel relativo que teñen as empresas galegas no marco estatal, e a súa evolución temporal, preséntase no cadro 2.3a. Esta participación mantense bastante estable en torno ao 6%. A evolución en 2018 confirma a lixeira perda de representación iniciada no 2015.

Cadro 2.3a

Evolución do número total de empresas. Galicia/España. 2003-2018

Año	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Galicia	174.077	180.977	185.722	191.642	200.020	203.374	201.263	198.874
España	2.813.159	2.942.583	3.064.129	3.174.393	3.336.657	3.422.239	3.355.830	3.291.263
%	6,19	6,15	6,06	6,04	5,99	5,94	6,00	6,04
Año	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	196.535	194.511	192.998	191.745	195.595	197.538	198.923	200.801
España	3.250.576	3.199.617	3.146.570	3.119.310	3.186.878	3.236.582	3.282.346	3.337.646
%	6,05	6,08	6,13	6,15	6,14	6,10	6,06	6,02

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Pese a esta tendencia, unha análise complementaria centrada na evolución da taxa de crecemento anual do número de empresas (cadro 2.3b) permite comprobar que esta perda de participación non se debe tanto á ralentización da creación de empresas na comunidade galega, coma á maior expansión na media estatal. Así, no período que vai de 2002 a 2018, o ritmo de evolución do número de empresas en valores medios en Galicia é unha décima inferior ao de España (1,21% e 1,31%, respectivamente). A crise

implicou unha contracción superior en España (1,60% anual fronte ao 1,04% en Galicia), mentres que na etapa de recuperación a creación de empresas avanza tamén no conxunto do Estado a un ritmo lixeiramente superior; concretamente medio punto porcentual.

Cadro 2.3b

TCA do número total de empresas

	2002-2009	2009-2013	2013-2018	2002-2018
Galicia	2,81	-1,04	0,80	1,21
España	3,10	-1,60	1,19	1,31

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O cadro 2.4a amplía o marco temporal e xeográfico de observación presentando a evolución das empresas en Galicia e máis no Estado dende 1995 e engadindo a distribución das empresas por provincias. A representación das empresas galegas no total estatal de empresas que figuran no DIRCE oscila entre un máximo do 6,4% (anos 1995, 1998 e 2000) e o mínimo do 5,94% do ano 2008. A partir deste ano hai unha leve recuperación, para volver a descender dende 2014 ata o actual 6,02%.

Con todo, en 2018 Galicia rexistra 53.411 empresas máis que en 1995, o que supón un crecemento do número de empresas do 36,24%. Esta cifra, non obstante, deixa a Galicia moi por debaixo do incremento medio de empresas rexistrado en España nese mesmo período (45,02%). Neste contexto, Pontevedra é a provincia que presenta maior dinamismo, cun crecemento medio (47,80%) no período 1995-2018 dous puntos superior á media estatal e preto de doce puntos superior á galega. A Coruña experimenta un cambio próximo á media galega (35,15%), mentres que Lugo e Ourense, cun aumento respectivo do 25,83% e 22,04% das súas empresas, quedan bastante afastadas da media. Como consecuencia desta relativa desaceleración, A Coruña e Pontevedra gañan representación de forma progresiva no conxunto de empresas de Galicia. En concreto, se no ano 1995 as provincias atlánticas achegaban o 73,70% das empresas galegas, en 2018 pasan a aglutinar o 76,07%.

Cadro 2.4a

Distribución das empresas por provincias. Galicia/España. 1995-2018

	Nº empresas						Peso relativo provincias/Galicia				Peso relativo
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia/España
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	41,83	13,35	12,95	31,87	6,40%
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	41,88	13,28	12,97	31,87	6,39%
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	41,88	13,25	12,95	31,92	6,36%
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	41,82	13,21	12,85	32,13	6,41%
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	40,22	13,54	13,12	33,12	6,23%
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	41,78	13,14	12,62	32,46	6,40%
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	41,75	13,04	12,60	32,62	6,34%
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	39,99	13,24	12,80	33,97	6,11%
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	41,22	12,87	12,39	33,53	6,19%
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	41,34	12,42	12,22	34,02	6,15%
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	41,47	12,45	12,09	33,99	6,06%
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	41,31	12,41	11,92	34,36	6,04%
2007	82.873	24.609	23.520	69.018	200.020	3.336.657	41,43	12,30	11,76	34,51	5,99%
2008	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	41,41	12,31	11,66	34,62	5,94%
2009	83.748	24.861	23.304	69.350	201.263	3.355.830	41,61	12,35	11,58	34,46	6,00%
2010	82.729	24.714	23.100	68.331	198.874	3.291.263	41,60	12,43	11,62	34,36	6,04%
2011	81.321	24.499	22.987	67.728	196.535	3.250.576	41,38	12,47	11,70	34,46	6,05%
2012	80.408	24.288	22.845	66.970	194.511	3.199.617	41,34	12,49	11,74	34,43	6,08%
2013	80.215	24.022	22.694	66.067	192.998	3.146.570	41,56	12,45	11,76	34,23	6,13%
2014	79.854	23.703	22.663	65.525	191.745	3.119.310	41,65	12,36	11,82	34,17	6,15%
2015	81.432	24.087	22.991	67.085	195.595	3.186.878	41,63	12,31	11,75	34,30	6,14%
2016	82.156	24.353	23.061	67.968	197.538	3.236.582	41,59	12,33	11,67	34,41	6,10%
2017	82.403	24.549	23.140	68.831	198.923	3.282.346	41,42	12,34	11,63	34,60	6,06%
2018	83.313	24.760	23.291	69.437	200.801	3.337.646	41,49	12,33	11,60	34,58	6,02%

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O cadro 2.4b ofrece unha visión máis próxima do acaecido coas empresas das diferentes provincias galegas no período de maior incidencia da crise económica e a etapa posterior. Entre 2009 e 2014, a evolución do número de empresas pasa a ser negativa en todas as provincias, na liña do acontecido en media galega e estatal.

Cadro 2.4b

Evolución interanual nº empresas. 2007-2018

Ano	Variación anual nº empresas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2008	1,63	1,73	0,81	2,01	1,68	2,56
2009	-0,56	-0,70	-1,72	-1,50	-1,04	-1,94
2010	-1,22	-0,59	-0,88	-1,47	-1,19	-1,92
2011	-1,70	-0,87	-0,49	-0,88	-1,18	-1,24
2012	-1,12	-0,86	-0,62	-1,12	-1,03	-1,57
2013	-0,24	-1,10	-0,66	-1,35	-0,78	-1,66
2014	-0,45	-1,33	-0,14	-0,82	-0,65	-0,87
2015	1,98	1,62	1,45	2,38	2,01	2,17
2016	0,89	1,10	0,30	1,32	0,99	1,56
2017	0,30	0,80	0,34	1,27	0,70	1,41
2018	1,10	0,86	0,65	0,88	0,94	1,68

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)


En cómputo global, a comunidade galega ve reducidas as súas empresas nun 4,14%, dous puntos máis que a media do Estado (6,51%). A partir de 2014 comeza a

recuperarse a creación de empresas, aínda que de xeito máis feble en Galicia: 4,72% fronte ao 7% de media estatal. A nivel provincial, Pontevedra e A Coruña recollen as maiores contraccións: case 8 de cada dez das 8.275 empresas que se reducen en Galicia entre 2007 e 2014 (un 78,69%) estaba localizada nestas provincias. Na etapa posterior a 2014 ambas provincias collen pulo: o 81,39% das empresas creadas en Galicia neste período están nestas provincias.

A comparación entre o número de empresas rexistradas en 2007 e 2018 permite comprobar que o saldo neto é positivo en Galicia (0,39% máis), superando a media de recuperación no conxunto no Estado (0,03%). A escala provincial, Pontevedra é a provincia que rexistra un mellor comportamento, con 419 empresas máis que en 2007 (0,61%). A continuación atópase a provincia de Lugo (151 empresas, 0,61% de incremento na década) e A Coruña (440 empresas máis, 0,53%). Non obstante, Ourense amosa un saldo negativo, con 229 empresas menos en 2018 que en 2014 (gráfico 2.5). Dos datos anteriores pode inferirse que A Coruña e Pontevedra reafirman o seu protagonismo no tecido de empresas galegas na década, posto que a súa participación na etapa de creación de empresas nestas provincias foi superior ao que tiveron na redución producida na primeira etapa considerada (2007-2014).

Gráfico 2.5

Número de empresas por provincias. 2007-2018




Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O gráfico 2.6 representa a participación do número de empresas de cada provincia no total de empresas de Galicia: En todo o período de análise (1995-2018) as provincias atlánticas concentran a maior presenza das empresas galegas, cun 75% en conxunto.

Gráfico 2.6

% provincial no total de empresas en Galicia. 1995-2018



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A análise dos datos rexistrados no IGE sobre as empresas con actividade económica en Galicia (cadro 2.4c) no período 2014-2017 permite obter unha visión complementaria da evolución recente nas catro provincias galegas. O sector servizos é o que presenta un maior crecemento no número de empresas rexistradas (3,83%), presentando valores positivos en todas as provincias. No outro extremo, o sector primario presenta un notable decrecemento, perdendo máis de 3500 empresas nos últimos tres anos. Como se pode comprobar no cadro, este decrecemento é común ás catro provincias. O crecemento das empresas industriais na provincia de Pontevedra (79) non chega para compensar a perda de empresas no resto das provincias, polo que a taxa de variación global tamén é negativa. No sector da construción altéranse os resultados crecentes de Lugo e Pontevedra cos decrecentes da Coruña e Ourense, sendo superiores os primeiros. As empresas do sector primario recollen valores negativos nos dous anos e para todas as provincias, así como as do sector industrial, con excepción da provincia de Pontevedra.

Estes datos permiten confirmar algunha das cuestións previamente apuntadas. Primeiro, a tendencia a polarización das provincias: A Coruña e Pontevedra presentan un saldo neto positivo, fronte aos valores decrecentes de Ourense e Lugo. Segundo, Pontevedra é a provincia con maior dinamismo. De feito, é a que rexistra unha menor redución de empresas nos últimos catro anos, todas elas no sector primario. Terceiro, o sector servizos é o que rexistra mellores datos en todas as provincias, aínda que nin en Ourense nin en Lugo permite absorber a destrución producida no resto dos sectores produtivos.

Cadro 2.4c

Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009). 2014-2017

	A Coruña						Lugo					
	2014	2015	2016	2017	ABS	REL	2014	2015	2016	2017	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS												
Total	100.168	100.761	101.083	100.667	499	0,50%	37.597	37.551	37.337	36.904	-693	-1,84%
Agricultura e pesca	16.759	16.274	15.934	15.382	-1.377	-8,22%	12.835	12.508	12.070	11.493	-1.342	-10,46%
Industria, incluída a enerxía	5.865	5.792	5.717	5.700	-165	-2,81%	1.910	1.903	1.873	1.878	-32	-1,68%
Construción	12.994	13.104	13.162	12.947	-47	-0,36%	4.095	4.129	4.124	4.141	46	1,12%
Servizos	64.550	65.591	66.270	66.638	2.088	3,23%	18.757	19.011	19.270	19.392	635	3,39%
	Ourense						Pontevedra					
	2014	2015	2016	2017	ABS	REL	2014	2015	2016	2017	ABS	REL
TOTAL EMPRESAS												
Total	27.009	27.205	27.106	26.996	-13	-0,05%	78.638	79.900	80.764	81.091	2.453	3,12%
Agricultura e pesca	3.666	3.556	3.424	3.254	-412	-11,24%	10.919	10.855	10.767	10.487	-432	-3,96%
Industria, incluída a enerxía	2.150	2.131	2.109	2.112	-38	-1,77%	4.997	5.018	5.050	5.076	79	1,58%
Construción	4.293	4.256	4.243	4.226	-67	-1,56%	10.122	10.332	10.325	10.295	173	1,71%
Servizos	16.900	17.262	17.330	17.404	504	2,98%	52.600	53.695	54.622	55.233	2.633	5,01%
	Galicia											
	2014	2015	2016	2017	ABS	REL						
VARIACIÓN 2014-2017												
Total	243.412	245.417	246.290	245.658	2.246	0,92%						
Agricultura e pesca	44.179	43.193	42.195	40.616	-3.563	-8,06%						
Industria, incluída a enerxía	14.922	14.844	14.749	14.766	-156	-1,05%						
Construción	31.504	31.821	31.854	31.609	105	0,33%						
Servizos	152.807	155.559	157.492	158.667	5.860	3,83%						

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Finalmente, os datos tamén permiten constatar a relativa ralentización producida a partir do ano 2014.

Cadro 2.4d

Evolución nº empresas por provincia. 2014/2017

	Nº EMPRESAS				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2014	100.168	37.597	27.009	78.638	243.412
2015	100.761	37.551	27.205	79.900	245.417
2016	101.083	37.337	27.106	80.764	246.290
2017	100.667	36.904	26.996	81.091	245.658
	Variación absoluta				
14-15	593	-46	196	1262	2005
16-15	322	-214	-99	864	873
17-16	-416	-433	-110	327	-632
	Variación relativa				
14-15	0,59%	-0,12%	0,73%	1,60%	0,82%
16-15	0,32%	-0,57%	-0,36%	1,08%	0,36%
17-16	-0,41%	-1,16%	-0,41%	0,40%	-0,26%

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.


A partir dos datos do DIRCE, a análise da evolución interanual do número de empresas por provincia confirma o maior dinamismo da provincia de Pontevedra na análise conxunta. Con todo, o pulo experimentado pola Coruña no ano 2018 permite que esta provincia supere ao resto nese período, cunha variación do 1,10% no número de empresas rexistradas na provincia. Neste pasado ano, a provincia coruñesa presenta un crecemento de empresas superior á media galega (0,94%). A continuación figura

Pontevedra, que vai desacelerando dende o ano 2015 en maior proporción que o resto das provincias. En último lugar atópase Ourense, aínda que cunha lixeira recuperación no último período analizado (ata o 0,65%).

Da análise xeral dende o ano 1995 conclúese que as empresas da provincia de Pontevedra veñen aumentando a unha media do 1,71% anual, por riba do resultados para Galicia (1,36%) e o Estado (1,63%). A continuación, A Coruña iguala practicamente a media da comunidade galega (1,32% en media anual), mentres que Lugo (1,00%) e Ourense (0,87%) quedan afastados deste valor medio. O gráfico 2.7 permite observar o crecemento relativo anual do número de empresas no período 2005-2018 en cada provincia. Obsérvase unha caída importante entre 2009 e 2014 en todos os casos, con taxas de variación interanual negativas. A partir dese ano rexístranse valores positivos, pero con tendencia decrecente a partir de 2015. Na gráfica tamén se observa a mellora relativa da provincia da Coruña no último ano, así como unha recuperación de menor intensidade en Ourense.

Gráfico 2.7

Taxa de crecemento Interanual do nº de empresas por provincia. 2008-2018



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O cadro 2.5 reflicte a evolución do número de empresas inscritas no Rexistro Mercantil en Galicia e en España dende o ano 2015. Nese contexto, das 200.801 unidades produtivas rexistradas en 2018 –e con independencia da data en que comezan a súa actividade comercial- 114.001 están constituídas como persoa física (56,77%), unha proporción similar á do ano precedente (56,95%). A continuación, figuran as sociedades inscritas como persoa xurídica (86.800, 43,23% do total de empresas rexistradas), onde destacan con claridade as de responsabilidade limitada (66.288), que supoñen preto dun 76,37% das persoas xurídicas totais e un 33,01% do total de unidades produtivas rexistradas no pasado ano. Como se pode comprobar no cadro 2.5, esta radiografía coincide coa correspondente ao conxunto estatal, onde tamén predominan as entidades constituídas como persoa física (53,51% en 2018, tres

puntos inferior á media galega) e as sociedades de responsabilidade limitada como forma xurídica de preferencia (76,14% do total de persoas xurídicas rexistradas e 35,39% do total de empresas).

Cadro 2.5

		Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España. 2015-2018										
		Total empresas	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Sociedades					Comunidades de bens	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos
					Anónimas	Respons. limitada	Colectivas	Comanditarias	Cooperativas			
ESPAÑA	2015	3.186.878	1.626.938	1.559.940	89.392	1.146.131	203	85	20.719	116.045	178.588	8.777
	2016	3.236.582	1.681.838	1.554.744	85.430	1.152.813	179	83	20.571	115.823	171.019	8.826
	2017	3.282.346	1.747.159	1.535.187	81.954	1.162.254	166	83	20.656	115.377	145.834	8.863
	2018	3.337.646	1.786.037	1.551.609	78.866	1.181.391	155	81	20.707	116.119	145.405	8.885
GALICIA	2015	195.595	106.741	88.854	3.222	65.508	9	4	930	6.385	12.370	426
	2016	197.538	109.345	88.193	3.089	65.431	8	5	920	6.512	11.810	418
	2017	198.923	113.295	85.628	2.937	65.217	7	5	918	6.601	9.529	414
	2018	200.801	114.001	86.800	2.884	66.288	6	5	912	6.708	9.590	407
A Coruña	2015	81.432	44.624	36.808	1.356	26.358	7	-	374	1.327	7.200	186
	2016	82.156	45.758	36.398	1.297	26.362	6	1	369	1.409	6.769	185
	2017	82.403	47.819	34.584	1.214	26.044	6	1	366	1.635	5.132	186
	2018	83.313	48.112	35.201	1.193	26.618	5	1	367	1.785	5.051	181
Lugo	2015	24.087	14.069	10.018	240	7.120	-	-	161	1.648	786	63
	2016	24.353	14.319	10.034	233	7.143	-	-	162	1.638	794	64
	2017	24.549	14.649	9.900	222	7.187	-	-	158	1.518	756	59
	2018	24.760	14.721	10.039	226	7.288	-	-	155	1.457	855	58
Ourense	2015	22.991	13.236	9.755	376	7.063	-	4	116	421	1.715	60
	2016	23.061	13.432	9.629	369	7.073	-	4	114	436	1.573	60
	2017	23.140	13.851	9.289	355	7.096	-	4	109	454	1.211	60
	2018	23.291	13.844	9.447	352	7.236	-	4	106	458	1.232	59
Pontevedra	2015	67.085	34.812	32.273	1.250	24.967	2	-	279	2.989	2.669	117
	2016	67.968	35.836	32.132	1.190	24.853	2	-	275	3.029	2.674	109
	2017	68.831	36.976	31.855	1.146	24.890	1	-	285	2.994	2.430	109
	2018	69.437	37.324	32.113	1.113	25.146	1	-	284	3.008	2.452	109


Fonte: Rexistro Mercantil.

A distribución provincial dos datos confirma a preferencia de inscricións baixo a fórmula de persoas físicas, encabezada por Lugo e Ourense (59,4% do total de rexistros en 2018 en ambas provincias). A clasificación de inscricións como persoa xurídica lídéraa Pontevedra (46,25% do total), seguida pola Coruña (42,25%). Tal e como se comentaba en contexto galego, a sociedade de responsabilidade limitada é a fórmula xurídica máis empregada, achegando máis do 70% do total de sociedades en 2018. Este valor oscila entre o mínimo de 72,60% na provincia de Lugo, e o máximo de Pontevedra, con 78,3% rexistrado baixo esta fórmula. A Coruña é a provincia onde se constitúen máis sociedades anónimas (1.193 en 2018), seguida de Pontevedra (1.113). En conxunto, estas provincias achegan 8 de cada 10 sociedades anónimas inscritas en 2018 en Galicia. No que se refire ás formas xurídicas menos relevantes, Ourense é a provincia onde se sitúan case en exclusividade as sociedades comanditarias, cunha media de 4 cada ano. A sociedade cooperativa presenta un peso porcentual inferior ao 0,50% en Galicia, sendo Lugo a provincia onde as cooperativas presentan unha maior representación en comparación coas empresas da provincia (2,02%). Non obstante, A Coruña aporta máis do 40% do total de cooperativas en Galicia.

No gráfico 2.8 recóllese a evolución das empresas galegas inscritas no Rexistro Mercantil entre 2017 e 2018.

Gráfico 2.8

Evolución do nº de sociedades en Galicia. 2017-2018



Elaboración propia con datos do Rexistro Mercantil.

Pode apreciarse un incremento neto do número de sociedades no total de Galicia, 1878 en total. Neste último ano, o incremento é superior nas persoas xurídicas consideradas en conxunto (1172). De feito, esta característica é común en todas as provincias agás Pontevedra, onde o número de persoas físicas (348) aumenta máis que as xurídicas (258). No ano 2018 redúcense as inscricións de sociedades anónimas, salvo na provincia de Lugo. A Coruña lidera a inscrición de sociedades de responsabilidade limitada (54% do total), ao igual que no relacionado coas empresas que escollen como modalidade as comunidades de bens.

O cadro seguinte (2.6) presenta a distribución das empresas e en función do número de persoas asalariadas dende 2016. Tal e como pode esperarse da prevalencia das empresas constituídas como persoa física, as empresas galegas caracterízanse pola súa reducida dimensión. Así, das 200.801 empresas existentes en Galicia a 1 de xaneiro de 2018 na base do DIRCE, 108.380 non tiñan persoal asalariado. Isto supón unha porcentaxe do 53,94%, case un punto e medio inferior á media estatal. Se temos en conta o número de empresas que teñen entre unha e dúas persoas traballando (59.204), preto dun 83,5% das empresas galegas teñen menos de dúas persoas traballando por conta allea (case un punto por riba das empresas españolas, 82,6%).

Cadro 2.6

Empresas segundo estrato de persoal asalariado. Provincias/Galicia/España. 2016-2018

		Sen persoal asalariado		Con persoal asalariado				
		Nº	%	Nº	De 1 a 2 (%)	Menos de 10 (%)	Menos de 50 (%)	Máis de 200 (%)
A Coruña	2016	45.671	55,59	36.485	64,43	91,62	98,51	0,32
	2017	46.038	55,87	36.365	63,95	91,48	98,51	0,34
	2018	45.970	55,18	37.343	64,03	91,41	98,53	0,35
Lugo	2016	12.781	52,48	11.572	65,12	93,48	99,32	0,09
	2017	13.021	53,04	11.528	65,66	93,42	99,32	0,10
	2018	13.088	52,86	11.672	65,26	93,09	99,26	0,09
Ourense	2016	12.404	53,79	10.657	66,85	93,39	99,06	0,16
	2017	12.549	54,23	10.591	66,51	93,00	99,07	0,15
	2018	12.505	53,69	10.786	66,56	92,98	99,10	0,14
Pontevedra	2016	35.837	52,73	32.131	63,73	91,76	98,81	0,18
	2017	36.526	53,07	32.305	63,08	91,47	98,74	0,20
	2018	36.817	53,02	32.620	62,83	91,23	98,68	0,19
Galicia	2016	106.693	54,01	90.845	64,56	92,12	98,78	0,22
	2017	108.134	54,36	90.789	64,16	91,90	98,76	0,24
	2018	108.380	53,97	92.421	64,06	91,74	98,74	0,23
España	2016	1.791.909	55,36	1.444.673	61,99	90,35	98,37	0,36
	2017	1.823.250	55,55	1.459.096	61,28	90,03	98,30	0,38
	2018	1.845.881	55,30	1.491.765	61,05	89,79	98,26	0,39


Fonte: Rexistro Mercantil.

A análise centrada no número de persoas asalariadas confirma esta pequena dimensión. Así, das que teñen persoal asalariado, algo máis do 64% teñen menos de dúas persoas traballando, preto do 92% menos de dez, e a práctica totalidade menos de 50 (98,75%). No ano 2018 unicamente 215 empresas en Galicia tiñan máis de 200 persoas traballando, o que non chega ao 1% do total de empresas na comunidade galega.

As empresas sen persoal asalariado son maioría nas catro provincias, lideradas pola Coruña en correspondencia á súa maior participación no tecido empresarial -e, en consecuencia, nas súas características principais. Cabe destacar, con todo, que a proporción destas empresas sen persoal por conta allea se reduce lixeiramente no último período. No relacionado coas empresas con persoal asalariado, tanto Lugo coma Ourense teñen unha presenza superior á media galega en canto á porcentaxe de empresas que non chegan a dez persoas asalariadas (43,89% e 43,06% do total de empresas, respectivamente, fronte á media rexistrada en Galicia, o 42,23%). Por outra banda, e en relación coas diferencias antes comentadas da distribución societaria nas provincias galegas, cabe destacar que A Coruña e Pontevedra concentran o 75,70% das 92.241 empresas galegas que teñen persoal asalariado. Ademais, A Coruña aporta o 60% das empresas de máis de 200 persoas asalariadas.

Gráfico 2.9

Variación relativa anual de empresas por estrato de persoal asalariado. Galicia. 2008-2017



Ollando cara as variacións interanuais, aboia o leve retroceso das empresas sen persoal asalariado, e que as empresas que máis medran son as que teñen menos de 20 ou entre 50 e 99 persoas traballando por conta allea. Pola contra, as de máis de 100 persoas asalariadas caen e as que teñen entre 20 e 49 presentan un comportamento de maior estabilidade. A este respecto, cabe destacar que entre 2017 e 2018 se reducen 7 empresas de entre 200 e 499 asalariados na provincia de Pontevedra.

A información extraída da explotación do directorio de empresas e unidades locais do IGE amosa esta estrutura empresarial para 2017 (cadro 2.7a). A diferenza dos datos anteriores, esta base inclúe o sector primario, que tamén se caracteriza pola presenza de empresas de pequena dimensión (menos de 2 persoas traballadoras). O maior número de empresas entre 3 e 50 persoas asalariadas está no comercio por xunto e polo miúdo, mentres que a industria manufactureira presenta a maior participación de empresas por riba dese número. Por outra banda, só o 8,15% das empresas do grupo “O” (Administración pública e defensa) teñen menos de 10 persoas asalariadas.

Cadro 2.7a

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado. Galicia. 2017

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	39.253	1.073	277	13	0
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	179	59	42	5	0
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	9.382	2.579	1.434	332	39
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	374	33	8	5	0
E FORNECIMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	196	44	40	13	2
F CONSTRUCCIÓN	28.420	2.487	641	60	1
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	44.623	6.386	1.421	101	17
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	9.657	1.226	542	58	5
I HOSTALARÍA	15.900	4.331	666	28	3
K INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	2.269	261	107	27	6
L ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	4.552	216	29	5	2
M ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	6.324	200	18	1	0
N ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	20.520	1.582	345	34	4
O ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	5.289	594	268	59	17
P ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	11	23	199	158	26
Q EDUCACIÓN	5.509	686	351	73	7
R ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	6.859	907	356	88	20
S ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	4.161	430	174	31	1
T OUTROS SERVIZOS	9.599	1.119	171	15	0
Total	213.077	24.236	7.089	1.106	150

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

Por outra banda, a evolución das empresas e unidades locais entre 2016 e 2017 (cadro 2.7b) confirma o tímido avance das empresas con persoal asalariado, particularmente entre 3 e 9 persoas. Neste contexto, a hostalaría e as empresas da construción amosan o maior avance.

Cadro 2.7b

Empresas e unidades locais segundo estrato de persoal asalariado. Galicia. 2016-2017

	Con persoal asalariado				
	De 0 a 2	Entre 3 e 9	Entre 10 e 49	Entre 50 e 249	250 ou máis
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	-1.581	31	-29	0	0
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	-2	2	-7	0	0
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	-10	-11	13	13	5
D FORNECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	-1	5	-1	0	0
E FORNECIMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	14	-4	0	1	0
F CONSTRUCCIÓN	-378	120	15	-2	0
G COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	-667	-26	47	2	2
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	-70	6	46	-2	1
I HOSTALARÍA	-675	153	66	-5	1
K INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	35	9	8	0	1
L ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	102	-2	-1	0	0
M ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	408	9	0	0	0
N ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	453	34	13	5	0
O ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	314	13	-3	-6	2
P ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	-3	-11	2	12	0
Q EDUCACIÓN	319	2	16	6	0
R ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	176	41	-15	8	-1
S ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	229	-3	18	2	0
T OUTROS SERVIZOS	62	29	12	2	-1
Total	-1.275	397	200	36	10

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

O cadro 2.8 amosa a distribución porcentual das empresas con e sen persoal asalariado en España e Galicia dende 1999, incluíndo o detalle provincial para Galicia. A análise desta serie histórica revela algúns resultados destacables:

- Despois de tres anos consecutivos de incremento, en 2018 cae lixeiramente a porcentaxe de empresas galegas sen persoal asalariado. Como se constata no cadro, esta caída é común ás catro provincias, aínda que con menor intensidade en Pontevedra.
- En consecuencia, a porcentaxe de empresas con persoal asalariado en Galicia é, en 2018, algo máis dun punto superior á media do Estado. A análise da taxa de crecemento medio anual amosa que no conxunto da serie as empresas con persoal asalariado medran a un ritmo lixeiramente inferior en Galicia que na media estatal (1,38 e 1,55, respectivamente). A Coruña destaca polo valor desta taxa, superior á media galega e próxima á do Estado.
- Nos últimos catro anos todas as provincias con excepción da coruñesa presentan taxas decrecentes das empresas con persoal asalariado. A media de crecemento da Coruña (0,07) non chega para compensar o ritmo decrecente do resto das provincias.
- En 2018 todas as provincias galegas presentan crecementos do número de empresas con persoal asalariado superiores á media estatal.

Cadro 2.8

%Empresas con e sen persoal asalariado. Galicia e provincias, España. 1999-2018

	España		Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado		Persoal asalariado	
	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen	Con	Sen
1999	44,89%	55,11%	46,02%	53,98%	44,94%	55,06%	45,15%	54,85%	42,87%	57,13%	48,94%	51,06%
2000	45,39%	54,61%	46,05%	53,95%	44,05%	55,95%	46,24%	53,76%	43,76%	56,24%	49,46%	50,54%
2001	46,74%	53,26%	47,72%	52,28%	45,61%	54,39%	48,35%	51,65%	45,46%	54,54%	51,03%	48,97%
2002	47,41%	52,59%	49,32%	50,68%	48,11%	51,89%	49,44%	50,56%	46,37%	53,63%	51,79%	48,21%
2003	48,10%	51,90%	49,61%	50,39%	47,58%	52,42%	50,17%	49,83%	47,33%	52,67%	52,72%	47,28%
2004	49,01%	50,99%	50,58%	49,42%	48,21%	51,79%	51,45%	48,55%	48,31%	51,69%	53,97%	46,03%
2005	48,63%	51,37%	50,62%	49,38%	48,20%	51,80%	51,41%	48,59%	48,79%	51,21%	53,95%	46,05%
2006	49,06%	50,94%	50,89%	49,11%	48,63%	51,37%	51,68%	48,32%	49,02%	50,98%	53,97%	46,03%
2007	48,87%	51,13%	50,58%	49,42%	48,28%	51,72%	51,53%	48,47%	48,86%	51,14%	53,59%	46,41%
2008	48,74%	51,26%	50,77%	49,23%	48,57%	51,43%	51,40%	48,60%	48,96%	51,04%	53,78%	46,22%
2009	47,33%	52,67%	49,78%	50,22%	47,45%	52,55%	50,46%	49,54%	48,09%	51,91%	52,91%	47,09%
2010	46,10%	53,90%	48,72%	51,28%	46,54%	53,46%	49,87%	50,13%	47,45%	52,55%	51,37%	48,63%
2011	44,77%	55,23%	47,52%	52,48%	44,86%	55,14%	49,12%	50,88%	47,16%	52,84%	50,26%	49,74%
2012	44,84%	55,16%	47,34%	52,66%	45,09%	54,91%	48,46%	51,54%	46,80%	53,20%	49,83%	50,17%
2013	46,56%	53,44%	48,83%	51,17%	47,00%	53,00%	50,17%	49,83%	48,07%	51,93%	50,82%	49,18%
2014	46,38%	53,62%	48,44%	51,56%	46,64%	53,36%	49,69%	50,31%	47,79%	52,21%	50,40%	49,60%
2015	44,96%	55,04%	46,52%	53,48%	44,88%	55,12%	47,96%	52,04%	46,37%	53,63%	48,05%	51,95%
2016	44,64%	55,36%	45,99%	54,01%	44,41%	55,59%	47,52%	52,48%	46,21%	53,79%	47,27%	52,73%
2017	44,45%	55,55%	45,64%	54,36%	44,13%	55,87%	46,96%	53,04%	45,77%	54,23%	46,93%	53,07%
2018	44,70%	55,30%	46,03%	53,97%	44,82%	55,18%	47,14%	52,86%	46,31%	53,69%	46,98%	53,02%
TCA 1999-2018	1,55	1,60	1,38	1,37	1,53	1,56	1,09	0,64	1,12	0,34	1,39	1,83
TCA 2014-2018	0,77	2,50	-0,12	2,32	0,07	1,92	-0,22	2,35	-0,10	1,39	-0,31	3,17

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

O cadro 2.9 amosa a participación relativa que teñen as empresas galegas sobre as españolas, atendendo á segmentación en función dos estratos de persoal asalariado. Tendo en conta que a participación relativa da poboación galega sobre o total estatal é, no ano 2018, de 5,84%, obsérvase que tanto nas empresas de menos de 9 persoas contratadas por conta allea coma nas de máis de 5000 a aportación das empresas galegas é superior que a que lle correspondería pola súa presenza no total da poboación. A este respecto, salienta a mellora relativa producida no recente 2018 do peso das empresas de máis de 5000 persoas asalariadas.

Cadro 2.9

Número de empresas, por estrato de persoal asalariado. Galicia/España. 2016-2018

	Total empresas	Sen p. asalariado	Con persoal asalariado										
			1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-99	100-199	200-499	500-999	1.000-4.999	5.000 ou máis
2016 Galicia	197.538	106.693	58.647	18.347	6.690	3.844	2.212	620	282	137	25	34	7
2016 España	3.236.582	1.791.909	895.574	292.403	117.293	75.022	40.895	12.020	6.243	3.489	951	674	109
% Galicia/España	6,1	6,0	6,5	6,3	5,7	5,1	5,4	5,2	4,5	3,9	2,6	5,0	6,4
2017 Galicia	198.923	108.134	58.247	18.334	6.853	3.962	2.267	616	293	150	30	29	8
2017 España	3.282.346	1.823.250	894.179	298.744	120.696	77.632	43.079	12.540	6.674	3.756	969	709	118
% Galicia/España	6,1	5,9	6,5	6,1	5,7	5,1	5,3	4,9	4,4	4,0	3,1	4,1	6,8
2018 Galicia	200.801	108.380	59.204	18.577	7.008	4.139	2.331	651	296	143	36	27	9
2018 España	3.337.646	1.845.881	910.686	303.574	125.173	80.860	45.485	13.116	7.033	3.925	1.044	750	119
% Galicia/España	6,02%	5,87%	6,50%	6,12%	5,60%	5,12%	5,12%	4,96%	4,21%	3,64%	3,45%	3,60%	7,56%

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Pasamos a continuación a ampliar o foco da análise, amosando a serie histórica, dende o ano 1999, da porcentaxe de empresas en función do número de persoas contratadas por conta allea (cadro 2.10). Dentro dun marco xeral de estabilidade, pódese comprobar que a concentración só é superior en Galicia en comparación con España nas empresas de menor tamaño (64,1% fronte a 61%), aínda que esta porcentaxe se vén reducindo de xeito sostido dende 2014. Nun movemento contrario, a porcentaxe de empresas entre 3 e 5 persoas traballadoras aumenta dende 2014 (cun lixeiro retroceso en 2018), polo que tende a igualarse coa media do Estado. No resto de segmentos contemplados, as concentracións relativas son superiores no conxunto do Estado.

Cadro 2.10

Número de empresas por estrato de persoal asalariado⁽¹⁾. Galicia/España. 2000-2015

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7
2003	59,8	20,8	9,0	5,9	3,2	1,3	56,2	21,1	10,1	6,9	3,8	1,9
2004	59,9	21,1	8,9	5,8	3,1	1,2	56,7	21,1	9,9	6,8	3,7	1,8
2005	60,1	20,8	8,9	5,7	3,2	1,3	57,1	20,9	9,8	6,7	3,8	1,8
2006	60,0	20,9	8,9	5,7	3,2	1,3	56,6	21,1	9,9	6,8	3,8	1,8
2007	60,1	20,9	8,9	5,7	3,1	1,4	57,2	20,9	9,7	6,7	3,7	1,8
2008	60,0	20,8	8,9	5,7	3,2	1,4	57,5	20,7	9,6	6,6	3,7	1,8
2009	59,8	21,3	9,0	5,5	3,1	1,4	57,9	20,9	9,5	6,4	3,5	1,8
2010	60,6	21,1	8,9	5,1	2,9	1,3	58,9	21,0	9,4	5,8	3,2	1,7
2011	60,0	21,8	8,9	5,2	2,8	1,3	58,3	21,5	9,5	5,8	3,2	1,7
2012	62,4	20,3	8,6	4,8	2,6	1,3	60,5	20,1	9,2	5,5	3,0	1,7
2013	65,1	19,2	7,9	4,4	2,3	1,2	63,0	19,2	8,5	5,1	2,7	1,6
2014	66,1	19,3	7,0	4,1	2,3	1,2	63,7	19,7	7,7	4,9	2,6	1,5
2015	65,4	19,8	7,1	4,2	2,3	1,1	62,8	20,1	7,9	5,0	2,7	1,6
2016	64,6	20,2	7,4	4,2	2,4	1,2	62,0	20,2	8,1	5,2	2,8	1,6
2017	64,2	20,2	7,5	4,4	2,5	1,2	61,3	20,5	8,3	5,3	3,0	1,7
2018	64,1	20,1	7,6	4,5	2,5	1,3	61,0	20,3	8,4	5,4	3,0	1,7


(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algún asalariado ou asalariada.

Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Para rematar este apartado, ofrécese unha panorámica xeral da taxa de demografía empresarial en Galicia por tamaño de empresa. En concordancia co exposto nos epígrafes anteriores, a taxa de nacemento é notablemente superior nas microempresas que no resto das unidades produtivas, pero tamén a taxa de mortalidade. Tras un leve retroceso no ano 2016, ambos os valores aumentan en 2017. Con todo, a taxa neta de creación de empresas redúcese en 2017. Esta circunstancia, coincidente coa xa argumentada ralentización dos últimos períodos analizados, é común en todos os niveis de empresa. De feito, a taxa neta das medianas empresas no ano 2017 é negativa.

Gráfico 2.10

Gráfico 2.10. Taxa de demografía empresarial por tamaño de empresa. Galicia. 2015-2017



Fonte: IGE.

O seguinte apartado do informe baséase na explotación da estatística de sociedades mercantís do INE. Estes datos describen dende hai 80 anos a demografía das sociedades do Estado, incluíndo información detallada tanto do número de sociedades creadas e disoltas coma das operacións de modificación de capital. A información ofrécese con carácter mensual e desagregada por provincias e CC.AA. A información base tómake do Rexistro Mercantil Central, que centraliza toda a información provincial sobre sociedades e empresas e os actos mercantís determinados por Lei.

O cadro 2.11 amosa o número de sociedades creadas e disoltas no período dende 2014 a 2018. O ano 2018 continua a tendencia detectada a partir de 2016, concatenando un segundo período de diminución do número de sociedades creadas e disoltas tanto en contexto autonómico coma estatal.

Cadro 2.11

Sociedades mercantís creadas e disoltas. Galicia/España. 2014-2018

		Creadas	% variación anual	Disoltas	% variación anual
2014	Galicia	4.266	-0,21	1.528	-21,10
	España	94.152	0,80	21.850	-11,90
2015	Galicia	3.968	-6,99	1.512	-1,05
	España	94.644	0,52	20.758	-5,00
2016	Galicia	4.533	14,24	1.495	-1,12
	España	101.047	6,77	21.223	2,24
2017	Galicia	4.068	-10,26	1.431	-4,28
	España	94.370	-6,61	21.587	1,72
2018	Galicia	4.026	-1,03	1.438	0,49
	España	95.135	0,81	22.351	3,54


Os datos son provisionais dende abril de 2018.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

En 2018 creáronse en Galicia máis de 4000 sociedades, 42 menos que en 2017. En termos interanuais, o número de sociedades diminuíu un 1,03%. En España a evolución é positiva, cun incremento de 760 constitucións respecto do ano precedente (0,81% menos). As sociedades que foron disoltas en 2018 tamén rexistran variación interanual positiva, aínda que nun valor pouco apreciable (0,49%) e moi inferior á media estatal (3,54%). Isto supón romper a tendencia á baixa que se iniciara na nosa comunidade en 2018, aínda que debe notarse que os datos son provisionais dende abril de 2018.

O gráfico 2.11 amosa que dende 2016 as taxas interanuais de constitución de sociedades mercantís pasan a ser negativas tanto en Galicia como en España. Con todo, no ano 2018 hai unha lixeira recuperación, algo menos intensa en Galicia (que segue en taxa de variación interanual negativa) que en España.


Gráfico 2.11



Fonte: Rexistro Mercantil.

A análise da evolución da taxa de variación da disolución de sociedades amosa un incremento en Galicia superior ao rexistrado en España. Os valores acadados en 2018 constatan que neste ano se rexistra unha maior taxa interanual de disolución de sociedades mercantís dende 2018, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado.

Gráfico 2.12



Fonte: Rexistro Mercantil.

A evolución do número de sociedades mercantís, contemplada na súa globalidade dende o ano 2008 e distribuída por CC.AA. permite observar que só en tres delas (Andalucía, Madrid e Baleares) se rexistran taxas de crecemento, mentres que o resto presentan una diminución media anual do número de sociedades mercantís. Galicia, cun -4,64% de decrecemento medio do número de sociedades constituídas, é a terceira comunidade en ritmo de decrecemento na última década. Doutra banda, o número de sociedades disoltas véñse incrementando anualmente en todas as comunidades salvo en Cataluña e a Comunidade Valenciana. Murcia é a comunidade autónoma que presenta un maior crecemento de disolución de sociedades mercantís (12,47% en media anual). No conxunto do Estado en 2018 creáronse 9.201 sociedades menos e disolvéronse 6.135 sociedades das rexistradas nese ano. O ano 2018 confirma a tendencia á diminución na creación de sociedades mercantís en xeral.

Cadro 2.12

Taxa de crecemento anual sociedades mercantís constituídas e disoltas. 2008-2018

	TCA Sociedades (2008-2018)	
	Constituídas	Disoltas
Andalucía	0,12	2,16
Aragón	-1,72	0,81
Asturias	-2,89	2,13
Baleares	1,00	5,21
Canarias	-0,38	4,36
Cantabria	-1,20	2,41
Castela e León	-3,33	2,79
Castela-A Mancha	-5,34	7,21
Cataluña	-0,65	-0,81
C. Valenciana	-0,65	-0,33
Estremadura	-3,61	0,79
Galicia	-2,94	3,47
Madrid	0,67	6,43
Murcia	-2,20	12,47
Navarra	-5,05	3,76
País Vasco	-2,79	2,64
A Ríoxa	-3,31	4,80


Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE)

Na análise da evolución entre 2017 e 2018 compróbase que a variación interanual de creación de sociedades mercantís é negativa na maioría das CC.AA., concatenando a tendencia rexistrada en 2017. Galicia é a cuarta comunidade en menor caída relativa, cuxo liderado ostenta Asturias, que rexistra un decrecemento do 11,61% na inscrición de sociedades mercantís. Ademais, cabe sinalar que este dato na comunidade galega

mellora sensiblemente o rexistrado en 2017 (-10,26%). En termos absolutos, a maior caída no rexistro de sociedades mercantís atópase en Cataluña, con 945 sociedades menos. No outro extremo, Madrid lidera a creación de sociedades mercantís, con 1237 sociedades máis que as constituídas en 2017.

Gráfico 2.13

Taxa de variación anual creación de sociedades. 2016-2018




Fonte: Rexistro Mercantil.

No relacionado coas sociedades disoltas, salienta a redución experimentada pola Rioxa (13,38%) e Estremadura (16,44%), así como o incremento relativo das sociedades mercantís disoltas en Castela-A Mancha, superior ao 61%.

Gráfico 2.14

Taxa de variación anual disolución de sociedades. 2015-2017




Fonte: Rexistro Mercantil.

Unha das características máis destacadas no que se refire ás sociedades mercantís é a alta concentración que presentan en determinadas CC.AA. O gráfico 2.14 amosa a media de creación e disolución de sociedades nos últimos dez anos, distribuídos por CC.AA. Pódese comprobar como Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía inclúen o maior número de sociedades en media anual, tanto no que se refire ás que se crean coma ás disoltas. Os resultados obtidos en 2018 manteñen a Galicia no quinto lugar en ambas as clasificacións.

Gráfico 2.15


Promedio de creación e disolución de sociedades. 2007-2017



Galicia vai perdendo peso relativo no conxunto do Estado, tanto no que se refire ás sociedades disoltas –o que é positivo- coma nas constituídas.

Gráfico 2.16

% Sociedades galegas no total do Estado. 2008-2018



Fonte: Rexistro Mercantil.

No que se refire á forma xurídica que adoptaron as sociedades mercantís constituídas en Galicia en 2018, 4012 foron de responsabilidade limitada, máis do 99,65 do total, igualando a porcentaxe rexistrada no conxunto do Estado (99,52%). Cabe destacar que nalgunha comunidade (A Rioxa) tan só se constituíron sociedades deste tipo. A tipoloxía menos utilizada é a de sociedades comanditarias, comunidades de bens e sociedades cooperativas: tan só 21 das sociedades inscritas en 2018 entra nestas categorías. Ademais, 14 delas localízanse en Cataluña.

Dende o ano 2015, en termos xerais, detéctase que o importe do capital suscrito para a constitución das sociedades diminúe progresivamente. O cadro 2.13a resume estes datos, recollendo o número de sociedades mercantís constituídas en cada comunidade autónoma e o total en España, xunto co capital suscrito para a constitución desas sociedades neste período. En 2018, o capital suscrito para a constitución das sociedades galegas superou os 271 millóns de euros, unha diminución do 14,36% en relación co exercicio anterior.

Cadro 2.13a

Capital suscrito polas sociedades mercantís Galicia /España. 2015-2018

	Nº de sociedades				Capital total suscrito			
	2015	2016	2017	2018	2015	2016	2017	2018
España	94.644	101.047	94.377	95.135	7.355.949	6.292.376	5.262.217	5.200.729
Andalucía	15.893	16.689	15.379	16.016	688.381	716.249	644.395	712.132
Aragón	2.002	2.526	2.037	2.016	76.679	168.490	90.340	84.826
Asturias	1.332	1.458	1.342	1.188	47.346	71.182	61.770	61.191
Baleares	3.108	3.589	3.497	3.293	344.965	498.911	168.543	239.546
Canarias	3.577	3.815	3.843	3.637	93.740	204.789	186.389	92.047
Cantabria	805	981	762	753	20.578	20.253	16.607	48.399
Castela e León	2.847	3.014	2.857	2.731	86.384	196.911	147.180	141.780
Castela-A Mancha	2.732	2.976	2.618	2.836	85.899	72.233	67.129	157.702
Cataluña	18.894	21.769	18.510	17.559	840.417	950.541	1.025.090	735.931
C. Valenciana	10.991	11.148	10.845	11.146	578.110	753.292	752.571	803.694
Estremadura	1.165	1.248	1.150	1.138	122.197	74.082	64.105	51.938
Galicia	3.968	4.533	4.066	4.026	368.693	204.576	317.054	271.505
Madrid	19.947	19.924	20.431	21.652	3.608.403	1.895.965	1.256.410	1.172.551
Murcia	2.796	2.776	2.641	2.603	173.613	183.137	119.999	99.688
Navarra	820	831	838	833	26.809	23.901	60.704	226.701
País Vasco	3.137	3.008	2.960	3.074	142.917	208.154	248.472	257.126
A Rioxa		571	408	405	49.228	46.905	33.231	40.036

Elaboración propia a partir de datos do INE.

Pola contra, o capital medio subscrito entre 2017 e 2018 aumenta en España, pero non en Galicia, onde se reduce en preto do 4%, de 70,15 e 67,45 euros. Aínda así, o importe medio da subscrición en Galicia é 16 euros superior á media estatal. Unha análise máis detallada revela que esa circunstancia se relaciona principalmente co importe medio das subscricións en sociedades de responsabilidade limitada, que en Galicia é de 67,44 euros fronte aos 51,84 euros de media estatal en 2018. De feito, tan só catro comunidades (Valencia, País Vasco, A Rioxa e Navarra) superan esta cantidade.

O cadro 2.13b abunda nesta información, recollendo as sociedades que ampliaron capital no período 2015-2018, así como o capital total ampliado.

Cadro 2.13b

**Sociedades mercantís que amplían capital.
Galicia/España. 2015-2018**

		Nº de sociedades	Capital total ampliado
2015	Galicia	1.520	893.100
	España	32.370	34.544.392
2016	Galicia	1.405	1.002.097
	España	31.507	32.908.240
2017	Galicia	1.321	721.357
	España	31.010	38.040.739
2018	Galicia	1.343	991.336
	España	31.235	26.421.988


Elaboración propia a partir de datos do INE.

A diferenza de anos anteriores, o número de sociedades que amplían capital aumenta en Galicia en 22 en 2018. Esta cifra supón que a taxa de variación interanual galega duplica a española (1,67% e 0,73%, respectivamente). Igualmente, aumenta de forma notable o capital ampliado, que pasa a ser de 991.336 euros. Isto supón unha taxa de variación interanual de algo máis do 37%, mentres que en España se produce unha redución do 30,54%. As empresas galegas que amplían capital supoñen o 4,30% das empresas españolas, pero representan o 3,75% do capital total ampliado en 2018.

O capital medio ampliado polas sociedades en Galicia aumenta en máis de 234.000 euros dende 2018, mentres diminúe en España en algo máis de 380.000 euros. Isto orixina que as diferencias entre o importe medio de capital ampliado en Galicia e España vaian diminuindo.

Gráfico 2.17

% Capital ampliado medio Galicia/España. 2015-2018



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

A diferencia do acontecido en anos anteriores, en 2018 o número de sociedades mercantís disoltas en Galicia aumenta en relación co ano precedente. Isto supón rachar coa tendencia iniciada en 2014, ano en que as disolucións de entidades comezan a diminuír. O mesmo ocorre en contexto español, onde a taxa de variación interanual (3,65%) é notablemente superior a galega (0,63%).

Cadro 2.14

Sociedades mercantís disoltas. Galicia/España. 2014-2018

		Sociedades disoltas			
		Total	Voluntaria	Por fusión	Otras
2014	Galicia	1.528	1.132	86	310
	España	21.850	14.869	1.857	5.124
2015	Galicia	1.512	1.166	104	242
	España	20.758	14.602	1.931	4.225
2016	Galicia	1.495	1.206	87	202
	España	21.223	15.578	2.346	3.299
2017	Galicia	1.429	1.163	89	177
	España	21.563	16.620	2.265	2.678
2018	Galicia	1.438	1.180	82	176
	España	22.351	17.093	2.463	2.795


Os datos son provisionais dende abril de 2018.

Fonte: INE.

En concreto, en 2018 disolvéronse 9 sociedades máis que en 2017. O peso relativo das sociedades mercantís galegas disoltas no conxunto das españolas vai decrecendo progresivamente, dende o 6,99% do 2014 ata o 6,43% actual. En canto ao tipo de disolución, o 76,48% das sociedades disoltas en España en 2018 fixérono de xeito voluntario. O 11,02% disolvéronse por fusión, mentres o 12,51% alegaron outras causas. En Galicia, pola súa banda, a porcentaxe de disolución voluntaria é superior (82,06%), a costa da redución das disolucións por fusión (5,70%), algo máis de 5 puntos inferior á media estatal. A distribución causal no resto das CC.AA. é similar, salvo os casos de Navarra e Castela-A Mancha, onde os procesos de fusión están detrás do 53,5% e o 25% das disolucións de sociedades en 2018.

Como dato de particular interese, o índice de rotación permite contrastar a evolución das sociedades disoltas e constituídas. En concreto, o valor deste índice indica o número de sociedades constituídas por cada cen sociedades disoltas. Como se pode comprobar no gráfico seguinte, este valor é en Galicia superior ao da media estatal nos últimos catro anos. En concreto, en Galicia en 2018 constituíronse 36 sociedades por cada cen disoltas, mentres que en España este valor é de 23 sociedades por cada 100 disoltas. Isto supón unha leve mellora na nosa comunidade en relación co ano precedente, onde o índice de rotación era de 35.

Gráfico 2.18



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE)

Pasamos agora a analizar a información proporcionada pola Estatística do procedemento concursal, que combina información recollida vía cuestionario dos

Xulgados do Mercantil e dos Xulgados de 1ª Instancia, como tamén dos Xulgados de 1ª Instancia e Instrución con competencia mercantil. A estatística proporciona datos trimestrais sobre o número de debedores concursados por existencia de proposta anticipada de convenio e do seu contido (quita, espera, quita e espera ou outra proposición).

O número de debedores concursados en Galicia vén diminuindo progresivamente dende 2013. A redución en 2018 (53 debedores, unha variación interanual de -19,80%) supón que o número de debedores concursados se sitúa en valores próximos aos rexistrados en 2013. Galicia é a segunda comunidade onde máis se reducen os debedores concursados en 2018, tan só superada por Cantabria (42,65%, aínda que en valores absolutos son 29,30 menos que na comunidade galega). A Coruña e Lugo, con reducións do 26,45% e 23,44%, melloran a media galega; Pontevedra iguala e Ourense presenta un valor atípico, por canto ve como os seus debedores aumentan nun 27,27% (6 máis que o ano precedente). Ademais, tamén cabe salientar que Galicia experimenta unha redución da media de debedores concursados do 15,41 anual dende 2013, sendo a sexta comunidade autónoma onde máis se reduce esa cifra.

Cadro 2.15

Debedores concursados. Galicia / España. 2008-2018

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	185	345	340	452	559	552	473	331	308	298	239
España	2.902	5.922	5.962	6.863	9.071	9.937	7.280	5.746	5.253	5.753	5.799

Os datos son provisionais dende abril de 2018.
Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

O cadro 2.16 ofrece unha radiografía dos procedementos concursais en Galicia dende 2012 segundo diferentes tipoloxías de clasificación. Estes datos constatan que máis do 90% dos procedementos son concursos voluntarios. En concreto, en 2018 o 95,70% teñen esa categoría en Galicia, cinco puntos superior á media española (93,82%). A isto debe engadirse que este tipo de procedementos se reducen en maior contía que os obrigatorios dende 2015. Ademais, obsérvase certa estabilidade nos concursos que atanguen a persoas sen actividade empresarial, despois do incremento notable entre 2015 e 2016. Finalmente, a maioría dos procedementos en empresas son en sociedades de responsabilidade limitada, seguidas a moita distancia das sociedades anónimas e as empresas de persoa física. En 2018 redúcense notablemente os procedementos ordinarios.

Cadro 2.16

Debedores concursados. Desagregación en distintas variables. Galicia. 2012-2018

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Por natureza xurídica							
- Personais físicas sen actividade empresarial	58	18	25	27	43	48	47
- Empresas	481	521	435	304	265	231	192
· Personais físicas	15	9	14	25	15	8	18
· Sociedades anónimas	65	65	53	27	24	16	13
· Sociedades limitadas	396	435	353	246	207	197	156
· Outras	7	12	15	6	19	10	5
Por tipo de concurso							
· Por vontade	509	502	417	307	287	269	222
· Necesario	30	37	43	24	21	29	10
Por clase de procedemento							
· Ordinario	65	89	49	56	25	39	11


Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2018.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

O gráfico 2.19 reflicte a progresiva redución do número de concursos relativos a empresas, e o claro protagonismo dos relativos ás sociedades limitadas entre eles.

Gráfico 2.19

Tipoloxía de sociedades en concurso de acredores. Galicia. 2012-2018



Elaboración propia con datos do INE.

Unha análise máis polo miúdo das empresas sometidas a concurso de acredores en Galicia constata que a radiografía xeral non mudou en demasía nos últimos anos. No contexto de diminución que parte do ano 2013, a maioría dos procedementos concursais teñen lugar en empresas de menos de 10 persoas asalariadas. En consecuencia, esas empresas son as que máis ven reducido o número de procedementos concursais. De feito, no ano 2018 estes aumentan en empresas de entre 10 e 40 persoas asalariadas, e

entre as que teñen máis de 100. Por outra banda, segundo o volume de negocio as empresas máis afectadas son as que teñen unha facturación inferior a dous millóns de euros anuais. En 2018 todas as empresas, con independencia da cifra de facturación, reducen o número de procedementos concursais.

Cadro 2.17

Empresas concursadas por tramos de persoal asalariado, volume de negocio e actividade económica principal. Galicia. 2012-2018

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total empresas	481	521	435	304	265	231	192
Por tramos de persoal asalariado							
· 0	44	56	49	45	38	42	33
· 1-9	218	240	239	159	145	126	100
· 10-49	152	173	87	65	53	38	42
· 50-99	27	17	15	7	3	6	3
· Máis de 100	8	18	11	4	5	0	4
· Sen clasificar	32	17	34	24	21	19	10
Por volume de negocio ^(*)							
· Menos de 2	326	345	302	223	208	170	142
· 2-5	65	73	29	21	9	16	10
· 5-10	29	42	19	6	3	8	7
· Máis de 10	29	25	18	3	6	5	4
· Sen clasificar	32	36	67	51	39	32	29
Por actividade económica principal							
· Agricultura e pesca	2	4	12	7	3	5	1
· Industria	113	108	76	39	37	38	33
· Enerxía	2	4	1	1	1	0	0
· Construción	148	120	113	75	49	56	42
· Servizos	185	231	197	158	154	113	106
· Sen clasificar	31	54	34	24	21	19	10

(*) En millón de euros.


Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2018.

Fonte: INE, Estatística do procedemento concursal.

A localización xeográfica destas empresas correspóndese coa participación de cada provincia no conxunto de sociedades. En consecuencia, Pontevedra e A Coruña aportan 7 de cada 10 empresas en concurso.

Gráfico 2.20

Sociedades en concurso de acredores por provincias. Galicia. 2019




Elaboración propia con datos do INE.

Finalmente, a maior incidencia entre os sectores produtivos correspóndese cos servizos, que concentran máis do 55% dos procedementos concursais en Galicia en 2018. O sector da construción segue a clasificación, cun 21,88%, e a maior distancia as empresas industriais (17,19%). O gráfico 2.21 reflicte esa característica, permitindo constatar tamén a progresiva caída de empresas de servizos nos procedementos concursais dende o ano 2013. A diferenza do acaecido en 2017, o ano 2018 rexistra de novo unha caída de procedementos concursais no sector da construción.

Gráfico 2.21

Sociedades en concurso de acredores por sector. Galicia. 2012-2017



Elaboración propia con datos do INE.

Como dato complementario, o cadro 2.18 presenta a análise dos procesos concursais en función da idade das sociedades. A maior incidencia corresponde a empresas de máis de 20 anos de antigüidade. Non obstante, estas sociedades viron reducido o número de procedementos concursais nun 29% dende 2015.

Cadro 2.18

Nº procedementos concursais por idade das sociedades. Galicia. 2015-2018

	2015	2016	2017	2018
De 0 a 4 anos	41	26	31	29
De 5 a 8 anos	40	57	26	32
De 9 a 12 anos	70	56	34	36
De 13 a 16 anos	47	31	39	24
De 17 a 19 anos	25	22	24	13
20 o máis anos	76	66	66	54
Sen Clasificar	5	7	11	5

(*) En millón de euros.

Datos provisionais dende o segundo trimestre de 2018.

Fonte: INE, Estatística do procedimientu concursal.

2.3. Análise de enquisas industriais

Completamos a análise do tecido produtivo galego cunha visión segmentada, prestando atención aos datos particularizados de cada sector principal de actividade

(industrial, comercio e servizos). Para iso, utilizaremos os datos das enquisas estruturais que elabora o INE.

2.3.1. Estatística estrutural de empresas do sector industrial

Esta estatística, recollida polo Regulamento 295/2008 do Parlamento e do Consello da UE, ten como obxectivo coñecer as características estruturais e económicas das empresas do sector industrial como tamaño, datos económicos (ingresos e gastos), estrutura de emprego e investimento. Inclúe as industrias extractivas e manufacturas, as actividades de fornecemento de enerxía e auga e saneamento.

Os últimos datos dispoñibles proporcionados polo INE son un avance de 2017, elaborados cos datos do sector industrial de 2016. Segundo estes datos, a cifra de negocios acadou algo máis de 616.918 millóns de euros en 2017, xerando un valor engadido de 141.342 millóns de euros. Isto leva de seu unha mellora de 44.973 millóns de euros en relación co ano precedente, unha variación interanual superior ao 7,8%. Nese marco, Galicia achegou o 6,45% da cifra total de negocios, un 6,29% do persoal ocupado do sector e o 6,40% do investimento en activos materiais. En definitiva, a comunidade galega mellora a súa aportación ao sector industrial en relación co ano precedente en todos os parámetros analizados agás persoal ocupado. Neste apartado, pese a incrementar o número en 717 efectivos, perde 0,15 puntos de representación en relación co ano precedente (de 6,44 do total do sector a 6,29%).

Cadro 2.19

Cifra de negocios no sector industrial por comunidades autónomas. 2017

	Cifra de negocios		Persoal ocupado		Inversión en activos materiais	
	Millóns de €	% sobre total	Media anual	% sobre total	Millóns de €	% sobre total
Andalucía	74.259.027	12,04	217.950	10,20	2.409.825	10,14
Aragón	28.297.159	4,59	90.911	4,25	1.121.230	4,72
Asturias	13.581.496	2,20	49.277	2,31	477.440	2,01
Baleares	4.583.854	0,74	24.968	1,17	193.398	0,81
Canarias	6.682.003	1,08	35.556	1,66	310.477	1,31
Cantabria	8.689.088	1,41	31.494	1,47	271.412	1,14
Castela e León	38.751.996	6,28	128.154	6,00	2.086.439	8,78
Castela-A Mancha	25.476.056	4,13	94.196	4,41	1.024.442	4,31
Cataluña	138.677.621	22,48	466.368	21,82	4.807.090	20,22
C. Valenciana	65.407.486	10,60	262.529	12,28	2.523.818	10,61
Extremadura	8.207.667	1,33	27.816	1,30	263.228	1,11
Galicia	39.821.335	6,45	134.346	6,29	1.521.990	6,40
Madrid	61.153.993	9,91	216.369	10,12	2.804.752	11,80
Murcia	21.198.878	3,44	72.508	3,39	687.280	2,89
Navarra	19.223.572	3,12	68.987	3,23	1.009.287	4,24
País Vasco	56.934.093	9,23	188.713	8,83	1.942.796	8,17
A Ríoxa	5.725.291	0,93	25.588	1,20	306.634	1,29
Ceuta	138.378	0,02	944	0,04	7.165	0,03
Mellilla	109.324	0,02	409	0,02	7.803	0,03
Total	616.918.317	100,00	2.137.083	100,00	23.776.506	100,00

Elaboración propia con datos do INE, Enquisa estrutural de empresas do sector industrial.

En 2016, a comunidade galega situábase en sétimo lugar tanto en valor absoluto coma relativo na súa achega ao sector industrial, agás no relacionado co persoal ocupado, onde ocupaba o sexto lugar. A mellora producida en 2017 motiva que avance un posto, sendo a sexta comunidade que máis aporta ao volume de negocios e o investimento en activos materiais. A perda de participación no que se refire ao persoal ocupado non significa que perda o lugar acadado no ano 2016, mantendo o sexto posto. De feito, a comunidade galega mellora en 3.754 millóns de euros a cifra de negocios, emprega a 717 persoas máis no sector e incrementa en 394.085 millóns o investimento en activos materiais. Neste último parámetro, a comunidade galega é a que presenta unha maior taxa de variación interanual de investimento en activos materiais (34,94%).

O cadro 2.20 mostra que as porcentaxes de participación de cada comunidade na cifra de negocios total estatal son bastante estables na última década.

Cadro 2.20

Distribución porcentual da cifra de negocios. Por comunidades autónomas. 2009-2017

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Andalucía	10,6	11,2	11,8	12,7	12,5	12,2	11,3	11,4	12,2
Aragón	4,4	4,7	4,6	4,2	4,4	4,3	4,5	4,5	4,6
Asturias	2,5	2,5	2,3	2,4	2,4	2,4	2,3	2,2	2,2
Baleares	0,8	0,8	0,4	0,7	0,6	0,7	0,7	0,7	0,8
Canarias	1,5	1,4	1,1	1,6	1,4	1,2	1,1	1,0	1,1
Cantabria	1,4	1,4	1,5	1,4	1,3	1,4	1,4	1,4	1,4
Castela e León	6,5	6,3	6,7	6,4	6,3	6,2	6,4	6,6	6,3
Castela-A Mancha	4,7	4,4	4,7	5,0	4,8	4,4	4,0	3,9	4,2
Cataluña	23,5	24,0	23,6	22,2	22,4	22,3	22,7	22,8	22,5
C. Valenciana	9,6	9,8	10,3	9,4	9,7	10,1	10,6	10,6	10,6
Extremadura	1,1	1,1	0,9	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,3
Galicia	6,7	6,3	6,5	6,0	6,5	6,3	6,3	6,3	6,5
Madrid	10,9	9,3	7,6	10,5	9,8	9,7	10,3	10,4	9,9
Murcia	2,7	2,9	3,0	3,5	3,7	3,8	3,5	3,3	3,4
Navarra	3,0	3,2	3,6	2,8	2,9	3,0	3,2	3,3	3,1
País Vasco	9,0	9,6	10,3	9,1	9,1	10,0	9,6	9,2	9,2
A Ríoxa	1,0	1,1	1,1	1,0	1,0	0,9	0,9	1,0	0,9
España	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.


A partir de 2016 inclúese un cambio de metodoloxía.

Na evolución da media acadada por cada comunidade autónoma nese período obsérvase a existencia de distintos grupos de comunidades (gráfico 2.22). Ao fronte, e de forma destacada, figura Cataluña, con valores sempre superiores ao 20%. A continuación figuran as CC.AA. que aportan entre o 9% e o 12% da cifra total de negocios: Andalucía, Comunidade Valenciana e Madrid e o País Vasco. En terceiro lugar aparece o grupo de comunidades que representa entre o 5 e o 9%, no que se atopan Galicia e Castela e León. O grupo máis numeroso está conformado por aquelas comunidades que supoñen entre o 1 e o 5% da cifra de negocios total estatal,

nomeadamente Aragón, Castela-A Mancha, Murcia, Navarra, Asturias, Cantabria, Canarias e Estremadura. Pechan a lista as comunidades con aportación inferior ao 1%, Baleares e A Ríoxa.

Gráfico 2.22


Participación de cada comunidade autónoma na cifra de negocios do sector industrial. 2009-2017



O gráfico 2.23 acredita que estas cinco comunidades figuran moi por diante do resto na súa participación na cifra de negocios estatal dende 2009 e achegan conxuntamente dous de cada tres euros (un 65% de media dende 2009) da cifra de negocios do sector industrial en España.

Gráfico 2.23

Participación na cifra de negocios sector industrial por CC.AA. 2009-2017



Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

O cadro 2.21 completa a información anterior incluíndo a porcentaxe de representación da comunidade galega no total de persoas ocupadas no sector industrial nos últimos anos. Como se comentou con anterioridade, os cambios acaecidos no último ano baixan relativamente a participación galega nas persoas ocupadas no sector, continuando cun devalar decrecente iniciado en 2013.

Cadro 2.21

Evolución da porcentaxe de Galicia no Estado nas principais variables da industria. 2001-2017

	Persoas ocupadas	Cifra de negocios
2001	6,0	5,8
2002	6,2	6,2
2003	6,2	6,1
2004	6,1	6,0
2005	6,3	6,0
2006	6,5	6,2
2007	6,7	6,6
2008	6,9	6,7
2009	6,9	6,7
2010	6,8	6,7
2011	6,9	6,7
2012	6,7	6,0
2013	6,8	6,5
2014	6,6	6,3
2015	6,4	6,3
2016	6,4	6,3
2017	6,3	6,5

Elaboración propia.

Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

A partir de 2016 inclúese un cambio de metodoloxía.

2.3.2. Estatística estrutural de empresas do sector comercio

En correspondencia co comentado no apartado anterior, tamén a partir de 2015 no marco do Proxecto de integración das enquisas económicas estruturais aparece esta Estatística estrutural para o sector comercio, que inclúe datos non comparables con períodos anteriores. Neste caso, os últimos datos dispoñibles a nivel autonómico datan de 2017.

Ofrecemos, en primeiro lugar, os principais indicadores estruturais do sector para o ano de referencia.

Cadro 2.22

Cifra de negocios no sector comercial por comunidades autónomas. 2017

	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm.)	909.281	164.963	23.753	18.626	21.548	41.927	10.294	45.357	38.212
Cifra negocios	766.153.171	93.065.988	18.592.572	10.428.869	14.714.394	27.580.735	6.566.608	31.023.070	22.005.332
Soldos e salarios	53.302.088	6.606.856	1.475.343	950.081	1.231.699	2.146.308	542.902	1.950.151	1.478.654
Investimento en activos materiais	11.237.279	1.536.947	285.071	154.122	282.049	670.789	96.641	475.606	357.275
Persoal ocupado	3.148.232	498.908	87.308	63.763	77.018	154.221	35.479	136.885	108.960
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	154.090	104.530	22.405	58.774	112.975	29.666	11.517	40.146	6.328
Cifra negocios	147.777.738	72.204.799	10.616.103	44.935.759	188.493.927	23.612.263	9.792.188	39.004.562	3.722.648
Soldos e salarios	11.631.933	5.779.908	683.113	2.621.961	11.048.543	1.572.459	642.313	2.552.340	283.998
Investimento en activos materiais	2.123.803	1.096.885	194.589	665.709	2.204.507	465.196	134.932	385.141	74.857
Persoal ocupado	570.841	375.567	60.360	174.485	484.055	116.650	38.366	138.012	18.386

Elaboración propia con datos de INE, Enquisa estrutural de empresas do sector comercial.

O sector comercial acada unha facturación de 84.095 millóns de euros máis que en 2016, o que supón unha mellora relativa do 12,33%. A principal variación prodúcese no investimento en activos materiais, que aumenta un 23,08% en relación cos datos do período precedente. Neste sector, as CC.AA. que figuran en cabeza nas diferentes variables do sector comercial coinciden parcialmente coas sinaladas para o sector industrial: Madrid, Cataluña, Andalucía e Valencia ocupan os primeiros postos tanto na participación total da cifra de negocios, coma no resto das variables alternando o liderado. En 2017, Galicia achega o 6,46% dos locais comerciais, contribúe cun 5,87% á cifra de negocios, soporta o 4,92% dos soldos e salarios do sector, emprega ao 5,54% do persoal empregado e realiza o 5,92% dos investimentos materiais no sector comercial. Os datos do 2017 manteñen a comunidade galega na quinta posición en todas as variables agás no investimento de activos materiais, onde pasa a ser a sexta en favor de Canarias. Non obstante, a evolución recente amosa unha perda relativa de participación na cifra de negocios, que descende dende o 6,34% do ano 2016; na cifra de soldos e salarios (que era do 5,15%) e tamén na ocupación (5,87% en 2016).

O cadro 2.23 recolle as variacións en cada factor das distintas CC.AA. entre 2016 e 2017. Todas as variacións son positivas. Ao igual que no caso das empresas industriais, destaca a mellora nos investimentos materiais na comunidade galega, superior ao conxunto de comunidades e á media estatal. Igualmente, tamén é superior á media do Estado a mellora no número de locais.

Cadro 2.23

Variación interanual no sector comercial por comunidades autónomas. 2016-2017

	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm.)	6,07%	10,14%	1,10%	3,17%	10,84%	11,61%	12,12%	0,30%	5,62%
Cifra negocios	12,33%	10,01%	2,22%	6,39%	20,67%	17,46%	13,92%	4,47%	11,99%
Soldos e salarios	6,25%	6,40%	10,86%	4,86%	16,67%	9,09%	14,97%	5,45%	9,87%
Investimento en activos materiais	23,08%	36,09%	8,30%	0,95%	27,82%	22,42%	23,02%	19,94%	32,75%
Persoal ocupado	6,54%	6,58%	6,58%	4,29%	12,10%	11,47%	12,15%	4,33%	8,00%
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	P Vasco	A Ríoxa
Locais (núm.)	3,72%	8,49%	7,43%	6,30%	1,41%	9,76%	5,28%	4,61%	4,70%
Cifra negocios	12,24%	17,12%	13,58%	3,98%	11,56%	13,72%	9,33%	34,92%	10,87%
Soldos e salarios	7,02%	9,11%	8,46%	1,44%	2,48%	9,16%	3,74%	5,06%	3,54%
Investimento en activos materiais	19,86%	17,73%	13,54%	38,55%	15,67%	54,70%	22,53%	16,46%	35,95%
Persoal ocupado	5,40%	10,00%	7,40%	0,61%	3,78%	11,52%	7,59%	8,47%	1,90%

Elaboración propia con datos de INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

No cadro 2.24 preséntase a desagregación da produción comercializada galega en 2017. De igual forma que en anos anteriores, a maior aportación correspóndese co comercio ao por maior, con preto dun 30% da cifra de negocios total, mentres que o comercio polo miúdo acada o 16,27%. Estes grupos lideran tamén o resto das variables.

Cadro 2.24

Valor da produción comercializada, por grandes agrupacións. Galicia. 2017

	Número de locais	Cifra de negocios	Inversión en activos materiais	Persoal ocupado
45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5.873	3.297.276	43.435	19.055
421 Venda de vehículos de motor	1.069	1.989.608	22.610	5.852
452 Mantemento e reparación de vehículos de motor	3.777	651.336	11.269	9.290
453 Comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor	805	605.445	9.162	3.466
454 Venda, mantemento e reparación de motocicletas e os seus repostos e accesorios	221	50.887	394	448
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto de vehículos de motor e motocicletas	15.907	25.528.057	255.548	52.238
461 Intermediarios do comercio	3.328	194.864	9.107	4.684
462 Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	969	841.167	6.505	2.552
463 Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	3.827	8.013.165	83.463	16.798
464 Comercio por xunto de artigos de uso doméstico	2.464	10.051.483	90.359	9.314
465 Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións	397	357.691	4.088	1.778
466 Comercio por xunto de outra maquinaria, equipos e subministracións	1.624	1.278.114	22.492	6.675
467 Outro comercio por xunto especializado	3.104	4.736.399	39.146	10.122
469 Comercio por xunto non especializado	194	55.174	388	314
47 Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas	34.378	13.903.616	192.856	101.465
471 Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	3.915	5.243.070	82.921	31.030
472 Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.954	1.100.414	5.040	12.549
473 Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados	651	989.088	14.920	3.522
474 Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións en establecementos especializados	998	293.186	3.754	2.971
475 Comercio por xunto de outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	5.524	1.227.662	12.403	12.004
476 Comercio por xunto de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.163	410.302	3.373	4.459
477 Comercio por xunto de outros artigos en establecementos especializados	11.643	3.210.148	62.856	29.331
478 Comercio por xunto en postos de venda e en "mercadillos"	2.739	150.604	3.017	3.692
479 Comercio por xunto non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en "mercadillos"	792	1.279.143	4.574	1.908

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

Nestes grupos de maior presenza salientan as aportacións dos artigos de uso doméstico, produtos alimenticios, bebidas e tabaco; mentres que no grupo de comercio polo miúdo se detecta unha menor concentración, salientando o papel principal dos produtos especializados e os non especializados.

2.3.3. Estatística estrutural de empresas do sector servizos

Neste apartado recóllense os resultados principais da terceira das enquisas estruturais, a relacionada co sector servizos. Esta enquisa inclúe actividades variadas, sendo as principais ramas recollidas transporte e almacenamento, hostalaría, información e comunicacións, actividades científico-técnicas, administrativas, de entretemento, reparacións e outras actividades englobadas no sector terciario ou de servizos. Os últimos datos dispoñibles a nivel autonómico son de 2017.

Existe de novo unha alta concentración de actividade nun número limitado de CC.AA. En concreto, Cataluña, Madrid, Andalucía e Comunidade Valenciana ocupan as primeiras posicións calquera que sexa o parámetro analizado. Cataluña lidera a clasificación no que se refire a número de locais de servizos, mentres que no resto das variables cede este posto en favor de Madrid. Galicia, en función desta enquisa, acada a mellor posición no conxunto do Estado en canto ao seu número de locais comerciais, aportando un 5,43% dos totais en España. En segundo lugar, a cifra de persoal ocupado sitúaa nunha aportación do 4,62%. A participación no resto de parámetros ronda o 3,5%. No que atinxe á cifra de negocios, supón unha achega do 3,54% do total estatal. Os resultados alcanzados en 2017 manteñen a Galicia como quinta comunidade en locais comerciais, sétima en persoal ocupado e investimento en activos materiais e oitava en participación na cifra de negocios total e soldos e salarios.

Cadro 2.25

Cifra de negocios no sector servizos por comunidades autónomas. 2017


	España	Andalucía	Aragón	Asturias	Baleares	Canarias	Cantabria	Castela e León	Castela-A Mancha
Locais (núm.)	1.431.093	214.724	36.170	28.712	47.439	68.886	15.524	61.892	43.146
Cifra negocios	460.601.957	40.632.223	8.774.804	5.742.512	21.669.194	20.902.185	3.242.485	11.981.711	8.263.554
Soldos e salarios	99.723.603	10.212.875	2.190.398	1.467.439	3.495.256	4.561.625	834.587	3.058.861	1.902.831
Investimento en activos materiais	31.591.775	2.696.670	593.744	291.407	1.429.455	2.003.247	187.958	1.010.846	521.415
Persoal ocupado	5.623.910	751.054	138.139	101.692	190.333	299.811	58.593	220.582	144.163
	Cataluña	Valencia	Extremadura	Galicia	Madrid	Murcia	Navarra	P Vasco	A Rioja
Locais (núm.)	282.149	146.067	23.517	77.649	263.663	34.076	17.536	57.951	9.049
Cifra negocios	90.280.295	32.577.737	3.292.400	16.299.020	162.294.764	7.855.156	4.258.694	20.298.898	1.577.673
Soldos e salarios	20.687.705	7.502.118	832.856	3.713.792	30.575.255	1.823.507	1.106.260	5.195.910	389.013
Investimento en activos materiais	6.078.188	2.428.638	378.005	1.081.409	10.906.941	498.829	220.735	1.133.903	109.749
Persoal ocupado	1.088.878	515.273	72.822	259.649	1.277.932	138.712	63.086	261.088	29.509

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

O resultado de 2017 comporta unha mellora significativa en relación co ano precedente, como ocorre no resto de CC.AA. en termos xerais. En conxunto, o sector mellora os seus resultados en máis de 3.500 millóns de euros, unha variación do 5,5%. Galicia mellora esta cifra, cun incremento do 6,15% da súa cifra de negocios. Non obstante, este é o único parámetro onde a comunidade galega supera a media estatal. Como se pode comprobar no gráfico seguinte, no resto de variables analizadas a variación interanual é inferior á rexistrada no conxunto do Estado.

Gráfico 2.24

Variacións sector servizos España/Galicia. 2016-2017



Fonte: INE, "Encuesta industrial de empresas" e Estatística Estrutural de Empresas do sector servizos.

O cadro 2.26 permite comprobar a mellora de resultados na cifra de negocios nas respectivas CC.AA., coa excepción de Castela-A Mancha, que reflicte un leve empeoramento. Constátase tamén que a aportación relativa de cada comunidade se mantén en termos estables, como tamén a alta concentración de actividade nas catro comunidades líder. En concreto, Cataluña, Madrid, Andalucía e Comunidade Valenciana aportan o 62,35% da cifra de negocios en 2016 e un 63,35% en 2017. No que se refire a persoal ocupado, aportan un 64% do total do persoal ocupado no sector.

Cadro 2.26

Variación na cifra de negocios dos servizos. Por CC.AA. 2016-2017

	2016		2017	
	Cifra negocios	%	Cifra negocios	%
España	436.663.240		460.601.957	
Andalucía	38.738.754	8,87%	40.632.223	8,82%
Aragón	8.539.304	1,96%	8.774.804	1,91%
Asturias	5.512.086	1,26%	5.742.512	1,25%
Baleares	19.344.440	4,43%	21.669.194	4,70%
Canarias	19.376.825	4,44%	20.902.185	4,54%
Cantabria	3.049.101	0,70%	3.242.485	0,70%
Castela e León	10.906.131	2,50%	11.981.711	2,60%
Castela-A Mancha	10.877.176	2,49%	8.263.554	1,79%
Cataluña	86.865.731	19,89%	90.280.295	19,60%
Valencia	30.875.669	7,07%	32.577.737	7,07%
Extremadura	3.263.608	0,75%	3.292.400	0,71%
Galicia	15.355.242	3,52%	16.299.020	3,54%
Madrid	153.641.209	35,19%	162.294.764	35,24%
Murcia	7.617.149	1,74%	7.855.156	1,71%
Navarra	4.251.961	0,97%	4.258.694	0,92%
País Vasco	19.789.377	4,53%	20.298.898	4,41%
A Ríoxa	1.546.981	0,35%	1.577.673	0,34%

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

Cadro 2.27

Persoal ocupado en servizos por CC.AA. 2016-2017

	2016		2017	
	Persoal ocupado	%	Persoal ocupado	%
España	5.427.741		5.623.910	
Andalucía	716.882	13,21%	751.054	13,84%
Aragón	135.384	2,49%	138.139	2,55%
Asturias	100.945	1,86%	101.692	1,87%
Baleares	180.244	3,32%	190.333	3,51%
Canarias	282.084	5,20%	299.811	5,52%
Cantabria	57.391	1,06%	58.593	1,08%
Castela e León	209.201	3,85%	220.582	4,06%
Castela-A Mancha	213.155	3,93%	144.163	2,66%
Cataluña	1.044.402	19,24%	1.088.878	20,06%
Valencia	487.227	8,98%	515.273	9,49%
Estremadura	70.515	1,30%	72.822	1,34%
Galicia	254.554	4,69%	259.649	4,78%
Madrid	1.241.049	22,86%	1.277.932	23,54%
Murcia	132.092	2,43%	138.712	2,56%
Navarra	65.545	1,21%	63.086	1,16%
País Vasco	260.908	4,81%	261.088	4,81%
A Ríoxa	29.270	0,54%	29.509	0,54%

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

Unha análise máis polo miúdo do sector revela que o subsector de transporte e almacenamento é o que ten maior participación no conxunto dos servizos en 2017. É o que ten maior representación en todos os parámetros considerados, con excepción de número de locais e na poboación ocupada, onde a maior importancia reside nas actividades profesionais científicas e técnicas e na hostalaría. En España a distribución é similar, aínda que tamén no que atinxe a soldos e salarios a participación é superior nas actividades profesionais.

Cadro 2.28

Cifra de negocios no sector servizos. Grupos principais. 2017

		Total	Transporte e almacenamento	Hostalaría	Información e comunicacións	Actividades inmobiliarias	Profesionais científicas e técnicas	Administrativas e de servizos auxiliares
España	Número de locais	1.400.481	215.806	325.192	74.433	185.488	411.795	187.767
	Cifra de negocios	458.029.706	109.074.815	72.357.813	84.176.153	28.830.814	88.409.700	75.180.411
	Soldos e salarios	99.182.381	19.382.871	17.561.058	15.622.304	3.610.332	22.041.707	20.964.109
	Investimento en activos materiais	31.518.096	8.600.206	3.585.277	4.722.728	7.931.562	2.435.974	4.242.349
	Persoal ocupado	5.570.238	879.927	1.464.895	468.303	261.457	1.050.302	1.445.354
Galicia	Número de locais	75.467	12.923	21.308	3.005	7.491	21.495	9.245
	Cifra de negocios	16.152.737	5.267.999	2.905.292	2.379.436	724.944	2.671.593	2.203.473
	Soldos e salarios	3.691.723	897.647	636.572	468.538	75.818	800.374	812.774
	Investimento en activos materiais	1.079.901	349.571	57.880	142.618	261.116	74.902	193.814
	Persoal ocupado	256.661	48.739	69.770	17.068	9.003	50.354	61.727

Fonte: INE, Enquisa estrutural do sector servizos.

Na comparanza entre a participación relativa de cada subsector apréciase que o peso do transporte e almacenamento e da hostalaría é relativamente inferior en Galicia (nove e dous puntos porcentuais menos, respectivamente, na cifra de negocios), e superior no resto de subsectores. Tamén cabe salientar que esa menor participación relativa no sector de transporte é común a todos os parámetros da análise.

Pola importancia relativa do sector en Galicia, a continuación realízase unha achega ao comportamento do sector turístico galego utilizando os datos contidos no IGE. Para a elaboración destes indicadores pártese dunha serie de enquisas mensuais que realiza o Instituto Nacional de Estatística (INE): a Enquisa de ocupación hoteleira; a Enquisa de ocupación en cámpings; a Enquisa de ocupación en apartamentos turísticos e a Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural. Destas enquisas extráese o obxecto de estudo, os establecementos turísticos de Galicia (hoteis, cámpings, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural).

Comezamos a análise comprobando o número de establecementos hoteleiros e de turismo rural rexistrados en Galicia, segundo datos estimados do IGE. No ano 2017 en Galicia hai un total de 1.969 establecementos hoteleiros, e máis de 67.000 prazas dispoñibles. Isto supón unha diminución en relación cos existentes en 2016, 38 establecementos e 507 prazas menos. A maior parte destes establecementos son hoteis de diferente categoría, que achegan o 76% dos locais e o 91,14% das prazas. Como se observa na táboa, o turismo rural segue unha tendencia decrecente dende 2012. En concreto, no bienio 2016-2017 a variación interanual dos establecementos de turismo rural é moi superior á rexistrada nos establecementos hoteleiros (-1% e -4,65%, respectivamente).

Cadro 2.29

Establecementos hoteleiros e de turismo rural estimados. 2012-2017


		Establecementos hoteleiros		Establec. de turismo rural	
		Establecementos	Prazas	Establecementos	Prazas
GALICIA	2012	1.548	63.155	536	6.678
	2013	1.523	61.818	520	6.493
	2014	1.529	62.173	511	6.358
	2015	1.497	61.454	497	6.238
	2016	1.512	61.616	495	6.257
	2017	1.497	61.398	472	5.968
A CORUÑA	2012	630	25.613	151	1.851
	2013	620	24.935	152	1.880
	2014	636	25.258	150	1.806
	2015	630	25.179	147	1.806
	2016	627	25.220	145	1.777
	2017	629	25.284	138	1.673
LUGO	2012	295	9.158	134	1.716
	2013	304	9.340	131	1.654
	2014	306	9.739	131	1.665
	2015	300	9.580	123	1.603
	2016	294	9.193	132	1.736
	2017	300	9.136	130	1.731
OURENSE	2012	191	6.180	78	990
	2013	196	6.272	74	960
	2014	184	6.009	74	960
	2015	181	6.030	70	927
	2016	187	6.251	69	899
	2017	174	6.043	69	879
PONTEVEDRA	2012	432	22.204	172	2.121
	2013	402	21.271	163	1.998
	2014	402	21.166	156	1.927
	2015	387	20.665	156	1.903
	2016	404	20.953	149	1.846
	2017	394	20.935	135	1.685

Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

Os establecementos están altamente concentrados nas provincias da Coruña e Pontevedra, que achegan o 65% destes e o 54% das prazas totais. Non obstante, a participación relativa é diferente se analizamos por separado os establecementos hoteleiros e os de turismo rural. Así, se ben os establecementos hoteleiros responden a ese perfil xeral, a situación no turismo rural presenta máis equilibrio. A provincia de Ourense é a que conta con menor número de establecementos e prazas en ambos os subsectores.

Gráfico 2.25

Turismo en Galicia (prazas e establecementos). 2016-2018



Fonte: IGE.

O comportamento decrecente da oferta previamente comentado é común nas catro provincias galegas en 2017. No sector hoteleiro, A Coruña e Lugo aumentan lixeiramente o número de establecementos, aínda que no caso da provincia lucense diminúe o número de prazas ofertadas. No que atinxe ao turismo rural, tan só Ourense mantén o número de establecementos, e a oferta de prazas descende nas catro provincias galegas. O cadro seguinte reflicte os principais destinos turísticos, e a súa evolución nos últimos sete anos.

Cadro 2.30

Destinos turísticos en Galicia. 2011-2018


	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña e As Mariñas	1.148.095	1.084.510	1.140.541	1.124.959	1.180.999	1.226.618	1.348.705	1.340.859
Ancares - Courel	86.819	67.981	59.525	82.668	99.616	73.295	95.166	71.678
Celanova - Limia	61.699	45.709	58.190	55.398	58.279	63.261	60.316	65.526
Costa da Morte	190.844	247.193	204.780	315.746	318.506	333.874	385.843	296.404
Deza - Tabeirós	131.266	106.075	94.434	69.494	87.019	102.693	132.757	117.031
Ferrolterra	381.377	349.593	360.569	358.860	389.915	409.176	416.648	425.621
Lugo e a Terra Chá	493.454	447.883	485.130	482.825	519.388	566.865	567.721	547.021
Manzaneda - Trevinca	57.218	52.655	49.426	65.098	66.736	82.447	70.345	71.100
Mariña Lucense	290.278	277.153	298.590	310.305	354.905	381.855	405.094	408.741
O Ribeiro	111.063	77.304	72.348	83.274	103.370	121.524	126.634	118.732
Ría de Arousa	1.697.138	1.540.807	1.529.381	1.635.697	1.793.622	1.971.593	2.189.999	2.044.343
Ría de Muros e Noia	96.409	86.568	94.269	96.176	97.623	123.520	117.926	130.517
Ría de Vigo e Baixo Miño	1.143.118	1.033.361	1.009.989	1.045.233	1.164.987	1.438.765	1.517.408	1.540.007
Ría e Terras de Pontevedra	604.362	575.655	556.740	498.968	528.427	563.100	621.892	620.670
Ribeira Sacra	222.830	196.836	217.547	266.734	293.233	331.259	330.943	316.447
Terras de Ourense e Allariz	277.141	272.518	261.769	271.527	296.440	324.404	328.980	324.699
Terras de Santiago	1.501.797	1.431.453	1.485.335	1.658.823	1.794.456	1.888.868	1.881.072	1.727.993
Verín - Viana	43.763	53.447	70.567	64.772	58.059	61.596	71.087	66.261

Elaboración IGE a partir de datos INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

Agás a comarca de Deza-Tabeirós e Os Ancares-Courel, todos os destinos melloran a súa capacidade de atracción dende o ano 2011. Ao fronte desta mellora figura a

comarca de Verín, cun incremento do 51,41% do número de visitantes nestes anos (6,10 de media anual) e a Ribeira Sacra, cun aumento do 42,01%. Non obstante, se nos centramos nos dous destinos máis populares (a Ría de Arousa e Terras de Santiago) detéctase unha importante caída no bienio 2017-2018, que ascende a case 300.000 visitantes. En 2018, ademais, a meirande parte destes visitantes vén de fóra de Galicia, agás na comarca de Manzaneda-Trevinca, onde o turismo é fundamentalmente interior.


Gráfico 2.26



Fonte: IGE.

En 2018 obsérvase unha lixeira diminución do número total de persoas viaxeiras e noites de estancia, rompendo a senda crecente dos últimos tres anos. Esta perda é máis notoria nas persoas procedentes do estranxeiro, que descenden relativamente un 11,65% fronte ao 4,41% de descenso do turismo estatal.

Gráfico 2.27



Fonte: IGE.

A caída é común a todos os tipos de aloxamentos, sendo a máis notoria a relacionada co turismo procedente do estranxeiro en apartamentos turísticos (-19,50% no total de persoas e -26,17% no número de noites).

Cadro 2.31

Viaxeiros/as e noites en establecementos por procedencia


		España		Estranxeiro	
		Viaxeiros/as	Noites	Viaxeiros/as	Noites
2015	Hoteleiros	2.928.461	5.868.297	1.157.728	1.816.405
	Campamentos turísticos	172.560	702.039	58.810	132.484
	Apartamentos turísticos	70.343	279.616	15.081	44.509
	Turismo rural	147.478	289.095	45.850	73.140
2016	Hoteleiros	3.104.208	6.321.254	1.221.242	1.930.627
	Campamentos turísticos	196.913	794.999	75.597	168.640
	Apartamentos turísticos	101.119	367.540	24.445	66.387
	Turismo rural	153.520	317.509	60.145	110.033
2017	Hoteleiros	3.196.479	6.703.144	1.299.176	2.104.782
	Campamentos Turísticos	191.432	767.609	73.262	162.951
	Apartamentos turísticos	109.091	389.047	34.684	91.966
	Turismo rural	159.163	340.059	57.355	108.981
2018	Hoteleiros	3.047.975	6.481.965	1.130.659	1.980.844
	Campamentos turísticos	188.259	778.157	72.574	170.338
	Apartamentos turísticos	103.785	362.837	27.920	67.901
	Turismo rural	154.990	311.052	62.695	105.337

INE, Enquisa de ocupación hoteleira. Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural.

Pola contra, o número de noites por persoa aumenta dende 2015, aínda que moi lixeiramente.

Gráfico 2.28

Estancia media. 2015-2018




Fonte: IGE.

Esta mellora da estadía media ten a súa orixe principal no incremento da estancia do turista estatal.

Gráfico 2.29

Estancia media por orixe da persoa. 2015-2018



Fonte: IGE.

2.4. Indicadores conxunturais: Índice de cifra de negocios, da produción e de prezos

O índice da cifra de negocios na industria (ICN) é un indicador conxuntural que ten como obxectivo a medición da evolución mensual da demanda das ramas industriais, excluindo a construción. A información de base é unha enquisa mensual de máis de 12.000 establecementos industriais distribuídos por todo o territorio estatal.

O cadro 2.32 amosa a evolución por CC.AA. dende 2016. A comunidade galega mostra unha mellora continua dende este ano ata o 2018. De feito, nos últimos dous anos queda por encima da media no conxunto do Estado, acadando un mellor resultado sobre esta en 2018. Este comportamento sitúa a comunidade galega no grupo das que presentan maior índice: no ano 2016 ocupaba o posto 9 entre as CC.AA., pero a partir dese ano mantense no terceiro lugar.

Cadro 2.32

Índice de negocios na industria. Por comunidades autónomas. 2016-2018

	Índice			Variación		
	2016	2017	2018	2016-2017	2017-2018	2016-2018
Andalucía	97,9	108,4	113,1	10,72%	4,38%	15,58%
Aragón	100,9	108,1	112,9	7,13%	4,50%	11,96%
Asturias	95,8	108,1	115,3	12,81%	6,69%	20,35%
Baleares	103,7	106,3	103,5	2,53%	-2,66%	-0,20%
Canarias	97,7	103,1	101,4	5,54%	-1,67%	3,78%
Cantabria	96,2	107,2	112,7	11,34%	5,20%	17,13%
Castela e León	108,2	109,4	109,1	1,03%	-0,21%	0,82%
Castela-A Mancha	98,2	105,9	112,2	7,89%	5,90%	14,25%
Cataluña	101,1	108,0	111,6	6,76%	3,35%	10,34%
C. Valenciana	100,5	106,9	112,2	6,36%	4,93%	11,60%
Extremadura	102,2	113,3	121,0	10,83%	6,81%	18,39%
Galicia	100,3	111,5	119,0	11,22%	6,67%	18,65%
Madrid	100,6	105,2	107,8	4,57%	2,48%	7,17%
Murcia	98,6	117,3	132,4	18,99%	12,82%	34,24%
Navarra	99,9	102,8	113,9	2,91%	10,80%	14,03%
País Vasco	100,4	109,8	116,2	9,37%	5,85%	15,77%
A Rioxa	98,0	101,2	100,5	3,30%	-0,64%	2,64%
España	100,5	108,2	113,2	7,60%	4,62%	12,57%


En porcentaxe anual (media anual).

Fonte: INE, Índice de cifra de negocios na industria.

O gráfico 2.30 reflicte as variacións interanuais do índice, desagregadas por CC.AA. En todos os casos, as variacións do ano 2018 (sobre 2017) son menores que as producidas no bienio 2017-2016. Este dato, que podería proporcionar a idea da desaceleración xa comentada neste informe, debe ser tomado con cautela, por canto o ano que se toma como base na serie actual é 2015 e pode introducir certa disfunción nos datos. Feita esta prevención, a comunidade galega sitúase no marco das que teñen un mellor comportamento, cunha mellora en relación con 2016 próxima ao 19%.

Gráfico 2.30

Variación do ICN por comunidades autónomas. 2016-2018



Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

Pola súa banda, o índice de produción industrial (IPI) é tamén un indicador conxuntural, que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais (sen incluír a construción). Mide a evolución conxunta da cantidade e calidade, eliminando a influencia dos prezos. Para iso, realiza unha enquisa a 11.500 establecementos industriais e inclúe máis de 1.100 produtos.

O cadro 2.33 recolle o valor deste indicador para as CC.AA. entre 2016 e 2018, así como as variacións interanuais. O valor do índice en Galicia é catro puntos superior á media estatal, acadando neste ano o segundo posto entre as CC.AA. (só por detrás de Cantabria). Isto supón unha mellora significativa en relación co dato de 2017, onde a comunidade galega ocupaba o noveno posto e quedaba lixeiramente por debaixo da media estatal.

Cadro 2.33

**Variación do Índice xeral de produción industrial^(*).
Por comunidades autónomas. 2016-2018**


	Variación anual			Media anual		
	2016/2017	2017/2018	2016/2018	2016	2017	2018
Andalucía	5,00%	-2,92%	1,94%	99,8	104,8	101,7
Aragón	5,99%	1,04%	7,09%	99,3	105,2	106,3
Asturias	11,73%	2,35%	14,35%	94,0	105,0	107,5
Baleares	0,38%	-4,07%	-3,71%	100,9	101,3	97,1
Canarias	-0,26%	-0,37%	-0,63%	98,7	98,4	98,0
Cantabria	6,94%	7,14%	14,58%	100,7	107,7	115,4
Castela e León	-4,49%	1,04%	-3,50%	102,2	97,6	98,6
Castela-A Mancha	1,77%	-0,08%	1,69%	99,1	100,9	100,8
Cataluña	3,72%	0,79%	4,53%	103,1	106,9	107,7
C. Valenciana	0,91%	1,00%	1,92%	103,1	104,0	105,0
Extremadura	4,46%	0,95%	5,45%	98,1	102,5	103,5
Galicia	1,79%	4,90%	6,78%	102,3	104,1	109,2
Madrid	0,40%	1,95%	2,36%	104,0	104,5	106,5
Murcia	12,14%	-0,71%	11,35%	97,1	108,9	108,1
Navarra	1,22%	0,37%	1,60%	101,8	103,1	103,5
País Vasco	4,37%	0,35%	4,74%	101,1	105,6	105,9
A Ríoxa	-0,35%	-5,50%	-5,83%	95,6	95,3	90,0
España	2,85%	0,75%	3,62%	101,6	104,5	105,2

(*) En media anual.

Fonte: INE, Índice de produción industrial (IPI).

O gráfico 2.31 permite comprobar que a variación global da posición de Galicia dende 2016 se explica, fundamentalmente, pola mellora producida no recente 2018.

Gráfico 2.31



Fonte: Elaboración propia con datos do INE, índice de produción industrial (IPI)

Para rematar este epígrafe, ofrécese unha análise máis detallada da estrutura do IPI de 2016 a 2018 para Galicia e a media do Estado. O valor do índice na comunidade galega é superior á media estatal en todos os anos considerados e, en particular, no relacionado co índice de produción industrial dos bens de consumo duradeiro. Non obstante, este é o grupo que experimenta unha maior caída en 2018. Por outra banda, presenta un valor inferior no caso dos bens de equipo.

Cadro 2.34


Estrutura IPI. Galicia/España. 2016-2018

	2016		2017		2018	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Bens de consumo	101,4	108,0	102,1	111,3	102,0	112,3
Bens de consumo duradeiro	101,4	154,2	106,6	159,5	104,6	131,3
Bens de consumo non duradeiro	101,4	105,5	101,8	108,7	101,8	111,3
Bens de equipo	103,6	89,9	107,4	96,4	110,3	98,2
Bens intermedios	101,9	108,5	106,8	114,6	108,6	121,0
Energía	99,3	103,5	101,1	95,5	99,4	106,2

Fonte: INE, Índice de produción industrial (IPI)

O gráfico 2.32 amosa a diferenza de puntuación entre o valor do índice en Galicia e España nos tres anos analizados. Ademais do protagonismo do índice de bens de consumo duradeiro en Galicia, obsérvase que as diferenzas entre os índices desagregados tenden a aumentar, salvo precisamente neste segmento.

Gráfico 2.32



Fonte: Elaboración propia con datos do INE, índice de produción industrial (IPI)

2.5. Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I+D+I)


Nesta parte do informe analízase a evolución do gasto en investigación científica, tanto dende unha perspectiva xeral (estatal) como centrada en Galicia e comparada. Para iso, tómanse como referencia os datos da Estatística sobre as actividades en investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), que ten como obxectivo principal a medición dos recursos económicos e humanos destinados a investigación por todos os sectores económicos (empresas, administracións, ensino superior e institucións privadas sen ánimo de lucro). A enquisa, que se realiza con carácter anual, faise entre 45.000 empresas, máis de 500 centros de Administración pública, máis de 80 universidades e 121 institucións sen fins de lucro. Os últimos datos dispoñibles son de 2017.

O gasto interno en investigación e desenvolvemento (I+D) en España en 2017 superou os 14.051 millóns de euros, un incremento superior en preto de 800.000 euros ao do ano precedente (5,99%). As empresas representaron o principal sector de execución, seguidas polos centros de ensino superior (27,11%), e as Administracións públicas, que aportan o 17,8% do gasto total en I+D. O resto, un 0,2%, corresponde as institucións privadas sen fins de lucro (IPSFL).

As actividades de I+D empregaron un total de 215.713 persoas en equivalencia a xornada completa, un incremento do 4,8% respecto do ano anterior. Destas persoas, o 40% son mulleres. A meirande parte destas persoas traballa en empresas (44,33%), seguido polo persoal dos centros de ensino superior (36,76%), e o empregado en Administracións públicas (18,67%). O persoal de I+D nas IPSFL non chega ao 1%.

O colectivo de maior importancia é o persoal investigador, que acada 133.195 persoas (en equivalencia a xornada completa). Del, preto do 39% son mulleres. A maior porcentaxe de mulleres atópase nas IPFSL (53%) e nas Administracións públicas (52%). Pola súa banda, o 44% dos centros de ensino superior e o 31% do persoal investigador nas empresas son mulleres.

Gráfico 2.33



Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D

O cadro seguinte amosa a distribución do gasto en I+D en 2017, desagregado por CC.AA. Engádese o persoal en equivalencia a xornada completa nestas actividades.

Cadro 2.35a

Gastos internos e persoal en I+D. Por comunidades autónomas. 2017

	Gastos internos			Persoal en equivalencia a xornada completa		
	Total (Miles de euros)	%	Taxa de variación 2017-2016	Total	%	Taxa de variación 2017-2016
Andalucía	1.421.997	10,1	4,6	24.438,8	11,3	5,7
Aragón	312.636	2,2	0,8	5.745,8	2,7	2,5
Asturias	182.371	1,3	13,0	3.264,2	1,5	4,4
Baleares	113.142	0,8	19,6	2.203,7	1,0	9,9
Canarias	220.264	1,6	10,9	3.360,3	1,6	4,9
Cantabria	109.005	0,8	2,9	1.723,3	0,8	-6,1
Castela e León	683.055	4,9	12,6	9.478,2	4,4	6,8
Castela-A Mancha	228.433	1,6	5,6	3.132,0	1,5	-0,6
Cataluña	3.273.410	23,3	5,5	48.551,3	22,5	4,2
C. Valenciana	1.080.464	7,7	4,1	19.127,0	8,9	2,1
Extremadura	114.014	0,8	7,5	2.041,3	0,9	8,2
Galicia	570.946	4,1	13,3	10.266,0	4,8	9,6
Madrid	3.692.625	26,3	5,4	51.616,5	23,9	6,0
Murcia	280.089	2,0	4,1	6.002,4	2,8	3,3
Navarra	342.525	2,4	11,0	4.830,0	2,2	5,3
País Vasco	1.349.881	9,6	3,6	18.465,2	8,6	3,6
A Ríoxa	74.150	0,5	10,1	1.404,1	0,7	1,5
España	14.051.633	100,0	6,0	215.713,1	100,0	4,8


Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D.

Galicia dedicou case 571.000 euros a I+D en 2017, un 0,90% do seu PIB neste ano. Isto supón un investimento lixeiramente superior ao realizado en 2016, que foi dun 0,87% do PIB dese ano. Este incremento do 13,3% do gasto duplica a media do Estado (6%), e sitúa a comunidade galega, xunto con Baleares (19,6%) e Asturias (13,0%) no marco das CC.AA. de maior incremento no gasto de I+D. Pola contra, Aragón (0,8%), Cantabria (2,9%) e o País Vasco (3,9%) son as comunidades que rexistran menor dotación incremental. Igualmente, Galicia é a segunda comunidade onde máis aumenta o persoal empregado en actividades de I+D, cunha mellora do 9,6% do persoal ocupado só inferior á rexistrada en Baleares (9,9%).

Madrid (26,3%) e Cataluña (23,3%) son as comunidades cunha maior participación no gasto en I+D total en España, mentres que Galicia ocupa o sétimo lugar, cunha aportación do 4,1% ao gasto total en I+D. No relacionado co do persoal implicado nestas actividades, a comunidade galega ocupa o quinto lugar cun 4,8%.

Galicia é a sétima comunidade autónoma en gasto en I+D en proporción ao seu PIB (0,93%), aínda que por debaixo da media do Estado (1,20%). Como se observa no gráfico 2.34, tan só catro comunidades quedan por encima desa media, liderando o País Vasco, cun 1,89% do seu PIB.

Gráfico 2.34




Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D.

No gráfico 2.35 a porcentaxe do gasto en I+D en Galicia en relación co de España en 2017 reflicte a crecente iniciada entre 2012 e 2013. Como se observa, dende 1998 hai un período expansivo que, con pequenas oscilacións, sitúa a Galicia na máxima

participación no global de gasto estatal, situada en 2003. Dende aquela, as porcentaxes decaen lixeiramente, para tomar pulo outra vez en 2006 e acadar o máximo da serie en 2007 (4,16%). A etapa de crise económica motiva una caída abrupta, situándose con pequenas variacións no 3,60%, aproximadamente. A partir de 2013, como se dixo anteriormente, recupérase a senda crecente. A participación rexistrada en 2017 sitúa a comunidade galega na súa maior participación dende hai unha década.

Gráfico 2.35

Galicia. Gasto en I+D (% sobre PIB). 1994- 2017



Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D.

O cadro seguinte permite ver a distribución do gasto en I+D por sector de execución, desagregado por CC.AA. O sector empresarial é o que acada máis fondos, tanto en Galicia (50,30%) coma na media estatal (54,92%). Dos 67.058 millóns de euros adicionais que Galicia destina en 2017 a I+D, o 71,77% corresponde a incremento de execución do gasto en empresas. Isto supón un esforzo no sector empresarial notablemente superior ao realizado no ano precedente, no que o 46,24% do incremento do gasto anual se relacionaba cun incremento de fondos para o sector empresarial. Por outra banda, neste ano destaca especialmente o incremento do gasto de execución nas institucións de ensino superior, moi por enriba do realizado en 2016 (22,35% dos fondos adicionais de 2017 fronte ao 5,73% do mesmo valor en 2016). Este perfil encaixa co debuxado polas comunidades que máis invisten en I+D en proporción do seu PIB (Madrid, Navarra, Cataluña e, moi especialmente, o País Vasco).

Cadro 2.35b

Gastos internos totais en I+D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2017

	Total	% sobre PIB	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	1.421.997	0,91	528.554	274.307	616.956	2.181
Aragón	312.636	0,86	174.904	65.902	71.748	81
Asturias	182.371	0,80	98.292	25.776	58.207	96
Baleares	113.142	0,37	28.888	35.275	48.733	246
Canarias	220.264	0,49	33.853	75.316	110.963	132
Cantabria	109.005	0,83	39.515	21.140	46.143	2.207
Castela e León	683.055	1,20	438.559	47.890	196.351	255
Castela-A Mancha	228.433	0,57	131.907	28.010	68.291	225
Cataluña	3.273.410	1,46	1.916.087	619.818	723.023	14.482
C. Valenciana	1.080.464	0,99	472.444	126.286	481.365	369
Extremadura	114.014	0,61	25.264	24.471	(...)	(...)
Galicia	570.946	0,93	287.214	85.383	196.123	2.227
Madrid	3.692.625	1,68	2.124.818	886.319	675.486	6.003
Murcia	280.089	0,92	127.648	34.863	(...)	(...)
Navarra	342.525	1,73	238.238	29.747	(...)	(...)
País Vasco	1.349.881	1,89	1.012.868	98.592	237.088	1.334
A Ríoxa	74.150	0,91	38.334	15.929	19.852	34
España	14.051.633	1,20	7.717.438	2.495.023	3.808.958	30.213

(1) Institucións privadas sen ánimo de lucro.


(..) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Resulta significativo comprobar que nas comunidades que fan un maior esforzo en I+D (País Vasco, Madrid, Navarra e Cataluña) o sector privado é o responsable da meirande parte da actividade, o que pon de releve a necesidade de dispoñer dun tecido produtivo con forte actividade de I+D. Debe notarse, ademais, que son comunidades cunha fonda tradición industrial. O sector servizos acada algo menos do gasto en I+D, pero emprega a máis persoal nestas actividades e, en particular, unha parte notablemente superior para sustentar a súa actividade.

Gráfico 2.36

Gasto en I+D por sectores industriais. España, 2017



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D

O cadro 2.36 permite analizar estes gastos polo miúdo. Aínda que as cantidades destinadas pola industria son bastante equilibradas, destaca especialmente o gasto na industria farmacéutica, na de vehículos de motor e noutro material de transporte. No relacionado cos servizos, a maior partida de gasto correspóndese coas actividades profesionais, científicas e técnicas. En segundo lugar, aínda que coa metade de dotación, aparecen os servizos de información e comunicacións.

Cadro 2.36

Gastos totais en I+D (por sector). España. 2017

	Gastos internos (miles de euros)		Persoal en I+D en EXC: total personal		Persoal en I+D en EXC: persoal investigador	
	Total	%	Total	%	Total	%
TOTAL EMPRESAS	7.125.973	100	90.129	100	47.222	100
1. AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA (CNAE 01, 02, 03)	68.691	0,96%	1.186	1,32%	301	0,64%
TOTAL INDUSTRIA	3.568.875	50,08%	40.026	44,41%	18.948	40,13%
2. Industrias extractivas e do petróleo (CNAE 05, 06, 07, 08, 09, 19)	75.321	1,06%	562	0,62%	271	0,57%
3. Alimentación, bebidas e tabaco (CNAE 10, 11, 12)	205.986	2,89%	2.794	3,10%	1.191	2,52%
4. Textil, confección, coiro e calzado (CNAE 13, 14, 15)	104.617	1,47%	1.177	1,31%	356	0,75%
5. Madeira, papel e artes gráficas (CNAE 16, 17, 18)	40.496	0,57%	659	0,73%	259	0,55%
6. Química (CNAE 20)	239.067	3,35%	3.657	4,06%	1.732	3,67%
7. Farmacia (CNAE 21)	631.333	8,86%	4.956	5,50%	2.473	5,24%
8. Caucho e plásticos (CNAE 22)	102.734	1,44%	1.257	1,39%	390	0,83%
9. Produtos minerais non metálicos diversos (CNAE 23)	47.494	0,67%	683	0,76%	300	0,64%
10. Metalurxia (CNAE 24)	43.437	0,61%	484	0,54%	251	0,53%
11. Manufacturas metálicas (CNAE 25)	113.099	1,59%	1.605	1,78%	641	1,36%
12. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos (CNAE 26)	169.508	2,38%	2.924	3,24%	1.643	3,48%
13. Material e equipo eléctrico (CNAE 27)	218.611	3,07%	2.910	3,23%	1.493	3,16%
14. Outra maquinaria e equipo (CNAE 28)	228.875	3,21%	3.247	3,60%	1.437	3,04%
15. Vehículos de motor (CNAE 29)	439.983	6,17%	4.716	5,23%	2.101	4,45%
16. Outro material de transporte (CNAE 30)	567.982	7,97%	4.129	4,58%	2.245	4,75%
17. Mobles (CNAE 31)	14.953	0,21%	291	0,32%	125	0,26%
18. Outras actividades de fabricación (CNAE 32)	61.585	0,86%	861	0,96%	366	0,78%
19. Reparación e instalación de maquinaria e equipo (CNAE 33)	13.418	0,19%	210	0,23%	123	0,26%
20. Enerxía e agua (CNAE 35, 36)	131.206	1,84%	1.237	1,37%	757	1,60%
21. Saneamento, xestión de residuos e descontaminación (CNAE 37, 38, 39)	23.539	0,33%	233	0,26%	121	0,26%
22. Construción (CNAE 41, 42, 43)	95.632	1,34%	1.434	1,59%	673	1,43%
TOTAL SERVICIOS	3.488.408	48,95%	48.917	54,27%	27.973	59,24%
23. Comercio (CNAE 45, 46, 47)	251.221	3,53%	3.212	3,56%	1.655	3,51%
24. Transportes e almacenamento (CNAE 49, 50, 51, 52, 53)	57.191	0,80%	788	0,87%	230	0,49%
25. Hostalaría (CNAE 55, 56)	2.792	0,04%	53	0,06%	32	0,07%
26. Información e comunicacións (CNAE 58, 59, 60, 61, 62, 63)	836.058	11,73%	14.565	16,16%	6.924	14,66%
27. Actividades financeiras e de seguros (CNAE 64, 65, 66)	154.213	2,16%	1.351	1,50%	468	0,99%
28. Actividades inmobiliarias (CNAE 68)	5.316	0,07%	70	0,08%	19	0,04%
29. Actividades profesionais, científicas e técnicas (CNAE 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75)	2.044.353	28,69%	26.460	29,36%	17.237	36,50%
30. Actividades administrativas e servizos auxiliares (CNAE 77, 78, 79, 80, 81, 82)	36.919	0,52%	686	0,76%	245	0,52%
31. Actividades sanitarias e de servizos sociais (CNAE 86, 87, 88)	77.792	1,09%	1.334	1,48%	938	1,99%
32. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (CNAE 90, 91, 92, 93)	5.502	0,08%	106	0,12%	47	0,10%
33. Outros servizos (CNAE 85-854, 94, 95, 96)	17.050	0,24%	293	0,32%	179	0,38%

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Dos datos anteriores derívase o cadro 2.37, que permite comparar a participación do gasto en I+D de cada sector no PIB das distintas CC.AA. No marco estatal, na liña co anteriormente comentado, obsérvase que a maior representación sobre o PIB a acada o sector empresarial, con preto dun 55%. A continuación figura o sector de ensino superior, cun 27,11% do gasto total. O gasto das Administracións públicas supuxo un

equivalente ao 17,76%, e o sector institucións privadas sen fins de lucro (IPSFL) achega o 0,22% restante. Estas porcentaxes supoñen unha leve reestruturación en relación co ano precedente.

A análise da comunidade galega revela que a porcentaxe empresarial é lixeiramente inferior á media estatal (50,30%), mentres que a das institucións de ensino superior representan sete puntos máis que a media estatal (34,35%). Tamén figura sobre a media o gasto das IPSGL (0,39% en Galicia), en detrimento do gasto das Administracións públicas, tres puntos por debaixo da media española.

Cadro 2.37

**Gastos en persoal actividades en I+D.
Por comunidades autónomas e sector de execución. 2017**

	Total	Empresas	Admón. pública	Ensino superior	IPSFL ⁽¹⁾	% Persoal s/gasto total
Andalucía	1.421.997	7.672	5.320	11.384	63	0,02
Aragón	312.636	2.434	1.202	2.106	3	0,02
Asturias	182.371	1.311	507	1.444	3	0,02
Baleares	113.142	377	500	1.320	7	0,02
Canarias	220.264	578	1.091	1.688	4	0,02
Cantabria	109.005	598	371	722	32	0,02
Castela e León	683.055	3.839	942	4.685	12	0,01
Castela-A Mancha	228.433	1.499	482	1.141	10	
Cataluña	3.273.410	23.363	10.100	14.915	174	0,01
C. Valenciana	1.080.464	7.486	2.241	9.393	7	0,02
Extremadura	114.014	525	488	(...)	(...)	
Galicia	570.946	4.619	1.484	4.132	32	0
Madrid	3.692.625	22.898	13.044	15.544	130	0,01
Murcia	280.089	2.136	544	(...)	(...)	
Navarra	342.525	2.619	448	(...)	(...)	
País Vasco	1.349.881	13.041	1.252	4.155	18	0,01
A Ríoxa	74.150	641	269	493	1	0,02
España	14.051.633	95.636	40.283	79.286	509	0,02

En miles de euros (agás a 2ª columna, que está en porcentaxe)

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

(...) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

A información do cadro anterior recolle o gasto destinado a financiar a persoal en actividades de I+D en 2017. Como pode observarse, é un gasto escaso sobre o gasto total de I+D nas diferentes comunidades e no conxunto do Estado. Galicia é a cuarta comunidade que máis gasto destina ao pago de persoal (das que teñen datos dispoñibles), cunha porcentaxe case 3 décimas superior á media estatal. O persoal en ensino superior acapara a meirande contía, case sen excepción. Ademais, contráese en 2017, aínda que nunha cantidade case inapreciable (1,55% en 2016 e 1,54% en

2017). As comunidades difiren no referente á partida que acapara a maior porcentaxe de gastos, entre aquelas onde este corresponde ás empresas (entre as que se atopa Galicia) e aquelas outras onde se trata de persoal en institucións de ensino superior. Particularmente rechamante é o caso de Cataluña, onde a porcentaxe de gasto de persoal nas empresas supera o 48% do total.

As Administracións públicas son maioritarias no emprego de mulleres en I+D. En todas as comunidades agás catro (Aragón, Canarias, Extremadura e Murcia), a porcentaxe de gasto destinado a financiar as actividades de I+D exercidas por mulleres é maioritaria nas respectivas Administracións públicas. Galicia, con preto dun 61% desta partida destinada a persoal feminino, lidera esta porcentaxe, superando en 7 puntos a media do Estado. Tamén supera a media estatal na porcentaxe de gasto en actividades desenvolvidas por mulleres en institucións de ensino superior e IPSFL. Non obstante, no caso do gasto para mulleres que traballan nestas actividades nas empresas queda por debaixo da media estatal (case 4 puntos), atopándose entre as comunidades con menor porcentaxe neste grupo.

Cadro 2.38

% Gasto mulleres. 2017

	Empresas	Admón. pública	Enseño superior	IPSFL ⁽¹⁾
Andalucía	29,55	49,44	43,71	20,06
Aragón	27,78	48,47	48,05	51,61
Asturias	31,19	51,28	41,82	21,21
Baleares	22,42	55,86	45,81	16,18
Canarias	29,33	38,84	43,43	44,44
Cantabria	30,30	59,34	46,16	38,01
Castela e León	29,30	53,79	48,45	74,19
Castela-A Mancha	34,58	46,93	42,22	65,35
Cataluña	33,33	53,47	47,63	53,48
C. Valenciana	29,86	56,82	44,37	51,35
Extremadura	27,77	47,08	(...)	(...)
Galicia	27,43	60,81	46,33	67,29
Madrid	32,91	51,04	38,69	67,41
Murcia	31,44	46,81	(...)	(...)
Navarra	28,53	50,71	(...)	(...)
País Vasco	30,00	56,31	50,28	63,64
A Rioxa	27,42	56,08	48,16	0,00
España	31,27	51,95	44,45	53,11


(...) Dato protexido por segredo estatístico.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

Ao fío da representación feminina, obsérvase que en Galicia aumenta en todos os sectores relativamente máis do que o fai en España, salvo unha moi lixeira caída nos centros de ensino superior. En consecuencia, as diferenzas da representación da muller en actividades de I+D en Galicia sobre a media estatal van aumentando progresivamente.

Gráfico 2.37

%Gasto mulleres por sectores. Galicia/España. 2016-2017



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

O cadro 2.39 presenta a evolución do gasto por sectores dende 2010, en Galicia e España. En Galicia vese un incremento constante da porcentaxe de execución de gasto en empresas, que en España se mantén constante. Igualmente, en ambos os contextos redúcese progresivamente o gasto executado polas institucións de ensino superior, aínda que a caída é superior en Galicia. O “resto dos sectores” é o que presenta un comportamento máis estable, relativamente. Estes datos suxiren que as empresas galegas están adoptando un rol motor do gasto en I+D na comunidade, en detrimento das institucións de ensino superior.

Cadro 2.39

Porcentaxe de execución do gasto en I+ D por sectores. Galicia e España. 2010-2017

	Galicia					España				
	2010	2012	2014	2016	2017	2010	2012	2014	2016	2017
Empresas	45,07	46,00	47,61	47,45	50,30	51,65	52,98	52,92	53,74	51,70
Enseño superior	38,99	39,56	37,76	35,95	34,35	28,26	27,75	28,13	27,52	27,11
Resto dos sectores ⁽¹⁾	15,94	14,43	14,63	16,60	15,35	20,09	19,27	18,95	18,74	21,19

(1) Administración pública e institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística de I+D.

No seguinte cadro podemos ver a evolución dende o ano 2000 ata a actualidade das porcentaxes do gasto en I+D respecto do PIB nas distintas CC.AA. Como norma xeral, detéctase unha tendencia crecente ata o 2010, en que as porcentaxes comezan a decrecer salvo en tres comunidades (Castela-A Mancha, Navarra e o País Vasco). A partir dese ano mantense decrecente, ata o bienio 2016-2017, onde se empeza a recuperar este gasto. En Galicia destaca o crecemento producido en 2007 (trece centésimas), que remata no seguinte ano onde acada a maior porcentaxe respecto ao PIB, o 1,04%. Igualmente, no último ano obsérvase tamén un leve descenso, que o sitúa no 0,94%.

Cadro 2.40

Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado. Por comunidades autónomas. 2000-2017


	2000	2001(*)	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009(**)	2010	2011	2012(***)	2013	2014	2015	2016	2017
Andalucía	0,65	0,60	0,60	0,85	0,76	0,84	0,89	1,02	1,03	1,11	1,22	1,16	1,05	1,04	1,06	1,03	0,92	0,92
Aragón	0,69	0,69	0,71	0,70	0,69	0,79	0,87	0,90	1,03	1,12	1,13	0,97	0,95	0,90	0,92	0,90	0,89	0,87
Asturias	0,82	0,69	0,62	0,67	0,65	0,70	0,88	0,93	0,97	1,01	1,06	0,97	0,90	0,86	0,83	0,75	0,74	0,80
Baleares	0,22	0,23	0,24	0,24	0,26	0,27	0,29	0,33	0,36	0,38	0,43	0,37	0,34	0,33	0,32	0,33	0,33	0,38
Canarias	0,47	0,54	0,58	0,52	0,58	0,58	0,65	0,64	0,63	0,60	0,63	0,60	0,52	0,50	0,49	0,49	0,47	0,50
Cantabria	0,46	0,57	0,53	0,45	0,44	0,45	0,79	0,88	1,01	1,17	1,24	1,11	1,02	0,91	0,85	0,85	0,84	0,83
C. León	0,64	0,82	0,80	0,86	0,93	0,89	0,97	1,10	1,27	1,15	1,11	1,04	1,14	0,99	1,02	1,00	1,10	1,20
C. A Mancha	0,56	0,34	0,43	0,42	0,41	0,41	0,47	0,60	0,72	0,63	0,69	0,70	0,60	0,53	0,54	0,55	0,57	0,57
Cataluña	1,06	1,10	1,19	1,27	1,33	1,35	1,42	1,48	1,62	1,70	1,66	1,60	1,51	1,50	1,49	1,52	1,46	1,47
C. Valenciana	0,71	0,74	0,77	0,83	0,89	0,98	0,95	0,95	1,05	1,11	1,08	1,05	1,03	1,02	1,04	1,00	0,99	0,99
Extremadura	0,54	0,59	0,59	0,52	0,41	0,68	0,72	0,74	0,86	0,90	0,88	0,85	0,75	0,76	0,70	0,67	0,60	0,62
Galicia	0,64	0,72	0,79	0,85	0,85	0,87	0,89	1,03	1,04	0,94	0,94	0,94	0,89	0,86	0,89	0,89	0,87	0,94
Madrid	1,58	1,67	1,76	1,69	1,64	1,81	1,96	1,92	2,02	2,05	2,06	2,00	1,73	1,75	1,70	1,71	1,66	1,68
Murcia	0,69	0,62	0,54	0,68	0,65	0,73	0,76	0,91	0,86	0,87	0,92	0,86	0,84	0,84	0,88	0,89	0,94	0,92
Navarra	0,87	1,16	1,05	1,34	1,80	1,68	1,91	1,88	1,94	2,19	2,04	2,12	1,95	1,79	1,76	1,62	1,62	1,73
País Vasco	1,16	1,36	1,29	1,39	1,51	1,48	1,58	1,87	1,98	2,13	2,03	2,15	2,23	2,09	2,04	1,91	1,89	1,88
A Ríoxa	0,57	0,62	0,54	0,63	0,66	0,66	1,04	1,16	1,01	1,08	1,06	1,02	0,89	0,79	0,93	0,90	0,84	0,91
España	0,91	0,95	0,99	1,05	1,06	1,12	1,20	1,27	1,35	1,39	1,40	1,36	1,27	1,24	1,24	1,22	1,19	1,20

Dende 2001(*) ata 2009 PIB pm base 2000.
Dende 2009 (**) ata 2012 PIB pm base 2008.
Dende 2012 (***) en adelante PIB pm base 2010.
Fonte: INE, Estadística de I+D.

Unha análise polo miúdo desta evolución permite obter resultados de interese. O gráfico seguinte presenta as taxas de crecemento medio anual das porcentaxes de gasto en I+D (en relación co PIB) nas diferentes CC.AA. Galicia é a sétima comunidade en crecemento, por enriba da media do conxunto de España (1,6%).

Gráfico 2.38

Evolución do gasto en I+D sobre PIB. 2010-2017



Fonte: INE, Estatística sobre actividades de I+D.

En España o gasto total porcentual en I+D vén aumentando a unha media do 1,64%. Navarra, Castela e León e Cantabria destacan no esforzo acumulado neste investimento, mentres que o ritmo de Castela-A Mancha e Madrid –que foi sinalada pola cantidade que destina ao seu I+D- é menor. Asturias é a única comunidade que dedica en 2016 unha cantidade menor do seu PIB que a que destinaba en 2000. Galicia, no total do período, presenta un crecemento medio acumulado superior á media.

O cadro 2.41 recolle a porcentaxe de gasto en I+D que se realiza nos diferentes países que integran a UE, así como outros países de Europa. A Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador establece como obxectivo clave o aumento do investimento comunitario ata o 3% do PIB. A senda de crecemento iniciada en 2008 interrómpeuse coa chegada da crise, no bienio 2012-2013. A partir dese momento, o gasto en I+D estabilízase no 2,03% ata o ano 2017, onde experimenta unha lixeira mellora. Alemaña, Austria, Dinamarca, Finlandia e Suecia, con taxas medias superiores ao 2,8%, destacan no esforzo de investimento en I+D. Non obstante, cabe destacar que tan só dous países (Finlandia, cunha media do 3,3% no período analizado, e Suecia, do 3,3%) se achegan ao obxectivo marcado.

Cadro 2.41

Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. Países OCDE Europa: 2007-2017

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
EU (28 países)	1,84	1,93	1,93	1,97	2,01	2,02	2,03	2,03	2,03	2,06
Alemaña	2,60	2,72	2,71	2,80	2,87	2,82	2,87	2,92	2,94	3,02
Austria	2,57	2,60	2,73	2,67	2,91	2,95	3,07	3,05	3,09	3,16
Bélxica	1,92	1,99	2,05	2,16	2,27	2,33	2,39	2,47	2,49	2,58
Bulgaria	0,45	0,49	0,56	0,53	0,60	0,63	0,79	0,96	0,78	0,75
Chipre	0,39	0,44	0,45	0,46	0,44	0,48	0,51	0,48	0,50	0,56
Croacia	0,88	0,84	0,74	0,75	0,75	0,81	0,78	0,84	0,84	0,86
Dinamarca	2,77	3,06	2,92	2,94	2,98	2,97	2,91	2,96	2,87	3,05
Eslovaquia	0,46	0,47	0,62	0,66	0,80	0,82	0,88	1,18	0,79	0,88
Eslovenia	1,63	1,82	2,06	2,42	2,57	2,58	2,37	2,20	2,00	1,86
España	1,32	1,35	1,35	1,33	1,29	1,27	1,24	1,22	1,19	1,20
Estonia	1,26	1,40	1,58	2,31	2,12	1,72	1,45	1,49	1,28	1,29
Finlandia	3,55	3,75	3,73	3,64	3,42	3,29	3,17	2,90	2,75	2,76
Francia	2,06	2,21	2,18	2,19	2,23	2,24	2,23	2,22	2,25	2,19
Grecia	0,66	0,63	0,60	0,67	0,70	0,81	0,83	0,97	0,99	1,13
Hungría	0,98	1,13	1,14	1,19	1,26	1,39	1,35	1,36	1,21	1,35
Irlanda	1,39	1,61	1,59	1,55	1,56	1,56	1,50	1,20	1,18	1,05
Italia	1,16	1,22	1,22	1,21	1,27	1,31	1,34	1,34	1,29	1,35
Letonia	0,58	0,45	0,61	0,70	0,66	0,61	0,69	0,63	0,44	0,51
Lituania	0,79	0,83	0,78	0,90	0,89	0,95	1,03	1,04	0,74	0,89
Luxemburgo	1,62	1,68	1,50	1,46	1,27	1,30	1,26	1,27	1,24	1,26
Malta	0,53	0,52	0,61	0,67	0,83	0,77	0,72	0,77	0,61	0,54
Países Baixos	1,64	1,69	1,72	1,90	1,94	1,95	2,00	2,00	2,03	1,99
Polonia	0,60	0,66	0,72	0,75	0,88	0,87	0,94	1,00	...	1,03
Portugal	1,45	1,58	1,53	1,46	1,38	1,33	1,29	1,24	1,27	1,33
Reino Unido	1,63	1,69	1,67	1,67	1,60	1,65	1,67	1,67	1,69	1,66
República Checa	1,24	1,29	1,34	1,56	1,78	1,90	1,97	1,93	1,68	1,79
Rumanía	0,57	0,46	0,45	0,49	0,48	0,39	0,38	0,49	0,48	0,50
Suecia	3,50	3,45	3,22	3,25	3,28	3,31	3,15	3,27	3,25	3,40
Turquia	0,69	0,81	0,80	0,80	0,83	0,82	0,86	0,88	...	0,96
Islandia	2,52	2,64	:	2,48	:	1,76	2,00	2,17	2,08	2,10
Noruega	1,55	1,72	1,65	1,63	1,62	1,65	1,71	1,93	2,04	2,09
Rusia	0,98	1,17	1,06	1,02	1,05	1,06	1,07	1,10	...	...
Galicia	1,04	0,94	0,94	0,94	0,89	0,86	0,87	0,89	0,87	0,93
España	1,35	1,39	1,35	1,33	1,28	1,26	1,23	1,22	1,19	1,20

Fonte: IGE e Eurostat.


España non chega a media da EU en ningún dos anos. En concreto, o investimento durante toda a década (1,28%) é 7 décimas inferior á media da EU. A situación relativa de Galicia mellora entre 2016 e 2017, presentando unha mellora de 0,15 puntos só igualada á experimentada polo Reino Unido e Italia. O gasto actual sitúa a comunidade

galega no marco de países como Lituania e Turquía. Con todo, a porcentaxe de gasto en I+D en 2017 é do 45,14% da media europea. España, onde ademais se reduce a porcentaxe entre 2016 e 2017, queda no 58,25% da media do gasto da EU. Isto supón equiparalo a países como Estonia ou Luxemburgo.

A pesar destes datos, obsérvase que a diverxencia da comunidade galega de cara aos obxectivos da EU é menor que á do conxunto do Estado, sobre todo a partir da recente mellora do 2017.

Gráfico 2.39

**Evolución do gasto en I+D sobre PIB. Galicia/España.
2008-2017**



Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D.

2.6. Innovación tecnolóxica nas empresas

A Enquisa de innovación tecnolóxica nas empresas, do INE, permite coñecer a estratexia tecnolóxica das empresas e os factores que inflúen na súa capacidade para innovar e ademais proporciona o marco base para estudos posteriores, como pode ser a utilización da tecnoloxía punta nos procesos de fabricación ou a análise dos fluxos de pagos e ingresos tecnolóxicos. Nesta enquisa avalíase a actividade das empresas que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño etc.)

O cadro 2.42 recolle os principais indicadores de I+D nas empresas manufactureiras de tecnoloxía alta e media alta e de servizos de alta tecnoloxía.

Cadro 2.42

Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empresa⁽¹⁾ e comunidades autónomas. 2017

	Manufactureiras de alta e media-alta tecnoloxía			De servizos de alta tecnoloxía		
	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC
Andalucía	168	159.123	2.031	268	135.420	2.366
Aragón	123	98.514	1.270	74	30.962	512
Asturias	30	10.309	141	80	36.000	647
Baleares	8	2.562	43	38	10.923	228
Canarias	6	1.351	29	51	23.186	383
Cantabria	27	13.852	204	37	8.832	143
Castela e León	60	132.773	1.296	128	223.103	1.450
Castela-A Mancha	51	71.106	522	54	16.266	270
Cataluña	692	871.728	9.397	561	463.771	6.656
C. Valenciana	261	129.373	1.863	291	137.893	2.473
Estremadura	11	1.863	43	33	5.524	163
Galicia	108	72.683	923	185	97.369	2.034
Madrid	264	708.891	5.800	622	723.741	9.173
Murcia	70	22.043	405	81	28.485	576
Navarra	100	87.573	946	74	42.391	470
País Vasco	342	283.063	3.171	328	471.849	6.120
A Ríoxa	14	2.994	55	35	9.551	232
España	2.173	2.669.800	28.139	2.625	2.465.265	33.897

(1) Manufactureiras de alta tecnoloxía: industria farmacéutica, maquinaria de oficina e material informático, compoñentes electrónicos, aparatos de radio, TV e comunicación, instrumentos médicos, de precisión, óptica e relojería e construción aeronáutica e espacial.

Manufactureiras de media-alta tecnoloxía: industria química agás farmacia; maquinaria e equipo; maquinaria e aparatos eléctricos; industria do automóbil; outro material de transporte.

De servizos de alta tecnoloxía: correos e telecomunicacións; actividades informáticas; investigación e desenvolvemento.

Fonte: INE, Base: indicadores de ciencia e tecnoloxía.

En 2017 a comunidade galega concentra 108 empresas manufactureiras de alta-media tecnoloxía, dez máis que en 2016 (un incremento do 10%). Supoñen preto dun 5% do total do Estado, e achegan o 2,72% dos gastos en I+D e o 3,28% do gasto en persoal en actividades de innovación no total do conxunto do Estado. Os servizos de alta tecnoloxía presentan un mellor comportamento, aglutinando 185 empresas (7,04% do total) cun gasto superior ao das empresas manufactureiras (6,64% do total do Estado). As empresas de servizos dan emprego a 2.034 persoas en 2017, un 6% do total en España. Cataluña, Madrid e o País Vasco son as comunidades que lideran todas as categorías, sobre todo no relacionado co sector industrial. Entre as tres comunidades suman o 60% das empresas manufactureiras, que empregan a algo máis do 65% do persoal e supoñen un 70% do gasto total. No sector servizos, os datos son lixeiramente menores, pero con idéntica tendencia á concentración: 58% das empresas, 64,70% do emprego e 67,30% do gasto total en I+D. Estas porcentaxes son lixeiramente inferiores ás reflectidas en informes anteriores, pero as diferencias non chegan a un punto porcentual.

Na comparativa coa situación en 2016, España rexistra unha perda de 20 empresas manufactureiras e 70 de servizos, un 1,84% do total de empresas no sector. Esta redución é particularmente salientable en Cataluña, responsable de máis do 53%

deste diminución (26 empresas manufactureiras e 22 de servizos). Polo contrario, Andalucía presenta a maior expansión no que se refire as manufactureiras (16), aínda que presenta un saldo neto global negativo pola perda de 18 empresas de servizos.

Neste contexto, Galicia fornece o seu tecido empresarial, aumentando o número de empresas manufactureiras (10) e de servizos (1). Así, a comunidade galega é a segunda comunidade que máis mellora no número global de empresas innovadoras, sendo tan só superada por Navarra.

O gasto expándese en termos globais, destacando os incrementos do gasto en Madrid e Cataluña en manufactureiras e de Cataluña no sector servizos. Finalmente, tamén medra o número de persoas empregadas no sector, tanto nas empresas manufactureiras coma nas de servizos. Galicia é responsable de algo máis do 9% desta mellora relativa.

Economía social

3

Benigno Sánchez García

Capítulo 3. ECONOMÍA SOCIAL

3.1. Cooperativas



Segundo datos do Ministerio de Traballo, Migracións y Seguridade Social (cadro 3.1), o número total de cooperativas inscritas na Seguridade Social en Galicia, a 31 de decembro de cada ano, rexistrou unha diminución continuada nos tres últimos anos que, en 2018 respecto de 2016, supón o 2,8%. Non obstante, a pesar da diminución do número de cooperativas inscritas, o número de persoas traballadoras empregadas tivo un incremento do 6,5 % nese mesmo período dos tres últimos anos. A provincia da Coruña segue a ser a que conta con máis cooperativas, pero estas ocupan menos persoas que as da provincia de Ourense e Pontevedra. As cooperativas da provincia de Ourense seguen a ter a ocupación media de persoas traballadoras máis alta de Galicia (32 persoas), aínda que este dato está distorsionado polo efecto Coren, un dos maiores grupos industriais de Galicia, cunha ampla base cooperativa. Lugo é a provincia onde o indicador á que se acaba de facer referencia é máis baixo, con 7 persoas traballadoras de media por cooperativa.

Cadro 3.1

**Cooperativas inscritas na Seguridade Social e persoas traballadoras.
Por provincias. Galicia. 2016-2018**

	Cooperativas			Persoas traballadoras			
	2016	2017	2018	2016	2017	2018	
						Ambos sexos	% de mulleres
A Coruña	221	218	214	1884	2.019	1910	45,5
Lugo	105	101	97	826	747	755	45,0
Ourense	68	63	63	1438	1458	2.172	44,3
Pontevedra	172	170	176	2.317	2.011	2.048	46,3
Galicia	566	552	550	6.465	6.235	6.885	45,3

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, Anuario de estatísticas laborais 2018.



Xa con datos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e se temos en conta tan só as cooperativas inscritas en 2018 nos rexistros autonómicos, provinciais e central (cadro 3.2), a provincia que amosou un maior dinamismo neste punto foi a de Pontevedra. Por tipo de cooperativa, o protagonismo case absoluto corresponde ao cooperativismo de traballo asociado.

Cadro 3.2

Cooperativas constituídas nos rexistros provinciais e central, segundo a clase de cooperativa e número de socios/as promotores. Galicia, 2018

CLASE	REGISTROS PROVINCIAIS																				REGISTRO CENTRAL					TOTAL				
	A CORUÑA					LUGO					OURENSE					PONTEVEDRA														
	Nº COOP.	Nº SOCIOS/AS				Nº COOP.	Nº SOCIOS/AS				Nº COOP.	Nº SOCIOS/AS				Nº COOP.	Nº SOCIOS/AS				Nº COOP.	Nº SOCIOS/AS				Nº COOP.	Nº SOCIOS/AS			
		HOMES	MULL.	P.XURIDICA S	TOTAL		HOMES	MULL.	P.XURIDICA S	TOTAL		HOMES	MULL.	P.XURIDICA S	TOTAL		HOMES	MULL.	P.XURIDICA S	TOTAL		HOMES	MULL.	P.XURIDICA S	TOTAL		HOMES	MULL.	P.XURIDICA S	TOTAL
Traballo asociado	14	13	20		33	2	2	2		4	13	27	15		42	26	33	43		76	7	7	9		16	62	82	89		171
Consumidores e usuarios																														
Vivendas	3	28	17		45											2	6	3		9						5	34	20		54
Agrarias	1	2	4		6						1	2	2		4											2	4	6		10
Explotación comun. da terra																														
Servizos																														
Mar																														
Transportistas																					2	4		3	7	2	4		3	7
Transportistas-Traballo asociado																														
Seguros																														
Sanitarias																														
Servizos sociais-Traballo asociado																														
Ensino																														
Ensino-Traballo asociado											1	3			3											1	3		0	3
Educacionais																														
Integración social																														
Segundo Grao																														

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

Dende o punto de vista da actividade desenvolvida, o 52,8% das cooperativas constituídas en Galicia en 2018, que agrupan ao 58,8% das persoas socias, pertencen ao sector da construción e aos subsectores do comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas; ás actividades profesionais, científicas e técnicas; e ao ensino.

Cadro 3.3

Cooperativas constituídas nos rexistros provinciais e central, segundo a actividade desenvolvida e número de socios/as promotores. 2018

Cód.	Tipo de actividade	REXISTROS PROVINCIAIS								REXISTRO CENTRAL		TOTAL	
		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Nº Coop.	Nº Soc.	Nº Coop.	Nº Soc.
		Nº Coop.	Nº Soc.	Nº Coop.	Nº Soc.	Nº Coop.	Nº Soc.	Nº Coop.	Nº Soc.				
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2	8			2	6	1	2			5	16
B	Industrias extractivas												
C	Industria manufacturera	3	7			1	3			1	2	5	12
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado												
E	Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación												
F	Construción	3	45					3	11	1	2	7	58
G	Comercio por xunto e polo mudo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	5			4	9	9	26	1	3	16	43
H	Transporte e almacenamento									2	7	2	7
I	Hostalaría	1	2			2	4	2	7			5	13
J	Información e comunicacións					3	18			2	4	5	22
K	Actividades financeiras e de seguros											0	0
L	Actividades inmobiliarias							1	3			1	3
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	4			2	6	5	14			9	24
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares			1	2	1	3			1	2	3	7
O	Administración pública e Defensa e Seguridade Social obrigatoria												
P	Educación	4	10					2	9			6	19
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais							2	7			2	7
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1	3							1	3	2	6
S	Outros servizos			1	2			3	6			4	8
T	Activid. dos fogares como empregadores de persoal doméstico; activid. dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio												
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais												
Total		18	84	2	4	15	49	28	85	9	23	72	245

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

3.2. Sociedades laborais


De novo con datos do Ministerio de Traballo, Migracións y Seguridade Social (cadro 3.4), o número total de sociedades laborais inscritas na Seguridade Social en Galicia, a 31 de decembro de cada ano, diminuíu nos últimos tres anos, nunha tendencia uniforme en todas as provincias galegas. A diminución en 2018 respecto de 2016 foi do 8,9%. O número de persoas traballadoras empregadas nelas diminuíu un 1,6%.

Cadro 3.4

Sociedades laborais inscritas na Seguridade Social e persoas traballadoras.
Por provincias. Galicia. 2016-2018

	Sociedades laborais			Persoas traballadoras			
	2016	2017	2018	2016	2017	2018	
						Ambos sexos	% de mulleres
A Coruña	171	165	160	941	925	899	34,6
Lugo	67	53	54	357	344	374	29,4
Ourense	87	79	78	293	271	282	35,1
Pontevedra	194	184	181	1049	1118	1042	26,3
Galicia	519	481	473	2.640	2.658	2.597	30,6

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, Anuario de estadísticas laborais 2018.



O dato anterior resulta congruente cos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria acerca da evolución do número de sociedades laborais constituídas en Galicia entre 2011 e 2017 (a pesar do reponte no número das constituídas en 2018), e do número de sociedades laborais que causaron baixa no mesmo período, incluíndo aquí o ano 2018, ano este último no que se produciron 125 baixas, o dato máis prominente de toda a serie.

Cadro 3.5

Sociedades laborais: actos inscritos segundo a provincia do domicilio social. Galicia. 2018

	Sociedades laborais constituídas	Modificacións estatutarias	Sociedades laborais que causaron baixa	Totais
A Coruña	15	37	50	102
Lugo	3	12	15	30
Ourense	3	5	10	18
Pontevedra	24	26	50	100
Galicia	45	80	125	250


Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

Cadro 3.6

Sociedades laborais constituídas por provincias. Galicia. 2011-2018

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	20	26	18	18	13	7	6	15
Lugo	2	7	2	5	1	1	0	3
Ourense	10	15	3	6	5	3	4	3
Pontevedra	16	13	22	13	16	18	19	24
Galicia	48	61	45	42	35	29	29	45

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.



Cadro 3.7

Sociedades laborais. Modificacións estatutarias. Evolución. Galicia. 2011-2018

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	7	11	15	11	6	12	8	37
Lugo	2	7	2	1	1	3	2	12
Ourense	5	4	1	4	2	0	1	5
Pontevedra	10	14	13	12	11	9	12	26
Galicia	24	36	31	28	20	24	23	80

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

Cadro 3.8

Sociedades laborais que causaron baixa por provincias. Galicia. 2011-2018

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	26	20	18	23	15	19	41	50
Lugo	15	14	23	8	8	4	25	15
Ourense	11	14	14	13	14	5	10	10
Pontevedra	25	23	24	20	20	11	25	50
Galicia	77	71	79	64	57	39	101	125


Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

Cadro 3.9

Distribución provincial número socios desagregado por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas en 2018

	Persoas Físicas	Persoas xurídicas	Totais socios por sexo		Socios por tipo de participación			
			Homes	Mulleres	Homes soc. traballo	Mulleres soc. traballo	Homes soc. capital	Mulleres soc. capital
A Coruña	53		35	18	29	14	6	4
Lugo	9		8	1	8	1		
Ourense	15		10	5	7	4	3	1
Pontevedra	68		33	35	28	34	5	1
Galia	145	0	86	59	72	53	14	6

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.



A metade das sociedades laborais constituídas en Galicia en 2018 (cadro 3.10) están encadradas en tres subsectores: o comercio por xunto e polo miúdo e a reparación de vehículos a motor; as actividades profesionais, científicas e técnicas; e as actividades artísticas, recreativas e de entretemento.

Cadro 3.10

Sociedades laborais constituídas, segundo a actividade económica, as provincias e o total. Galicia, 2018

Cód.	Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Nº SS LL	Nº Soc.	Nº SS LL	Nº Soc.	Nº SS LL	Nº Soc.	Nº SS LL	Nº Soc.	Nº SS LL	Nº Soc.
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	3					1	3	2	6
B	Industrias extractivas										
C	Industria manufacturera	3	15					1	2	4	17
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado										
E	Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación										
F	Construción	2	7	1	3			1	6	4	16
G	Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	3	12					6	15	9	27
H	Transporte e almacenamento										
I	Hostalaría	2	6					2	6	4	12
J	Información e comunicacións			1	3			1	2	2	5
K	Actividades financeiras e de seguros										
L	Actividades inmobiliarias										
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	4	10					5	11	9	21
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares							2	10	2	10
O	Administración pública e Defensa e Seguridade Social obrigatoria										
P	Educación					1	5			1	5
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais										
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			1	3	2	10	2	4	5	17
S	Outros servizos							3	9	3	9
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio										
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
Total		15	53	3	9	3	15	24	68	45	145

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

Dende o punto de vista societario, o 86,2% das persoas socias das sociedades laborais constituídas en 2018 son socias de traballo, e un 59,3% homes.

Cadro 3.11

Sociedades laborais constituídas, segundo a actividade económica, tipo de participación e sexo. Galicia. 2018

Cód.	Actividade	Nº SS LL	Total socios	Socios		Sexo	
				De traballo	De capital	Home	Muller
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	2	6	5	1	4	2
B	Industrias extractivas						
C	Industria manufacturera	4	17	15	2	13	4
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado						
E	Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación						
F	Construción	4	16	13	3	14	2
G	Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	9	27	23	4	14	13
H	Transporte e almacenamento						
I	Hostalaría	4	12	12		7	5
J	Información e comunicacións	2	5	5		4	1
K	Actividades financeiras e de seguros						
L	Actividades inmobiliarias						
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	9	21	19	2	8	13
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	2	10	7	3	4	6
O	Administración pública e Defensa e Seguridade Social obrigatoria						
P	Educación	1	5	4	1	1	4
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais						
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	5	17	14	3	14	3
S	Outros servizos	3	9	8	1	3	6
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio						
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais						
Total		45	145	125	20	86	59

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

3.3. Centros especiais de emprego

Esta modalidade de organización produtiva, que persegue a integración laboral das persoas con discapacidade, viu a constitución de 6 centros en 2018, nos que a práctica totalidade está integrada por persoas con discapacidade.

Cadro 3.12

Centros especiais de emprego constituídos en Galicia. 2018

Centros especiais de emprego	Centros de traballo	Traballadores/as		Persoas con discapacidade		Persoas sen discapacidade	
		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
6	6	5	2	5	1	0	1

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.

**Poboación e mercado de
traballo**

4

María Bastida Domínguez

Santiago Lago Peñas

Alberto Vaquero García

(apartados 4.1 a 4.7)

Capítulo 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

4.1. A poboación galega

4.1.1. Evolución da poboación

A poboación galega diminuíu en 2018 respecto a 2017 en 6.980 persoas, ata chegar aos 2.703.149 habitantes.

Esta perda de peso demográfico insírese nunha traxectoria descendente, como mostra o cadro 4.1. Nel recóllese a evolución demográfica das cinco comunidades autónomas (CC.AA.) máis poboadas, cunha dobre perspectiva temporal: a un prazo máis longo (tomando como referencia 2001) e nos últimos oito anos (2011-2018). En 2018, Andalucía, Cataluña, Madrid e Comunidade Valenciana, por esta orde, concentran 27.394.563 habitantes, un 58,7% da poboación española.

Salienta o seguinte:

- O contraste entre a grande suba da poboación española entre 2001 e 2018 (5.992.902 habitantes, un 14,7%) e a diminución da poboación galega (5.124 habitantes, un 18,9%).
- Galicia é a única das cinco CC.AA. analizadas que ten menos poboación en 2018 que no 2001.

Polo que se refire aos últimos oitos anos (2011-2018):

- A poboación galega diminuíu en 70.266 persoas.
- Galicia é a única das cinco CC.AA. estudadas que baixou a poboación todos os anos.

Cadro 4.1

Poboación das 5 comunidades autónomas de mais habitantes. 2001/2011-2018

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Andalucía	7.323.031	8.332.087	8.377.809	8.393.159	8.388.875	8.399.618	8.403.774	8.408.825	8.410.094
Cataluña	6.314.849	7.493.252	7.514.992	7.480.921	7.416.237	7.396.991	7.408.290	7.441.140	7.488.717
Madrid	5.379.087	6.394.239	6.425.573	6.414.709	6.378.297	6.385.298	6.424.275	6.476.705	6.549.519
C. Valenciana	4.135.183	4.999.211	5.009.647	4.987.017	4.956.427	4.939.674	4.932.347	4.935.084	4.946.233
Galicia	2.698.025	2.773.415	2.771.916	2.761.970	2.747.226	2.734.656	2.720.102	2.710.129	2.703.149
España	40.665.545	46.667.175	46.818.216	46.727.890	46.512.199	46.449.565	46.440.099	46.527.039	46.658.447

Os datos do 1-1-2018 son provisionais.

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

Aparece a desagregación provincial desta evolución no cadro 4.2, destacando que:

- A poboación baixou nas catro provincias.
- En 2018 A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis de dous millóns de habitantes (2.062.343), un 76,3% do total da poboación en Galicia.

- O devalar demográfico en Galicia vaise facendo máis intenso ano a ano, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo, cunha perda de poboación dende 2011 ata 2018 do 6,3% e 5,2%, respectivamente.

Cadro 4.2

Evolución anual da poboación. Por provincias. 2001/2011-2018

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	1.095.881	1.140.069	1.141.178	1.138.494	1.133.330	1.128.694	1.124.114	1.121.746	1.121.417
Lugo	359.818	349.525	347.629	344.845	341.822	338.921	336.136	333.593	331.492
Ourense	339.681	330.019	328.188	325.389	321.801	318.739	314.663	311.562	309.314
Pontevedra	902.645	953.802	954.921	953.241	950.273	948.302	945.189	943.228	940.926

Fonte: INE, a 1de xaneiro de cada ano.

A desagregación por grupos quinquenais de idade dos datos da poboación galega a longo prazo figura no cadro 4.3. O notable avellentamento demográfico de Galicia queda ben reflectido comparando a situación entre 2001 y 2018, xa que o grupo de idade de 85 ou máis anos multiplica case por 2 o valor de 2001.

Cadro 4.3

Serie histórica de poboación segundo grupos quinquenais de idade. Galicia. 2001, 2006, 2014 e 2018

	2001	2006	2014	2018
0-4	93.594	103.716	108.093	97.757
5-9	105.119	98.513	113.617	113.096
10-14	126.065	109.671	106.762	112.684
15-19	166.204	130.641	104.818	106.778
20-24	213.597	169.871	124.056	109.998
25-29	210.965	217.213	146.545	125.854
30-34	201.386	215.370	193.081	150.984
35-39	192.982	207.372	228.146	200.849
40-44	189.714	197.626	216.706	224.960
45-49	171.193	192.760	208.759	213.963
50-54	171.108	172.649	198.369	203.312
55-59	158.809	171.235	182.840	194.255
60-64	141.256	158.141	168.418	175.792
65-69	167.010	138.842	166.041	165.352
70-74	140.368	158.009	133.450	154.766
75-79	110.629	125.273	130.765	114.427
80-84	75.190	88.776	113.244	116.678
85 e mais	62.837	74.421	103.516	121.643
Total	2.698.025	2.730.097	2.747.226	2.703.149

Fonte: INE, a 1de xaneiro de cada ano.

O cadro 4.4 amosa a evolución da distribución da poboación galega por comarcas, no que subliñamos as once demarcacións que a 1 de xaneiro de 2018 teñen máis de 50.000 habitantes. A partir da comparación respecto ao ano 2001, salienta o seguinte:

- No eido das provincias de Lugo e Ourense, tan só a comarca da capital de provincia medrou, namentres na Coruña aumentou en tres (A Coruña, Compostela e Barbanza) e en Pontevedra en seis (Vigo, Pontevedra, Baixo Miño, o Condado, O Morrazo e O Salnés).

- Das comarcas das sete principais cidades de Galicia, só a de Ferrol baixou o número de habitantes (en 8.680).
- En varias comarcas galegas (Ortegal, Os Ancares, A Fonsagrada, Quiroga, Baixa Limia, Terra de Caldelas, Terra de Trives, Viana, A Paradanta) a poboación caeu máis dun 25%; e entre un 20%-25% en Muros, Terra de Soneira, Xallas, Chantada, Meira, O Ribeiro e Terra de Celanova).

Finalmente salienta que no período 2014-2018, das 53 comarcas tan só subiu a poboación en tres: A Coruña, Santiago de Compostela e Pontevedra.

Cadro 4.4

Poboación segundo comarcas. Galicia. 2001, 2011-2018

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Arzúa	19.184	17.364	17.226	17.057	16.909	16.828	16.678	16.500	16.351
Barbanza	66.323	68.311	68.336	68.199	67.776	67.331	66.940	66.672	66.405
A Barcala	11.800	11.179	11.046	10.940	10.763	10.634	10.556	10.424	10.382
Bergantiños	70.815	70.209	69.834	69.438	68.928	68.428	67.890	67.357	67.173
Betanzos	39.142	39.632	39.419	39.065	38.768	38.452	38.079	37.975	38.011
A Coruña	358.302	396.864	398.025	398.412	397.254	396.728	397.520	398.730	400.995
Eume	28.842	26.391	26.124	25.539	25.490	25.184	25.000	24.834	24.639
Ferrol	162.261	162.531	161.541	160.666	159.422	158.029	156.159	154.802	153.581
Fisterra	25.175	23.677	23.136	22.747	22.461	22.255	22.000	21.770	21.631
Muros	15.971	14.399	14.042	13.785	13.493	13.244	13.004	12.852	12.726
Noia	37.292	35.623	35.269	34.775	34.459	34.062	33.758	33.527	33.312
Ordes	38.193	38.683	38.411	38.153	37.687	37.313	36.960	36.702	36.583
Ortegal	16.923	14.347	13.772	13.166	12.942	12.990	12.776	12.531	12.238
Santiago	146.555	163.576	164.519	164.621	165.083	165.361	165.887	166.692	167.142
O Sar	17.718	16.814	16.730	16.459	16.373	16.235	16.091	15.922	15.741
Terra de Melide	14.820	13.137	12.679	12.379	12.533	12.371	12.238	12.153	12.003
Terra de Soneira	21.694	19.426	19.168	18.706	18.386	17.943	17.620	17.360	17.041
Xallas	16.992	14.961	14.634	14.054	14.008	13.808	13.643	13.491	13.397
Os Ancares	14.238	11.612	11.330	11.153	10.951	10.719	10.474	10.265	10.019
Chantada	17.118	14.835	14.536	14.287	14.055	13.876	13.639	13.499	13.389
A Fonsagrada	7.461	6.043	5.859	5.696	5.563	5.432	5.316	5.185	5.075
Lugo	112.895	120.548	120.737	120.802	120.320	119.579	119.394	118.906	118.758
A Mariña Central	30.457	30.530	30.323	30.106	29.860	29.542	29.373	29.185	29.149
A Mariña Occidental	28.020	27.238	27.140	26.964	26.729	26.370	26.122	25.929	25.792
A Mariña Oriental	17.479	17.231	17.126	16.893	16.741	16.598	16.477	16.357	16.245
Meira	6.706	5.698	5.638	5.552	5.447	5.425	5.335	5.231	5.125
Quiroga	7.245	6.020	5.813	5.721	5.618	5.514	5.406	5.333	5.245
Sarria	26.427	24.511	24.170	23.914	23.720	23.466	23.194	22.994	22.735
Terra Chá	48.801	44.081	43.573	42.912	42.336	41.860	41.290	40.770	40.336
Terra de Lemos	36.089	33.133	32.813	32.333	31.876	31.530	31.132	30.754	30.370
A Ulloa	11.189	10.050	9.844	9.672	9.532	9.475	9.375	9.226	9.089
Allariz-Maceda	15.633	15.151	15.060	14.835	14.637	14.466	14.268	14.181	14.089
Baixa Limia	9.925	8.421	8.212	7.930	7.636	7.409	7.126	6.936	6.782
O Carballiño	30.074	29.240	28.891	28.588	27.979	27.512	27.108	26.765	26.576
A Limia	25.218	23.252	22.823	22.391	21.964	21.525	21.111	20.658	20.340
Ourense	143.142	146.165	146.135	146.190	145.563	144.810	144.372	144.011	144.004
O Ribeiro	20.546	18.861	18.369	17.808	17.195	16.817	16.547	16.336	15.985
Terra de Caldelas	4.647	3.544	3.443	3.314	3.223	3.141	3.064	2.990	2.842
Terra de Celanova	22.894	20.623	20.057	19.324	18.749	18.367	17.960	17.620	17.433
Terra de Trives	5.963	4.789	4.660	4.507	4.430	4.348	4.227	4.111	4.023
Valdeorras	29.126	27.999	27.724	27.369	27.000	26.762	26.531	26.134	25.755
Verín	29.450	28.410	28.261	27.968	27.555	27.081	26.556	26.022	25.653
Viana	8.005	6.802	6.622	6.500	6.362	6.153	5.983	5.916	5.811
O Baixo Miño	45.949	51.116	51.096	50.630	50.402	50.282	49.998	49.828	49.646
Caldas	35.397	35.322	35.154	34.958	34.757	34.623	34.456	34.197	34.067
O Condado	37.998	43.318	42.917	42.790	42.286	41.992	41.828	41.693	41.551
Deza	47.314	44.355	42.630	41.849	41.412	40.792	40.471	40.310	40.063
O Morrazo	79.817	83.669	83.313	83.340	83.613	83.347	83.109	82.711	82.445
A Paradanta	18.118	15.970	14.000	13.497	13.226	12.945	12.663	12.531	12.259
Pontevedra	115.571	124.356	124.075	124.132	124.094	123.639	123.583	125.278	125.032
O Salnés	104.184	111.849	111.541	111.089	110.534	110.422	109.937	109.882	109.715
Taboas-Terra de Montes	29.588	28.100	27.489	27.149	26.753	26.536	26.293	24.223	24.112
Vigo	402.240	425.456	426.213	425.616	423.842	422.796	422.008	422.078	422.882

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

4.1.2. A poboación estranxeira

A chegada de poboación do estranxeiro foi moi importante no conxunto de España, pero non tanto en Galicia, nos últimos anos do século XX e principios do século XXI. En Galicia o máximo da serie alcánzase en 2012 (103.785). Dende entón, e ata 2018, produciuse unha redución de 8.482 persoas. A 1 de xaneiro de 2018 hai en Galicia 95.303 residentes procedentes doutros países, un 3,5% da nosa poboación total, unha porcentaxe que é a terceira parte da media estatal.

O cadro 4.5 amosa que:

- A suba continuada da poboación estranxeira feminina residente en Galicia, que comezou na última década do século XX, continuou na primeira década do século XXI. Xa en 2013 comeza a diminuír, primeiro lixeiramente e logo de forma acentuada; o anterior provoca que en 2018 se acade a cifra de 48.143 mulleres estranxeiras (3.065 persoas menos que en 2012). Porén, entre 2017 e 2018 hai unha medra (3.052 mulleres máis).
- A evolución da poboación estranxeira masculina residente en Galicia caracterízase polo mesmo patrón de comportamento. Foi en 2012 cando acada o máximo, con 52.577 homes. Como lle pasou ás mulleres, en 2013 a cifra comeza a diminuír. En 2018 o número de estranxeiros varóns foi de 47.160 (5.417 menos que en 2012). Non obstante, entre 2017 e 2018 recóllese una lixeira suba desta poboación (1.159 homes máis).

Cadro 4.5

Poboación estranxeira segundo sexo. Galicia. 2001/2011-2018

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Homes	15.658	52.153	52.577	52.084	47.920	46.045	45.746	46.001	47.160
Mulleres	17.400	50.987	51.208	51.294	46.406	44.456	44.586	45.091	48.143
Total	33.058	103.140	103.785	103.378	94.326	90.501	90.332	91.092	95.303

Fonte: INE, a 1de xaneiro de cada ano.

A desagregación por provincias e sexos da poboación estranxeira residente en Galicia en 2018 figura no cadro 4.6. A concentración deste colectivo é elevada: as provincias da Coruña e Pontevedra acollen 67.849 persoas (un 71,2% do total galego).

Cadro 4.6

Poboación estranxeira. Por provincias. 2018

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	17.006	18.630	35.635
Lugo	7.377	6.864	14.240
Ourense	6.560	6.651	13.212
Pontevedra	16.217	15.998	32.214

Fonte: INE, datos a 1 de xaneiro.

4.1.3. Movementos naturais de poboación

Galicia rexistrou no 2018 (primeiro semestre) un descenso absoluto (9.135 habitantes menos). No total estatal, en 2018 houbo unha redución vexetativa de 46.590 persoas, resultado da diferenza entre os 179.794 nacementos e as 226.384 defuncións. O cadro 4.7 resume estes resultados. A perspectiva temporal dos movementos naturais da poboación galega reflíctea o cadro 4.8 (2001 e 2011 ata 2017).

Cadro 4.7

Nacementos, mortes e crecemento natural. Galicia, España. 1º semestre 2018

	Nacementos	Mortes	Crecemento natural
Galicia	8.312	17.447	-9.135
España	179.794	226.384	-46.590

Fonte: INE, Movemento natural de poboación. Datos provisionais.

Cadro 4.8

Movementos naturais de poboación. Galicia. 2001/2011-2017

	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
2001	19.361	28.300	-8.939
2011	21.594	29.879	-8.285
2012	21.098	30.871	-9.773
2013	19.727	30.433	-10.706
2014	19.630	29.929	-10.299
2015	19.427	31.688	-12.261
2016	19.062	31.757	-12.695
2017	18.445	31.962	-13.517

Fonte: INE, Movemento natural da poboación.

Para a análise da situación demográfica resulta conveniente utilizar datos relativos. Dese xeito pódense realizar comparanzas territoriais (cadro 4.9). O habitual é analizar taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo por cada 1.000 habitantes.

A taxa bruta de natalidade en Galicia no último ano do que o INE proporciona datos definitivos (2017) foi dun 6,8 por 1.000 habitantes, por baixo da media estatal (8,4 por 1.000 habitantes). Galicia é a antepenúltima comunidade autónoma do Estado nesta clasificación, por diante de Asturias (5,8 por 1.000 habitantes) e Castela e León (6,4 por

1.000 habitantes).

No que atinxe á taxa bruta de mortalidade (defuncións por cada 1.000 habitantes), o indicador en 2017 para Galicia (11,8 por 1.000 habitantes) foi o terceiro máis alto de España, só superado por Asturias (12,8 por 1.000 habitantes) e Castela e León (11,9 por 1.000 habitantes).

Os datos a longo prazo para Galicia e cada unha das súas provincias amosan que Lugo e Ourense tiñan unha taxa bruta de natalidade xa moi baixa no ano de partida (2001), cunha gran diferenza respecto das provincias da Coruña e Pontevedra.

Tanto Galicia como todas as súas provincias amosan hoxe taxas de natalidade inferiores ás de 2001 (7,2 por 1.000 habitantes). En 2017, as taxas máis elevadas correspondían a Pontevedra (7,3 por cada 1.000 habitantes) e A Coruña (6,9 por 1.000 habitantes). As menores, a Lugo (6,3 por 1.000 habitantes) e, sobre todo, a Ourense (5,5 por cada 1.000 habitantes).

Cadro 4.9

Serie histórica. Taxa bruta de natalidade. Galicia. 2001/2011-2017

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2001	7,3	5,3	5,3	8,5	7,2
2011	8,1	6,3	6,0	8,6	7,8
2012	7,9	6,5	5,9	8,3	7,6
2013	7,4	6,1	5,8	7,7	7,2
2014	7,3	6,3	5,8	7,8	7,2
2015	7,5	6,5	5,8	7,4	7,1
2016	7,4	6,3	5,7	7,3	7,0
2017	6,9	6,3	5,5	7,3	6,8

Nota: Os indicadores de fecundidade elabóranse a partir dos datos definitivos do Movemento natural da poboación do ano de referencia.

Fonte: INE, indicadores demográficos.

No que atinxe á evolución das taxas de mortalidade de Galicia e das súas provincias, o cadro 4.10 mostra que:

- Ourense e Lugo tiñan taxas moito máis altas en 2001 que as provincias da Coruña e Pontevedra, aínda que as diferenzas non fosen tan acusadas como nas taxas de natalidade.
- A comparanza por provincias das taxas entre 2011 e 2017 amosa que aumentou nas catro provincias galegas, especialmente en Lugo: un incremento de 1,8 por 1.000 habitantes ata o 15,6 por 1.000 no último ano dispoñible.

Cadro 4.10

Serie histórica. Taxa bruta de mortalidade. Galicia. 2001/2011-2017

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2001	10,0	13,8	13,1	8,8	10,5
2011	10,3	13,8	14,1	9,1	10,8
2012	10,5	14,6	14,5	9,5	11,2
2013	10,7	14,4	14,0	9,3	11,1
2014	10,6	14,4	13,7	9,1	10,9
2015	11,2	15,2	14,8	9,8	11,6
2016	11,2	15,5	14,9	9,9	11,7
2017	11,3	15,6	15,1	10,0	11,8

Nota: Os indicadores de fecundidade eláboranse a partir dos datos definitivos do Movemento natural da poboación do ano de referencia.

Fonte: INE, indicadores demográficos.

O cadro 4.11 resume o comportamento do saldo vexetativo por 1.000 habitantes para Galicia, España e a UE, tanto en 2001 como para o conxunto do período 2011-2017. A taxa negativa de crecemento natural (ou vexetativo) de Galicia en 2017 (-5,0 por cada 1.000 habitantes) contrasta coa redución do 0,7 por cada 1.000 habitantes de España ou a diminución de 0,4 por cada 1.000 habitantes da UE.

Cadro 4.11

Saldo vexetativo⁽¹⁾ por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE. 2001/2011-2017

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
UE (28)	0,5	0,8	0,4	0,2	0,4	-0,2	0,0	-0,4
España	1,2	1,8	1,1	0,8	0,7	0,0	0,0	-0,7
Galicia	-3,3	-3,0	-3,7	-3,9	-3,8	-4,5	-4,7	-5,0

(1) Nacementos menos defuncións.

Fonte: Eurostat.

4.1.4. Movementos migratorios

No cadro 4.12 figura a evolución en 2001 e entre 2011-2017 das emigracións, inmigracións e saldo migratorio para Galicia. Centrando o estudo no último ano da serie, a emigración externa foi de 30.249 persoas en 2017, escollendo preferentemente como destino outra comunidade autónoma. Polo que atinxe á inmigración externa, a distribución é moi similar entre a que ten por destino outra comunidade autónoma (18.380) e o estranxeiro (11.869). En 2017 o saldo migratorio externo (emigración externa menos inmigración externa) resultou positivo en 6.683 persoas.

Cadro 4.12

Emigracións, inmigracións e saldo migratorio. Galicia. 2001/2011-2017

	Emigración externa (*)	A outra comunidade	Ao estranxeiro	Inmigración externa	Doutra comunidade	Do estranxeiro	Saldo migratorio externo	Co resto de España	Co estranxeiro
2001	16.028	16.028	...	23.194	11.799	11.395	...	-4.229	...
2011	29.880	20.563	9.317	34.688	20.841	13.847	4.808	278	4.530
2012	29.441	19.551	9.890	30.687	20.365	10.322	1.246	814	432
2013	30.709	18.970	11.739	27.876	18.608	9.268	-2.833	-362	-2.471
2014	30.154	19.862	10.292	27.875	17.498	10.377	-2.279	-2.364	85
2015	30.707	19.993	10.714	29.933	17.839	12.094	-774	-2.154	1.380
2016	29.532	18.745	10.787	32.557	16.821	15.736	3.025	-1.924	4.949
2017	30.249	18.380	11.869	36.932	17.854	19.078	6.683	-526	7.209

(*) A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.

Fonte: INE, Estatística de variacións residenciais. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros porporcionados polo INE.

4.2. Resumo das principais variables laborais

Os datos do cadro 4.13 amosan os catro compoñentes en que se adoita dividir a poboación de 16 e máis anos, segundo a súa situación.

- A poboación activa galega baixou dende 2011 e por sétimo ano consecutivo en 2018, aínda que cada vez menos intensamente. Durante este período diminuíron en 73.100 as persoas activas (un 5,9%).
- A poboación ocupada de Galicia subiu a partir de 2015, tras varios anos consecutivos de diminución, o que permitiu acadar en 2018 unha cifra superior ao millón de empregos (1.077.600).
- O paro estimado pola EPA acada en 2018 as 165.900 persoas, o que supón unha importante recuperación do mercado de traballo.
- A poboación inactiva sitúase en 2018 en 1.090.500 persoas, un aumento de 3.600 respecto a 2011.

Cadro 4.13

Poboación de 16 e máis anos, por actividade económica. Galicia. 2001/2011-2018

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Poboación activa	1.158,6	1.316,6	1.317,7	1.290,9	1.273,9	1.260,7	1.256,1	1.248,3	1.243,5
Poboación ocupada	1.031,0	1.089,3	1.047,2	1.006,4	998,0	1.017,2	1.040,6	1.052,7	1.077,6
Poboación parada	127,6	227,2	270,5	284,6	275,8	234,4	215,4	195,6	165,9
Poboación inactiva	1.170,6	1.086,9	1.077,5	1.091,4	1.094,7	1.097,5	1.093,7	1.093,6	1.090,5

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE (EPA). Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

A análise feita pódese inserir nun marco territorial máis amplo, dende a perspectiva estatal e europea. O cadro 4.14 posibilita este exercicio para o período 2014-2018. No conxunto da UE28, Eurostat estima que a poboación activa subiu dende o cuarto trimestre de 2014 ata o mesmo de 2018 en 3 millóns de persoas (1,2%). En contraposición, no conxunto de España baixou en 158.000 persoas (un 0,7% menos).

Para o total da UE28, Eurostat estima que a poboación ocupada subiu nese mesmo período en máis de 10,9 millóns de persoas, en España fíxoo en 1,9 millóns de persoas (o 18,3% do total).

A poboación desempregada na UE28 baixou en 7,9 millóns de persoas no período sinalado; en España o descenso foi de 2,1 millóns; o 27% da diminución total.

En síntese, en España a recuperación do mercado de traballo é moito máis intensa, nun contexto de caída da poboación activa.

Cadro 4.14

Balance do mercado de traballo en Galicia, España e UE 2014-2018

	2014			2015			2016			2017			2018		
	Galicia	España	UE ^(*)	Galicia	España	UE ^(*)	Galicia	España	UE ^(*)	Galicia	España	UE ^(*)	Galicia	España	UE ^(*)
Poboación activa	1.264,3	23.026,8	237.472,0	1.255,2	22.873,7	237.883,0	1.253,8	22.745,9	239.083,0	1.237,9	22.765,0	239.938,0	1.237,0	22.868,8	240.472,0
Poboación ocupada	1.000,4	17.569,1	212.920,0	1.032,5	18.094,2	215.244,0	1.049,6	18.508,1	218.397,0	1.055,8	18.998,4	221.421,0	1.088,1	19.564,6	223.843,0
Poboación desempregada	263,8	5.450,1	24.295,0	222,7	4.779,5	22.117,0	204,2	4.237,8	20.235,0	182,1	3.766,7	17.975,0	148,9	3.304,3	16.341,0

(*) Datos en miles. Datos do cuarto trimestre de cada ano.

Fonte: INE (EPA) e Eurostat.

4.3. Poboación activa e taxa de actividade

4.3.1. Poboación activa

O cadro 4.15 resume o comportamento en valor absoluto, porcentaxe e variacións da poboación activa por CC.AA. para o período 2014-2018. Del destacamos o seguinte:

- A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2018 totalizou 1.237.000 persoas, 900 menos que no mesmo período do ano anterior.
- A participación de Galicia na poboación activa de España en 2018 (5,4%) segue na mesma porcentaxe que o ano anterior.
- Na desagregación rexional compróbase que en 2018 a poboación activa subiu en once CC.AA., e fíxoo con especial intensidade, respecto do ano anterior en Baleares (4,8%). As CC.AA. de maiores porcentaxes de caída foron Cantabria (-2,6%), a cidade autónoma de Ceuta (-2,1%) , Comunidade Valenciana (-1,6%) e Asturias (-1,5%).

Cadro 4.15

Poboación activa por comunidades autónomas. 2014-2018^(*)

	Miles					Distribución porcentual					Variación anuais									
											Miles					%				
	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018
Andalucía	4.077,6	4.017,7	3.965,6	3.932,2	3.924,6	17,7	17,6	17,4	17,3	17,2	44,1	-99,9	-52,1	-33,4	-7,6	1,1	-1,5	-1,3	-0,8	-0,2
Aragón	647,2	642,0	648,6	638,3	649,0	2,8	2,8	2,9	2,8	2,8	-2,2	-5,2	6,6	-10,3	10,7	-0,3	-0,8	1,0	-1,6	1,7
Asturias	473,7	471,2	461,0	455,0	448,3	2,1	2,1	2,0	2,0	2,0	-10,4	-2,5	-10,2	-6,0	-6,7	-2,1	-0,5	-2,2	-1,3	-1,5
Baleares	589,9	604,3	593,5	595,5	624,2	2,6	2,6	2,6	2,6	2,7	1,4	14,4	-10,8	2,0	28,7	0,2	2,4	-1,8	0,3	4,8
Cantabria	1.100,8	1.110,4	1.100,3	1.119,3	1.141,6	4,8	4,9	4,8	4,9	5,0	-3,2	9,6	-10,1	18,0	23,3	-0,3	0,9	-0,9	1,6	2,1
Castela e León	278,0	274,6	276,5	274,6	267,5	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	-4,1	-3,4	1,9	-1,9	-7,1	-1,5	-1,2	0,7	-0,7	-2,6
Castela-La Mancha	1.155,3	1.145,3	1.142,0	1.119,2	1.115,9	5,0	5,0	5,0	4,9	4,9	-10,4	-10,0	-3,3	-22,8	-3,3	-0,9	-0,9	-0,3	-2,0	-0,3
Cataluña	993,5	988,6	989,2	995,6	990,0	4,3	4,3	4,3	4,4	4,3	-15,3	-4,9	0,6	6,4	-5,6	-1,5	-0,5	0,1	0,6	-0,6
C. Valenciana	3.804,6	3.770,5	3.761,1	3.795,4	3.842,5	16,5	16,5	16,5	16,7	16,8	-33,7	-34,1	-9,4	34,3	47,1	-0,9	-0,9	-0,2	0,9	1,2
Extremadura	2.424,8	2.426,0	2.441,2	2.445,8	2.406,7	10,5	10,6	10,7	10,7	10,5	-37,1	1,2	15,2	4,6	-39,1	-1,5	0,0	0,6	0,2	-1,6
Galicia	506,6	500,5	499,3	493,2	495,5	2,2	2,2	2,2	2,2	2,2	0,2	-6,1	-1,2	-6,1	2,3	0,0	-1,2	-0,2	-1,2	0,5
Madrid	1.264,3	1.255,2	1.253,8	1.237,9	1.237,0	5,5	5,5	5,5	5,4	5,4	-19,2	-9,1	-1,4	-15,9	-0,9	-1,5	-0,7	-0,1	-1,3	-0,1
Murcia	3.401,4	3.408,5	3.349,9	3.393,5	3.431,8	14,8	14,9	14,7	14,9	15,0	49,4	7,1	-58,6	43,6	38,3	1,5	0,2	-1,7	1,3	1,1
Navarra	722,1	701,2	702,0	708,3	718,3	3,1	3,1	3,1	3,1	3,1	-2,9	-20,9	0,8	6,3	10,0	-0,4	-2,9	0,1	0,9	1,4
País Vasco	310,7	305,7	308,2	310,1	316,5	1,3	1,3	1,4	1,4	1,4	0,4	-5,0	2,5	1,9	6,4	0,1	-1,6	0,8	0,6	2,1
A Rixa	1.048,6	1.027,4	1.028,3	1.024,2	1.029,3	4,6	4,5	4,5	4,5	4,5	3,3	-21,2	0,9	-4,1	5,1	0,3	-2,0	0,1	-0,4	0,5
Ceuta	154,0	153,8	152,4	152,9	154,8	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	-3,4	-0,2	-1,4	0,5	1,9	-2,2	-0,1	-0,9	0,3	1,2
Melilla	39,4	36,2	35,9	37,3	36,5	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	1,1	-3,2	-0,3	1,4	-0,8	2,9	-8,1	-0,8	3,9	-2,1
España	34,4	34,6	37,2	38,0	39,0	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	-1,9	0,2	2,6	0,8	1,0	-5,2	0,6	7,5	2,2	2,6
España	23.026,8	22.873,7	22.745,9	22.765,0	22.868,8	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	-44,1	-153,1	-127,8	19,1	103,8	-0,2	-0,7	-0,6	0,1	0,5

(*)Os datos corresponden á serie revisada incorporando a nova base poboacional da EPA actualizada coas estimacións derivadas do Censo de poboación e vivendas de 2011 en substitución da baseada no Censo 2001.
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

4.3.2. Taxa de actividade

O cadro 4.16 recolle os valores do cuarto trimestre no último sexenio da taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos nas distintas CC.AA.

- En Galicia foi do 73,2% en 2018, tres décimas máis que no ano anterior, e 1,7 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal.
- A taxa de actividade subiu en dez CC.AA. e baixou no resto. O maior crecemento en 2018 foi na Cidade Autónoma de Melilla (2,96 puntos porcentuais) e a diminución máis grande, na Cidade Autónoma de Ceuta (-2,76 puntos porcentuais).
- Madrid (78,6%) e Cataluña (78,5%) tiveron en 2018 as taxas máis altas, mentres que as máis baixas foron as das dúas cidades autónomas (Ceuta con 66,2% e Melilla con 69,9%) e a de Andalucía (70,6%). Galicia quedou en 2018, un ano máis, na parte baixa da clasificación das CC.AA.

Cadro 4.16

Taxas de actividade da poboación^(*). Por comunidades autónomas. 2014-2018

	Miles					Variacións anuais en puntos porcentuais				
	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018
	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018
España	75,60	75,38	75,14	75,07	74,89	0,27	-0,22	-0,24	-0,07	-0,18
Andalucía	73,13	72,18	71,39	70,87	70,63	0,75	-0,95	-0,79	-0,52	-0,24
Aragón	76,52	76,55	77,47	76,85	77,70	0,26	0,03	0,92	-0,62	0,85
Asturias	69,92	70,36	69,71	69,50	69,24	-0,01	0,44	-0,65	-0,21	-0,26
Baleares	76,53	77,86	76,07	74,93	75,93	-0,10	1,33	-1,79	-1,14	1,00
Canarias	74,02	74,40	73,74	73,58	73,89	-0,50	0,38	-0,66	-0,16	0,31
Cantabria	72,51	72,20	73,57	73,36	71,60	-0,48	-0,31	1,37	-0,21	-1,76
Castela-A Mancha	74,24	74,38	74,63	74,35	74,60	0,47	0,14	0,25	-0,28	0,25
Castela e León	73,87	74,13	74,37	75,41	74,57	-0,47	0,26	0,24	1,04	-0,84
Cataluña	79,12	78,67	78,48	78,60	78,49	-0,03	-0,45	-0,19	0,12	-0,11
C. Valenciana	74,92	75,44	76,06	76,17	74,70	-0,44	0,52	0,62	0,11	-1,47
Estremadura	71,38	70,70	71,06	70,86	71,65	0,58	-0,68	0,36	-0,20	0,79
Galicia	72,63	72,76	73,28	72,88	73,18	-0,19	0,13	0,52	-0,40	0,30
Madrid	80,00	80,16	78,84	79,04	78,64	1,25	0,16	-1,32	0,20	-0,40
Murcia	74,60	72,71	72,60	72,90	73,27	0,24	-1,89	-0,11	0,30	0,37
Navarra	75,98	74,85	75,54	75,71	76,24	0,63	-1,13	0,69	0,17	0,53
País Vasco	76,09	74,96	75,56	75,33	75,45	0,76	-1,13	0,60	-0,23	0,12
A Rioxa	76,16	77,11	76,43	76,83	77,58	-1,37	0,95	-0,68	0,40	0,75
Ceuta	68,62	64,33	64,96	68,94	66,18	0,01	-4,29	0,63	3,98	-2,76
Melilla	65,39	64,43	68,17	66,95	69,91	-2,07	-0,96	3,74	-1,22	2,96

(*)Da poboación de 16 a 64 anos.
Fonte: INE, EPA. 4º trimestre de cada ano.

Finalmente, o cadro 4.17 diferenza por sexos a taxa de actividade por CC.AA. e do total español para o período 2014-2018.

Cadro 4.17

Taxa de actividade^(*). Por comunidades autónomas e sexo. 2014-2018

	Taxa de actividade					Variación da taxa en puntos porcentuais				
	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018
	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018
HOMES										
España	81,02	80,55	80,22	80,09	80,04	0,28	-0,47	-0,33	-0,13	-0,05
Andalucía	79,53	78,39	78,24	77,57	77,83	0,82	-1,14	-0,15	-0,67	0,26
Aragón	82,26	81,87	82,80	81,92	82,85	0,81	-0,39	0,93	-0,88	0,93
Asturias	73,74	72,48	73,26	72,30	71,48	-0,79	-1,26	0,78	-0,96	-0,82
Baleares	82,13	81,50	80,48	80,51	81,58	-1,28	-0,63	-1,02	0,03	1,07
Canarias	79,17	80,68	78,09	77,74	78,07	-0,77	1,51	-2,59	-0,35	0,33
Cantabria	78,46	77,29	77,92	77,53	78,28	-0,25	-1,17	0,63	-0,39	0,75
Castela-A Mancha	80,01	79,77	79,91	79,42	80,04	0,65	-0,24	0,14	-0,49	0,62
Castela e León	81,23	80,60	81,85	82,20	81,06	-0,79	-0,63	1,25	0,35	-1,14
Cataluña	83,72	83,28	82,50	82,85	82,59	-0,12	-0,44	-0,78	0,35	-0,26
C. Valenciana	81,27	80,78	80,36	81,21	80,69	0,14	-0,49	-0,42	0,85	-0,52
Estremadura	78,66	77,75	77,95	77,85	78,14	2,02	-0,91	0,20	-0,10	0,29
Galicia	76,63	76,42	77,07	76,14	76,36	-0,15	-0,21	0,65	-0,93	0,22
Madrid	84,18	84,41	83,05	82,88	82,99	1,20	0,23	-1,36	-0,17	0,11
Murcia	81,38	80,06	79,44	80,01	79,54	-0,24	-1,32	-0,62	0,57	-0,47
Navarra	81,00	78,22	79,55	79,99	78,99	0,37	-2,78	1,33	0,44	-1,00
País Vasco	80,14	79,38	80,63	79,74	78,74	0,23	-0,76	1,25	-0,89	-1,00
A Rioxa	81,60	83,68	81,66	82,36	81,10	-0,04	2,08	-2,02	0,70	-1,26
Ceuta	79,41	74,78	72,11	77,05	73,79	2,34	-4,63	-2,67	4,94	-3,26
Melilla	72,81	76,73	80,33	76,98	77,97	-6,44	3,92	3,60	-3,35	0,99
MULLERES										
España	70,16	70,19	70,05	70,04	69,73	0,29	0,03	-0,14	-0,01	-0,31
Andalucía	66,66	65,91	64,47	64,12	63,39	0,69	-0,75	-1,44	-0,35	-0,73
Aragón	70,55	71,05	71,98	71,64	72,41	-0,31	0,50	0,93	-0,34	0,77
Asturias	66,16	68,29	66,22	66,76	67,04	0,76	2,13	-2,07	0,54	0,28
Baleares	70,79	74,13	71,55	69,22	70,14	1,14	3,34	-2,58	-2,33	0,92
Canarias	68,82	68,08	69,36	69,39	69,68	-0,22	-0,74	1,28	0,03	0,29
Cantabria	66,50	67,07	69,20	69,18	64,90	-0,71	0,57	2,13	-0,02	-4,28
Castela-A Mancha	68,22	68,78	69,14	69,10	68,99	0,29	0,56	0,36	-0,04	-0,11
Castela e León	66,02	67,24	66,44	68,22	67,72	-0,12	1,22	-0,80	1,78	-0,50
Cataluña	74,52	74,06	74,48	74,39	74,43	0,08	-0,46	0,42	-0,09	0,04
C. Valenciana	68,48	70,04	71,71	71,08	68,67	-1,01	1,56	1,67	-0,63	-2,41
Estremadura	63,75	63,30	63,85	63,59	64,92	-0,92	-0,45	0,55	-0,26	1,33
Galicia	68,65	69,13	69,52	69,67	70,03	-0,24	0,48	0,39	0,15	0,36
Madrid	76,02	76,11	74,84	75,39	74,51	1,29	0,09	-1,27	0,55	-0,88
Murcia	67,52	65,05	65,47	65,50	66,75	0,77	-2,47	0,42	0,03	1,25
Navarra	70,79	71,38	71,43	71,33	73,44	0,90	0,59	0,05	-0,10	2,11
País Vasco	72,07	70,60	70,56	70,96	72,20	1,30	-1,47	-0,04	0,40	1,24
A Rioxa	70,58	70,43	71,12	71,21	74,03	-2,73	-0,15	0,69	0,09	2,82
Ceuta	56,76	53,04	57,04	60,77	58,40	-2,69	-3,72	4,00	3,73	-2,37
Melilla	57,80	51,81	56,18	56,13	61,37	2,66	-5,99	4,37	-0,05	5,24

(*)Da poboación de 16 a 64 anos.
Fonte: INE, EPA, datos do 4º trimestre de cada ano.

4.4. Poboación ocupada. Taxa de ocupación

Este apartado analiza a poboación ocupada no período 2014-2018. En primeiro lugar, estúdase a súa evolución nos últimos anos por CC.AA.; despois faise o mesmo coa taxa de ocupación, para situar os resultados no contexto estatal e da UE. Posteriormente, o foco ponse na distribución por sexos, provincias, sectores económicos, situación profesional e tipos de contrato.

4.4.1. Poboación ocupada

O cadro 4.18 recolle os datos da poboación ocupada en cada unha das CC.AA. no cuarto trimestre entre 2014-2018, así como a porcentaxe que cada comunidade representa no emprego total español e máis a variación que presentou cada unha delas. Salientar que:

- Galicia pechou 2018 con 1.088.100 persoas ocupadas, tras a creación de emprego neto no último ano (32.300 postos de traballo).
- A suba porcentual da poboación ocupada de Galicia en 2018 (3,1%) foi lixeiramente superior á do conxunto do Estado (3,0%).
- O emprego subiu no ano 2018 en todas as CC.AA. As maiores porcentaxes de suba da ocupación rexistráronse nese ano en Baleares (6,9%) e Canarias (4,8%).
- A participación de Galicia no total de ocupación española en 2018 mantívose na mesma porcentaxe do ano anterior, o 5,6%.

Cadro 4.18

Poboación ocupada. Por comunidades autónomas. 2014-2018^(*)

	Miles					Distribución porcentual					Variacións anuais									
											Miles					%				
	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018	2014	2015	2016	2017	2018
R Actividades artísticas, recreativas e entretemento	1.732	1.549
S Outros servizos	984	3.648
T Actividades dos fogares como empregadores do persoal doméstico; e como produtores de bens e servizos de uso propio	162	3.457
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	23	30
Total	74.370	100.281

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

As mulleres maiores de 25 anos representan o 94,45% das demandas pendentes de demandantes en paro (93,26% en España) fronte ao 93,26% dos homes (90,58% en España). O 47% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (39% en homes).

Cadro 5.18

**Demandas de emprego pendentes de demandantes en paro.
Segundo duración da demanda e sexo, por provincias. Decembro 2018**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
< 1 mes	3.845	957	1.044	3.937	9.783
De 1 a <= 6 meses	8.894	2.239	2.496	8.849	22.478
De > 6 meses a <= 1 ano	3.950	981	1.079	3.893	9.903
De máis de 1 ano	13.108	3.417	3.776	11.906	32.207
Total	29.797	7.594	8.395	28.585	74.371
MULLERES					
< 1 mes	4.189	1.140	1.131	4.307	10.767
De 1 a <= 6 meses	10.390	2.652	2.901	10.526	26.469
De > 6 meses a <= 1 ano	5.476	1.333	1.547	5.526	13.882
De máis de 1 ano	19.581	4.327	5.583	19.673	49.164
Total	39.636	9.452	11.162	40.032	100.282
Total	69.433	17.046	19.557	68.617	174.653

Fonte: SEPE.

Para finalizar, faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. As baixas por colocación representan o 56,8% (España 60%) no grupo de mulleres, fronte ao 59,2% no dos homes.

Cadro 5.19

**Baixas de demandas de emprego. Segundo causa da baixa.
Por sexo e por provincias. Decembro 2018**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
HOMES					
Por colocación	54.267	14.193	13.974	57.505	139.939
Con oferta previa	2.464	1.187	1.107	2.979	7.737
Sen oferta previa	51.803	13.006	12.867	54.526	132.202
Non renovación	19.421	5.230	5.843	20.064	50.558
Outras causas	7.741	1.902	1.083	8.512	19.238
Total	135.696	35.518	34.874	143.586	349.674
MULLERES					
Por colocación	56.857	16.153	14.556	57.958	145.524
Con oferta previa	2.492	964	973	2.582	7.011
Sen oferta previa	54.365	15.189	13.583	55.376	138.513
Non renovación	22.767	6.332	7.148	23.760	60.007
Outras causas	10.223	2.387	1.411	13.255	27.276
Total	146.704	41.025	37.671	152.931	378.331

Fonte: IGE, Táboas.

5.4. Contratos de traballo

No capítulo 7, dedicado á contratación, móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2018 a contratación feminina supuxo o 46% do total da contratación, tanto de contratos iniciais, como de conversión en indefinidos, e adscricións en colaboración social non se realizou ningunha en ningún dos dous sexos. Se os desagregamos, os contratos iniciais supuxeron o 44,59% e as conversións o 45% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de estudos superiores, chegando ao 57%.

Cadro 5.20

Contratos rexistrados segundo xénero e modalidade. Galicia. 2016-2018

	2016		2017		2018	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS						
Total contratos rexistrados	450.596	493.518	486.835	534.127	517.748	567.378
Total contratos iniciais	437.365	478.263	471.580	516.000	498.334	540.691
Conversións a indefinidos					19.414	23.687
ANALFABETOS						
Total contratos rexistrados	12.002	23.562	12.592	22.619	12.252	22.305
Total contratos iniciais	11.708	23.104	12.190	22.133	11.770	21.720
Conversións a indefinidos					482	585
ESTUDOS PRIMARIOS						
Total contratos rexistrados	89.199	118.661	100.277	135.691	112.883	140.720
Total contratos iniciais	86.619	115.179	97.120	131.132	106.818	134.689
Conversións a indefinidos					4.065	6.031
ESTUDOS SECUNDARIOS						
Total contratos rexistrados	277.160	302.383	293.745	321.549	308.814	342.742
Total contratos iniciais	269.620	293.424	285.349	311.219	298.020	329.089
Conversións a indefinidos					10.794	13.653
ESTUDOS SUPERIORES						
Total contratos rexistrados	71.129	48.860	79.222	54.211	82.800	58.557
Total contratos iniciais	68.312	46.504	75.922	51.459	78.727	55.139
Conversións a indefinidos					4.073	3.418
SEN CLASIFICAR						
Total contratos rexistrados	1.106	52	999	57	999	54
Total contratos iniciais	1.106	52	999	57	999	54
Conversións a indefinidos					0	0

Nota: en 2018 non se realizou ningunha adscrición en colaboración social en Galicia.

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que o son maioritariamente no sector servizos.

Segundo o seguinte cadro o 83,7% en 2018 das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria, onde traballa o 7,47%, e a agricultura co 7,75% en 2018. Na construción a representación feminina é moi escasa.


Cadro 5.21

**Contratos rexistrados nos catro grandes sectores de actividades económicas
(clasificación CNAE 2009) por sexo. Galicia. 2017-2018**


	Mulleres		Homes	
	2018	2017	2018	2017
Agricultura	6.120	5.601	26.932	26.157
Industria	62.585	58.829	98.560	96.002
Construcción	2.685	2.305	44.172	44.529
Servizos	446.358	420.100	394.714	367.439
Total	517.748	486.835	564.378	534.127

Fonte: IGE.

Mulleres 2018



Homes 2018



O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina, representando un 53% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, as actividades de comercio e hostalaría concentran o maior número de

mulleres traballadoras do total do sector servizos, con 199.889 contratacións en 2018 (200.615 en 2017).

Cadro 5.22

Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2017-2018

	2018			2017		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandería, caza e silvicultura e pesca	5.939	25.929	31.868	5.601	26.157	31.758
B Industrias extractivas	34	620	654	36	695	731
C Industrias manufactureira	59.226	88.634	147.860	57.927	91.712	149.639
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	42	305	347	45	333	378
E Fornecemento de auga, saneamento, residuos desconta.	1.060	3.341	4.401	821	3.262	4.083
F Construción	2.309	40.517	42.826	2.305	44.529	46.834
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehiculos motor	69.045	45.340	114.385	71.869	47.846	119.715
H Transporte e almacenamento	20.711	81.589	102.300	16.621	75.919	92.540
I Hostalaría	130.844	105.186	236.030	128.746	105.935	234.681
J Información e comunicacións	7.679	11.297	18.976	7.636	10.915	18.551
K Actividades financeiras e de seguros	3.379	1.578	4.957	3.855	1.725	5.580
L Actividades inmobiliarias	665	382	1.047	733	383	1.116
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	15.146	12.790	27.936	14.294	13.097	27.391
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	48.659	36.261	84.920	46.753	35.132	81.885
O Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	13.380	8.707	22.087	12.288	8.382	20.670
P Educación	24.205	11.698	35.903	22.193	10.876	33.069
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	42.965	7.989	50.954	40.167	7.654	47.821
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	29.587	51.917	81.504	27.097	42.050	69.147
S Outros servizos	13.109	6.094	19.203	17.166	6.918	24.084
T Actividades dos fogares e uso propio	10.242	431	10.673	10.529	492	11.021
U Organismos xtraterritoriais	107	87	194	153	115	268
Total	498.333	540.692	1.039.025	486.835	534.127	1.020.962

Fonte: SEPE.

De acordo a información do SEPE, sobre demandantes de emprego segundo o grupo principal de ocupación, a distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de dirección de empresas, só o 40,4% fronte ao 59,59% de homes, as porcentaxes igúalanse en técnicas e profesionais de saúde (72%) e traballadoras de servizos de saúde (83,4%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, e a medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e, polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das empregadas en servizos de restauración e comercio, que supoñen o 58% do total das persoas contratadas e o 30,5% da contratación feminina.

Entre as persoas traballadoras cualificadas da construción a presenza da muller é moi escasa (2%) e no grupo de persoas traballadoras cualificadas de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación, existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.

- Un grupo minoritario que, grazas á obtención dun título universitario, ocupa postos técnicos e profesionais en saúde e ensino e outros técnicos científicos e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos indefinidos ordinarios, onde a contratación feminina supuxo o 44,7% e nos indefinidos a tempo parcial chegou ao 69%.

A contratación segundo modalidade e sexo pódense consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacan os de interinidade (72,4%) e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano, de novo, o contrato para a formación realizado a mulleres (52,93%) supera os concertados con homes, descendendo respecto de anos anteriores, e o de prácticas baixa e chega ao 47% despois de varios anos de superioridade feminina.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa como parcial, alcanzan no colectivo feminino o 95% da contratación a mulleres, igualándose ao colectivo masculino que chega ao 94,33%. Nos dous grupos redúcese levemente a porcentaxe de contratos temporais en relación cos anos anteriores.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa como parcial, supuxeron o 4,98% nas mulleres nos dous anos e o 5,67% nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando ao 45% para o colectivo feminino.



Mantense a tendencia dos últimos anos, onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso do contrato a tempo parcial, aínda que hai que destacar o aumento da parcialidade no grupo de homes.

Cadro 5.23

Tipoloxía contractual por sexo. 2016-2018

	2016		2017		2018	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Indefinido (bonificado/ non bonificado)	20.156	22.006	21.526	25.200	24.517	30.240
Obra ou servizo	125.569	184.929	132.510	195.237	138.753	203.569
Eventual por circunstancias produción	215.112	225.813	244.166	254.815	258.178	267.360
Interinidade	66.285	27.326	63.929	25.625	67.065	25.513
Prácticas	3.061	3.073	2.963	3.066	2.970	3.311
Formación	1.859	1.691	1.739	1.450	1.906	1.704
Outros	5.323	13.425	4.747	10.607	4.945	8.994
Conversión a indefinidos	13.231	15.255	15.255	18.127	19.414	23.687
Total	450.596	493.518	486.835	534.127	517.748	564.378

Fonte: SEPE.



5.5. Formación

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regrada. Dentro da formación regrada centrarémonos nos ciclos formativos de grao superior, bacharelato e titulacións universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

No alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior observamos que o 44,75% eran mulleres, porcentaxe inferior á dos homes seguindo a tendencia dos últimos anos.

O alumnado matriculado en bacharelato, segundo o IGE, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53,11%, máis de 6 puntos á media masculina do 46,86%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.


Cadro 5.24

Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior, por sexo. Galicia. Curso 2016-2018.

	2016			2017			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	17.027	9.132	7.715	17.104	9.447	7.657	17.352	9.587	7.765

Unidade: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE, información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.




Cadro 5.25

Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Galicia. Curso 2016-2018

	2016			2017			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	31.159	14.702	16.457	31.137	14.640	16.497	30.776	14.431	16.345

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: IGE, información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



O abandono educativo temperán das persoas que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación é sensiblemente superior nos homes, superando en máis de 5 puntos as mulleres. Tal vez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.


Cadro 5.26

Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia. 2010-2018

	Total	Homes	Mulleres
2010	23,1	27,8	18,3
2011	20,8	25,5	15,8
2012	23,1	27,1	18,8
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18,5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9
2016	15,2	19,1	11,2
2017	14,9	17,9	11,8
2018	14,3	17,0	11,4

Unidades: porcentaxes.

Fonte: IGE-INE, Enquisa de poboación activa.



Segundo o INE, no ensino universitario en Galicia para o curso 2017, último dispoñible, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 55,2%.

A porcentaxe media do 55% varía moito segundo a especialidade elixida:

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Ciencias sociais e xurídicas

- Arte e humanidades

As especialidades con máis baixa representación feminina son as de enxeñaría e arquitectura.

Como se pode observar, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

Cadro 5.27

**Alumnado matriculado en ensino universitario,
Segundo rama de coñecemento e sexo. Galicia. Curso 2017**

	Total	Mulleres	% de mulleres
Total	56.878	31.416	55,2
Ciencias da saúde	9.453	6.931	73,3
Ciencias	4.420	2.346	53,1
Ciencias sociais e xurídicas	24.965	15.157	60,7
Enxeñaría e arquitectura	13.150	3.698	28,1
Artes e humanidades	4.890	3.284	67,2

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2017, últimos datos dispoñibles, o 60% son mulleres.

É de destacar que se ben o 55,2% das persoas matriculadas eran mulleres, do total das que finalizaron os seus estudos o colectivo feminino supuxo o 60%, fronte ao 40% de homes.

Cadro 5.28

**Estudantes con titulación nas universidades galegas por sexo.
Galicia. Curso 2017**

	Total	Mulleres	% de mulleres
Titulados/as universitarios	11.661	6.992	60,00

Unidades: nº de alumnos/as.

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.6. Poder e toma de decisións

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o equilibrio e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva

de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

En 2018 a representatividade que teñen as mulleres nos altos cargos da Administración do Estado chegou ao 41,20%, aumentando os niveis de anos anteriores e chegando as recomendacións do 40%. Nas direccións xerais e secretarías xerais técnicas só se alcanza o 39%, pero nas persoas titulares de ministerios chégase ao 61,10%

Cadro 5.29

Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres. 2016-2018

	2018	2017	2016
Total Ambos sexos	250,00	202,00	204,00
Presidencia do Goberno, vicepresidencia e ministerios	61,10	35,70	27,30
Secretarías do Estado	43,50	29,20	25,00
Subsecretarías e secretarías xerais	39,70	30,20	36,50
Direccións xerais e secretarías xerais técnicas	39,00	27,90	27,40
Total en porcentaxe %	41,20	29,21	29,41

Fonte: elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

Outra mostra do papel da muller no poder e toma de decisións é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 1982, pasando de cero ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2018 prodúcese un aumento e chega ata o 61,11%.

Cadro 5.30

Mulleres no Goberno en %

	2018 (Junio)	2018 (Marzo)	2016	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004	2003	2003	2002	2000
Partido no goberno	PSOE	PP	PP	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PP	PP	PP	PP
Ambos os sexos	18	14	14	14	13	15	17	17	16	16	16	16	16	16	16	17
% de mulleres	61,11	35,71	35,71	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50	31,25	25	18,75	17,65

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir dos datos publicados na web do Goberno de España.

A representación da muller nos Parlamentos autonómicos alcanzou en 2018 unha media do 43,17%.

En 2018 a maior presenza feminina dáse en Canarias cun 60% e en Castela e León e Comunidade Valenciana cun 55,56%, e a menor en Cantabria co 25%.

En Galicia a representación é do 36,36%.

Cadro 5.31

Composición dos Parlamentos autonómicos. 2010-2018

	2010	2011	2012	2015	2016	2018
	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres	% Mulleres
Total	42,2	43,1	43,2	44,6	45,1	43,17
Andalucía	45,9	45,9	47,7	49,5	49,5	38,46
Aragón	35,8	32,8	32,8	47,8	47,8	44,44
Asturias	33,3	42,2	42,2	48,9	48,9	50,00
Baleares	49,2	45,8	45,8	47,5	47,5	40,00
Canarias	40,0	36,7	36,7	53,3	53,33	60,00
Cantabria	40,5	43,6	43,6	38,9	38,9	25,00
Castela e León	43,4	66,7	66,7	41,7	41,7	55,56
Castela-A Mancha	53,2	46,9	46,9	42,4	42,4	50,00
Cataluña	41,5	41,5	40,0	40,0	39,3	42,86
C. Valenciana	45,5	40,4	40,4	44,4	44,4	55,56
Extremadura	40,0	40,0	40,0	47,7	47,7	40,00
Galicia	40,0	40,0	40,0	40,0	45,3	36,36
Madrid	42,5	44,2	44,2	42,6	42,6	40,00
Murcia	39,1	40,0	40,0	35,6	35,6	36,36
Navarra	38,0	34,0	34,0	48,0	48,0	44,44
País Vasco	45,3	39,4	49,3	49,3	53,3	41,67
A Rioxa	39,4	45,3	39,4	45,5	45,5	37,50
Ceuta	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	44,44
Melilla	40,0	40,0	40,0	40,0	40,0	40,00

Fonte elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades a partir das páxinas web dos Parlamentos autonómicos.


A participación das mulleres na Comisión Europea (32,14% en total) tampouco é moi superior, co 16,67% nas vicepresidencias e o 38,10% nas comisarias.

Cadro 5.32

Participación de mulleres na Comisión Europea. 2018

	Ambos sexos	% Mulleres
	28	32,14
Total		
Presidencia	1	0,00
Vicepresidencias	6	16,67
Vicepresidencia primeira	1	0,00
Alta representante	0	0,00
Vicepresidentas	5	20,00
Comisarias	21	38,10

Fonte: Secretaría de Estado de Igualdade.



O cadro 5.33 sobre a participación da muller nos Parlamentos da Unión Europea pon de manifesto un leve aumento, pasando do 26,83% de 2016 ao 27,94% de 2017 e 29,3% en 2018. Este aumento non se repartiu por igual en todos os países da Unión Europea: a maior porcentaxe de representación feminina osténtaa Suecia, 52,2%, mentres que a menor representación a encontramos en Hungría (0%) e Malta (13.3%). En España en 2018 a representación da muller no Parlamento Europeo alcanzou o 35,7%.

Cadro 5.33

Participación de mulleres no Parlamento Europeo. 2016-2018

	% Mulleres		
	2016	2017	2018
UE-28	26,83	27,94	29,30
Alemaña	40,00	43,75	43,80
Austria	28,57	24,43	35,70
Bélxica	28,57	21,43	21,40
Bulgaria	42,11	30,00	23,80
Chipre	8,33	9,09	16,70
Croacia	14,29	19,05	28,60
Dinamarca	33,33	40,91	40,90
Eslovaquia	0,00	13,33	33,30
Eslovenia	47,06	47,06	47,10
España	28,57	35,71	35,70
Estonia	13,33	26,67	33,30
Finlandia	35,71	35,71	35,30
Francia	47,37	50,00	50,00
Grecia	0,00	17,65	18,20
Hungría	0,00	0,00	0,00
Irlanda	26,67	29,41	26,70
Italia	41,18	26,32	29,40
Letonia	14,29	21,43	21,40
Lituania	26,67	20,00	13,30
Luxemburgo	22,22	20,00	20,00
Malta	6,67	6,25	13,30
Países Baixos	37,50	41,67	37,50
Polonia	25,00	27,27	26,10
Portugal	22,22	22,22	16,70
R. Checa	32,00	34,78	21,70
Reino Unido	17,65	18,75	11,80
Romanía	30,43	24,00	32,10
Suecia	50,00	50,00	52,20

Fonte: INE, elaboración do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA., pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información do Boletín estatístico do persoal ao servizo das Administracións públicas do rexistro central de persoal do Ministerio de Facenda aínda que a porcentaxe de funcionarias (52,43%) é superior á de funcionarios, a medida que

ascendemos no complemento de destino o número de mulleres diminúe, ata chegar ao nivel 30 onde só hai un representación feminina do 40,11% e ao nivel 29 cun 45,33 %.

Ao ir descendendo de nivel as porcentaxes vanse igualando, ata chegar ao nivel 24 cun 51,02% de mulleres, e segue incrementándose a presenza feminina en niveis máis baixos como o nivel 14 (60,32%), o 16 (60,95%) ou o 18 (63,04%).


Nos organismos internacionais o papel da muller tampouco é moi destacado, cun 20,6% de representación, sendo o cargo de delegada permanente o de maior porcentaxe (25%); os últimos datos dispoñibles son del 2016.

Cadro 5.34

Representación de mulleres en organismos internacionais. España. 2016

Total	Ambos sexos % de Mulleres	
	73	20,6
Embaixadoras - Representantes permanentes	17	17,65
Representantes permanentes adxuntas	6	16,67
Conselleiras	29	20,69
Delegadas permanentes	4	25,00
Outras	17	23,53

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de altos cargos. Datos xuño 2016.



A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo escasa.

A participación máis alta obsérvase no Consello Económico e Social (25%) e no Consello de Estado (34,48%). Mellora no Consello Xeral do Poder Xudicial (42,86%) e no Tribunal de Contas (41,67%)

A participación feminina no ano 2017 na carreira xudicial é do 60,09%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial a porcentaxe diminúe.

En categorías de xudicatura a participación é maioritariamente feminina (64,53%), pero só alcanza o 14,12% no caso de maxistradas do Tribunal Supremo.

5.7. Conciliación entre a vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres: a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender a nenas e nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

O cadro 5.35, do ano 2017, último dispoñible, móstranos a nivel de toda España como o 84,% das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 77,3%, mellorando sobre anos anteriores.

Cadro 5.35

Excedencias por coidado de familiares. Galicia- España. 2015-2017

	Ambos sexos			Mulleres		
	2015	2016	2017	2015	2016	2017
Galicia	163	194	275	130	150	215
España	9.369	10.020	11.234	7.924	8.421	9.398

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.


O cadro 5.36 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos e fillas, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (81,88% en 2018), fronte ao 18,12% de monoparentais masculinas.

Cadro 5.36

Núcleos familiares monoparentais por sexo.
En miles. 2015-2018

	Ambos sexos	% monoparentais femininos
2018	1.878,5	81,88
2017	1.842,4	83,04
2016	1.964,9	80,98
2015	1.897,4	81,25

Fonte: Instituto da Muller e para a Igualdad de Oportunidades.



As excedencias por coidado de fillas e fillos en Galicia correspondentes a 2017, últimos datos dispoñibles, móstrannos que nese ano o 92,30% das excedencias eran solicitadas por mulleres e o 7,7% de homes. Aínda que a tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes, vólvese a reducir en 2017, último dispoñible. Nese ano en España o 92,34% destas excedencias concedéronse a mulleres.

Cadro 5.37

Excedencias por coidado de fillas/os. Galicia/España. 2017

	España		Galicia	
	Total	% Nais	Total	% Nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63
2015	36.195	93,33	683	90,92
2016	40.517	92,63	910	91,65
2017	43.899	92,34	935	92,30

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Algo similar acontece cos permisos de maternidade. No cadro 38 constátase que en 2018 en Galicia o 97,8% dos permisos foron gozados polas nais. En España as cifras son similares co 98,13% de permisos das nais.

A evolución dende 2004 mostra escasas diferenzas. A aprobación da Ley orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mulleres e homes, permitiu o gozo dos permisos de paternidade, con 12.245 permisos gozados en Galicia en 2018 (255.531 en toda España).

Cadro 5.38

Prestación de maternidade por comunidades autónomas. 2018

		Total	% Procesos percibidos pola nai
Prestación de maternidade	Total	278.509	98,13
	Andalucía	49.613	96,69
	Aragón	7.731	96,11
	Asturias	4.549	97,12
	Baleares	7.120	98,42
	Canarias	9.751	98,38
	Cantabria	3.161	96,95
	Castela e León	12.097	97,93
	Castela-A Mancha	10.314	98,38
	C. Valenciana	26.967	98,43
	Cataluña	48.814	98,20
	Estremadura	5.870	98,58
	Galicia	14.522	97,76
	Madrid	47.325	98,22
	Murcia	9.025	99,29
	Navarra	4.488	96,44
	A Rioxa	1.850	97,53
	País Vasco	14.534	95,22
	Ceuta	316	98,62
	Melilla	462	97,65

Xaneiro/décembro 2018.

Fonte: Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades.

Cadro 5.39

Permisos de paternidade por comunidades autónomas. 2012-2018

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total	245.867	237.988	235.678	238.806	244.468	264.632	255.531
Andalucía	37.973	37.138	36.968	37.700	39.109	42.959	43.711
Aragón	7.681	7.710	7.449	7.623	7.438	7.852	7.477
Asturias	4.303	3.910	3.718	3.812	3.868	4.289	4.054
Baleares	4.906	5.174	5.071	5.197	5.461	6.418	6.492
Canarias	7.990	7.551	7.631	7.992	8.369	9.067	8.861
Cantabria	3.192	3.081	2.822	2.828	2.871	3.055	2.881
Castela e León	11.859	11.156	11.091	11.083	11.163	11.557	11.246
Castela-A Mancha	10.542	10.200	9.761	9.968	10.313	11.123	11.015
C. Valenciana	23.888	22.798	23.319	23.389	24.466	26.109	24.950
Cataluña	46.496	44.460	44.227	45.309	45.924	49.815	47.820
Extremadura	4.722	4.451	4.572	4.370	4.867	5.073	5.018
Galicia	11.656	11.360	11.156	11.419	11.819	12.972	12.245
Madrid	40.744	40.256	39.326	39.835	40.075	44.509	40.741
Murcia	7.761	7.902	8.312	8.460	9.002	9.559	9.859
Navarra	4.665	4.284	4.241	4.244	4.216	4.102	4.011
A Ríoxa	1.973	1.885	1.806	1.781	1.756	1.854	1.849
País Vasco	14.951	14.149	13.630	13.274	13.059	13.627	12.584
Ceuta	277	248	6.601	235	228	311	280
Melilla	288	275	270	287	284	381	437

Fonte: Instituto Nacional da Seguridade Social. Actualizada a 8 de marzo de 2018.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre "Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial" do Instituto da muller sobre datos da EPA.

Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA., parece significativo que do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 95,22% en 2018 e 95,2% en 2017 sexan mulleres e o 93,73% en 2018 e o 92% en 2017 do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que sexan mulleres o 71,51% en 2018 e o 71% en 2017 das persoas que non puideron encontrar traballo a xornada completa, empeorando sobre anos anteriores, e que tamén o sexan o 81,5% en 2018 e o 83% en 2017 das que non queren traballar a xornada completa, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles. O dato alentador é a leve baixada do número de mulleres nesta situación.

Cadro 5.40

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España. 2016-2018

		2016	2017	2018
Ambos sexos	Total	2.833,0	2805,4	2894,8
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	163,7	205,1	227,8
	Enfermidade ou incapacidade propia	32,7	32,4	38,4
	Coidado de nenas e nenos ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores	260,4	281,7	343,2
	Outras obrigas familiares ou persoais	143,7	142,2	165,9
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1.714,9	1607,3	1527,1
	Non querer traballo de xornada completa	235,6	233,8	272,4
	Outros motivos	275,0	294,7	0
	Non sabe o motivo	7,0	8,1	11,9
% Mulleres	Total	72,61	73,86	74,59
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	52,84	59,19	58,17
	Enfermidade ou incapacidade propia	55,96	74,07	69,53
	Coidado de nenas e nenos ou de persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores	96,04	95,21	95,22
	Outras obrigas familiares ou persoais	90,68	92,05	93,73
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	69,92	71,14	71,51
	Non querer traballo de xornada completa	78,82	82,81	81,5
	Outros motivos	66,15	62,95	63,44
	Non sabe o motivo	72,86	62,96	70,59

Unidade: Miles de persoas. 2019.

Fonte: Elaborado polo Instituto da Muller a partir de datos da EPA.

5.8. Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017" reflicte que as mulleres galegas percibiron un salario medio anual de 16.123 euros fronte aos 20.554 dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 21,5% menos que os homes polo traballo realizado.

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 16.123 euros (2017), fronte aos 20.554 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 21,5,6% menos que os homes.

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal (16.123 euros) e que a media no conxunto do Estado de 19.172 euros.

A evolución é lenta dende o ano 2000, chegando ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. En 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais que permanecen en 2015, 2016 e 2017.

Cadro 5.41

Poboación asalariada por comunidades autónomas e sexo. 2016-2017

	2017				2016			
	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	15.114	76,53	12.943	16.912	14.868	76,80	12.755	16.608
Aragón	19.461	74,87	16.468	21.994	19.121	75,34	16.226	21.538
Asturias	19.987	72,67	16.685	22.959	19.765	72,57	16.474	22.702
Baleares	18.286	82,69	16.490	19.941	17.748	82,38	15.967	19.382
Canarias	16.470	85,73	15.143	17.664	16.201	85,93	14.914	17.355
Cantabria	19.267	74,12	16.218	21.881	18.905	74,57	15.974	21.421
Castela e León	18.783	77,31	16.211	20.968	18.315	77,38	15.806	20.427
Castela-A Mancha	16.695	79,56	14.558	18.298	16.331	79,99	14.278	17.849
Cataluña	21.698	76,84	18.727	24.370	21.238	76,98	18.383	23.881
C. Valenciana	17.657	77,63	15.266	19.664	17.222	78,12	14.945	19.130
Extremadura	14.099	83,25	12.699	15.254	13.797	83,64	12.457	14.894
Galicia	18.463	78,44	16.123	20.554	18.114	77,71	15.730	20.243
Madrid	25.120	73,34	21.112	28.787	24.886	72,46	20.696	28.562
Murcia	16.282	78,96	14.145	17.913	15.979	77,84	13.635	17.516
A Ríoxa	19.237	77,01	16.545	21.483	18.748	76,44	15.960	20.880
Ceuta	21.866	72,55	17.892	24.663	21.810	74,63	18.255	24.461
Meillía	20.956	78,90	18.080	22.914	20.994	78,12	17.890	22.901
Total	19.172	75,37	16.143	21.417	18.835	77,43	16.281	21.026

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017.

No cadro 5.42 apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na rama agricultura, gandería, silvicultura e pesca cunha porcentaxe dun 30,4% menos en contra da muller, na de entidades financeiras e aseguradoras cun 29,6% menos e na industria, onde a muller gaña un 29,4% menos que o home.

As menores diferenzas encontrámonas en construción e servizos inmobiliarios, onde a muller percibe o 91,3% do salario masculino e en servizos sociais con 82,7%.

Cadro 5.42

Salarios medios por sector de actividade económica e sexo. Galicia / España. 2017

	España		Galicia		
	Homes	Mulleres	Mulleres	Homes	%
Agricultura, gandería silvicultura e pesca	8.162	4.933	11.310	16.260	69,56
Industria extractiva, enerxía e auga	29.884	23.062	21.601	29.215	73,94
Industria	25.146	18.605	15.676	22.213	70,57
Construción e servizos inmobiliarios	17.639	16.919	16.223	17.764	91,33
Comercio, reparacións e transporte	20.639	14.301	14.283	19.809	72,10
Información e comunicacións	32.537	25.194	19.338	25.551	75,68
Entidades financeiras e aseguradoras	50.142	33.024	27.662	39.304	70,38
Servizo ás empresas	20.154	13.954	12.109	16.905	71,63
Servizos sociais	26.877	21.742	22.234	26.863	82,77
Outros servizos persoais e de ocio	12.415	8.969	7.823	10.903	71,75
Total	21.417	16.568	16.123	20.554	78,44

Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida porque a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos

temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos e fillas ou de persoas dependentes.

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria observamos que en 2017 o 20,5% tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI) e o 16,6% tivéronos entre o 50% e o 100%. Isto supón que o 37% das mulleres tiveron en 2017 ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 15,4% e con salarios entre o 50% e o 100% foron o 10,8%.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos.

Cadro 5.43

Poboación asalariada por tramos de salario e sexo. Galicia/España. 2017-2016

	2017				2016			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	83.165	98.985	1.750.054	1.989.108	83.976	99.130	1.799.880	1.944.504
De 0,5 a 1 SMI	58.497	80.503	1.190.238	1.375.353	55.434	73.553	1.099.913	1.239.220
De 1 a 1,5 SMI	72.670	93.490	1.306.128	1.395.217	61.667	82.529	1.106.108	1.228.139
De 1,5 a 2 SMI	109.719	72.125	1.575.014	1.134.080	95.358	72.601	1.350.335	1.088.857
De 2 a 2,5 SMI	69.292	43.758	1.107.826	751.744	74.257	45.048	1.112.874	744.053
De 2,5 a 3 SMI	42.810	26.590	752.462	511.323	43.451	28.439	756.121	529.140
De 3 a 3,5 SMI	32.240	23.586	573.733	416.595	33.946	23.105	587.338	407.383
De 3,5 a 4 SMI	20.817	15.754	423.040	302.468	24.136	16.683	449.055	322.584
De 4 a 4,5 SMI	14.667	11.402	303.887	207.762	16.827	13.747	344.437	245.319
De 4,5 a 5 SMI	9.326	5.161	202.280	115.894	11.729	7.961	246.142	158.563
De 5 a 7,5 SMI	19.996	9.764	445.434	223.650	23.581	11.176	513.614	261.422
De 7,5 a 10 SMI	5.203	1.907	125.978	47.687	6.582	2.474	152.852	60.366
Máis de 10 SMI	3.054	627	94.282	21.962	3.619	769	112.946	27.355
Total	541.456	483.652	9.850.356	8.492.843	534.563	477.215	9.631.615	8.256.905

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017.

A Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2017 do INE confirma os datos anteriores.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2017 do colectivo feminino foi de 18.833,53 euros. Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 19.597,17 euros para os contratos indefinidos e 15.676,45 euros para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 24.321,64 euros, distribuídos en 25.806,46 euros para os contratos indefinidos e 17.924,12 euros para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2017 percibiron unhas retribucións un 22.5% menor que os dos homes, diferenza que no caso dos contratos temporais alcanza o 23%.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2017 foi de 20.607,85 euros, fronte aos 26.391,84 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 21,9%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 23,5%.

Cadro 5.44**Salario bruto anual por tipo de contrato (euros). 2017**

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	24.175,52	26.228,84	17.674,28
Aragón	25.878,46	27.403,75	18.012,42
Asturias	27.849,00	30.156,49	18.732,00
Illas Baleares	23.538,43	27.794,07	18.672,85
Canarias	21.291,66	22.126,97	17.786,87
Cantabria	25.249,94	26.769,06	17.710,30
Castela León	27.782,80	26.424,12	17.672,19
Castela A Mancha	23.160,99	24.975,58	17.099,88
Cataluña	28.323,31	30.151,19	18.352,52
C. Valenciana	23.867,74	25.596,86	15.894,66
Estremadura	21.585,18	23.356,27	15.430,38
Galicia	24.321,64	25.806,46	17.924,12
C. de Madrid	29.910,43	31.661,42	18.403,17
Rexión de Murcia	24.009,22	25.534,67	17.880,00
Navarra	29.699,10	31.943,31	19.115,00
País Vasco	31.618,97	33.774,42	21.940,77
A Ríoxa	24.820,49	25.815,66	19.102,33
España	26.391,84	28.231,26	17.983,21

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	18.287,29	19.230,90	14.969,31
Aragón	19.677,22	20.497,63	15.491,87
Asturias	19.426,48	20.772,47	14.323,18
Illas Baleares	20.465,58	20.098.804,00	18.014,55
Canarias	18.917,73	18.889,02	19.048,51
Cantabria	19.012,20	20.209,41	-12.971,08
Castela León	18.796,93	19.284,93	16.773,32
Castela A Mancha	18.327,35	19.176,48	15.830,34
Cataluña	21.801,47	22.721,08	16.554,40
C. Valenciana	18.523,81	19.404,44	14.091,41
Estremadura	17.722,29	19.845,36	11.978,58
Galicia	18.833,53	19.597,17	15.676,45
C. de Madrid	24.029,31	25.183,74	16.614,61
Rexión de Murcia	18.048,37	18.909,33	14.815,12
Navarra	21.898,57	23.321,42	14.673,99
País Vasco	24.165,97	25.024,61	19.967,16
A Ríoxa	19.353,55	20.054,67	16.643,68
España	20.607,85	21.609,64	15.972,35

Fonte: INE, Enquisa anual de estrutura salarial.

5.9. Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social (MITRAMISS) para a elaboración deste apartado non están desagregadas por CC.AA., polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas, imos utilizar tamén o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017”.

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de estadísticas laborais e de asuntos sociais do MITRAMISS, foi lixeiramente superior ao dos homes no nivel contributivo e no asistencial, existindo moita máis diferenza en renda activa de inserción e en programa de activación para o emprego.

-388.956 (en 2018) e 374.089 (2017) mulleres percibiron prestación de nivel contributivo, fronte a 362.216 (en 2018) e 352.486 (2017) homes.

-460.407 (en 2018) e 393.126 (2017) mulleres percibiron prestacións de nivel asistencial, fronte a 393.029 (2018) e 396.292 (2017) homes.

-95.729 (2018) e 246.654 (2017) mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 70.353 (2018) e 222.362 (2017) homes.


-21.622 (en 2018) e 45.712 (2017) mulleres percibiron programa de activación para o emprego fronte a 12.356 (2018) e 28.904 (2017) homes.

En todas as CC.AA. o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 2.850 euros en 2017 fronte aos 3.087 2017 dos homes. En Galicia a media anual chegou en 2017 aos 2.837 euros para as mulleres e aos 3.242 euros para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 405 euros anuais como media.

Cadro 5.45
Prestación media anual. Segundo sexo e idade.
España. 2015-2017

	2015	2016	2017
Homes			
menor de 26 anos	2.037	2.024	2.032
26 a 35 anos	2.727	2.681	2.625
36 a 45 anos	3.157	3.064	2.971
46 a 55 anos	3.362	3.175	3.048
55 e máis anos	4.420	4.187	4.086
Total	3.304	3.179	3.087
Mulleres			
menor de 26 anos	1.931	1.925	1.959
26 a 35 anos	2.676	2.618	2.604
36 a 45 anos	2.989	2.902	2.865
46 a 55 anos	2.880	2.774	2.746
55 e máis anos	3.820	3.702	3.623
Total	2.962	2.882	2.850

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017.



Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 13 euros menos en 2017 que a media de España, mellorando a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España é de 155 euros máis, mellorando con respecto a outros anos.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 87,5% das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 12,5% menos.

Cadro 5.46

Percepcións medias de prestacións por desemprego. Por sexo e comunidade autónoma da persoa perceptora. Galicia/España. 2016-2017

	2017			2016		
	Prestación media anual			Prestación media anual		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	2.827	2.891	2.763	2.908	3.023	2.787
Aragón	2.894	2.986	2.803	2.934	3.001	2.858
Asturias	3.144	3.414	2.854	3.213	3.496	2.887
Baleares	2.589	2.643	2.538	2.618	2.691	2.546
Canarias	2.843	2.971	2.720	2.905	3.063	2.745
Cantabria	2.961	3.132	2.782	3.009	3.226	2.754
Castela e León	3.015	3.198	2.817	3.047	3.236	2.828
Castela-A Mancha	2.858	2.965	2.745	2.865	3.029	2.680
Cataluña	3.179	3.303	3.056	3.257	3.382	3.128
Comunidade Valenciana	2.846	2.974	2.720	2.930	3.072	2.783
Estremadura	2.804	2.896	2.711	2.858	3.011	2.694
Galicia	3.042	3.242	2.837	3.099	3.326	2.851
Madrid	3.520	3.716	3.332	3.553	3.748	3.358
Murcia	2.649	2.738	2.551	2.733	2.844	2.602
A Ríoxa	3.044	3.176	2.907	3.104	3.233	2.960
Ceuta	2.875	3.083	2.672	2.867	3.160	2.576
Melilla	2.912	3.130	2.694	2.751	3.036	2.469
España	2.968	3.087	2.850	3.035	3.179	2.882

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017.

Facendo unha análise da nacionalidade das persoas perceptoras, observamos que cando a nacionalidade é española a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 14,6% menos, mentres que, se a orixe é estranxeira, a diferenza se reduce ata un 10,8% menos.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións inferiores ás dos homes galegos (13,3% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas, teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 17% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

Cadro 5.47

Persoas desempregadas e prestacións medias por nacionalidade e sexo. Galicia/España. 2016-2017

	2017						2016					
	Persoas desempregadas			Prestación media anual			Persoas desempregadas			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes
España												
Española	3.680.192	1.792.121	1.888.071	6.027	2.879	3.148	4.082.223	2.032.180	2.050.043	6.158	2.913	3.245
Estranxeira	534.868	223.949	310.919	5.306	2.591	2.715	524.029	211.400	312.629	5.330	2.585	2.745
Galicia												
Española	218.683	108.675	110.008	6.120	2.850	3.270	234.342	113.058	121.284	6.217	3.353	2.864
Estranxeira	9.912	4.168	5.744	5.197	2.501	2.696	9.724	3.846	5.878	5.267	2.784	2.483

Fonte: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

5.10. Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo MITRAMISS nas estatísticas do Anuario de estadísticas laborais do 2017, último ano dispoñible. Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, si o están por sexo, polo que nos poden dar unha visión xeral da situación da muller pensionista.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O número de pensionistas mulleres (4.168.774 en 2017) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes. É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 64% do total, no grupo de mulleres só alcanzan un 36%, mentres que as de viuvez chegan ao 96%.

En relación co importe medio mensual podemos dicir que no conxunto do Estado as pensións percibidas polas mulleres en 2017 son 422,23 euros menos que as dos homes, ou o que é o mesmo un 37% menores (mulleres: 715,46 euros; homes: 1.137,69 euros), datos similares aos de 2016. Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 451,73 euros menos que un home, un 36,6% menos.

As pensións de viuvez e a favor de familiares son lixeiramente superiores no caso das mulleres.

Se a análise a realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA., apreciamos que no colectivo de mulleres o número de pensións en tramos inferiores a pensión media ou que chegan a ela e de o 24%, mentres que no grupo de homes alcanzan o 37,5% de perceptores en 2017.

Cadro 5.48

Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo.
España. 2016-2017

	Importe medio En euros/mes		Pensionistas	
			Número	
	2016	2017	2016	2017
Homes	1.119,00	1.137,69	4.436.230	4.477.130
Incapacidade permanente	991,00	995,80	606.006	608.660
Xubilación	1.211,19	1.232,83	3.585.876	3.623.402
Viudedade	482,06	485,71	63.341	63.235
Orfandade	374,36	379,63	170.232	170.237
En favor de familiares	490,47	503,47	10.776	11.598
Mulleres	698,68	715,46	4.115.452	4.168.774
Incapacidade permanente	815,90	827,52	321.380	328.562
Xubilación	756,80	781,10	2.006.241	2.064.817
Viudedade	650,52	659,66	1.605.199	1.592.885
Orfandade	374,91	379,23	155.455	154.919
En favor de familiares	538,92	548,09	27.176	27.592
Ambos os dous sexos	903,56	920,60	8.551.870	8.646.060
Incapacidade permanente	929,69	936,00	927.403	937.230
Xubilación	1042,65	1063,50	5.592.192	5.688.286
Viudedade	637,87	646,40	1.668.572	1.656.146
Orfandade	374,61	379,43	325.751	325.209
En favor de familiares	525,63	535,27	37.952	39.189

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridad Social, Anuario de estadísticas laborales 2017.

Cadro 5.49

Pensionistas, percepción de pensiones medias por sexo e tramo de pensión. España. 2017

Total	Total				Homes				Mulleres	
	Pensionistas	Pensiones por persona	Pensión media anual	Pensionistas	Pensiones por persona	Pensión media anual	Pensionistas	Pensiones por persona	Pensión media anual	
	9.614.693	1,13	14.147	4.825.839	1,13	16.584	4.788.854	1,13	11.692	
De 0 a 0,5 PM	868.265	1,04	2.059	434.904	1,02	1.860	433.361	1,05	2.258	
De 0,5 a 1 PM	2.110.289	1,06	6.842	745.759	1,05	6.943	1.364.531	1,06	6.787	
De 1 a 1,5 PM	2.904.303	1,06	10.036	1.214.713	1,03	10.411	1.689.589	1,07	9.766	
De 1,5 a 2 PM	1.099.108	1,11	14.681	632.710	1,08	14.741	466.398	1,16	14.599	
De 2 a 2,5 PM	799.039	1,15	18.992	489.249	1,12	19.006	309.790	1,19	18.971	
De 2,5 a 3 PM	487.318	1,22	23.144	342.149	1,19	23.164	145.169	1,3	23.096	
De 3 a 3,5 PM	343.737	1,28	27.456	250.258	1,25	27.461	93.479	1,38	27.444	
De 3,5 a 4 PM	360.139	1,34	31.767	238.930	1,3	31.734	121.209	1,42	31.831	
De 4 a 4,5 PM	458.284	1,28	35.820	335.814	1,23	35.806	122.470	1,43	35.858	
De 4,5 a 5 PM	64.878	2,11	40.014	48.792	2,07	40.028	16.086	2,22	39.971	
De 5 a 7,5 PM	84.458	2,28	49.658	65.285	2,27	49.693	19.173	2,3	49.542	
De 7,5 a 10 PM	16.841	2,45	71.995	13.232	2,44	71.925	3.609	2,46	72.251	
Más de 10 PM	18.034	2,6	153.023	14.044	2,6	157.894	3.990	2,58	135.878	

Fonte: Agencia Tributaria, Mercado de trabajo e pensiones nas fontes tributarias: 2017.

Para poder facer unha análise por CC.AA. e sexo utilizaremos os datos do informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensiones nas fontes tributarias: 2017".

Cabe sinalar que se ben en Galicia o número de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior lixeiramente no colectivo feminino (51,53% en 2017), non o son os importes das pensiones recibidas, xa que a diferenza chega a un 28,29% menos. No total das CC.AA. o número de mulleres pensionistas chega ao 49,8%.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2017 os 10.610 euros fronte aos 14.797 euros dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 71,70% do importe da pensión masculina ou, o que é o mesmo, un 28,30% menos, o que supón unha significativa diferenza (4.187 euros menos ao ano).

A muller galega tamén está en desvantaxe se comparamos a súa pensión media coa das mulleres do resto de CC.AA., con 782 euros menos en 2017.

As pensións das mulleres galegas ocupan o quinto lugar das máis baixas, despois de Extremadura, Murcia, Melilla e Castela-A Mancha.

Cadro 5.50

Pensión media anual por comunidades autónomas e sexo. Exercicio 2016-2017

	2017			2016		
	Total	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes
Andalucía	12.738	10.651	14.804	12.340	10.289	14.382
Aragón	15.107	12.127	17.878	14.680	11.719	17.423
Asturias	17.373	12.782	21.619	16.898	12.340	21.110
Baleares	13.596	11.482	15.803	13.187	11.092	15.385
Canarias	12.495	10.700	14.301	12.193	10.344	14.058
Cantabria	15.086	12.036	18.040	14.654	11.620	17.598
Castela e León	14.294	11.674	16.606	13.909	11.341	16.171
Castela-A Mancha	12.565	10.441	14.249	12.215	10.119	13.871
Cataluña	15.124	12.531	17.906	14.680	12.095	17.452
C. Valenciana	16.166	10.966	15.351	12.830	10.633	15.015
Extremadura	11.672	10.119	13.065	11.373	9.825	12.772
Galicia	12.639	10.610	14.797	12.273	10.226	14.424
Madrid	17.117	13.964	20.384	16.659	13.444	20.010
Murcia	12.591	10.537	14.562	12.101	10.094	14.041
A Rioxa	14.145	11.674	16.426	13.651	11.232	15.881
Ceuta	14.041	10.906	17.344	13.992	10.674	17.513
Melilla	13.120	10.446	16.080	12.713	10.100	15.679
Total	14.147	11.392	16.584	13.739	11.291	16.175

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2017.

**Inicio da relación
laboral**

6

Demetrio Fernández López

Capítulo 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

6.1. Inscripción de empresas

Nun capítulo que recolle as empresas inscritas, persoas traballadoras afiliadas e de alta e persoas traballadoras estranxeiras, a primeira parte detalla as empresas con persoal, obtidas agrupando contas de cotización co mesmo número de identificación fiscal. Inclúense no réxime xeral (agás o sistema especial de empregados e empregadas do fogar), o réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadoras e traballadores do mar (conta allea). Do sector servizos exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

No cadro 6.1, ofrécese o dato fixo do número de empresas a 31 de decembro de 2018, distribuídas segundo sector de actividade. Pódese observar que o sector servizos é o que máis empresas contén (61.562 empresas do total de 82.878), triplicando ao resto de sectores, e multiplicando por sete ao seguinte sector que é a construción. Ademais é, con grande diferenza, o que máis persoas ocupa. En canto a persoas traballadoras, síguela o sector da industria e en terceiro lugar a construción. Incrementábase o número de empresas con persoal asalariado no ano 2018 fronte a 2017, sendo o terceiro crecemento consecutivo.

Cadro 6.1

Empresas con persoal asalariado e persoas traballadoras, segundo sector de actividade, por provincias ⁽¹⁾. Galicia. 2018

	Empresas					persoas traballadoras				
	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	34.466	2.014	2.728	3.427	26.297	302.205	5.654	47.287	22.837	226.427
Lugo	11.689	1.285	980	1.114	8.310	73.794	4.059	11.396	5.164	53.175
Ourense	9.810	407	1.020	964	7.419	66.405	1.132	13.839	4.740	46.694
Pontevedra	30.465	2.160	2.871	2.935	22.499	245.937	7.354	54.115	15.489	168.979
Galicia	82.878	5.803	7.292	8.221	61.562	688.341	18.123	126.861	48.245	495.112

Datos a 31 de decembro de 2018.

(1) Empresas con traballadores/as, obtidas agrupando contas de cotización co mesmo NIF. Inclúense o réxime xeral (agás sistema especial de empregados/as do fogar), réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadores/as do mar (conta allea). Do sector servizos exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

No cadro 6.2, con datos extraídos do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, pódese ver, nun cadro comparativo dos anos 2017 e 2018, o número de empresas distribuído segundo teñan persoal asalariado ou sexan autónomos/as sen persoal asalariado, extraéndose a conclusión de que a cifra das primeiras é ascendente e a das segundas decreceu. Concretamente, baixan por segundo ano consecutivo estas últimas en 1.114 persoas menos.

Cadro 6.2

Empresas segundo teñan persoal asalariado ou sexan autónomos/as sen persoal asalariado, por sector e sección de actividade, tipo, tamaño da empresa. Galicia. 2017-2018

	Total		Empresas con persoal asalariado ⁽¹⁾		Autónomos/as sen persoal asalariado ⁽²⁾	
	2018	2017	2018	2017	2018	2017
Galicia	192.342	192.851	82.878	82.273	109.464	110.578

(1) Empresas con traballadores/as, obtidas agrupando contas de cotización co mesmo NIF. Inclúense o réxime xeral (agás sistema especial de empregados/as do fogar), réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadores/as do mar (conta allea). Do sector servizos exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

(2) A información sobre "autónomos sen asalariados" refírese aos afiliados/as aos réximes especiais de traballadores/as autónomos e do mar (conta propia). Exclúese aos autónomos/as que estean integrados en sociedades mercantis, cooperativas e outras entidades societarias, os que figuran como colaboradores familiares e os que estean rexistrados formando parte dalgún colectivo especial de traballadores/as.

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Distribuídas as empresa e o persoal segundo o tipo de empresa (cadro 6.3), obsérvase claramente que é moi superior o número de empresas persoa xurídica e o persoal ocupado naquelas empresas que revisten esta forma, fronte ás empresas persoa física. No que atinxe ao persoal nas empresas persoa xurídica, multiplica por nove á outra tipoloxía.

Cadro 6.3

Empresas inscritas na Seguridade Social e persoas traballadoras, segundo tipo de empresa. Galicia. 2018

	Empresas			Persoas traballadoras		
	Total	Persoa física	Persoa xurídica	Total	Persoa física	Persoa xurídica
Galicia	82.878	33.913	48.965	688.341	71.906	616.435

Datos a 31 de decembro de 2018.

Inclúense o réxime xeral (agás sistema especial empregados/as do fogar), o réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadores/as do mar (conta allea). Do sector servizos, exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

No cadro 6.4 pode observarse que, das persoas traballadoras en empresas inscritas na Seguridade Social, o 69,78% teñen subscrito contrato indefinido e que, de entre estes, o número de contratos a xornada completa ten unha porcentaxe moi superior ao dos contratos a tempo parcial, pese a que estes últimos medran dende o ano 2017. A porcentaxe de persoas vencelladas por contrato a tempo parcial, increméntase moito na contratación temporal.

Cadro 6.4

Persoas traballadoras en empresas con persoal asalariado segundo tipo de contrato e tipo de xornada. Galicia. 2018⁽¹⁾

	Total	Contrato indefinido			Contrato temporal		
		Total	Tempo completo	Tempo parcial	Total	Tempo completo	Tempo parcial
Galicia	688.341	480.236	390.408	89.828	208.105	136.381	71.724

(1) Empresas con traballadores/as, obtidas agrupando contas de cotización co mesmo NIF. Inclúense o réxime xeral (agás sistema especial de empregados/as do fogar), réxime da minería do carbón e o réxime especial de traballadores/as do mar (conta allea). Do sector servizos exclúese "Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Apertura de centros de traballo

Tradicionalmente incluíanse neste apartado os cadros relativos ás comunicacións de aperturas de centros de traballo, na súa acepción laboral, como unidade produtiva con organización específica que, polo tanto, non poden ser tomados conceptualmente como empresas, xa que estas poden ter un ou varios centros de traballo. Por outra banda, a falta de comunicación dos cesamentos dos centros de traballo, unha vez amortizados os cadros de persoal, impedían coñecer o dato máis preciso do total neto de centros de traballo creados nun período. En consecuencia, estas cifras referíanse a aquelas comunicacións de apertura de centros de traballo que, con carácter preceptivo, realizaban as empresas.

Nos anos 2016, 2017 e 2018 non se trataron de xeito informático estes datos pola autoridade laboral autonómica, e non existe rexistro accesible, nin tan sequera para facer un recuento manual.

6.2. Afiliacións e altas na seguridade social

6.2.1. Introducción

Os datos que proporcionan as altas das persoas traballadoras á Seguridade Social permiten unha análise da configuración laboral de Galicia, permitindo ademais, pola súa desagregación en réximes ou sistemas especiais, obter información de certo detalle nas actividades do mar e autónomos/as. Así mesmo, a Tesourería Xeral da Seguridade Social conta cunha base de datos do total de persoas afiliadas por sectores de actividade de indubidable valor.

Convén precisar que por persoas afiliadas e en alta se entende ademais das que traballan pola súa conta, todas aquelas que, nun momento determinado, se atopan ao servizo da empresa, e polas que esta cotiza, se ben o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de persoas traballadoras, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar, é dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como

situacións de cotización teña, sexa porque teña varias actividades nun mesmo réxime, ou en varios. A afiliación e a alta na Seguridade Social é obrigatoria para toda persoa en activo por conta allea, ou que desempeñe o exercicio de calquera actividade de carácter autónomo, coa exclusión dun reducidísimo número de profesionais liberais. Tamén se asimilan ás situacións en alta, a incapacidade temporal, o desemprego na modalidade de pago delegado e a situación de suspensión por regulación de emprego.

Non obstante, as cifras que proporciona o sistema da Seguridade Social non comprenden a todas as persoas traballadoras, xa que quedan fóra as que cotizan á Mutuabilidade de Funcionarios da Administración Civil do Estado (MUFACE), as integradas no Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS) e as afiliadas á Mutuabilidade Xeral de Xustiza (MUGEJU).

6.2.2. A evolución a medio prazo

Da análise dos datos a medio prazo, ano 2009 a 2018 (cadro 6.5), obsérvase que, no total galego, existen dunha data a outra 28.300 cotizantes menos, e que esa diminución se produce dun xeito significativo na Galicia interior, nas provincias da Lugo (7.100) e Ourense (5.200), pero tamén na Galicia atlántica.

A análise da evolutiva, amosa como os datos de maior relevancia a diminución do número de persoas afiliadas nos anos 2010 a 2014 e o cambio de tendencia, medrando as cifras a partir do ano 2015 e con máis forza no ano 2018.

Tamén é salientable o descenso no cómputo xeral do período do número de persoas en alta pertencentes ao réxime do mar, que pasan no total de Galicia de 24.700 en 2009 a 21.300 en 2018, o que supón, por conseguinte, un descenso de 3.400 altas. No ano 2014 fréase o descenso de persoas activas nas catro provincias galegas e no total de Galicia, aínda que o crecemento é de só 4.400 persoas afiliadas no conxunto da comunidade autónoma e ese crecemento se mantén ata 2018, incluído.

En 2018 continúa o incremento do número de persoas afiliadas a Seguridade Social, que representan en decembro dese ano un total de 1.001.400, cun aumento, con respecto á media de 2017, de 23.700 cotizantes.

Cadro 6.5

Persoas traballadoras afiliadas e en alta laboral. Réximes xeral e agrario, e total. Galicia/España. 2009 a 2018

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2009	R. xeral	325,8	83,3	77,7	268,8	755,6	13.634,8
	R. agrario ⁽³⁾	1,4	1,4	0,4	1,3	4,5	801,7
	Agrario autónomo (SETA)	14,6	15,8	3,7	6,2	40,3	224,3
	Total ⁽²⁾	431,4	129,0	108,2	361,1	1.029,7	17.916,8
2010	R. xeral	321,7	81,9	76,5	260,5	740,6	13.354,3
	R. agrario ⁽³⁾	1,5	1,4	0,4	1,3	4,6	820,0
	Agrario autónomo (SETA)	13,4	14,8	3,3	5,6	37,1	213,1
	Total ⁽²⁾	424,6	126,3	106,2	350,4	1.007,5	17.581,9
2011	R. xeral	313,6	80,2	74,7	249,7	718,2	13.152,5
	R. agrario ⁽³⁾	1,5	1,5	0,4	1,3	4,7	822,3
	Agrario autónomo (SETA)	12,6	14,0	2,9	5,1	34,6	205,3
	Total ⁽²⁾	414,8	123,7	103,8	337,9	980,2	17.263,3
2012	R. xeral ⁽⁵⁾	296,2	75,1	70,5	232,4	674,2	12.470,5
	S. E. agrario ⁽⁴⁾	1,6	1,6	0,3	1,3	4,8	810,1
	Agrario autónomo (SETA)	12,0	13,3	2,7	4,8	32,8	199,6
	Total ⁽²⁾	400,2	118,8	99,9	322,3	941,2	16.738,6
2013	R. xeral ⁽⁵⁾	286,0	71,4	68,5	223,7	649,5	12.027,9
	S. E. agrario ⁽⁴⁾	1,5	1,5	0,3	1,1	4,5	753,5
	Agrario autónomo (SETA)	11,4	12,7	2,5	4,5	31,2	195,8
	Total ⁽²⁾	391,2	114,8	98,0	313,4	917,4	16.299,5
2014	R. xeral ⁽⁵⁾	287,4	71,6	68,6	224,6	652,2	12.212,0
	S. E. agrario ⁽⁴⁾	1,6	1,5	0,3	1,1	4,5	754,6
	Agrario autónomo (SETA)	10,9	12,2	2,4	4,3	29,8	194,3
	Total ⁽²⁾	393,9	115,0	98,2	314,8	921,8	16.556,0
2015	R. xeral ⁽⁵⁾	297,9	73,9	69,9	234,0	675,7	12.842,1
	S. E. agrario ⁽⁴⁾	1,7	1,8	0,3	1,0	4,7	807,0
	Agrario autónomo (SETA)	10,2	11,4	2,2	4,0	27,7	191,7
	Total ⁽²⁾	405,2	117,1	99,4	324,4	946,1	17.308,4
2016	R. xeral	303,1	75,3	70,6	238,2	687,2	13.155,9
	R. agrario	1,7	1,9	0,3	1,2	5,2	765,2
	Agrario autónomo (SETA)	9,6	10,9	2,1	3,8	26,3	193,3
	Total ⁽²⁾	410,0	118,4	99,8	329,2	957,6	17.600,8
2017	R. xeral	312,7	77,4	72,1	246,7	708,9	13.745,6
	R. agrario	1,8	1,9	0,4	1,3	5,3	776,5
	Agrario Autónomo (SETA)	9,1	10,5	2,0	2,3	25,3	193,4
	Total ⁽²⁾	419,0	119,9	101,0	337,7	977,7	18.222,5
2018	R. xeral	322,3	80,0	74,3	258,1	734,7	14.291,0
	R. agrario	1,9	1,9	0,4	1,4	5,6	769,4
	Agrario autónomo (SETA)	9,3	11,1	2,4	2,6	25,4	194,2
	Total ⁽²⁾	428,0	121,9	102,6	348,9	1.001,4	18.787,4

(1) Non se inclúen os/as afiliados/as aos réximes especiais existentes nesa época de representantes de comercio, artistas, toureiros, escritores/as de libros e futbolistas (a incidencia é moi pequena).

(2) O total inclúe, ademais dos reseñados, os do mar, autónomos, empregados/as do fogar e minería do carbón.

(3) A partir do 1 de xaneiro de 2008 os/as traballadores/as por conta propia do réxime especial agrario integranse no réxime especial de traballadores/as autónomos/as (lei 18/2007, do 4 de xullo).

(4) A partir do 1 de xaneiro de 2012 os/as traballadores/as por conta allea do réxime especial agrario integranse no réxime xeral (lei 27/2011, do 1 de agosto).

(5) Sen agrarios/as e empregados/as do fogar.

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Convén destacar tamén que o réxime xeral, onde se inclúen as persoas asalariadas do sector industrial, da construción e dos servizos, experimenta nese período un descenso de case 17.000 cotizantes, é dicir, das 751.200 persoas afiliadas en 2009 ás 734.600 en 2018, pasando a representar un 73,36% das altas en 2018, aínda así a certa distancia do 76,90% que constitúe esa proporción no total do estado español.

A diminución nestes últimos anos das persoas afiliadas e en alta pertencentes ao extinguido réxime especial agrario, supón que na Comunidade Autónoma Galega o peso das persoas traballadoras susceptibles de integrarse nese réxime pasa, respecto do total das afiliadas, do 5,46% en 2009, ao 3,92% en 2018, acurtando diferenzas ano

a ano e xa nestes últimos representando unha porcentaxe moi inferior ao conxunto estatal.

A peculiaridade dos datos das provincias de Lugo e Ourense vén dada por mor do descenso das persoas activas agrarias e, pese a que son as provincias nas que proporcionalmente ten o maior peso este sector, manteñen xa, a partir de 1986 en Ourense e 1989 en Lugo, a diferenza do sucedido ata esas datas, un maior número de persoas traballadoras do citado réxime xeral que do agrario.

6.2.3. Análise dos dez últimos anos

Da análise dos datos correspondentes a estes últimos nove anos (cadro 6.6), constátase que despois do importante número de afiliacións en 2009, experimentase un descenso apreciable sobre a subida dese ano no período que vai de 2009 a 2014, con descensos interanuais de 43.000, 22.200, 27.200 e 39.100.

En 2008 coa forte crise en plena virulencia aínda se logra un aumento (en media anual) de 1.700 cotizantes respecto do ano anterior (ver informes anteriores), producíndose diminucións importantes en 2009 (42.800), en 2010 (22.200), en 2011 (22.800), en 2012 (39.000) e en 2013 (23.800).

Como sinalabamos anteriormente en 2014 ráchase a tendencia á baixa do número de afiliacións, medrando no seu conxunto 4.400 persoas activas en Galicia, se ben diminúe en 1.400 o número das activas agrarias (no seu conxunto, conta propia e conta allea).

Continua tamén a diminución paulatina das afiliacións ao réxime do mar en 2018, do mesmo xeito que se vén dando case de xeito ininterrompido dende 2009.

A pesar do incremento interanual en 2018 de cotizantes do réxime xeral, que pasan a representar en Galicia 734.200, son menos as persoas en alta nese réxime que en 2009. No réxime de autónomos tamén se aprecia un descenso respecto do comezo da serie.

Cadro 6.6
Persoas traballadoras afiliadas e en alta laboral. Por réximes. Galicia/España. 2009-2018

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
2009	R. xeral	323,9	82,9	77,2	267,2	751,2	13.546,1
	R. mar	6,6	1,9	0,0	16,1	24,7	66,6
	R. agrario ⁽¹⁾	1,4	1,4	0,4	1,3	4,5	802,2
	Autónomos ⁽¹⁾	91,0	39,9	27,6	70,3	228,8	3.213,8
	Outros	8,5	2,9	3,0	6,1	20,5	288,1
	Total	431,4	129,0	108,2	361,1	1.029,7	17.916,8
2010	R. xeral	319,6	81,4	76,0	258,7	735,7	13.279,2
	R. mar	6,5	2,0	0,0	15,6	24,1	64,7
	R. agrario ⁽¹⁾	1,5	1,4	0,4	1,3	4,6	818,8
	Autónomos ⁽¹⁾	88,7	38,7	26,8	68,6	222,8	3.126,0
	Outros	8,3	2,8	3,0	6,2	20,3	293,2
	Total	424,6	126,3	106,2	350,4	1.007,5	17.581,9
2011	R. xeral	311,4	79,7	74,2	247,6	712,9	13.053,1
	R. mar	6,4	1,9	0,0	15,2	23,5	62,8
	R. agrario ⁽¹⁾	1,5	1,5	0,4	1,3	4,7	820,2
	Autónomos ⁽¹⁾	87,1	37,8	26,3	67,6	218,8	3.088,8
	Outros	8,4	2,8	2,9	6,2	20,4	301,4
	Total	414,8	123,7	103,8	337,9	980,3	17.326,3
2012	R. xeral ⁽²⁾	296,2	75,1	70,5	232,4	674,2	12.470,5
	R. mar	6,3	1,8	0,0	14,8	22,9	61,8
	R. agrario ⁽¹⁾	1,6	1,6	0,3	1,3	4,8	810,1
	Autónomos ⁽¹⁾	86,0	37,2	26,0	66,5	215,8	3.045,8
	Outros	10,1	3,1	3,1	7,3	23,5	350,2
	Total	400,2	118,8	99,9	322,3	941,2	16.738,6
2013	R. xeral ⁽²⁾	286,0	71,4	68,5	223,7	649,5	12.027,9
	R. mar	6,1	1,7	0,0	14,2	22,1	61,8
	R. agrario ⁽¹⁾	1,5	1,5	0,3	1,2	4,5	753,5
	Autónomos ⁽¹⁾	85,7	36,7	25,8	65,6	213,9	3.029,2
	Outros	11,8	3,5	3,4	8,7	27,4	427,2
	Total	391,2	114,8	98,0	313,4	917,4	16.299,5
2014	R. xeral ⁽²⁾	287,4	71,6	68,6	224,6	652,2	12.212,0
	R. mar	6,1	1,6	0,0	13,9	21,6	61,7
	R. agrario ⁽¹⁾	1,6	1,5	0,3	1,1	4,5	754,6
	Autónomos ⁽¹⁾	87,1	36,7	25,9	66,4	216,0	3.095,8
	Outros	11,7	3,6	3,4	8,8	27,5	432,0
	Total	393,9	115,0	98,2	314,8	921,8	16.556,0
2015	R. xeral ⁽²⁾	297,9	73,9	69,9	234,0	675,7	12.842,1
	R. mar	6,0	1,5	0,0	13,3	20,9	57,6
	R. agrario ⁽¹⁾	1,7	1,8	0,3	1,0	4,7	807,0
	Autónomos ⁽¹⁾	88,0	36,2	25,8	67,2	217,3	3.168,0
	Outros	11,7	3,6	3,4	8,8	27,6	433,8
	Total	405,2	117,1	99,4	324,4	946,1	17.308,4
2016	R. Xeral	303,1	75,3	70,6	238,2	687,2	13.155,9
	R. mar	5,9	1,6	0,0	13,6	21,2	64,0
	Agrario	1,7	1,9	0,3	1,2	5,2	765,2
	Autónomos	87,5	36,0	25,5	67,4	216,4	3.188,6
	Outros	11,7	3,5	3,4	8,8	27,5	429,0
	Total	410,0	118,4	99,9	329,1	957,5	17.600,8
2017	R. xeral	312,7	77,4	72,1	246,7	709,0	13.745,7
	R. mar	6,0	1,6	0,0	13,7	21,3	64,8
	Agrario	1,8	1,9	0,3	1,3	5,4	776,6
	Autónomos	86,7	35,5	25,2	67,1	214,6	3.211,1
	Outros	11,7	3,6	3,3	8,8	27,4	424,4
	Total	419,0	119,9	101,0	337,7	977,7	18.222,5
2018	R. xeral	322,3	80,0	74,3	258,1	734,6	14.291,0
	R. mar	6,0	1,5	0,0	13,7	21,3	65,2
	Agrario	1,9	1,9	0,4	1,4	5,6	769,3
	Autónomos	86,2	34,9	24,6	67,1	212,8	3.246,1
	Outros	11,6	3,5	3,2	8,8	27,1	415,7
	Total	426,1	121,9	102,5	348,9	1.001,4	18.787,4

Medias anuais en miles, excepto 2015 que é a decembro dese ano.

(1)A partir do 1de xaneiro de 2008 os/as traballadores/as por conta propia do réxime especial agrario integranse no réxime especial de traballadores/as autónomos/as (lei 19/2007, do 4 de xullo).

Contabilízanse a partir desa data só os que na actualidade se inclúen no sistema especial agrario (conta allea).

(2)A partir do 1de xaneiro de 2012 os/as traballadores/as por conta allea do réxime especial agrario e os do empregados/as do fogar integranse no réxime xeral (lei 27/2011, do 1de agosto).

Neste cadro no réxime xeral non se inclúen os/as afiliados/as destes colectivos.

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

6.2.4. Persoas afiliadas por sector de actividade

No cadro 6.7, no que se contempla unha distribución das persoas afiliadas polos sectores clásicos de actividade, a poboación afiliada galega sitúase maioritariamente no sector servizos, 702.600 persoas afiliadas en 2017 e 719.500 en 2018. No estado español das 13.772.100 que había en 2017, pasamos a 14.205.400 en 2018. Segue en importancia o sector da industria, onde en 2017 se atopan en alta 140.600 persoas, que se incrementan a 145.000 no ano 2018. No cómputo xeral español as 2.191.600 persoas traballadoras da industria en 2017, increméntanse ata as 2.251.600 en 2018.

No sector agrario, no que debemos incluír tamén o pesqueiro, están en alta 60.600 persoas, que constitúen sobre o 6% das afiliadas galegas, mentres que as 1.136.400 persoas incluídas nese sector a nivel estatal representan o 6,74% do total das afiliadas. Baixan en 200 persoas no caso de Galicia e en 3.500 no conxunto do Estado.

Por último, na construción en 2017 respecto do ano anterior medran as persoas en alta en Galicia na cifra de 100, situándose en 73.100 e de xeito máis consistente en 2018 con 3.200 novas persoas activas ata chegar ás 76.300. En todo o Estado son 1.118.800 as persoas afiliadas dese sector en 2017 e 1.194.000 en 2018.

Cadro 6.7

**Persoas traballadoras afiliadas en alta laboral. Por sector de actividade.
Galicia/España. 2009-2018**

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Agrario	2009	24,7	21,0	6,6	24,5	76,8	1.197,7
	2010	23,3	19,9	6,1	23,2	72,5	1.200,4
	2011	22,7	19,1	5,7	22,3	69,8	1.188,9
	2012	22,0	18,4	5,3	21,5	67,1	1.168,5
	2013	21,6	17,7	5,1	20,8	65,2	1.108,5
	2014	21,4	17,3	5,0	20,2	63,9	1.112,0
	2016	20,2	16,8	4,9	19,5	61,4	1.125,6
	2017	19,9	16,6	4,8	19,5	60,8	1.139,9
	2018	19,6	16,5	5,0	19,5	60,6	1.136,4
Industria	2009	61,7	14,8	17,1	67,7	161,3	2.397,9
	2010	59,6	14,4	16,7	63,4	154,1	2.286,0
	2011	57,6	14,1	16,8	59,1	147,6	2.222,6
	2012	54,6	13,5	16,0	55,3	139,3	2.103,5
	2013	51,9	12,6	15,4	53,6	133,5	2.021,8
	2014	51,0	12,5	15,1	52,5	131,1	2.023,1
	2016	53,6	12,8	15,3	55,3	137,0	2.125,7
	2017	55,0	13,1	15,5	57,0	140,6	2.191,6
	2018	55,8	13,3	15,8	60,1	145,0	2.251,6
Construción	2009	52,9	14,6	13,7	39,4	120,6	1.779,6
	2010	48,1	13,5	12,3	35,1	109,0	1.545,8
	2011	42,2	12,2	11,0	30,9	96,3	1.355,1
	2012	35,4	10,4	10,0	25,3	81,0	1.123,4
	2013	32,1	9,1	9,5	22,0	72,7	997,2
	2014	31,9	9,0	9,5	21,7	72,0	980,5
	2016	32,7	8,9	8,9	22,5	73,0	1.054,3
	2017	32,9	8,8	8,7	22,7	73,1	1.118,8
	2018	34,6	8,9	8,7	24,1	76,3	1.194,0
Servizos	2009	290,4	78,0	70,0	228,0	666,4	12.541,6
	2010	293,6	78,6	71,1	228,7	672,0	12.549,7
	2011	292,4	78,4	70,4	225,6	666,8	12.559,7
	2012	288,3	76,6	68,6	220,2	653,7	12.343,6
	2013	285,5	75,4	68,0	217,0	645,9	12.172,1
	2014	289,6	76,2	68,7	220,4	654,9	12.440,4
	2016	303,6	79,9	70,9	231,9	686,3	13.295,2
	2017	310,8	81,5	71,9	238,4	702,6	13.772,1
	2018	318,1	83,2	73,0	245,2	719,5	14.205,4
Total	2009	431,4	129,0	108,2	361,1	1.029,7	17.916,8
	2010	424,6	126,3	106,2	350,4	1.007,5	17.581,9
	2011	414,8	123,7	103,8	337,9	980,2	17.326,3
	2012	400,2	118,8	99,9	322,3	941,2	16.738,6
	2013	391,2	114,8	98,0	313,4	917,4	16.299,5
	2014	393,9	115,0	98,2	314,8	921,8	16.556,0
	2016	410,0	118,4	99,9	329,2	957,5	17.600,8
	2017	419,0	119,9	101,0	337,7	977,6	18.222,5
	2018	428,1	121,9	102,5	348,9	1.001,4	18.787,3

Elaboración propia.

Datos: medias anuais redondeados a miles.

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

6.2.5. Afiliacións e altas por comunidades autónomas

Dende a perspectiva das comunidades autónomas e o conxunto do Estado español, (cadro 6.8), facendo unha evolutiva histórica, despois da recuperación xeral do número de persoas afiliadas experimentada en 1996, respecto ás perdas que con carácter xeral se produciron en 1993 e 1994 (ver informes de anos precedentes), no conxunto

de España, en 1997, prodúcese un aumento importante con respecto ao ano anterior, de 426.100 persoas afiliadas, aumento que se experimenta na totalidade das comunidades autónomas. En 1998 consolídase a tendencia cunha importante subida interanual de 658.900 altas, superada pola que ten lugar en 1999, con 753.900 altas. No ano 2000 o incremento foi de 718.000, no 2001 de 587.000; no 2002 de 476.400, en 2003 de 487.300, en 2004 de 468.200, en 2005 de 753.700, en 2006 de 760.800, en 2007 de 555.900. No ano 2008 polo impacto da crise diminúe en 146.700 e en 2009 o impacto é moito maior, reducíndose en máis dun millón oitenta e oito mil o número de persoas afiliadas en alta. No ano 2010 segue a tendencia á redución do número de afiliacións, aínda que o efecto é menor que o ano precedente (335.000 altas menos), en 2011 tamén algo menor: 255.600 en cómputo de media anual, en 2012 volve a incrementarse ata as 587.800 afiliacións menos que o ano precedente e en 2013 439.000.

No ano 2014 fréase a tendencia a baixa das afiliacións e incrementábase en 256.500, e en 2015 ese incremento é maior: 752.400, acadando a finais do ano as 17.308.400 persoas afiliadas.

A Comunidade Autónoma Galega, tras a forte diminución de persoas afiliadas en 1993 (ver cadros en informes anteriores), volve a perder afiliacións en 1994, se ben pola diminución crónica de persoas activas agrarias. En 1995 incrementa en 5.500 o total de persoas activas, en 1996, en 7.000 e, en 1997, en 17.200, producíndose xa, nese ano, un aumento apreciable de afiliacións no réxime xeral, que confirma a tendencia á recuperación económica que se albisca timidamente os dous anos precedentes e que vén a confirmarse sen dúbida ningunha en 1998, ano en que medran as persoas activas galegas en 31.900, e aínda máis en 1999 – 36.900-. Nos anos 2000 a 2005 modérase máis o crecemento – 28.900, 24.200, 19.600; de 2000 a 2002; o mesmo número 23.200 nos anos 2003 e 2004, e 27.400 en 2005 – en 2006 e 2007 volven a medrar con forza: 34.800 afiliacións, e 37.600, respectivamente- o máis importante aumento nos últimos anos. En 2008 logra, a pesar das importantes diminucións dos últimos meses, manter o saldo en positivo e incrementa o número de altas en 2.400, pero de 2009 a 2013 a crise faise patente e diminúen o número de afiliacións en 42.900, 22.200, 27.100, 39.100 e 23.800, respectivamente, logrando en 2014 trocar a tendencia e acadar un aumento de 4.400 afiliacións en media anual e consolidándose en 2015: 24.300 afiliacións máis a finais dese ano e incrementándose en 2016 e 2017 ata chegar ás 977.700. Segue esta evolución en 2018 ata chegar a 1.001.400 persoas afiliadas en Galicia e 18.787.400 no conxunto do Estado.

Cadro 6.8
Persoas traballadoras afiliadas e en alta laboral. Por réximes e comunidades autónomas. 2011-2018

	2011					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.843,5	8,5	487,0	467,3	31,2	2.837,5
Aragón	403,3	0,0	12,1	105,1	7,2	527,7
Asturias	281,8	1,7	1,1	77,6	9,6	371,8
Baleares	310,0	1,9	2,8	80,5	9,9	405,1
Canarias	546,9	5,3	15,0	105,0	7,4	679,6
Cantabria	162,3	1,2	0,7	42,6	3,8	210,6
Castela-A Mancha	485,6	0,0	39,1	146,8	7,5	679,0
Castela e León	672,4	0,0	16,5	206,1	13,4	908,4
Cataluña	2.429,5	6,3	25,2	533,4	57,1	3.051,5
C. Valenciana	1.237,0	5,0	69,2	325,2	24,3	1.660,7
Estremadura	237,0	0,0	65,0	78,0	2,5	382,5
Galicia	712,9	23,6	4,7	218,8	20,3	980,3
Madrid	2.336,8	3,9	4,7	355,4	74,6	2.775,4
Murcia	346,0	1,0	64,6	91,1	9,0	511,7
Navarra	206,6	0,0	4,8	46,3	4,7	262,4
País Vasco	720,0	3,9	2,9	177,2	15,6	919,6
A Ríoxa	89,9	0,0	4,7	26,0	1,8	122,4
Ceuta	16,6	0,2	0,0	3,0	0,6	20,4
Melilla	15,0	0,1	0,0	3,3	1,3	19,7
España	13.053,1	62,6	820,1	3.088,7	301,8	17.326,3

	2012					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.741,9	8,5	488,3	462,6	38,9	2.740,2
Aragón	386,4	0,0	12,0	103,5	9,5	511,3
Asturias	269,1	1,8	1,1	76,0	7,7	355,6
Baleares	301,1	1,9	2,7	79,6	10,5	395,8
Canarias	522,0	5,2	15,1	105,4	8,8	656,4
Cantabria	154,5	1,2	0,6	42,0	4,9	203,1
Castela-A Mancha	440,2	0,0	37,4	144,0	9,6	631,3
Castela e León	638,2	0,0	15,1	203,5	15,8	872,6
Cataluña	2.338,8	6,3	24,8	524,2	60,5	2.954,6
C. Valenciana	1.175,2	5,2	62,8	318,7	27,1	1.589,0
Estremadura	223,1	0,0	64,1	77,0	3,8	367,9
Galicia	674,2	22,9	4,8	215,8	23,5	941,2
Madrid	2.272,8	3,6	3,3	351,6	87,5	2.718,8
Murcia	327,3	1,0	65,8	89,6	10,2	493,8
Navarra	196,9	0,0	5,0	45,5	6,5	253,8
País Vasco	693,3	3,9	3,1	174,5	21,3	896,0
A Ríoxa	85,2	0,0	4,3	25,7	2,4	117,6
Ceuta	15,8	0,2	0,0	3,1	0,7	19,9
Melilla	14,8	0,1	0,0	3,3	1,4	19,6
España	12.470,5	61,8	810,1	3.045,8	350,4	16.738,5

	2013					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.663,8	9,0	458,5	464,8	48,8	2.644,8
Aragón	371,1	0,0	11,6	103,0	12,3	498,0
Asturias	253,0	1,8	1,0	75,0	11,7	342,3
Baleares	304,4	2,0	2,6	80,6	12,2	401,8
Canarias	515,5	5,2	13,9	105,8	10,7	651,2
Cantabria	146,4	1,2	0,6	41,3	5,8	195,3
Castela-A Mancha	412,9	0,0	32,9	143,4	12,1	601,3
Castela e León	605,7	0,0	13,6	201,1	20,8	841,3
Cataluña	2.270,5	6,4	22,6	517,9	69,4	2.886,8
C. Valenciana	1.138,3	5,2	53,9	316,2	32,4	1.545,9
Estremadura	213,8	0,0	61,0	76,7	5,4	356,9
Galicia	649,6	22,1	4,5	213,9	27,4	917,4
Madrid	2.199,8	3,8	2,5	350,2	106,2	2.662,4
Murcia	313,9	1,0	64,1	89,5	12,1	480,6
Navarra	190,2	0,0	4,6	45,2	7,6	247,5
País Vasco	667,4	3,8	2,2	172,5	26,7	872,7
A Ríoxa	81,3	0,0	3,4	25,6	3,0	113,3
Ceuta	15,6	0,3	0,0	3,2	1,2	20,3
Melilla	14,7	0,1	0,0	3,6	1,5	19,9
España	12.027,8	61,7	753,5	3.029,1	427,4	16.299,5

	2014					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.695,6	8,9	462,3	481,1	48,1	2.696,0
Aragón	374,2	0,0	12,6	104,7	12,5	504,0
Asturias	252,0	1,7	1,0	75,9	11,8	342,3
Baleares	314,0	2,1	2,5	83,2	12,1	414,0
Canarias	531,9	5,3	13,2	109,4	10,6	670,4
Cantabria	147,8	1,3	0,6	41,8	5,7	197,1
Castela-A Mancha	418,9	0,0	31,5	146,0	12,2	608,5
Castela e León	608,7	0,0	13,2	202,3	20,7	844,9
Cataluña	2.310,1	6,4	22,2	527,2	69,5	2.935,4
C. Valenciana	1.169,3	5,4	53,2	324,2	32,9	1.585,0
Estremadura	216,5	0,0	61,5	78,7	5,4	362,0
Galicia	652,2	21,6	4,5	216,1	27,5	921,8
Madrid	2.227,4	3,9	2,1	360,1	110,0	2.703,5
Murcia	320,4	1,0	63,9	92,9	12,0	490,1
Navarra	191,6	0,0	4,4	46,1	7,6	249,7
País Vasco	668,4	3,8	2,3	173,3	27,7	875,5
A Ríoxa	82,7	0,0	3,6	25,8	3,0	115,1
Ceuta	15,5	0,2	0,0	3,3	1,3	20,4
Melilla	14,8	0,1	0,0	4,6	0,8	20,3
España	12.211,9	61,6	754,6	3.096,6	431,4	16.556,0

	2015					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.779,9	8,4	501,1	497,9	46,8	2.834,1
Aragón	392,5	0,0	9,0	106,2	12,6	520,3
Asturias	258,7	1,6	1,0	76,2	11,4	349,0
Baleares	276,8	1,6	2,3	82,7	11,7	375,0
Canarias	570,1	5,2	14,0	115,4	10,4	715,1
Cantabria	151,4	1,1	0,7	42,1	5,6	200,9
Castela-A Mancha	440,5	0,0	32,2	148,8	12,1	633,7
Castela e León	632,7	0,0	12,3	201,8	20,3	867,1
Cataluña	2.434,8	5,6	20,2	540,4	69,2	3.070,3
C. Valenciana	1.263,3	5,1	70,6	334,0	33,1	1.706,2
Estremadura	224,7	0,0	61,7	80,1	5,3	371,8
Galicia	675,7	20,9	4,7	217,3	27,5	946,1
Madrid	2.379,1	3,6	2,1	374,2	112,6	2.871,5
Murcia	343,7	0,9	65,1	95,7	12,0	517,3
Navarra	200,0	0,0	4,7	47,0	7,8	259,5
País Vasco	698,7	3,3	2,0	174,4	29,6	908,0
A Ríoxa	86,8	0,0	3,3	26,3	3,1	119,4
Ceuta	16,5	0,2	0,0	3,4	1,2	21,3
Melilla	16,1	0,1	0,0	4,2	1,5	21,9
España	12.842,1	57,6	807,0	3.168,0	433,8	17.308,4

	2016					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.820,0	9,4	460,0	504,0	46,6	2.841,0
Aragón	399,3	0,0	13,3	105,7	12,4	530,6
Asturias	264,3	1,7	1,0	75,9	9,0	351,9
Baleares	354,8	2,3	2,7	88,1	11,6	459,5
Canarias	581,1	5,9	13,4	116,2	10,3	726,8
Cantabria	155,7	1,3	0,7	42,1	5,5	205,4
Castela-A Mancha	454,8	0,0	32,9	149,0	12,0	648,8
Castela e León	644,0	0,0	13,9	201,3	19,2	878,5
Cataluña	2.508,0	7,0	23,3	544,0	68,8	3.151,8
C. Valenciana	1.282,0	6,3	52,7	337,0	33,0	1.711,7
Estremadura	227,9	0,0	62,6	79,7	5,2	375,5
Galicia	687,2	21,2	5,2	216,4	27,5	957,5
Madrid	2.400,0	3,8	2,2	376,1	112,2	2.894,6
Murcia	351,0	1,1	70,1	96,1	11,9	530,4
Navarra	202,9	0,0	4,9	47,3	7,7	262,9
País Vasco	700,4	3,9	2,4	173,4	29,8	910,0
A Ríoxa	88,0	0,0	3,9	26,2	2,9	121,0
Ceuta	16,1	0,2	0,0	3,4	1,2	21,0
Melilla	15,7	0,1	0,0	4,2	1,5	21,7
España	13.153,2	64,2	765,2	3.186,1	429,0	17.600,6

	2017					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	1.921,0	9,2	460,3	513,0	46,3	2.949,8
Aragón	417,8	0,0	14,3	105,2	12,2	549,5
Asturias	271,6	1,7	1,1	75,1	8,9	358,5
Baleares	378,7	2,5	2,6	90,0	11,2	485,0
Canarias	613,9	6,2	13,5	119,2	10,4	763,1
Cantabria	160,9	1,3	0,7	41,9	5,5	210,3
Castela-A Mancha	473,6	0,0	34,6	148,8	11,9	669,0
Castela e León	662,8	0,0	14,1	199,1	19,1	895,2
Cataluña	2.626,8	6,9	24,8	548,4	67,2	3.274,1
C. Valenciana	1.351,0	6,6	52,9	340,2	32,9	1.783,8
Estremadura	235,2	0,0	63,0	80,0	5,1	383,3
Galicia	709,0	21,3	5,4	214,6	27,4	977,7
Madrid	2.501,7	3,8	2,2	384,6	111,1	3.003,3
Murcia	367,6	1,2	75,3	97,3	12,0	553,5
Navarra	210,2	0,0	5,2	47,4	7,7	270,5
País Vasco	720,2	3,8	2,5	172,2	29,8	928,7
A Ríoxa	91,1	0,0	3,9	26,2	2,9	124,1
Ceuta	16,5	0,2	0,0	3,5	1,2	21,4
Melilla	15,7	0,0	0,0	4,3	1,6	21,6
España	13.745,3	64,7	776,4	3.211,0	425,0	18.222,4

	2018					
	R. Xeral	Mar	Agrario ⁽²⁾	Autónomos ⁽²⁾	Outros ⁽¹⁾	Total
Andalucía	2.007,0	9,2	454,9	524,3	45,5	3.041,0
Aragón	433,3	0,0	14,4	104,9	11,8	564,5
Asturias	274,8	1,6	1,1	74,6	8,7	362,4
Baleares	393,9	2,5	2,6	92,2	10,7	501,9
Canarias	640,4	6,4	13,5	123,1	10,3	793,8
Cantabria	166,1	1,3	0,8	41,8	5,4	215,4
Castela-A Mancha	493,2	0,0	35,3	149,2	11,7	689,5
Castela e León	681,1	0,0	14,3	197,1	18,6	911,4
Cataluña	2.723,8	6,7	24,0	551,2	64,6	3.370,3
C. Valenciana	1.414,7	6,7	51,7	346,3	32,6	1.852,1
Estremadura	243,3	0,0	61,5	80,4	5,0	390,1
Galicia	734,6	21,3	5,6	212,8	27,2	1.001,4
Madrid	2.612,1	3,9	2,1	395,5	109,4	3.122,9
Murcia	383,7	1,2	75,6	98,6	11,6	570,6
Navarra	219,1	0,0	5,3	47,7	7,5	279,6
País Vasco	739,7	3,9	2,6	172,0	29,6	947,8
A Ríoxa	94,0	0,0	4,2	26,2	2,9	127,4
Ceuta	17,0	0,2	0,0	3,5	1,3	22,0
Melilla	16,9	0,1	0,1	4,7	1,6	23,3
España	14.288,7	65,0	769,6	3.246,1	418,0	18.787,4

Medias anuais en miles. Excepto 2015 que é a decembro de 2015. A suma de cada un dos epígrafes non coincide necesariamente con exactitude co total de España, ao redondear as cantidades en miles de persoas.

(1) Comprende réximes especiais da minería do carbón e de empregados do fogar.

(2) A partir do 1de xaneiro de 2008 os/as traballadores/as por conta propia do réxime especial agrario integranse no réxime especial de traballadores/as autónomos/as (lei 18/2007, do 4 de xullo).

Contabilízanse a partir de dita data no epígrafe de agrarios só os do sistema especial agrario (conta allea).

(3) A partir do 1de xaneiro de 2012 os/as traballadores/as por conta allea do réxime especial agrario e os do empregados/as do fogar intégranse no réxime xeral (Lei 27/2011, do 1de agosto)

Neste cadro no réxime xeral non se inclúen os/as afiliados/as destes colectivos. Os agrarios conta allea seguen contabilizados no epígrafe de agrarios.

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

6.3. Persoas estranxeiras

No cadro 6.9 ofrécese a cuantificación dos contratos rexistrados de persoas estranxeiras en Galicia, segundo o tipo de contrato, podéndose observar que, tanto nas comunitarias como nos extracomunitarias, son moi superiores os contratos temporais fronte aos indefinidos, tanto iniciais como convertidos nos dous anos analizados. En 2017 prodúcese un notable incremento na contratación de persoas estranxeiras respecto do ano anterior (55.584 fronte a 48.068). O incremento prodúcese nas catro provincias galegas. Este incremento sube en intensidade no ano 2018, tamén nas catro provincias galegas ata as 67.523 persoas.

Cadro 6.9

Contratos a persoas estranxeiras segundo tipo de contrato por provincias. Galicia. 2018

	TOTAL	persoas traballadoras comunitarias				persoas traballadoras extracomunitarias			
		Total	Indefinidos Iniciais	Convertidos en Indefinidos	Temporais	Total	Indefinidos Iniciais	Convertidos en Indefinidos	Temporais
A Coruña	26.014	7.010	877	331	5.802	19.004	2.080	628	16.296
Lugo	10.697	3.787	356	201	3.230	6.910	1.036	284	5.590
Ourense	6.400	2.998	245	189	2.564	3.402	317	160	2.925
Pontevedra	24.412	8.235	784	457	6.994	16.177	1.261	508	14.408
Galicia	67.523	22.030	2.262	1.178	18.590	45.493	4.694	1.580	39.219

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Segundo o sector de actividade e desagregados por provincias, ponse de manifesto que o sector servizos é o que, con grande diferenza, rexistra o maior número de contratos, incrementándose estes en todos os sectores en 2018 en relación co ano anterior. Especialmente intenso é o incremento no sector servizos, seguido da industria e construción.

Cadro 6.10

Contratos rexistrados de persoas estranxeiras, segundo sector de actividade por provincia. Galicia. 2017-2018

	Total		Agrario		Industria		Construción		Servizos	
	2018	2017	2018	2017	2018	2017	2018	2017	2018	2017
A Coruña	26.014	21.370	1.718	1.592	2.016	1.541	2.159	1.664	20.124	16.573
Lugo	10.697	9.604	2.534	2.401	519	451	362	327	7.282	6.425
Ourense	6.400	5.271	587	430	804	720	329	386	4.680	3.735
Pontevedra	24.412	19.609	1.448	1.156	3.331	2.404	1.447	1.057	18.180	14.992
Galicia	67.523	55.854	6.287	5.579	6.670	5.116	4.297	3.434	50.266	41.725

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

No cadro 6.11 reflíctense os datos das persoas estranxeiras afiliadas en alta laboral en 2017 e 2018. Nos dous anos de referencia, o maior número corresponde á provincia da Coruña, seguida por esta orde por Pontevedra, Lugo e Ourense.

Cadro 6.11

Persoas estranxeiras afiliadas á Seguridade Social en alta laboral, segundo provincia. Galicia. 2018

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2018	35.064	13.088	5.221	4.563	12.192

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Nos cadros seguintes reflíctense as persoas estranxeiras con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor, podéndose apreciar que é maior o número de persoas estranxeiras en réxime de libre circulación, ofrecéndose as peculiaridades de motivo de concesión, tipo de residencia e idade.

Incrementábase o número de persoas estranxeiras tanto en réxime de libre circulación como en réxime xeral en 2018 fronte a 2017. Respecto das autorizacións de residencia, predominan as motivadas por traballo por conta allea fronte a traballo por conta propia e logo das motivadas por traballo, a maior importancia corresponde ao reagrupamento familiar.

Si atendemos ao grupo de idade, o grupo de entre 16 a 65 anos supera con moito aos outros grupos, tanto no réxime de libre circulación como no réxime xeral, e a idade media sube en 2018 ata situarse nos 41,7 anos.

Cadro 6.12

Persoas estranxeiras con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e réxime. Galicia a 31-12-2018

	Total	Réxime de libre circulación	Réxime xeral
A Coruña	36.383	24.725	11.658
Lugo	13.576	8.796	4.780
Ourense	14.695	11.646	3.049
Pontevedra	32.690	21.919	10.771
Galicia	97.344	67.086	30.258

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Cadro 6.13

Persoas estranxeiras en réxime de libre circulación UE con certificado de rexistro ou tarxeta en vigor segundo provincia e tipo de residencia. Galicia a 31-12-2018

	Total	Cidadáns/lás UE-AELC								Familiares nacionais de terceiros países		
		Total	Traballo por conta allea	Traballo por conta propia	Residencia non lucrativa	Estudiante	Familiar	Motivo de residencia non determinado	Residencia permanente	Total	Residencia	Residencia permanente
A Coruña	36.383	18.077	2.293	322	634	787	896	8.504	4.641	6.648	4.517	2.131
Lugo	13.576	6.957	895	70	357	165	385	2.738	2.347	1.839	1.308	531
Ourense	14.695	9.519	633	104	290	107	303	3.668	4.414	2.127	1.317	810
Pontevedra	32.690	15.833	1.718	333	890	189	573	5.845	6.285	6.086	3.493	2.593
Galicia	97.344	50.386	5.539	829	2.171	1.248	2.157	20.755	17.687	16.700	10.635	6.065

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, Observatorio permanente de Inmigración.

Cadro 6.14

Persoas estranxeiras en réxime xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e motivo da concesión. Galicia. 2018

	TOTAL	Residencia temporal							Residencia de longa duración
		Residencia non lucrativa	Reagrupación familiar	Traballo			Circunstancias excepcionais		
				Conta allea	Conta propia	Outras autorizacións ⁽¹⁾	Arraigamento	Razóns humanitarias e outras ⁽²⁾	
A Coruña	11.134	257	451	843	88	170	292	37	8.996
Lugo	4.733	78	185	257	11	13	87	12	4.090
Ourense	2.869	77	142	258	18	20	64	43	2.247
Pontevedra	10.759	226	611	643	85	56	236	58	8.844
Galicia	29.495	638	1.389	2.001	202	259	679	150	24.177

(1) A categoría "Outras autorizacións" inclúe as autorizacións que se conceden para Investigación, Tarxeta azul-UE, Prestacións transnacionais de servizos, Excepción da autorización de traballo, Inversores, Emprendedores, Profesionais altamente cualificados, Traslado intraempresarial e Formación, investigación, desenvolvemento e innovación.

(2) A categoría "Razóns humanitarias e outras" inclúe as autorizacións que se conceden por circunstancias excepcionais por Protección internacional, Razóns humanitarias, Colaboración con autoridades, Seguridade Nacional ou interese público, Mulleres vítimas de violencia de xénero, Colaboración contra redes organizadas e Vítimas de trata de seres humanos.

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE.

Cadro 6.15**Persoas estranxeiras en réxime xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e grupo de idade. Galicia. 2018**

	Total	De 0 a 15 anos	De 16 a 64 anos	65 anos e mais	Idade media
A Coruña	11.134	1.509	9.259	366	35,7
Lugo	4.733	742	3.901	90	33,3
Ourense	2.869	445	2.318	106	34,2
Pontevedra	10.759	1.476	8.907	376	36,2
Galicia	29.495	4.172	24.385	938	35,3

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Cadro 6.16**Persoas estranxeiras en réxime de libre circulación UE con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e grupo de idade. Galicia a 31-12-2018**

	Total	De 0 a 15 anos	De 16 a 64 anos	65 anos e mais	Idade media
A Coruña	24.725	1.355	21.456	1.914	40,6
Lugo	8.796	757	7.489	550	38,8
Ourense	11.646	560	9.794	1.292	44,1
Pontevedra	21.919	1.265	18.318	2.336	42,9
Galicia	67.086	3.937	57.057	6.092	41,7

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, Observatorio permanente de Inmigración.

Contratación

7

Demetrio Fernández López

Capítulo 7. CONTRATACIÓN

7.1. Introducción

O **contrato de traballo** constitúe o núcleo esencial da relación laboral. Asinado entre a empresa e a persoa traballadora, en virtude del, a persoa traballadora comprométese a prestar uns servizos, por conta da empresa, baixo a súa dirección, percibindo a cambio unha retribución.

Dentro da regulación da contratación, o Estatuto dos traballadores (ET) establece no seu artigo 16 que as empresas están obrigadas a comunicar á Oficina de Emprego o contido dos contratos de traballo celebrados ou as prórrogas destes, deban ou non se formalizar por escrito, nos dez días seguintes á súa concertación. Se existe obriga de formalización escrita, presentárase copia do contrato para o seu rexistro e, se non existe a devandita obriga, presentárase comunicación da contratación. No ámbito da Comunidade Autónoma Galega a comunicación realízase na rede de oficinas de Emprego do Servizo de Emprego Autonómico da Xunta de Galicia ou a través de Internet (Contrat@).

O rexistro no Servizo Público de Emprego non supón ningún pronunciamento sobre o contido do contrato, o feito de que o contrato teña asignado un número de rexistro non implica que reúna todos os requisitos nin se axuste á legalidade.

As distintas modalidades de contratación que aparecen nas táboas estatísticas agrúpanse en: **contratos iniciais**, cando se formaliza a relación laboral por primeira vez, **conversión en indefinidos** doutros contratos xa existentes de duración temporal, ou en prórrogas de contratos que finalizaron a duración inicial.

Contratos iniciais:

1-Indefinido (bonificados/non bonificados): é o contrato concertado sen establecer límites de tempo á prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo discontinuo (Lei 12/2001, Lei 43/2006, Lei 35/2010, Real decreto-lei 10/2011, Real decreto-lei 1/2011, Real decreto lexislativo 2/2015).

2-Indefinido para persoas con discapacidade: contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con discapacidade e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial (RD 1451/1983, modificado por RD 4/1999, Lei 12/2001 e Lei 43/2006).

3-Obra ou servizo: son os concertados para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e cuxa

duración é temporal (art. 15 do ET, RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

4-Eventual por circunstancias da produción: contratos de duración temporal, en xornada completa ou parcial, para atender as esixencias circunstanciais do mercado (art. 15 do ET, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

5-Interinidade: contrato de duración temporal para substituír unha persoa con dereito a reserva de posto, en xornada completa ou parcial (art. 15 do ET, Real decreto-lei 11/1998, RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007).

6-Temporal para persoas con discapacidade: contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para persoas con discapacidade (RD 1451/1983 e Lei 43/2006).

7-Relevo: contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación da persoa traballadora á que substitúe por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa (Lei 14/2000, Lei 3/2012).

8-Xubilación parcial: contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario do de relevo, que se asina con quen se xubila parcialmente (Lei 12/2001, Lei 40/2007).

9-Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: para persoas desempregadas que substitúan outras que anticipan a idade de xubilación nun ano (RD 1194/1985, Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011, Lei 3/2012).

10-Contrato en prácticas: destinados a completar a formación de persoas con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente (art. 11 do ET, R.D. 488/1998, Lei 35/2010, Lei 3/2012).

11-Contrato para a formación e a aprendizaxe (formación): destinado a mozas e mozos de 16 a 24 anos (ata o 31 de decembro de 2013, que a taxa de desemprego sexa inferior ao 15%, pódese celebrar con persoas de ata 30 anos), para a adquisición da cualificación necesaria para o desempeño dun oficio ou posto de traballo concreto (art. 11 do ET, Lei 3/2012, RD 1529/2012).

12-Outros contratos: son os rexistrados pertencentes a modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como os de artistas, servizo doméstico, mercantís etc... Inclúense tamén os contratos que, pertencendo ou presentándose segundo as modalidades existentes, adoecen dalgún defecto formal ou incumpren algún requisito básico no momento da

súa introdución na base de datos, permanecendo neste apartado estatisticamente aínda que con posterioridade fosen emendados os seus defectos de forma.

Contratos convertidos en indefinidos

Son aqueles que, ao abeiro da normativa en vigor, son transformados en indefinidos. Estas transformacións non se suman aos contratos a cuxa modalidade corresponden porque nese caso se produciría unha duplicidade, porque o contrato de orixe xa foi contabilizado no seu día. Estes contratos son:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Outros contratos

Prórrogas

Algúns contratos de duración temporal, unha vez finalizada a súa duración inicial, poden prorrogarse. O número de prórrogas que admite un contrato depende da súa tipoloxía. Son as seguintes:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Xubilación parcial

No cadro 7.1, que recolle os contratos de traballo e os contratos convertidos en indefinidos Galicia/España 2017-2018, pódese observar que medra o número total de contratos en 2018 respecto do ano anterior en 638.565 contratos no conxunto do Estado e en 51.445 contratos máis en Galicia. Este incremento obsérvase principalmente nos contratos indefinidos ordinarios e nos contratos eventuais.

Cadro 7.1

2014	38.693	4.239	42.932	65,82%	69,07%	66,14%
2015	37.787	4.852	42.639	65,79%	69,23%	66,18%
2016	36.859	5.698	42.557	65,92%	68,64%	66,29%
2017	35.666	5.963	41.629	66,48%	69,50%	66,91%
2018	35.417	6.212	41.629	66,86%	70,07%	67,34%

Consellería de Facenda. Función Pública.

A partir de xaneiro de 2017 inclúense datos de persoal docente en formación ou en prácticas, antes incluídos dentro da categoría de funcionarios/as de carreira.

O persoal laboral fixo das Consellerías e Organismos Autónomos inclúe tamén o persoal fixo discontinuo.

O persoal da Administración de Xustiza incluído na categoría "Funcionario de carreira" trátase de "Funcionarios titulares/propietarios", modificáronse os datos de xaneiro de 2010 tras unha actualización destes.

Fonte: IGE.

Cadro A-1a

Cadro de persoal administrativo funcionario da Xunta de Galicia. A Coruña. 2009-2018

	Total			% Mulleres		
	Funcionarios/as de carreira	Persoal interino	Total	Funcionarios/as de carreira	Persoal interino	Total
2009	17.796	1.566	19.362	63,47%	69,28%	63,94%
2010	17.881	1.526	19.407	63,88%	70,51%	64,40%
2011	18.199	1.192	19.391	64,15%	68,88%	64,44%
2012	17.757	1.277	19.034	64,02%	66,33%	64,17%
2013	17.344	1.457	18.801	64,55%	68,84%	64,88%
2014	16.745	1.725	18.470	65,17%	69,10%	65,53%
2015	16.413	1.925	18.338	65,05%	69,19%	65,49%
2016	16.046	2.248	18.294	65,10%	69,13%	65,60%
2017	15.520	2.382	17.902	65,88%	69,56%	66,37%
2018	15.481	2.488	17.969	66,22%	70,98%	66,88%

Cadro A-1b**Cadro de persoal administrativo funcionario da Xunta de Galicia. Lugo. 2009-2018**

	Total			% Mulleres		
	Funcionarios/as de carreira	Persoal interino	Total	Funcionarios/as de carreira	Persoal interino	Total
2009	5.569	501	6.070	61,77%	65,27%	62,06%
2010	5.500	474	5.974	62,04%	68,57%	62,55%
2011	5.597	368	5.965	62,80%	66,58%	63,03%
2012	5.483	400	5.883	64,00%	63,75%	63,98%
2013	5.319	430	5.749	64,60%	66,28%	64,72%
2014	5.179	520	5.699	63,60%	66,35%	63,85%
2015	5.082	574	5.656	63,75%	68,47%	64,23%
2016	4.989	676	5.665	63,96%	67,16%	64,34%
2017	4.623	738	5.361	64,46%	68,70%	65,04%
2018	4.565	823	5.388	64,73%	70,23%	65,57%

Cadro A-1c**Cadro de persoal administrativo funcionario da Xunta de Galicia. Ourense. 2009-2018**

	Total			% Mulleres		
	Funcionarios/as de carreira	Persoal interino	Total	Funcionarios/as de carreira	Persoal interino	Total
2009	2.902	300	3.202	62,30%	61,10%	62,19%
2010	2.943	286	3.229	62,86%	65,00%	63,04%
2011	2.848	299	3.147	63,18%	61,52%	63,02%
2012	2.835	222	3.057	63,51%	62,01%	63,40%
2013	2.806	244	3.050	63,85%	65,24%	63,95%
2014	2.732	315	3.047	64,59%	66,46%	64,77%
2015	2.689	355	3.044	64,78%	65,99%	64,92%
2016	2.651	399	3.050	64,96%	67,28%	65,25%
2017	2.613	433	3.046	64,87%	65,91%	65,02%
2018	2.607	437	3.044	65,22%	66,41%	65,39%

Cadro A-1d**Cadro de persoal administrativo funcionario da Xunta de Galicia. Pontevedra. 2009-2018**

	Total			% Mulleres		
	Funcionarios/as de carreira	Persoal interino	Total	Funcionarios/as de carreira	Persoal interino	Total
2009	13.658	1.157	14.815	65,21%	65,51%	65,24%
2010	13.777	1.066	14.843	65,99%	68,11%	66,15%
2011	13.751	972	14.723	66,46%	69,34%	66,65%
2012	13.333	1.047	14.380	67,00%	69,53%	67,18%
2013	12.919	1.197	14.116	67,01%	68,92%	67,17%
2014	12.539	1.520	14.059	68,01%	70,79%	68,31%
2015	12.141	1.815	13.956	67,99%	70,47%	68,31%
2016	11.743	2.181	13.924	68,21%	68,96%	68,33%
2017	11.495	2.186	13.681	68,66%	70,77%	69,00%
2018	11.374	2.243	13.617	69,15%	70,08%	69,30%

Cadro A-2

	Cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia. Por grupos. 2008-2018																		
										Porcentaxe									
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	
Total Laboral	10.623	11.065	10.976	11.283	11.051	11.112	11.106	11.021	10.752	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	
Fixo	7.441	8.240	8.029	7.902	7.705	7.448	7.206	6.946	6.667	79,9%	70,0%	74,5%	73,2%	70,0%	69,7%	67,0%	64,9%	63,0%	
Temporal	3.182	2.825	2.947	3.381	3.346	3.664	3.900	4.075	4.085	20,1%	30,0%	25,5%	26,8%	30,0%	30,3%	33,0%	35,1%	37,0%	
Mulleres total	6.880	7.193	7.119	7.220	7.075	7.192	7.235	7.202	7.062	64,6%	64,8%	65,0%	64,9%	64,0%	64,0%	64,7%	65,1%	65,3%	
Mulleres fixo	4.553	5.133	4.970	4.894	4.783	4.630	4.464	4.311	4.127	62,5%	61,2%	62,3%	61,9%	61,9%	62,1%	62,2%	61,9%	62,1%	
Mulleres temporal	2.327	2.060	2.149	2.326	2.292	2.562	2.771	2.891	2.935	73,1%	73,1%	72,9%	72,9%	68,8%	68,5%	69,9%	71,1%	70,9%	

Consellería de Facenda. Función Pública.

A partir de xaneiro de 2012 inclúense datos de persoal docente en formación ou en prácticas, antes incluídos dentro da categoría de funcionarios de carreira.

O persoal laboral fixo das Consellerías e Organismos Autónomos inclúe tamén o persoal fixo discontinuo.

O persoal da Administración de Xustiza incluído na categoría "Funcionario de carreira" trátase de "Funcionarios titulares/proprietarios", modificáronse os datos de xaneiro de 2010 tras unha actualización destes.

Fuente: IGE.

Cadro A-2a

	Cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia. A Coruña. 2008-2018																			
	Número										Porcentaxe									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total Laboral	4.395	4.221	4.446	4.359	4.494	4.375	4.400	4.443	4.451	4.367	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Fixo	3.470	2.874	3.150	3.008	3.052	2.993	2.902	2.814	2.730	2.624	79,0%	68,1%	70,9%	69,0%	67,9%	68,4%	66,0%	63,3%	61,3%	60,1%
Temporal	925	1.347	1.296	1.351	1.442	1.382	1.498	1.629	1.721	1.743	21,0%	31,9%	29,1%	31,0%	32,1%	31,6%	34,0%	36,7%	38,7%	39,9%
Mulleres total	2.910	2.783	2.945	2.862	2.940	2.861	2.931	2.973	2.983	2.944	66,2%	65,9%	66,2%	65,7%	65,4%	65,4%	66,6%	66,9%	67,0%	67,4%
Mulleres fixo	2.208	1.764	1.984	1.874	1.913	1.882	1.827	1.765	1.720	1.657	63,6%	61,4%	63,0%	62,3%	62,7%	62,9%	63,0%	62,7%	63,0%	63,1%
Mulleres temporal	702	1.019	961	988	1.027	979	1.104	1.208	1.263	1.287	75,9%	75,6%	74,2%	73,1%	71,2%	70,8%	73,7%	74,2%	73,4%	73,8%

Cadro A-2b

	Cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia. Lugo. 2008-2018																			
	Número										Porcentaxe									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total Laboral	1.870	1.859	2.073	2.035	2.072	2.059	2.067	2.058	2.024	1.993	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Fixo	1.562	1.418	1.603	1.581	1.481	1.441	1.397	1.354	1.294	1.242	83,5%	76,3%	77,3%	77,7%	71,5%	70,0%	67,6%	65,8%	63,9%	62,3%
Temporal	308	441	470	454	591	618	670	704	730	751	16,5%	23,7%	22,7%	22,3%	28,5%	30,0%	32,4%	34,2%	36,1%	37,7%
Mulleres total	1.172	1.168	1.314	1.301	1.281	1.277	1.286	1.300	1.283	1.269	62,7%	62,8%	63,4%	63,9%	61,8%	62,0%	62,2%	63,2%	63,4%	63,7%
Mulleres fixo	949	850	991	976	899	877	850	827	795	765	60,8%	59,9%	61,8%	61,7%	60,7%	60,9%	60,8%	61,1%	61,4%	61,6%
Mulleres temporal	223	318	323	325	382	400	436	473	488	504	72,4%	72,1%	68,7%	71,6%	64,6%	64,7%	65,1%	67,2%	66,8%	67,1%

Cadro A-2c

	Cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia.Ourense 2008-2018																			
	Número										Porcentaxe									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total Laboral	1.719	1.684	1.772	1.654	1.700	1.656	1.663	1.627	1.608	1.546	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Fixo	1.329	1.168	1.256	1.241	1.207	1.157	1.104	1.060	1.015	978	77,3%	69,4%	70,9%	75,0%	71,0%	69,9%	66,4%	65,2%	63,1%	63,3%
Temporal	390	516	516	413	493	499	559	567	593	568	22,7%	30,6%	29,1%	25,0%	29,0%	30,1%	33,6%	34,8%	36,9%	36,7%
Mulleres total	901	890	976	870	886	862	877	862	854	831	52,4%	52,9%	55,1%	52,6%	52,1%	52,1%	52,7%	53,0%	53,1%	53,8%
Mulleres fixo	665	594	623	609	604	579	557	533	510	477	50,0%	50,9%	49,6%	49,1%	50,0%	50,0%	50,5%	50,3%	50,2%	48,8%
Mulleres temporal	236	296	353	261	282	283	320	329	344	354	60,5%	57,4%	68,4%	63,2%	57,2%	56,7%	57,2%	58,0%	58,0%	62,3%

Cadro A-2d

	Cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia.Pontevedra 2008-2018																			
	Número										Porcentaxe									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total Laboral	2.862	2.859	2.774	2.928	3.017	2.961	2.982	2.978	2.938	2.846	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Fixo	2.310	1.981	2.231	2.199	2.162	2.114	2.045	1.978	1.907	1.823	80,7%	69,3%	80,4%	75,1%	71,7%	71,4%	68,6%	66,4%	64,9%	64,1%
Temporal	552	878	543	729	855	847	937	1.000	1.031	1.023	19,3%	30,7%	19,6%	24,9%	28,3%	28,6%	31,4%	33,6%	35,1%	35,9%
Mulleres total	2.024	2.039	1.958	2.086	2.113	2.075	2.098	2.100	2.082	2.018	70,7%	71,3%	70,6%	71,2%	70,0%	70,1%	70,4%	70,5%	70,9%	70,9%
Mulleres fixo	1.596	1.345	1.535	1.511	1.478	1.445	1.396	1.339	1.286	1.228	69,1%	67,9%	68,8%	68,7%	68,4%	68,4%	68,3%	67,7%	67,4%	67,4%
Mulleres temporal	428	694	423	575	635	630	702	761	796	790	77,5%	79,0%	77,9%	78,9%	74,3%	74,4%	74,9%	76,1%	77,2%	77,2%

Cadro A3
Cadro de persoal da Xunta de Galicia, segundo a súa relación de servizos

	2015			2016			2017			2018		
	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres
Estatutarios/as	31.229	36,2%	76,4%	31.762	36,6%	77,0%	32.346	37,0%	76,9%	32.365	37,2%	77,0%
Funcionarios/as	42.639	49,4%	66,2%	42.557	49,0%	66,3%	41.629	47,6%	66,9%	41.629	47,8%	67,3%
Laborais	11.112	12,9%	64,7%	11.106	12,8%	65,1%	11.021	12,6%	65,3%	10.752	12,3%	65,7%
En formación	1.402	1,6%	73,1%	1.393	1,6%	72,3%	2.381	2,7%	71,0%	2.332	2,7%	70,8%
Outros												
Total	86.382			86.818			87.377			87.078		

Consellería de Facenda. Función Pública.

A partir de xaneiro de 2017 inclúense datos de persoal do cente en formación ou en prácticas, antes incluídos dentro da categoría de funcionarios de carreira.

O persoal laboral fixo das Consellerías e Organismos Autónomos inclúe tamén o persoal fixo discontinuo.

O persoal da Administración de Xustiza incluído na categoría "Funcionario de carreira" trátase de "Funcionarios titulares/propietarios" modificáronse os datos de xaneiro de 2010 tras unha actualización.

Fonte: IGE.

Cadro A3a
Cadro de persoal da Xunta de Galicia, segundo a súa relación de servizos. A Coruña

	2015			2016			2017			2018		
	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres
Estatutarios/as	13.713	36,9%	76,9%	14.074	37,5%	77,7%	14.424	38,1%	77,2%	14.474	38,2%	77,2%
Funcionarios/as	18.338	49,4%	65,5%	18.294	48,8%	65,6%	17.902	47,3%	66,4%	17.969	47,4%	66,9%
Laborais	4.400	11,8%	66,6%	4.443	11,8%	66,9%	4.451	11,7%	67,0%	4.367	11,5%	67,4%
En formación	694	1,9%	71,9%	687	1,8%	70,6%	1.107	2,9%	70,1%	1.072	2,8%	68,4%
Outros												
Total	37.145			37.498			37.884			37.882		

Cadro A3b
Cadro de persoal da Xunta de Galicia, segundo a súa relación de servizos. Lugo

	2015			2016			2017			2018		
	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres
Estatutarios/as	4.478	36,3%	76,9%	4.493	36,4%	77,4%	4.624	37,7%	77,5%	4.594	37,6%	77,2%
Funcionarios/as	5.656	45,9%	64,2%	5.665	45,9%	64,3%	5.361	43,7%	65,0%	5.388	44,1%	65,6%
Laborais	2.067	16,8%	62,2%	2.058	16,7%	63,2%	2.024	16,5%	63,4%	1.993	16,3%	63,7%
En formación	128	1,0%	71,9%	133	1,1%	71,4%	260	2,1%	70,8%	248	2,0%	77,0%
Outros												
Total	12.329			12.349			12.269		3	12.223		

Cadro A3c
Cadro de persoal da Xunta de Galicia, segundo a súa relación de servizos. Ourense

	2015			2016			2017			2018		
	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres
Estatutarios/as	4.386	40,3%	75,7%	4.572	41,5%	76,5%	4.562	41,1%	76,1%	4.596	41,6%	76,3%
Funcionarios/as	4.689	43,1%	64,9%	4.674	42,4%	65,3%	4.685	42,2%	65,0%	4.655	42,2%	65,4%
Laborais	1.663	15,3%	52,7%	1.627	14,8%	53,0%	1.608	14,5%	53,1%	1.546	14,0%	53,8%
En formación	147	1,4%	75,5%	151	1,4%	74,2%	235	2,1%	71,5%	243	2,2%	70,4%
Outros												
Total	10.885			11.024			11.090			11.040		

Cadro A3d
Cadro de persoal da Xunta de Galicia, segundo a súa relación de servizos. Pontevedra

	2015			2016			2017			2018		
	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres	Número	Porcentaxe	% Mulleres
Estatutarios/as	8.652	33,2%	75,8%	8.623	33,2%	76,1%	8.736	33,4%	76,5%	8.701	33,6%	76,8%
Funcionarios/as	13.956	53,6%	68,3%	13.924	53,7%	68,3%	13.681	52,3%	69,0%	13.617	52,5%	69,3%
Laborais	2.982	11,5%	70,4%	2.978	11,5%	70,5%	2.938	11,2%	70,9%	2.846	11,0%	70,9%
En formación	433	1,7%	74,6%	422	1,6%	74,6%	779	3,0%	72,1%	769	3,0%	72,4%
Outros												
Total	26.023			25.947			26.134			25.933		

Cadro A-4
Cadro de persoal funcionario de carreira da Xunta de Galicia. Por zona xeográfica (Administración xeral e especial)

	Total								Mulleres			
	2015		2016		2017		2018		2015	2016	2017	2018
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	%	%	%	%
	27.862		27.613		27.104		27.263		28,8%	28,8%	29,2%	29,3%
Total												
A Coruña	12.868	46,2%	12.723	46,1%	12.496	46,1%	12.720	46,7%	28,6%	28,6%	28,7%	28,8%
Lugo	2.864	10,3%	2.839	10,3%	2.778	10,2%	2.772	10,2%	27,6%	26,9%	27,4%	27,5%
Ourense	2.654	9,5%	2.619	9,5%	2.606	9,6%	2.599	9,5%	33,7%	34,0%	34,4%	34,2%
Pontevedra	9.476	34,0%	9.432	34,2%	9.224	34,0%	9.172	33,6%	28,2%	28,1%	29,0%	29,2%

Ministerio de Facenda e Función Pública. Rexistro central de persoal.

Nota: Ata xaneiro de 2012 a categoría "Universidades" só inclúe unha parte do persoal das universidades: aquel inscrito no Rexistro Central de Persoal, ben sexa por obrigación no mativa (funcionarios/as de corpos docentes e funcionarios de corpos da Administración do Estado) ou ben por decisión da propia universidade. A partir desta data inclúese todo o persoal ao servizo das universidades, estea ou non inscrito no Rexistro Central de Persoal.

Fonte : IGE.

Cadro A-5
Cadro de persoal de universidades. Por categoría de persoal. Galicia. 2016-2018

		Universidade da Coruña	Universidade de Santiago	Universidade de Vigo	Total
2016	Persoal docente e investigador	1.501	2.109	1.572	5.182
	Persoal de administración e servizos	773	1.239	741	2.753
	Total	2.274	3.348	2.313	7.935
	% Mulleres				
	Persoal docente e investigador	38,11	41,73	40,01	40,16
	Persoal de administración e servizos	61,58	56,58	59,92	58,88
2017	Total	46,08	47,22	46,39	46,65
	Persoal docente e investigador	1.421	2.066	1.362	4.849
	Persoal de administración e servizos	772	1.242	746	2.760
	Total	2.193	3.308	2.108	7.609
	% Mulleres				
	Persoal docente e investigador	38,08	41,53	39,87	40,05
2018	Persoal de administración e servizos	61,91	56,44	59,92	58,92
	Total	46,46	47,12	46,93	46,89
	Persoal docente e investigador	1.497	2.114	1.607	5.218
	Persoal de administración e servizos	800	1.240	765	2.805
	Total	2.297	3.354	2.372	8.023
	% Mulleres				
	Persoal docente e investigador	39,55%	42,86%	41,07%	41,36%
	Persoal de administración e servizos	63,13%	56,69%	60,78%	59,64%
	Total	47,8%	48,0%	47,4%	48,6%

Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU). Secretaría General de Universidades.

Cadros de persoal dos organismos autónomos, entidades públicas e sociedades mercantís

Cadros de persoal dos organismos autónomos

Cadro A.6

Consello Consultivo de Galicia.
Cadro de persoal. 2001/2008-2018

	Persoal funcionario	Persoal laboral	Persoal asesor	Total
2001	16	7		23
2008	18	1	1	20
2009	19	1		20
2010	20	1		21
2011	20	1		21
2012	20	1		21
2013	20	1		21
2014	19	1		20
2015	19	1		20
2018	18	1	1	20
2019	18	1	1	20

Consello Consultivo de Galicia.
Persoal funcionario. 2019

Nível	Subgrupo	Puestos
30	A1	7
28	A1/A2	1
25	A1	1
20	A2/C1/C2	1
20	C1/C2	5
18	C1/C2	1
12	C2	1
10	E	1

Fonte: Consello Consultivo de Galicia.

Cadro A-7

Cadro de persoal da Administración xeral e especial

	2016		2017		2018		% Mulleres		
	H	M	H	M	H	M	2016	2017	2018
Administración pública estatal	19.669	7.944	19.710	7.909	19.272	7.991	28,77	28,64	29,31
Administración xeral do Estado	5.142	5.522	5.088	5.448	4.941	5.404	51,78	51,71	52,24
Ministerios OO.AA. e áreas vinculadas	4.974	5.319	4.919	5.250	4.769	5.195	51,68	51,63	52,14
Axencias estatais (Lei 28/2006)	168	203	169	198	172	209	54,72	53,95	54,86
Institucións sanitarias S.S./Defensa	0	0	0	0	0	0	0,00	0,00	0,00
Outros Administración pública estatal	14.527	2.422	14.622	2.461	14.331	2.587	14,29	14,41	15,29
Forzas e Corpos Seguridade Estado	7.043	632	7.023	631	6.922	782	8,23	8,24	10,15
Forzas Armadas	5.950	947	6.052	969	5.950	982	13,73	13,80	14,17
Administración de Xustiza	323	552	318	558	312	551	63,09	63,70	63,85
Entes públicos	1.211	291	1.229	303	1.147	272	19,37	19,78	19,17
Comunidades autónomas	25.900	60.918	25.585	60.683	25.167	61.013	70,17	70,34	70,80
Administración local	13.299	11.957	13.904	12.727	13.914	12.813	47,34	47,79	47,94
Universidades	4.042	3.562	4.045	3.580	4.006	3.607	46,84	46,95	47,38

Fonte: IGE.

Cadro A-8

Cadro de persoal da Administración pública estatal. Por provincias. Galicia 2016-2018										
	Administración xeral do Estado			Outra Administración pública estatal					Total xeral	
	Ministerios e xencias estatais (Lei 28/2006)		Total	FFCC	Forzas	Admón.	Entes	Total		
	OO.AA.	(Lei 28/2006)		Seg. Estado	Armadas	Xusticia	públicos			
2016	A Coruña	4.479	153	4.632	2.888	4.197	374	632	8.091	12.723
	Lugo	1.359		1.359	1.228	33	104	115	1.480	2.839
	Ourense	1.319		1.319	1.018	11	99	172	1.300	2.619
	Pontevedra	3.136	218	3.354	2.541	2.656	298	583	6.078	9.423
	Galicia	10.293	371	10.664	7.675	6.897	875	1.502	16.949	27.604
	España	190.858	14.184	208.573	140.212	120.017	24.446	31.660	316.335	524.908
2017	A Coruña	4.329	155	4.484	2.864	4.200	364	584	8.012	12.493
	Lugo	1.308		1.308	1.235	29	105	101	1.470	2.778
	Ourense	1.309		1.309	1.030	13	93	161	1.297	2.606
	Pontevedra	3.060	227	3.287	2.534	2.545	298	560	5.937	9.224
	Galicia	10.006	382	10.388	7.663	6.787	860	1.406	16.716	27.104
	España	190.858	14.184	208.573	140.212	120.017	24.446	31.660	316.335	524.908
2018	A Coruña	4.335	148	4.483	2.887	4.383	373	594	8.237	12.493
	Lugo	1.296	0	1.296	1.240	30	100	106	1.476	2.778
	Ourense	1.294	0	1.294	1.032	13	96	164	1.305	2.606
	Pontevedra	3.039	233	3.272	2.545	2.506	294	555	5.900	9.224
	Galicia	9.964	381	10.345	7.704	6.932	863	1.419	16.918	27.104
	España	190.858	14.184	208.573	140.212	120.017	24.446	31.660	316.335	524.908

(1) Inclúe efectivos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria de Ceuta e Melilla e outros do ISM e rede hospitalaria de Defensa.

Fonte: Rexistro Central de Persoal do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a xullo de 2016-2018.

Cadro A-9

Persoal ao servizo das Administracións públicas. Por provincias. Galicia/España. 2016-2018

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2016	Administración pública estatal	12.723	2.839	2.619	9.423	27.613
	Administración da C.A. ⁽¹⁾	37.498	12.349	11.024	25.947	86.818
	Administración local	9.229	3.841	4.189	7.997	25.256
	Universidades	4.826	602	425	1.751	7.604
	Total	64.276	19.631	18.257	45.118	147.291
2017	Administración pública estatal	12.496	2.778	2.606	9.224	27.104
	Administración da C.A. ⁽¹⁾	37.446	12.140	11.006	25.791	86.383
	Administración local	9.469	3.954	4.230	8.095	25.748
	Universidades	4.793	658	409	1.732	7.592
	Total	64.204	19.530	18.251	44.842	146.827
2018	Administración pública estatal	12.720	2.772	2.599	9.172	27.263
	Administración da C.A. ⁽¹⁾	37.497	12.114	10.953	25.616	86.180
	Administración local	9.635	4.194	4.571	8.327	26.727
	Universidades	4.859	612	436	1.706	7.613
	Total	64.711	19.692	18.559	44.821	147.783

(1) En España conxunto das comunidades autónomas.

Fonte: Rexistro Central de Persoal. Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a xullo de 2016 e 2017, excepto persoal da C.A.

**CONCLUSIÓNS do equipo
autor deste informe**

CONCLUSIÓNS

CAPÍTULO 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2018

Primeira. En 2018 Galicia acadou un crecemento económico do PIB (2,7%) lixeiramente maior que a media estatal (2,6%). No que atinxe ao PIB por habitante, Galicia, con 23.294 euros, alcanzou o 90,1% da media estatal.

Segunda. Do PIB galego en 2016, a provincia da Coruña xerou un 43,6% e a de Pontevedra un 33,0%. Conxuntamente, as provincias de Lugo (12,2%) e Ourense (11,3%) representan menos da cuarta parte do PIB en Galicia.

Terceira. En 2017 un 23,7% dos fogares en Galicia non tiña capacidade económica para facer gastos imprevistos (13,6 puntos porcentuais menos ca media estatal) e un 3,7% tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (3,7 puntos menos ca media estatal). Un 6,2% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (3,1 puntos porcentuais menos que a media estatal). Finalmente, os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2018 estaban un 2,0% por baixo da media española.

Cuarta. O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2017 os 21.676 millóns de euros, mentres que as importacións foron de 17.140 millóns de euros. A diferenza foi de 4.535 millóns de euros.

CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

Primeira. En 2018 Galicia mantén a aportación do 6,02% ao total de empresas do Estado, con 200.801 entidades. A evolución neste ano confirma a lixeira perda de representación das empresas galegas iniciada no 2015, aínda que esta tendencia non se debe tanto á ralentización da creación de empresas na comunidade galega, coma a maior expansión na media estatal.

Segunda. Rexístrase unha mellora do 3,56% das empresas do sector industrial. A comunidade galega aporta o 3,40% das 55.300 novas empresas rexistradas en 2018 no conxunto do Estado. A porcentaxe de representación sectorial é superior nas empresas industriais e de “resto de servizos” (5,64% e 4,13% das novas empresas de cada sector, respectivamente), e inferior nas empresas de construción (1,43 %).

Cuarta. As Administracións públicas son maioritarias no emprego de mulleres en I+D. Galicia, con preto dun 61% desta partida destinada a persoal feminino, lidera esta porcentaxe, superando en 7 puntos a media do Estado.

Quinta. O número de debedores concursados en Galicia se reduce en 2018, o que supón situar o número de debedores concursados en valores próximos aos rexistrados en 2013. A comunidade galega é a segunda onde máis se reducen os debedores concursados en 2018.

CAPÍTULO 3. ECONOMÍA SOCIAL

Primeira. O número total de cooperativas inscritas na Seguridade Social en Galicia tivo unha diminución continuada nos tres últimos anos, diminución que, en 2018 respecto de 2016, foi do 2,8%, a pesar do cal o número de persoas que traballan nelas tivo un incremento do 6,5% nese mesmo período. A provincia da Coruña segue a ser a que conta con máis cooperativas que, non obstante, empregan un número de persoas inferior ás de Ourense e Pontevedra. Se temos en conta a variable de xénero, nese mesmo período aumentou a porcentaxe de mulleres traballadoras en Pontevedra (dende o 44,2% de 2016 ata o 45,9% de 2018) e Lugo (dende o 44,1% de 2016 ata o 45% de 2018), mentres diminuíu na provincia da Coruña (dende o 46,9% en 2016 ata o 45,5% en 2018) e se mantivo practicamente igual na provincia de Ourense (43,7% en 2016 e 43,8% en 2018).

Segunda. Tamén diminuíu nos tres últimos anos o número total de sociedades laborais inscritas na Seguridade Social en Galicia, nunha tendencia uniforme en todas as provincias galegas. A diminución en 2018 respecto de 2016 foi do 8,9%, mentres que o número de persoas traballadoras diminuíu nun 1,6%. A porcentaxe de emprego de mulleres, nese mesmo período, diminuíu en tres das catro provincias galegas. A excepción foi a provincia da Coruña, en que esa porcentaxe medrou lixeiramente dende o 34% de 2016 ata o 34,6% de 2018.

CAPÍTULO 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

Primeira. A poboación galega diminuíu en 2018 respecto a 2017 en 6.980 persoas, ata chegar a 2.703.149 habitantes. Este resultado é consecuencia da perda de peso demográfico que se está a producir en Galicia dente 2001. Contrasta este resultado coa grande suba da poboación a nivel estatal entre 2001 e 2018, un 14,7%, fronte ao descenso do 18,9% en Galicia.

Segunda. A taxa de natalidade en Galicia en 2017 (ultimo ano con datos dispoñibles) foi de 6,8 por 1.000 habitantes, moi por baixo da media estatal (8,4 por 1.000 habitantes). Galicia é a antepenúltima comunidade autónoma do Estado nesta clasificación, por diante de Asturias e Castela e León. Por outra banda, a taxa de crecemento vexetativo de Galicia en 2017 (-5,7 por 1.000 habitantes) contrasta coa redución do 0,7 por cada 1.000 habitantes de España ou a diminución de 0,4 por cada 1.000 habitantes de la UE.

Terceira. A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2018 totalizou 1.237.000 persoas, 900 persoas menos que no ano anterior. A participación de Galicia na poboación activa en España en 2018 é de 5,4%, estabilizándose nesta cifra. A taxa de actividade en Galicia foi do 73,2% en 2018, tres décimas máis que no ano anterior, e 1,7 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal. Galicia pechou 2018 con 1.088.100 persoas ocupadas, tras a creación de emprego neto de 32.300 postos de traballo no último ano. A suba porcentual da poboación ocupada en Galicia en 2018 (3,1%) foi lixeiramente superior á do conxunto do Estado (3,0%). A taxa de ocupación en Galicia en 2018 respecto ao ano pasado subiu en 2,27 puntos porcentuais (a media española fíxoo en 1,43 puntos).

Cuarta. En decembro de 2018, o total de homes parados rexistrados alcanzaba os 73.383, o que supoñía un 43,3% do total da poboación parada, fronte a unha poboación parada feminina de 95.912 mulleres, que representaban o 56,7% do total.

Quinta. A taxa de temporalidade foi en 2018 en Galicia dun 26,6 %, catro décimas menos que o ano anterior. Xa que logo, a taxa de contratación indefinida foi do 73,4 %. O 4,7 % dos contratos temporais en Galicia son dunha duración inferior a un mes, o 10,7 % están entre 1 e 3 meses e o 14,9 % son de 4 a 6 meses. O 30 % dos contratos temporais en Galicia ten unha duración inferior a medio ano.

Sexta. A formación de demanda ou programada polas empresas experimentou un leve aumento de todos os indicadores excepto o crédito disposto e o número de permisos individuais de formación, que baixa lixeiramente en 2018. O número de mulleres (44%)

participantes segue sendo inferior ao de homes (56%). Apréciase unha leve redución da duración media das horas de formación que alcanza o 16,6 en 2018.

Sétima. A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia, concéntranse maioritariamente no sector servizos, chegando ao 62% en Galicia e ao 73% no conxunto do Estado.

CAPÍTULO 5. MULLER E MERCADO LABORAL

Primeira. Mantense unha maior representación dos homes na contratación fronte ás mulleres (46% de mulleres en 2018), unida a un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (62%) e un menor concerto de contratos indefinidos, chegando en 2018 ao 44.8%.

Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como o de interinidade (72%), que o contrato para a formación volve a superar os concertados con homes e o de prácticas é inferior no grupo de mulleres. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Segunda. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 22,6% inferior ao do home e o 37% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional.

Terceira. O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 71,7% das recibidas polos homes, un 28,3% menos. De igual forma, as pensionistas galegas só percibiron como media o 62,9% das pensións do grupo de homes.

Cuarta. As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 77,3% dos casos. Porcentaxes aínda máis altas danse nas excedencias por coidado de fillas e fillos (92% de mulleres). Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas e persoas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 95,22% en 2018 son mulleres.

CAPÍTULO 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

Primeira. A 31 de decembro de 2018 o 74,3% das empresas de Galicia que contan con persoal asalariado pertencen ao sector servizos e dan ocupación ao 72% das persoas traballadoras. Aínda que en 2018 medra en máis de seiscentas o número de empresas que contan con persoal asalariado, descende o número das de autónomas e autónomos sen persoal asalariado en máis de mil cen, do que resulta un menor número total de empresas en 2018 respecto do ano anterior. Sendo as empresas organizadas xuridicamente baixo a fórmula de persoa xurídica, o 59% do total, as que empregan o 90% das persoas traballadoras por conta allea.

Segunda. Continúa a tendencia á alza dos últimos catro anos respecto do número de persoas afiliadas á Seguridade Social, sen chegar aínda ás cifras de 2009 (primeiro ano que se recolle no correspondente cadro evolutivo), sendo o 48,2% das persoas afiliadas mulleres e o 51,8% homes. O incremento de afiliacións en 2018 sitúase na totalidade no réxime xeral, desagregándose nun 50,8% de homes e 49,2% de mulleres. Por sectores, a meirande parte das persoas afiliadas e en alta sitúanse no sector servizos, seguido de industria, construción e agrario, por esa orde. Medra en case doce mil o número de contratos concertados con persoas estranxeiras, o 74,6% no sector servizos e maioritariamente baixo fórmulas de contratación temporal. Das contratacións a persoas estranxeiras en 2018, o 54,95% foi con homes e o 45,05% con mulleres.

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

Primeira. Por cuarto ano consecutivo medra o número total de contratos en Galicia. En 2018 concertáronse cincuenta e un mil catrocentos corenta e cinco contratos máis que no ano anterior. A modalidade contractual máis empregada foi a de eventuais por circunstancias da produción, subindo en vinte seis mil contratos respecto do ano anterior. Incrementábase tamén a contratación indefinida ordinaria por terceiro ano consecutivo con oito mil trinta e un contratos máis (un 55,22% con homes e un 44,78% con mulleres). As contratacións indefinidas representaron en 2018 en Galicia o 5,27% do total da contratación realizada (medio punto por riba do ano anterior, pero máis baixa que no conxunto do Estado).

Segunda. A rotación do persoal asalariado galego (número de contratos eventuais que, por termo medio, se concertan con cada persoa asalariada temporal) alcanzou os 3,99 contratos no caso das mulleres e os 4,69 nos homes en 2018 superando ao ano anterior no total. A media en España foi de 4,10 no grupo de mulleres e de 5,28 no de homes. Mantense unha elevada porcentaxe de persoal asalariado temporal, especialmente no colectivo feminino, e aumentan as distancias entre o grupo de homes e de mulleres entre 2018 e 2017. Seguen existindo determinadas modalidades contractuais maioritariamente femininas como son o contrato de interinidade ou os concertados a tempo parcial, e outras maioritariamente masculinas como o contrato de relevo ou xubilación parcial. Por sectores de actividade, só no sector servizos a contratación das mulleres supera a dos homes.

CAPÍTULO 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Primeira. A 31 de decembro de 2018 existen en Galicia 1.006 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, dos cales 125 son de sector e 881 de empresa.

Neste ano asináronse por primeira vez 27 convenios (1 de sector e 26 de empresa), que afectan a 1.447 persoas traballadoras, das que 920 son homes e 527 mulleres..

Segunda. Durante o ano 2018 asináronse e/ou revisáronse 177 convenios colectivos (148 convenios asinados e 29 revisados), dos que 36 son de sector (27 asinados e 9 revisados) e 141 son de empresa (121 asinados e 20 revisados).

Afectaron estes convenios a 257.915 persoas traballadoras, das que 172.552 son homes e 85.363 mulleres.

Terceira. O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados este ano en Galicia foi do 1,84%, media superior ao IPC galego (1%) e ao estatal (1,2%).

Recollen cláusulas de revisión salarial o 25,68% dos convenios asinados e o 27,59% dos revisados este ano.

Teñen pactos de ultraactividade o 83,78% dos convenios asinados neste ano (o 88,89% dos de sector e o 82,64% dos de empresa).

A xornada media pactada no ano 2018 foi de 1.768,54 horas, sendo nos convenios de empresa de 1.728,86 horas e nos de sector de 1.771,13 horas.

O 68,92% dos convenios colectivos asinados este ano establecen unha xornada anual inferior á máxima legal (20 convenios de sector e 82 de empresa).

Cuarta. Rexistráronse en 2018 en Galicia 49 inaplicacións de convenio que afectan a 799 persoas traballadoras, das que 543 son homes e 256 mulleres. As condicións de traballo que se inaplican refírense maioritariamente á contía salarial (93,88%), sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (85,71%).

No 79,59% a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). No 20,41% está constituída pola representación legal dos traballadores/as.

Non acudiron en ningún caso á mediación do AGA nin á decisión do órgano tripartito.

O 46,94% das inaplicacións rexistradas en 2018 teñen lugar en empresas que teñen entre 1 e 5 persoas traballadoras e o 36,73% en empresas que teñen entre 6 e 30.

Quinta. No ano 2018 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 115 convenios, o 77,7% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 165.934 persoas traballadoras (o 98,4%), das que 107.252 son homes e 58.682 mulleres.

O número de mulleres que participou nas comisións negociadoras foi de 109 por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 27% fronte a 291 homes, un 73%) e 234 por parte das organizacións sindicais (un 28% fronte a 597 homes, un 72%).

CAPÍTULO 9. A SINISTRALIDADE LABORAL

Primeira. En 2018 o número de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia medrou un 3,6% respecto do ano anterior. Este incremento global explícase polo incremento dos accidentes leves, que foi do 3,7%, e o dos mortais, neste caso do 20,9%, experimentando unha baixada tan só os accidentes graves, baixada que foi do 2,9%. O total de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia (28.740) supuxo un 5,2% respecto do total estatal, sendo os graves (433) un 11,1%, e os mortais (52) un 10,3% dos producidos no conxunto do Estado.

Segunda. Os homes sufriron en 2018 o 71,6% do total dos accidentes en xornada de traballo, fronte ao 28,4% das mulleres traballadoras, díxitos moi similares aos de 2017, que foron do 70,5% e do 29,5%, respectivamente. As mesmo, os homes foron vítimas do 81,8% dos accidentes de traballo graves, fronte ao 18,2% das mulleres (de novo, cifras moi similares ás de 2017, o 82,3% e o 17,7%, respectivamente), e do 96,2% dos accidentes mortais, fronte ao 3,8% das mulleres (tamén aquí en cifras semellantes ás de 2017: o 93,0% e o 7%).

Terceira. A nosa comunidade autónoma encadeou catro anos seguidos (entre 2013 e 2016) en que o seu índice de incidencia tivo un mellor comportamento que o da maioría das comunidades autónomas, posición que se mantivo en 2018, despois do mal ano que, neste parámetro que analizamos, supuxo 2017. En 2018 Galicia ten índices de incidencia menores que os do conxunto estatal no sector agrario, construción e servizos, sendo superiores, non obstante, na industria. Neste sector, o mal índice de incidencia de Galicia tan só é superado polo da Comunidade Autónoma das Illas Baleares.

CAPÍTULO 10. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABAJO

Primeira. No ano 2018 volve a reducirse o número de folgas, pero resulta especialmente significativo que en canto ás persoas participantes, se acadou en 2018 a cifra máis alta dende 2009 (medra en máis de 110.000 persoas respecto do ano anterior), o mesmo que sucede coas xornadas non traballadas. O maior número de folgas en todo o Estado corresponde ao sector servizos. No caso de Galicia séguelle o sector da industria única e exclusivamente, pero cunha terceira parte de participantes e de xornadas non traballadas. Durante 2018 foron realizadas en Galicia 67 folgas das 129 convocadas (54 de empresa e 13 de sector, 51 provinciais e 16 autonómicas).

Segunda. No que se refire ao AGA, en 2018 iniciáronse 106 expedientes (o número máis alto dende a sinatura do acordo), que afectaron a 1.266 empresas e 20.534 persoas traballadoras. Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano foi do 80%, un punto por baixo do ano anterior. O 86,66% dos procedementos tramitados no ano 2018 foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 11.282 persoas traballadoras e 903 empresas. O 13,34% restante foron arbitraxes que afectaron a 1.202 persoas traballadoras e 10 empresas.

CAPÍTULO 11. REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA

Primeira. Os expedientes nas catro provincias galegas en 2018, tanto en expedientes pactados coma non pactados ou sen período de consultas, diminuíron sensiblemente en número, pasando de 205 en 2017 a 13 en 2018.

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector de servizos, seguido do sector de industria e na medida de despido colectivo.

A maior redución interanual respecto a 2017 concéntrase no sector de industria e concretamente en suspensión de contratos cun 94,7% menos

Desagregando por sexo, hai máis homes afectados que mulleres, sendo a diferenza máis relevante nas suspensións de contratos. A redución das mulleres afectadas alcanzou o -99,5% e o -96,3% no caso dos homes.

Segunda. Tanto no conxunto do Estado coma en Galicia, reduciuse de forma significativa o número de expedientes, de empresas afectadas e de persoas beneficiarias das resolucións do FOGASA, chegando ao 35% en 2018, con respecto a 2017. A provincia galega máis afectada por esta diminución foi Lugo, seguida da Coruña. Por sexos, as mulleres só representan o 38,3% das persoas beneficiarias.

CAPÍTULO 12. PROTECCIÓN SOCIAL

Primeira. Galicia é unha das comunidades autónomas con maior porcentaxe de pensionistas (8,0 % en 2018) unha ratio moi superior ao que representa a poboación galega no total do Estado (5,8 %). En relación á contía percibida, a pensión media na nosa comunidade autónoma entre 2010 e 2018 incrementouse en 147,7 euros, fronte a 165,2 euros na media do Estado.

Segunda. En 2018 en Galicia computáronse 474.800 pensións de xubilación, 3.300 máis que en 2017. Esta cifra representa o 8,0% das 5.929.500 existentes en España. A media en 2018 das pensións galegas de xubilación situouse en 910,6 euros mensuais, subindo 25,7 euros con respecto a 2017. A media estatal incrementábase, en 2018, en 27,2 euros, situándose en 1.090,7 euros, isto é, 180,1 euros por cifra para Galicia. As provincias de Lugo e Ourense, debido ao importante número de pensións de xubilación do sistema especial agrario, recollen as maiores diferenzas con respecto a media estatal, 292,4 euros e 335,5 euros, respectivamente.

Terceira. As 89.083 persoas beneficiarias en Galicia das prestacións de desemprego en decembro de 2018 supoñen o 4,9% do total español. O 45,8% das persoas perceptoras en Galicia son dunha prestación asistencial (subsídio ou renda activa de inserción); as persoas beneficiarias da prestación contributiva acadan o 43,9%. O resto de persoas beneficiarias son do programa de activación para o emprego.

Cuarta. Galicia foi en 2017 a quinta comunidade autónoma con maior número de pensións non contributivas, despois de Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Canarias. As persoas perceptoras de pensións non contributivas en 2017 representan o 8,8% do total estatal, moi por riba de comunidades autónomas con moito maior número de habitantes que Galicia, como pode ser o caso da Comunidade de Madrid.

CAPÍTULO 13. ELECCIÓN SINDICAIS

Primeira. Nos procesos electorais realizados en Galicia no período 2015/2018, a Confederación Intersindical Galega (CIG), cun resultado do 28,7% do total de persoas representantes elixidas, é a que obtivo maior número de representantes, seguida da Unión Xeral de Traballadores (UGT- Galicia), co 27,9%, e do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co 25,1%. O resto de entidades sindicais obtiveron un resultado global de algo máis do 18%. Ademais, no período reflectido a CIG foi primeira forza sindical na Coruña e Pontevedra, e terceira en Lugo e Ourense. UGT resultou ser primeira forza sindical en Lugo e Ourense, e segunda na Coruña e Pontevedra. E CCOO foi segunda forza en Lugo e Ourense, e terceira na Coruña e Pontevedra.

Segunda. Para ese mesmo período 2015/2018, e se partimos do dato do número de persoas representantes elixidas de cada forza sindical, CC OO é quen obtivo unha maior porcentaxe de mulleres elixidas, pois estas supuxeron o 31,6% do total de representantes desa forza sindical, fronte ao 30,9% da UGT e o 30,3% da CIG. CC OO mantivo esa preeminencia en tres das catro provincias galegas, sendo a excepción a de Lugo, onde as mulleres elixidas das candidaturas da CIG supuxeron 39,9% das persoas representantes desa forza sindical. A provincia onde máis mulleres foron elixidas dunha forza sindical foi a de Ourense, na que o 41,5% das persoas elixidas de CC OO son mulleres.